



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 154

IX lexislatura

Serie Pleno

### Sesión plenaria 24 de maio de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

#### ORDE DO DÍA

##### Punto 1. Textos legislativos

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero (doc. núm. 46949, 09/PPL-000041)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 602, do 17.02.2016

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, para a reforma da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (doc. núm. 49620, 09/PPL-000043)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 636, do 21.04.2016

##### Punto 2. Comparecencias en pleno

2.1 50596 (09/PPP-000439)

Da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para informar das conclusións obtidas nas xornadas que o sector pesqueiro galego desenvolveu baixo o título *Trazando rumbos de futuro*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

2.2 50634 (09/PPP-000440)

Do Sr. conselleiro de Política Social, por petición propia, para informar sobre a nova Axenda Social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

##### Punto 3. Mocións

3.1 50561 (09/MOC-000181)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia lingüística (Moción a consecuencia da Interpelación nº 45918, publicada no BOPG nº 594, do 3.2.2016, e debatida na sesión plenaria do 10.5.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

3.2 50604 (09/MOC-000182)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa oferta de solo industrial e a posta en funcionamento da Plataforma Loxística e Industrial de Salvaterra-As Neves, PLISAN (Moción a consecuencia da Interpelación nº 47971, publicada no BOPG nº. 613, do 9.3.2016, e debatida na sesión plenaria do 10.5.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

3.3 50605 (09/MOC-000183)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de loita contra a pobreza e a exclusión social (Moción a consecuencia da Interpelación nº 49348, publicada no BOPG nº 631, do 14.4.2016, e debatida na sesión plenaria do 10.5.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

Punto 4. Propositions non de lei en pleno

4.1 46288 (09/PNP-003354)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do plan de apoio á pesca artesanal anunciado pola Consellería do Mar e dirixido a mellorar a súa competitividade, así como as condicións de traballo dos seus profesionais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 598, do 10.02.2016

4.2 49201 (09/PNP-003591)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen, e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención que se está a prestar ás persoas con enfermidades psiquiátricas crónicas derivadas a residencias da terceira idade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 630, do 13.04.2016

4.3 49416 (09/PNP-003606)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Goldar Güimil, Jesús Antonio, e seis deputados/as máis

Sobre a execución no ano 2016 dos dous primeiros treitos da autovía do Morrazo, así como o remate nese ano da redacción e aprobación do proxecto do terceiro treito

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

4.4 49515 (09/PNP-003612)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos gastos de publicidade e propaganda realizados polos distintos organismos e entidades do sector público galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

4.5 50045 (09/PNP-003663)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vázquez Blanco, Emilio, e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector do libro e das bibliotecas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 640, do 04.05.2016

4.6 50089 (09/PNP-003667)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reprogramación das citas para consultas de revisión oncolóxica na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, así como o funcionamento do programa informático de prescrición farmacéutica Silicon

Publicación da iniciativa, BOPG nº 640, do 04.05.2016

4.7 50176 (09/PNP-003672)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo, e Fernández Rodríguez, Mónica

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas mensualidades que a empresa Linorsa, adxudicataria de numerosos servizos para a Administración galega, lles debe aos seus traballadores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 642, do 11.05.2016

4.8 50281 (09/PNP-003685)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas mensualidades que a empresa Linorsa, adxudicataria do servizo de limpeza de varios edificios públicos dependentes da Xunta de Galicia, lles debe aos seus traballadores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 642, do 11.05.2016

---

## Punto 5. Interpelacións

5.1 37062 (09/INT-001375)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a avaliación do funcionamento e das carencias do actual modelo de emerxencias, prevención, extinción de incendios e salvamento de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 464, do 20.05.2015

5.2 49935 (09/INT-001931)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, e cinco deputados/as máis

Sobre a aplicación en Galicia das reválidas previstas na LOMCE

Publicación da iniciativa, BOPG nº 640, do 04.05.2016

5.3 50253 (09/INT-001948)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo, e dous deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de prevención de incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 642, do 11.05.2016

## Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 50624 (09/POPX-000189)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as razóns do Goberno galego para non atender as demandas da comunidade educativa en relación coas reválidas e a LOMCE

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

6.2 50627 (09/POPX-000190)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre a demanda que vai realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión do Goberno de Marrocos respecto da delegación galega que viaxou a ese país

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

6.3 50637 (09/POPX-000191)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre a imaxe do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

## Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 50479 (09/PUP-000274)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e tres deputados/as máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto dos criterios seguidos en relación coa intervención dos bombeiros de Vigo na extinción do incendio na factoría da empresa Fandicosta, en Moaña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

7.2 48300 (09/POP-004658)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e dous deputados/as máis

Sobre a política de contratación de persoal prevista pola Xunta de Galicia para reducir a temporalidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 617, do 16.03.2016

7.3 48800 (09/POP-004709)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, e cinco deputados/as máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do descenso da achega dos salarios ao produto interior bruto galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2016

7.4 49849 (09/POP-004879)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego en relación co anuncio da empresa Conservas Alonso Sociedade Limitada do peche da súa factoría de Celeiro, no concello de Viveiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 640, do 04.05.2016

7.5 50630 (09/PUP-000276)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para impedir que os profesionais da Historia, da Arqueoloxía ou da Xeografía poidan facer visitas guiadas ao patrimonio galego catalogado como ben de interese cultural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

7.6 49448 (09/POP-004815)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo, e sete deputados/as máis

Sobre as alternativas que está a analizar a Consellería de Sanidade para dotar dun novo hospital público a área sanitaria de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

7.7 50617 (09/PUP-000275)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para rematar coas demoras para as consultas oncolóxicas no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG n° 646, do 19.05.2016

7.8 46351 (09/POP-004335)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel, e seis deputados/as máis

Sobre a evolución do número de alumnos formados durante o ano 2015 nos centros da Consellería do Mar

Publicación da iniciativa, BOPG n° 599, do 11.02.2016

7.9 49062 (09/POP-004750)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre a posición defendida polo Goberno galego na repartición de cotas da xarda para garantir a viabilidade da frota contixentada

Publicación da iniciativa, BOPG n° 631, do 14.04.2016

---

*Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.*

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero. (Punto primeiro da orde do día.)**

Presentación da proposición de lei: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 9.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 12.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 14.), *Sra. Acuña do Campo (S)* (Páx. 15.) e *Sra. Oubiña Solla (P)*. (Páx. 17.)

Rolda de réplica: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 19.)

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, para a reforma da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)**

Presentación da proposición de lei: *Sr. Sánchez Bugallo (S)*. (Páx. 20.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 23.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 24.), *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 26.) e *Sr. Castiñeira Broz (P)*. (Páx.28.)

Rolda de réplica: *Sr. Sánchez Bugallo (S)*. (Páx. 30.)

#### ***Votación dos textos lexislativos***

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero: *aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención*. (Páx. 31.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, para a reforma da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 31.)

---

### **Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para informar das conclusións obtidas nas xornadas que o sector pesqueiro galego desenvolveu baixo o título Trazando rumbos de futuro. (Punto segundo da orde do día.)**

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 31.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 36.), *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 38.), *Sr. Rodas Chapela (BNG)* (Páx. 41.), *Sr. Val Alonso (S)* (Páx. 42.) e *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 44.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 47.)

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.* (Páx. 48.) *Nesta rolda interveñen a señora Martínez García (M)* (Páx. 48.), *o señor Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 50.), *o señor Rodas Chapela (BNG)* (Páx. 51.), *o señor Val Alonso (S)* (Páx. 52.), *o señor Balseiro Orol (P)* (Páx. 54.) e *a señora conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 55.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e tres minutos da tarde e retómase ás catro e media da tarde.*

### **Comparecencia do Sr. conselleiro de Política Social, por petición propia, para informar sobre a nova Axenda Social. (Punto segundo da orde do día.)**

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 57.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 60.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 62.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 64.), *Sra. Gallego Calvar (S)* (Páx. 66.) e *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 68.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 70.)

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.* (Páx. 72.) *Nesta rolda interveñen a señora Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 72.), *a señora Solla Fernández (AGE)* (Páx. 74.), *a señora Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 75.), *a señora Gallego Calvar (S)* (Páx. 76.), *a señora Rodríguez Arias (P)* (Páx. 77.) e *o señor conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 79.)

### **Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia lingüística. (Punto terceiro da orde do día.)**

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 80.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 82.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 83.), *Sra. Burgo López (S)* (Páx. 84.) e *Sr. Baamonde Díaz (P)*. (Páx. 86.)

*Nova intervención da señora Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 87.)

### **Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa oferta de solo industrial e a posta en funcionamento da Plataforma Loxística e Industrial de Salvaterra-As Neves, PLISAN. (Punto terceiro da orde do día.)**

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 88.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 91.), *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 92.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 93.) e *Sr. Goldar Güimil (P)*. (Páx. 95.)

---

*Nova intervención do señor Losada Álvarez (BNG). (Páx. 96.)*

**Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Carmen Gallego Calvar, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de loita contra a pobreza e a exclusión social. (Punto terceiro da orde do día.)**

*A señora presidenta (Soneira Tajés) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 97.)*

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Gallego Calvar (S).* (Páx. 97.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Ron Fernández (AGE).* (Páx. 99.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 100.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 101.) e *Sra. Rodríguez Arias (P).* (Páx. 102.)

*A señora Gallego Calvar (S) intervéñ para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 103.)*

**Votación das mocións**

Votación da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia lingüística: *rexeitada por 29 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 103.)

*O señor presidente anuncia que o G.P. Mixto solicitou que se votase por puntos a moción do G.P. dos Socialistas de Galicia. A señora Martínez García (M) intervéñ para precisar os termos desta petición. (Páx. 104.)*

Votación conxunta do punto 1 e dos apartados 3.1, 3.2 e 3.4 da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa oferta de solo industrial e a posta en funcionamento da Plataforma Loxística e Industrial de Salvaterra-As Neves, PLISAN: *rexeitados por 29 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 104.)

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa oferta de solo industrial e a posta en funcionamento da Plataforma Loxística e Industrial de Salvaterra-As Neves, PLISAN, agás os puntos xa votados: *rexeitada por 26 votos a favor, 37 en contra e 3 abstencións.* (Páx. 104.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Carmen Gallego Calvar, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de loita contra a pobreza e a exclusión social: *rexeitado por 29 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 104.)

**Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do plan de apoio á pesca artesanal anunciado pola Consellería do Mar e dirixido a mellorar a súa competitividade, así como as condicións de traballo dos seus profesionais. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 104.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 105.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Fajardo Recouso (AGE).* (Páx. 106.)

## SUMARIO

---

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 108.), *Sr. Rodas Chapela (BNG)* (Páx. 108) e *Sr. Val Alonso (S)*. (Páx. 109.)

*O señor Balseiro Orol (P)* intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 110.)

*Suspéndese a sesión ás nove e once minutos da noite.*

---



*Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Tomen asento, por favor, que imos comezar a sesión.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifican a inasistencia a este pleno a deputada dona Elena González e o deputado don Alejandro Gómez Alonso.

Comezamos cos textos lexislativos.

### **Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero**

**O señor PRESIDENTE:** Para a presentación da proposición de lei ten a palabra a señora Adán.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Grazas, presidente.

Bo día, señoras deputadas e señores deputados. Tamén queremos saudar as persoas que nos acompañan, en concreto a presidenta de “Sí, hai saída”.

“Así, enlazando a corda dun navío de afiada proa a unha elevada columna, rodeou con ela o pavillón, tensándoa a unha boa altura, de modo que ningunha chegara cos pés ao chan. E cando como tordos de anchas ás, ou as pombas, se precipitan nunha rede de caza estendida nun matorral a voar cara ao seu niño, e aprisionaos un odioso teito, así elas quedaron colgadas, coas súas cabezas en fila, e en torno aos seus pescozos anoaron os lazos, para que morreran do modo máis lamentable. Axitaron os pés un pouco, mais non longo tempo.” *A Odisea*, canto XXII.

¿Por que comezo con esta cita a defensa dunha proposta de lei que regula un salario para as mulleres que sofren violencia de xénero? Comezo por esta cita porque a desigualdade que surca as vidas de homes e mulleres ten unha orixe histórica, ten unha orixe cultural, mais ten fundamentalmen-

te unha orixe simbólica. Creo que esta cita, que a todos e a todas seguramente se nos pasa desapercibida cando lemos *A Odisea*, porque é breve, porque está case xa no remate deste texto e porque o rapsoda simplemente considera que as doce criadas que daban de comer, que alimentaban, que lavaban, que coidaban os príncipes merecen nada máis que ter estas escasas liñas para dicir que morren sen nome, morren sen saber quen son, morren atadas pola mesma corda e non merecen o mesmo destino que os príncipes, aos cales elas xa foran condenadas a limpar o sangue que deixaran despois de que Odiseo os matara.

Eu creo que é unha boa forma de comezar, de como as mulleres, historicamente, sufriron unha violencia invisible e invisibilizada. Mais debemos preguntarnos a que se debe esa orixe desa violencia. Decía Simone de Beauvoir que non hai nada na natureza, non hai nada natural que fundamente a discriminación; que a discriminación vén como un *construto* cultural, como a forma que temos de entender as relacións entre homes e mulleres. Por iso esa naturalización da violencia contra as mulleres que se sufriu historicamente foi posta en cuestión dende todos os ámbitos por parte dos movementos de mulleres e do feminismo, dende o ámbito teórico, dende a Academia, dende a política, dende os movementos das rúas, dende todos os ámbitos nos que traballan e traballaron as mulleres.

E hoxe quero facer unha pequena reflexión, antes de entrar dentro do que pretende regular esta norma, sobre a importancia de nomear e visibilizar a violencia contra as mulleres. Por iso quixen comezar con esta cita d’*A Odisea*.

¿Por que nomear a violencia contra as mulleres? Primeiro, porque é necesario nomeala para que poidamos pensala. Segundo, é necesario nomeala para que poidamos coñecela. E terceiro, é necesario nomeala para que poidamos legislar, que é o cometido dunha cámara, que é o cometido desta cámara.

Primeiro, necesitamos nomeala para poder pensala. Cando a violencia é invisible, cando as mulleres non teñen nome, cando as mulleres non teñen voz, cando as doce criadas son asasinadas coa mesma corda, esa violencia é natural, son casos illados, dáse dentro do fogar, son crimes pasionais, sempre ocorreron, é normal, as cousas da casa déixanse na casa. Nomeala foi un traballo de polo menos dous séculos, pero fundamentalmente das últimas tres décadas.

Violencia contra as mulleres, violencia de xénero, violencia machista, violencia feminicida, cada unha foi un concepto que intentou mostrar para pensar que non é unha cuestión individual, que non é un problema de que un día chegue un home borracho á casa e decida darlle unha malleira á súa muller, senón que é un problema social. E, polo tanto, soamente poderá ser superado dende a vía do social en cada un dos prismas que proxectemos, ben sexa do pensamento ou ben sexa da acción política.

Porque é unha inxustiza social estamos nesta cámara legislando. Se fora un dato illado, se fora un problema individual que se vive en cada fogar, non poderíamos legislar. Pero legislamos porque é unha cuestión de xustiza social, como teñen demostrado moitas pensadoras, e permítaseme non só recorrer a Iris Marion Young, senón a unha catedrática de Filosofía de Santiago de Compostela que ten moito traballado ao respecto, María Xosé Agra, que ten mostrado nos seus nosos textos que ao ser un problema social debemos ter xustiza social para afrontalo. Polo tanto, nomealo para pensalo, pero nomealo para coñecelo.

Moitos datos levamos dado nesta cámara a respecto da violencia de xénero durante estes últimos anos. Vou coller a macroenquisa do ano 2015, para que poidamos coñecela, aínda que xa sei, señoras deputadas, que vostedes a coñecen. Pero pensemos un pouco con detalle:

A última macroenquisa, violencia física das mulleres residentes no Estado español, un 10,7 % consideran ter sufrido violencia física. Pensen as que estamos nesta cámara, máis ou menos catro de nós.

Violencia sexual, un 8,1 % das mulleres residentes en España afirman ter sufrido a violencia sexual por parte das súas parellas ou ex parellas; estou falando de parellas ou ex parellas. Un 10,7 % en parella e en ex parella, violencia sexual, un 8,1. Pensemos nas que estamos nesta cámara, tres polo menos.

Violencia psicolóxica como control, na parella ou na ex parella, o 25 % das mulleres que residen no Estado español. Miren, señoras deputadas, compañeiras que están ao lado, seguramente algunha de nós de cada un dos nosos grupos sofre violencia psicolóxica.

Pero violencia psicolóxica no terreo do emocional, por diferenciala do control, di a macroenquisa: un 21,9 % das

mulleres que residen no Estado español. O mesmo, simplemente temos que mirarnos para pensar que nesta cámara posiblemente pois esteamos falando de dez-doce mulleres.

Violencia económica, aquelas mulleres que coa súa parella ou ex parella non poden facer uso dos cartos que gañan, exactamente dun 10,8 fala esta macroenquisa. Volvan facer contas e miren ao seu arredor.

Pero se queremos non soamente pensar no ámbito da parella ou da ex parella, tal e como regula a norma do 2004, violencia física fóra da parella ou da ex parella. Esta enquisa fala dun 11,6 % das mulleres que residen no Estado español que fóra da súa parella ou ex parella teñen recibido violencia ou sufrido violencia física.

E violencia sexual, un 7,2 % fóra da parella ou da ex parella.

Sumen as porcentaxes e miren de que magnitude estamos falando, de como a violencia física, psicolóxica, sexual, económica e emocional atravesada a vida de miles e miles de mulleres. Por iso, tan importante ter palabras para coñecela. Non é unha cuestión individual, non é algo que se dea dentro do ámbito nin da parella nin dos fogares, senón que é unha cuestión estrutural que se dá nas relacións entre o grupo dos homes e o grupo das mulleres.

Por iso, unha vez pensada e coñecida, ¿cal é a obriga desta cámara? A obriga desta cámara —como de todas as cámaras— é legislar, legislar para intentar dar forma legal de dereitos e de prestacións e de prevención a esta situación de inxustiza.

De todas son coñecidas, porque levamos tres anos nunha comisión de avaliación das leis que están vixentes, tanto a Lei orgánica do 2004 como a Lei galega de prevención e tratamento de violencia de xénero do 2007. E moitas cousas poderíamos dicir a respecto desa comisión, do que escoitamos, das propias asociacións de vítimas, e o que esas asociacións teñen posto en tantas ocasións enriba da mesa, con persoas valentes como as que hoxe nos acompañan, que explican a súa vivencia. Tamén nesta comisión temos escoitado as propias profesionais de todos os ámbitos, que teñen aportado a súa explicación do que viven día a día e do que é necesario mellorar. Temos escoitado gobernos, programas que se teñen posto en marcha... Temos escoitado consideracións críticas, menos críticas. Pero hai algo que está claro,

que dende os puntos de partida aínda queda moitísimo camiño. E, efectivamente, o camiño ten moitas curvas e ás veces parece que non sempre avanzamos en liña recta cara ao obxectivo.

Hoxe detémonos nun punto, que é o punto de axudas económicas. Pero quero que vaíamos un pouco máis alá, porque, señoras deputadas, seguro que están pensando que esta iniciativa xa foi debatida noutra ocasión. Efectivamente, de xeito moi semellante tratamos este tema en febreiro de 2015, pero agora rematando os traballos da comisión, e talvez coa sospeita de que non sexamos quen de facer un ditame, por falta de tempo, que eu sei que non é por falta de vontade, mais pode que nos falte o tempo para facer ese ditame, tamén temos unha obriga, señoras deputadas, que é legar dalgunha forma todo iso que escoitamos e do que tomamos nota na comisión para un futuro e para mellorar a vida das mulleres.

Por iso propoñemos un texto que é simplemente un texto de partida; non ten que ser o texto de chegada unha vez que finalice o trámite de ponencia. Un texto que colle un aspecto da lei, como é o artigo 39, sobre a necesidade de ter prestacións económicas para que as mulleres poidan rachar a convivencia co agresor.

E plantexamos unha eiva que existe claramente na lei galega, que tamén existe na lei orgánica, pero eu creo que na lei galega é máis fácil de matizar. A lei galega asumía e asume no seu artigo 3 que hai diferentes formas de violencia, e recolle a violencia física, a violencia psicolóxica, a violencia sexual, a violencia emocional, pero establece tamén que existe como forma de violencia o tráfico de mulleres. Iso é pioneiro, porque non está nas outras leis do Estado, e verdadeiramente deberíamos denominala “trata de mulleres”; o cal mostra como á altura do 2007 aínda non tiñamos claros os conceptos que agora xa son de uso habitual. Pois introduzamos ese concepto que aparece recollido no propio artigo 3 para establecer tamén a necesidade de que as axudas periódicas cheguen a máis mulleres que a aquelas que rompen a súa convivencia co agresor, que cheguen tamén a aquelas que saen de situacións de trata, algo que, por outra banda, levamos escoitado en reiteradas ocasións nesta comisión de avaliación da lei.

É unha das cuestións que máis teñen posto enriba da mesa as asociacións que traballan no ámbito da axuda ás

mulleres que saen da trata: a necesidade de prestacións específicas que vaian máis alá da propia Risga ou do propio salario da liberdade, se se puidera chegar aí.

Por iso o que pretende esta norma é que collamos un texto, que o melloramos coas aportacións que se nos fixeron no ámbito desa comisión e que tentemos, polo menos, que as axudas poidan ser solicitadas durante todo o ano e teñan unha cobertura que lles permita a esas mulleres saír dunha situación de violencia na extensión total do termo violencia.

Señoras deputadas, se me preguntan por que no seu momento non se introduciu, pois é verdade que non se fixo porque nese momento non se pensou. Se cadra non tiñamos aínda nin as palabras nin os pasos dados para poder pensalo. Pero o importante non é quen fai as cousas, senón quen se vai beneficiar deses dereitos. Ese debe de ser o obxectivo que presida este debate e que presida –se chegamos a bo termo– a elaboración dunha ponencia que nos sirva, realmente, para que volvamos ser en Galiza pioneiros na elaboración de dereitos e de prestacións, e este é un magnífico momento.

Seguramente o texto que presentamos ten moitas eivas, é un texto moi sinxelo, pero quere poñer de manifesto unha cuestión: que hai que desenvolver todos e cada un dos aspectos das leis de violencia pero mellorados, e o aspecto económico tamén hai que melloralo. Efectivamente, como a atención psicolóxica, como todo o que ten que ver coa orde xudicial, con todo o que ten que ver co acompañamento ás vítimas e con todo o que ten que ver, evidentemente, co máis fundamental, que é a prevención, pero que excede, dende logo, do ámbito do que estamos debatendo nesta lei e neste texto.

Este texto é moi concreto. É sobre as axudas económicas, que son un paso moi importante e que o son en Galiza, onde quero recordar que as mulleres galegas sofren a fenda salarial máis alta do Estado e onde tamén, polo tanto, sofren despois as pensións máis baixas, tendo os salarios máis baixos.

Señoras deputadas, quero rematar esta chamada ao consenso para tomar en consideración un texto que nos permita regular unhas axudas que inclúan todas as formas de violencia. Non soamente aquelas que se dan no ámbito da parella ou no ámbito da ex parella, senón tamén esa forma de violencia tan brutal como é a trata de mulleres para fins de explotacións sexual, e que poidamos incluílo nesta norma.

Sei que non está presente no articulado, iso é así, pero tamén sei que podemos. Temos tempo, estamos neste minuto de desconto da lexislatura e temos tempo para facer eses traballos, para asumir o que levamos escoitado durante todos estes anos –que non son meses, senón anos– na Comisión de igualdade que está avaliando estas leis. E eu creo, modestamente, que é un pequeno legado de todas aos traballos desa comisión.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Como teño que ir rematando, quero facelo tal como empecei, porque saberán vostedes, señoras deputadas, que a Odisea está coxa porque remata sen rematar; porque, efectivamente, se esqueceron de poñer os rapsodas que as criadas tamén quixeron un xuízo. Querían tamén, a ese señor que tanto viaxou e que tanto amou, que podería ser un xeneral francés, un invasor mongol, un magnate americano, un cazador de cabezas en Borneo, tal vez unha estrela de cine, un inventor, un publicista, un científico –e engadiría eu a Margaret Atwood tamén un político, ¡por que non!–, facerlle un xuízo e permitir que o último canto da Odisea sexa o das criadas: “Non nos deron voz, non nos deron nome, non nos deron elección, déronos unha cara, unha soa cara. Cargamos coa culpa, foi inxusto. Pero agora estamos aquí. Nós tamén estamos aquí, igual ca ti, e seguímoste e buscámoste e chamámoste.”

Por todas aquelas mulleres das que non coñecemos o seu nome, pero que, grazas ao seu traballo e á súa dor, hoxe obrígnanos a legislar para as mulleres que sofren violencia machista.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Iglesias.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** Bo día, señorías.

Moita grazas, presidente.

Parabéns á señora Adán e ao Grupo Parlamentario do BNG por esta proposición de lei presentada neste hemiciclo.

Pese aos avances logrados na loita contra a violencia machista, impulsados polo movemento feminista e asumidos

polos gobernantes, o certo é que a día de hoxe as mulleres seguen a ser asasinadas, e 4 de cada 5 non denuncian o maltratador. E non o fan porque non se senten seguras, non se senten amparadas polos poderes públicos. Teñen medo, señorías. Medo ao maltratador; medo ao proceso xudicial; medo a non ser cridas se non hai evidencia física do maltrato; medo a que a protección que se lles ofrezca non sexa efectiva. Teñen medo á perda dos seus fillos e fillas e a non ser quen de sacar adiante elas soas as súas familias, porque son dependentes –en moitas ocasións– economicamente de quen as maltrata.

Non denuncian porque desconfían dunha xustiza que, á forza de ser asepticamente xusta, non acaba de protexelas. Non denuncian porque tampouco confían nunhas institucións contaminadas por intereses partidistas e electoralistas, que manexan moitas e variadas cifras estatísticas pero esquecen a situación urxente e desesperada da muller maltratada.

Non denuncian, e o seu sufrimento, a súa dor e as súas bágoas son o prezo que pagan polo ben dos seus fillos e fillas e, se é o caso, das persoas delas dependentes.

En situación de extrema vulnerabilidade, as persoas vítimas da violencia machista deberían ser consideradas por si mesmas como un colectivo merecedor de especial atención, como, por exemplo, o que merecen as vítimas do terrorismo político.

Agardo o día en que os gobernos, as institucións, a clase política e a sociedade en xeral, afronten e asuman a situación de desamparo e desprotección en que se atopan as mulleres que padecen este tipo de violencia en toda a súa magnitude. Un tipo de violencia, nalgúns casos de portas para dentro, é difícil de demostrar cando non hai máis probas que a palabra da muller, cando o maltato aínda non deixou pegadas que o evidencien. A estratexia do torturador comeza polo maltrato psicolóxico, sometendo a vítima a continuas humillacións que menoscaban a autoestima e anulan a capacidade de pensar por si mesmas, a capacidade de decidir, e mesmo favorecen a culpabilidade da vítima. Cando unha muller é agredida fisicamente, xa o leva sendo tempo, moito tempo seguramente, na súa dignidade e na súa autoestima.

Certo é que se levan acometido avances no aspecto lexislativo e que se teñen aplicado recursos co obxectivo de rescatar para unha vida libre de violencia as mulleres maltratadas. Dende os diversos organismos estatais e autonómicos

teñen sido aprobadas leis, medidas e programas contra a violencia de xénero, ademais de recursos á disposición da vítima, como son a formación dos corpos de seguridade e persoal sanitario, a información, a asistencia psicolóxica e xurídica gratuíta, a implantación de dispositivos de seguridade, campañas de prevención e sensibilización e axudas económicas que lle proporcionen ás mulleres maltratadas a autonomía económica suficiente para comezar unha nova vida libre de violencia.

Os procesos son lentos, e as prestacións económicas limitadas e complicadas na súa convocatoria e solicitude. O salario da liberdade, unha medida do Goberno bipartito, supuxo un importantísimo avance, pero a súa aplicación sufriu recortes e atrasos coa chegada do Partido Popular, de novo, ao Goberno da Xunta.

Esta iniciativa que estamos a debater trata de regularizar por lei este salario, o que evitaría que permaneza suxeito a convocatorias de axuda dos gobernos, como acontece na actualidade. Ademais, garantiría unha tramitación máis áxil e eficaz, un aspecto fundamental, se temos en conta a situación de emerxencia na que se atopa unha muller maltratada, que non pode quedar ao arbitrio do Goberno de turno tanto na súa convocatoria como na súa dotación orzamentaria.

O que propón esta iniciativa do BNG –e que o Grupo Mixto vai apoiar– é regularizar por lei esta prestación, tomando como referencia o salario máximo interprofesional e aplicando contías en función do número de menores e dependentes a cargo da vítima.

Tamén se pretende corrixir unha eiva importante no tocante á xestión administrativa destas prestacións. A día de hoxe, o período de convocatoria vai de marzo a outubro, sendo imposible a súa solicitude o resto do ano. ¿Como é posible que se obrigue a unha vítima da violencia machista a permanecer co agresor por falta de recursos económicos ou por non ser posible solicitar esta axuda?

Isto podería explicar por que 4 de cada 5 mulleres maltratadas non denuncian. Tal e como está o mercado de traballo e a situación económica e laboral das clases máis desfavorecidas na actualidade, que afecta sobre todo ás mulleres, incrementar o período en que se poida percibir esta prestación resulta imprescindible.

Un ano resulta a todas luces insuficiente para acadar a recuperación económica, laboral e emocional que precisa a vítima para a súa autonomía. Habilitar o prazo ao longo de todo o ano para a solicitude e pago dende a presentación da mesma, a ampliación a 18 meses e 6 meses máis cando sexa preciso, e a suba, como mínimo, a 655,20 euros, acorde co salario mínimo interprofesional.

É unha proposta de mínimos que suporía, pese a todo, un paso moi importante, un paso cara adiante na loita contra a violencia, contra o terrorismo machista. É unha fiestra de esperanza para quen está a sufrir a tortura da violencia machista, exercida, neste caso, no ámbito doméstico.

Tamén considero importante que, aínda que a priori esta prestación social sexa incompatible con calquera outra establecida polas distintas administracións ou entidades privadas destinadas a tal fin, regulamentariamente se poidan compatibilizar con outras axudas públicas, ou coa renda activa de inserción, así como que o traslado motivado a outra comunidade autónoma non suspenda a prestación. E, dende logo, que o silencio administrativo dea como resultado a estimación da solicitude tamén é unha medida coa que estou completamente de acordo.

Por último, a proposición tamén se encarga de garantir e asegurar orzamentariamente a dispoñibilidade de recursos para a atención de todas as solicitudes, como non pode ser doutro xeito. Pero, reforzándoo cunha lei, obriga á Administración a dotar de recursos e a priorizar este tipo de axudas nos orzamentos, para asegurar a súa prestación necesaria.

Agardo que a toma en consideración desta proposición de lei sexa aprobada por este Parlamento, para máis adiante acadar o consenso na súa tramitación e a súa posta en marcha máis pronto que tarde. Se así é, xa se concretarán e discutirán cantidades, prazos, porcentaxes e outras apreciacións.

O Grupo Mixto, como non podía ser doutro xeito, vai votar a favor da toma en consideración desta proposición de lei.

Grazas. Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.  
Señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Eu quero agradecer tamén o debate desta iniciativa que nos trae a señora Adán. A realidade para as vítimas de violencia de xénero a verdade é que é altamente penosa. Eu afirmo que verdadeiramente a Administración ten fracasado neste tema. Ten fracasado tamén a sociedade, a Administración e os diferentes poderes. É certo –diciase aquí– que se teñen feito pequenos avances, é certo que hai xente, hai grandísimos profesionais e hai melloras tamén, grazas á loita do feminismo no noso país. Pero cando vemos o incremento das mulleres vítimas, cando vemos a persistencia do problema, cando asistimos atónitas e case mudas a unha realidade na que a violencia machista se incrementa na mocidade –xa o temos debatido nalgunha ocasión– só podemos concluír que o que se está a facer é infrutuoso en moitos aspectos e que fracasamos no colectivo, e os gobernos no particular.

A violencia de xénero obviamente non depende do partido político que governe, os asasinatos e as agresións non dependen do partido que governe. Mais si depende de quen goberna mudar a situación relativa ás melloras que hai que facer no educativo –onde imos cara a atrás–, ás melloras que hai que facer no sistema de xustiza –no que tamén imos cara a atrás–, ás melloras nas prestacións, ás melloras na prestación social, aos mecanismos que permitan protexer as vítimas. E obviamente depende tamén do Goberno o orzamento que se dedica a todo isto.

Así que créanme, señorías, se afirmo aquí mesmo que as denuncias que faga da situación, ou que fagamos dende esta tribuna da situación de violencia, non son unha arma para o combate político, para botar enriba, neste caso, do Partido Popular, que é o que goberna, o incremento da violencia. Non falamos de nada diso, seguramente non está na súa man rematar directamente con esa violencia. Sen embargo, si son responsables de non empeorar a situación, de atacar as causas, de ser radicais no etimolóxico e de acudir ás causas que producen a violencia de xénero; polo menos, de intentar diminuíla. Son responsables, polo tanto, de non facer todo o posible. A contrarreforma educativa, os problemas na xustiza, o recorte en educación, sanidade, xustiza e servizos sociais fan do discurso manido que moitas veces se emprega de “imos loitar contra esta lacra” un discurso baleiro. E por iso fracasa o Goberno e fracasaron tamén outros antes. Non sei se tamén este Parlamento. Levamos dous anos coa Comi-

sión Non Permanente de Igualdade para a Loita contra a Violencia de Xénero. Houbo un plan de traballo, a verdade que bastante amplo, moi bo, tivemos comparencias magníficas. Mais o Goberno, sen embargo, non foi quen de tomar nota dos mínimos aspectos que se solicitaban por parte das comparentes. Eu moito temo –oxalá me equivoque– que rematemos o tempo da lexislatura, fagamos incluso o ditame, e o traballo quede gardado nunha gabeta do Goberno.

É desesperanzador, dígollelo sinceramente, porque hai cousas tan sinxelas como a que hoxe se propón que saíron en múltiples ocasións nesa comisión. Non só na Comisión de Igualdade, eu creo que se trasladou de maneira activa e de maneira pasiva por todos os medios e as formas. Debatémo-lo tamén na Comisión 5ª. E incluso se lle trasladou de maneira pública e de maneira privada á Secretaría de Igualdade que existía un problema cos pagamentos do salario da liberdade ou coas axudas para as mulleres vítimas de violencia de xénero. E non se fixo nada.

É lamentable que a Administración –a Xunta, a Vicepresidencia e a Secretaría– actúen á defensiva coma se isto fose unha arma de discusión política, como unha forma reactiva ou un posicionamento bastante infantil. Semella que non quixeran asumir un erro. É dicir, hai un problema con isto –trasladouno a señora Adán–, e dá igual quen estea, hai que mello-ralo. E, sen embargo, por moito que se lles trasladou non tomaron nota absolutamente de nada. Eu considero que non só fan as cousas mal en moitos aspectos, senón que fan oídos xordos cando se lles pide encarecidamente que muden algo que é relativamente sinxelo de mudar e que é de grande importancia para as persoas en situación de vulnerabilidade, como son as vítimas de violencia de xénero. E non facelo é terrible, e ademais denota unha grande irresponsabilidade.

Se se detecta que non se pode cobrar esta axuda todo o ano... Ao final tiveron que recoñecelo mesmo por parte da Xunta de Galicia. ¿Por que?, ¿por que non se fai nada? Se hai un problema de incompatibilidade, ¿por que o Partido Popular introduce incompatibilidades con outras axudas? ¿Por que esas eivas cando estamos falando dun colectivo altamente vulnerable e que ademais nin sequera supón un orzamento elevadísimo ou un problema económico para a Xunta de Galicia?

Nós imos votar favorablemente esta proposición non de lei non só pola necesidade de mellora e todo o que acabo de

describir, senón porque realmente queremos debatelo co resto de grupos parlamentarios. A ver se dunha vez damos consensuado algo mínimo, porque, se non, vai parecer que o único que interesa aquí é o debate partidario, neste caso a campaña electoral. Por exemplo, queredamos debater sobre o artigo 2 da proposta, penso que se pode revisar o apartado b), o aspecto de cesar a convivencia co agresor previamente –que xa está–, que pode ser un pouco a pescada que traba a cola, que seguramente hai que revisalo. Eu creo que é un debate importante, porque se a muller non ten capacidade para abandonar o agresor previamente pode ser un pouco o círculo vicioso, habería que pensalo. No apartado c) habería que darlle unha volta ao requisito de permiso de residencia. Falaba a señora Adán, moi acertadamente, do problema para as mulleres vítimas de trata –en moitas ocasións témolo debatido–. Estas mulleres están en situación irregular ou non teñen papeis de residente. ¿De que maneira se podería mellorar iso para que non quedaran excluídas unhas persoas en situación tan vulnerable como son as mulleres tratadas, ademais sen papeis e na situación dun contexto de violencia?

Cremos que habería que revisar tamén o artigo 3. Poderíamos aportar aí porque cremos que no réxime de incompatibilidades se podería establecer a posibilidade de fixar un límite máximo da percepción no caso de compatibilizar con outras axudas. Entendemos tamén que na disposición adicional segunda da proposta o informe podería ser anual e non bianual. Entendemos que, igual que se trae á Cámara o informe relativo ao cumprimento ou non cumprimento das leis de violencia de xénero, isto tamén se podería traer. Temos bastantes coincidencias co resto do texto e pensamos que merece ser apoiado para polo menos poder discutilo nunha ponencia.

E eu vou rematando como comecei. Pode que as agresións e as mortes non sexan a responsabilidade última dun goberno, pero si o son traballar para mudar esta situación. A realidade é que non se está a facer nada disto, por moito que se traian discursos grandilocuentes e escoitemos múltiples comparecencias nas que se di que se está a traballar moito. A realidade é que a situación está igual ou empeora –falaba do caso da mocidade–; que hai recortes en todo o que é sanidade, educación, xustiza; que hai moitos problemas tamén en servizos sociais aos que non estamos a dar unha resposta. E en moitas ocasións enchen a boca os membros do Goberno falando de transversalidade e esquecese que a transversalidade real se fai con políticas no día a día, e, polo tanto,

habería que emendar gran parte da política deste goberno. Incluso no concreto, xa no que non é transversal –que é o caso que ocupa a esta iniciativa–, eu penso –e, de verdade, traslado esta reflexión aquí– que facer oídos xordos ás peticións de mellora, ás denuncias sobre os recortes ou ás propostas dentro e fóra desta Cámara é irresponsable, é imprudente. E, ademais, neste caso, falando de violencia de xénero, de mulleres, de persoas nunha situación de excesiva vulnerabilidade, é incluso cruel. Polo tanto, nós obviamente imos votar a favor desta proposición de lei.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Acuña.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Moi brevemente, en primeiro lugar, para sumarnos ao estupendo discurso que fixo a señora Adán. Moitísimas grazas, Carme, como muller. De verdade, grazas.

E ademais anuncio que imos, dende o Grupo Parlamentario Socialista, votar a favor da toma en consideración dunha lei que só pretende corrixir algo que está mal. Por certo, igual que votamos a favor en febreiro de 2015, cando, efectivamente, señora Adán, vostede traía esta mesma proposta, que foi rechazada cos votos do partido maioritario, do Partido Popular.

E precisamente, porque é algo que está mal, nós, dende o noso grupo, tamén lle temos pedido ao Goberno da Xunta de Galicia en múltiples ocasións que modificara esas bases das axudas ás vítimas para que estiveran –algo evidente– accesibles durante todos os meses do ano. Pero ata o de agora o Goberno do señor Feijóo fixera caso omiso das nosas solicitudes. Pero, ¡sorpresa!, ¡sorpresa, *sorpresita!*, chegaron as eleccións e resulta que no pleno pasado –non sei se as súas señorías recordan– no debate do Plan estratéxico da Xunta 2015-2020 o PP por fin aceptou –supoño que porque xa leva posta a careta electoral– unha proposta socialista na que, unha vez máis, pediamos iso, que as vítimas da violencia de xénero tiveran acceso ás achegas contempladas na propia lei –na nosa lei, na lei autonómica– durante todo o ano. Aceptar

aceptaron vostedes. Claro que non sabemos se coa intención de cumprir o que recolle o plan ou simplemente de deixalo aí para que o leve a cabo o novo goberno que se poña á fronte da Xunta despois das próximas eleccións autonómicas.

Dende logo que, se de verdade queren vostedes cumprir co Plan estratéxico da Xunta que acaban de votar no pleno pasado, terán que aceptar a toma en consideración desta lei. Pois, señores e señoras do Partido Popular, o debate deste texto lexislativo vai permitir darlle forma á modificación no salario das vítimas que o noso grupo lles solicitaba e que vostedes aceptaron e incluíron no plan. En caso contrario pensaremos que o seu voto a favor foi unha mentira máis do señor Feijóo ou propaganda electoral, o que é moi duro, porque, señorías, están vostedes utilizando as mulleres vítimas de violencia de xénero.

E está moi claro a estas alturas que a igualdade sufriu un serio retroceso tanto en España como en Galicia, entendemos, e é lóxico pensalo, que coas medidas que adoptan os gobernos do Partido Popular, os gobernos conservadores, á fronte do Estado e á fronte da Xunta. E isto é algo evidente. Pero é que ademais de ser algo evidente, xa o están a denunciar persoas expertas e organismos internacionais. E ese retroceso, señorías, podería estar propiciando que cada ano se incrementen máis as mulleres asasinadas. Así que, sen ánimo de facer política con este tema –como sempre vostede, señor Rueda, nos reclama–, algo terán vostedes que mudar na xestión deste asunto, algo terán que cambiar, ¿non cren?

Eu voume permitir aconsellarlle, señor Rueda –de verdade, así, con toda llaneza–, voume permitir aconsellarlle o primeiro que ten que mudar. E o primeiro que ten que mudar, señor Rueda, é a súa actitude. Si, porque parece que este tema non o motiva, de verdade, parece que o trata sempre con indolencia. Ao mellor é precisamente por iso, porque é un tema que non vale para facer política. E, claro, xa sabemos que a vostede o que lle gusta é a política. Gústanlle as intrigas, as conspiracións, pero sobre todo gústanlle as mocións de censura. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois ben, eu pediríalle, señor Rueda, que entre moción e moción... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Por favor, silencio.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** ... se me permite, con toda cortesía, faga un esforzo e dedique un segundo a pensar

neste problema. Porque, señorías, é o máis grave problema que ten a nosa sociedade. ¡E miren, señorías, que temos problemas! Pero este é o máis grave, sen ningunha dúbida, o máis grave. E non se concibe a actitude dos gobernos, non se concibe, non se entende, só se explica porque o consideran un problema das mulleres, xa non doméstico nin do ámbito íntimo; non, non, das mulleres.

Mire, eu tamén lle pediría ao Grupo Parlamentario Popular que permitira co seu voto favorable o debate desta lei. E, dende logo, pediríalle ao señor Feijóo que, agora que puxo o traxe de Robin Hood ante a proximidade electoral, utilice un pouco deses cartos que agora apareceron –e non só apareceron senón que agora parece que ata lle sobran–, eses cartos que tivo nestes anos tan duros e tan difíciles gardados nun caixón esperando a que chegaran as eleccións. É absolutamente intolerable... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Si? Pois, se non, explíquenos, explíquenos, señor Rueda. Non se asuste nin faga... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O que asusta é o feito de que a un paso das eleccións resulta que agora nos sobren cartos, cando nos levan vostedes machucando todos estes anos. Pois ben, utilicen uns pouquiños deses cartos nas vítimas da violencia.

Por certo, voulle pedir outra cousa, tamén con toda cortesía, empecen vostedes polos fillos da muller asasinada en Becerreá. Porque mire, quedaron na rúa, e na rúa están, absolutamente sen nada. Porque tamén esa vítima, eses nenos que son agora considerados vítimas, pois resultaron vítimas nos meses en que están pechadas as achegas.

Mire, dea sustento a todas as mulleres maltratadas, independentemente do mes no que fagan a denuncia, e tamén aos fillos e ás fillas das que foron asasinadas. Pois insisto, tamén cando quedan orfos fóra deses meses nos que están abertas esas axudas, tampouco poden acceder ata que as volvan abrir.

Ademais, señorías, se iniciamos ese debate deste texto lexislativo, podemos falar de moitas cousas, da duración das achegas, se os doce meses son suficientes ou non –eu penso que non, polo menos na maioría dos casos–, incluso, miren, señorías, tamén teríamos que considerar que hai sectores da sociedade que están pedindo que esas aportacións sexan vitalicias, fíxese, vitalicias, porque o que están a pedir é que sexan consideradas –as vítimas do machismo, do terrorismo machismo– como as vítimas doutros terrorismos.



Poderíamos falar da compatibilidade ou complementariedade das diferentes achegas, poderíamos falar das contías das achegas e definir as persoas beneficiarias das mesmas, pois está claro que non só as mulleres son as vítimas do maltratador ou do asasino, senón tamén todas as persoas que dependen del.

Poderíamos definir, se temos tempo, señora Adán, e iso témome que vai ser un problema, pero se tiveramos tempo poderíamos debater con calma un largo etcétera.

Dende logo, non ten sentido que as vítimas da violencia só poidan acceder ao antes chamado “salario da liberdade”, tan criticado, eu recórdoo ben, e agora á “prestación económica periódica”, uns meses ao ano, pois a violencia está presente, señor Rueda, os trescentos sesenta e cinco días. E que ademais non poidan acceder por meras cuestións administrativas, e non ten ningún sentido que o PP unha vez e outra vez se negue a modificar eses criterios administrativos. Ademais, resultaría intolerable que despois de votar que si á resolución socialista na que se recollía isto, agora, no seguinte pleno, vostedes voten en contra dunha lei para regular a aplicación do xa aprobado.

Señores e señoras do PP, señor Rueda, non deben vostedes desperdiciar esta nova oportunidade de revisar as axudas económicas das vítimas de violencia, ou quedará moi claro o que toda Galicia xa debería de saber, que Feijóo é un Robin Hood de pacotilla.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Acuña.

Grupo Parlamentario Popular, señora Oubiña.

**A señora OUBIÑA SOLLÁ:** Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas. Tamén ao conselleiro, que está aquí presente.

E menos mal, señora Acuña, que non está vostede facendo política, a verdade é que demostrou outra cousa.

Señora Adán, a verdade é que agradezo o seu talante e o respecto co que propuxo esta proposición non de lei, persoalmen-

te gustoume máis a invocación que fixo no pasado debate da obra de Rosalía, pero gustounos o seu talante na súa exposición.

Pero, unha vez máis, acabamos de constatar a actitude entre, poderíamos dicir, irrespectuosa e irresponsable dalgunha das voceiras da oposición, en concreto a señora Acuña, para tratar un tema tan sensible como é a violencia de xénero, que, ademais, é un tema que hoxe pretende cambiar, pero que no seu momento esta señora, que era deputada nesta Cámara, votou a favor das medidas que agora non lle gustan.

Dende o Partido Popular somos conscientes de que hai eivas tanto no sistema de prevención como no sistema de protección ás vítimas. Somos conscientes de que hai medidas que faltan por tomar, que hai medidas tomadas que tamén son discutibles, e que hai medios que xa existen, pero que son mellorables. Non obstante, dende este grupo temos claro que hai un instrumento que é fundamental, como é o consenso e a responsabilidade política, á que a señora Adán tamén aludiu á hora de tratar unha situación tan delicada para as mulleres.

Esa unidade política non significa ausencia de debate, nin ausencia tampouco de crítica, pero si significa trasladar-lles ás mulleres vítimas do machismo que os grupos políticos estamos xuntos na defensa de seguir mellorando un sistema que está á súa disposición. Podemos seguir dando pasos e adaptando novas medidas, pero perderemos a base desa loita se dende esta Cámara hai grupos capaces de trasladar ás mulleres vítimas que están desprotexidas con tal de poder usar este tema como unha arma partidista.

Con este tema pódese facer política, pódese facer loita social, pero o que non hai que facer é partidismo, señora Acuña, e menos demagogia.

Co Grupo Popular na oposición fomos quen de votar a favor no 2007 da Lei galega contra a violencia de xénero que impulsou o Goberno bipartito, coido que hoxe sería imposible acadar este consenso con deputadas nesta Cámara como a señora Acuña, con esta oposición, o que representa un retroceso na política contra a violencia de xénero que non podemos máis que lamentar. (*Murmurios.*)

Vostedes son quen –refírome a algúns grupos da oposición– de dicirlle á sociedade que a Xunta non ten medios para atender as vítimas de violencia machista, cando saben

que o Programa 313D dos orzamentos deste ano dispón da maior partida económica para o dito programa dende que o gasto existe, 3,9 millóns de euros. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* (Murmurios.)

Son quen, señora Acuña, de dicir que hai mulleres que quedan sen protección económica cando no 2015 recibiron axudas periódicas 339 mulleres; dende que hai o programa, preto de 4.000 foron atendidas. Son quen tamén, señora Acuña, de ignorar os avances no apoio ás vítimas que se teñen dado nos últimos anos, como son a gratuidade total dos comedores escolares para fillas e fillos da violencia machista, servizo de teletradución a máis de 50 idiomas para poder dar servizo ás mulleres estranxeiras que queren denunciar e necesitan asistencia.

A inclusión da atención especializada tamén de mulleres con discapacidade auditiva e de fala, así como o transporte gratuito ás mulleres aos centros da rede galega de acollida mediante convenio con Fegataxi, convenio de colaboración co resto de comunidades autónomas para o traslado de vítimas a casas de acollida de fóra, se fose necesario, por motivos tamén de seguridade. Así como recordar o convenio co Estado para acceder ao sistema Biogen e facer un mellor seguimento da protección das vítimas, dende a Policía autonómica, daquelas ordes de protección.

Polo tanto, falar de recortes na protección ás vítimas de violencia en Galicia non só é irresponsable pola mensaxe que se traslada, senón que é unha falta de respecto a todas as mulleres que necesitan e a todas as mulleres que contan con estas medidas de axuda e protección.

Feita esta introdución, que era precisa para falar con xustiza do traballo, do bo traballo da Xunta nesta materia, volvamos ao texto da proposición non de lei que hoxe trae o Bloque Nacionalista Galego.

A última vez que debatemos esta mesma proposición non de lei, señora Adán, rematou dicindo na intervención que melloraría o texto e que volverían traelo a este pleno. A señora Adán volveu traelo a este pleno coa única modificación do termo “violencia machista” por “feminicidio” no primeiro parágrafo, que xa foi debatido neste Parlamento, mantendo todo o texto exactamente igual, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* é dicir, conserva incluso aquelas erratas, aqueles

erros que, por ser copiados da convocatoria da Xunta, fan referencia no texto a esta resolución, cando tería que dicir a esta lei.

De verdade que non podo entender esta actitude de volver presentar exactamente a mesma proposición de lei que xa foi rexeitada con vontade de non cambiar nada. Quizais se o fixera o Partido Popular nos tacharían vostedes de electoralismo, cando estamos a piques de rematar a lexislatura.

Esta proposición non de lei o que pretende é conxelar en rango de lei normas de procedemento que son propias dunha orde, dun decreto, nas que sabe vostede que son máis flexibles e posibles as modificacións. Xa dixemos no anterior debate que non é razoable, nin lóxico, que este tipo de regulación quede anclado nun texto legal que impida corrixir e incorporar novas medidas que beneficien ás vítimas con relativa facilidade para posibilitar que estas axudas periódicas cheguen ao maior número posible de mulleres.

Polo tanto, se vostede o que quere é emendar a súa propia lei, que iso é o que entendo, cambiando o modelo de prestación destas axudas, que creo que é o que dixó aquí, estamos abertos a debatelo, pero non cun texto que xa lle dixemos que nos parecía inapropiado.

Mire, nestes últimos anos tivemos que lamentar que o BNG se descolgara de acordos que eran beneficiosos para as mulleres vítimas de violencia de xénero. Así, no debate do estado da Autonomía de 2013 opuxéronse, propuxeron instar o Goberno a activar o centro de recuperación integral. O Bloque non quixo apoiarnos, afortunadamente o centro está en funcionamento. Tramitamos a Lei de inclusión social, coa regulación de procedemento abreviado da Risga para as vítimas de violencia machista, o BNG presentou unha emenda e votou en contra.

No 2014 propuxemos impulsar a creación de mesas locais de continuación sobre violencia de xénero, votaron tamén en contra. A finais do 2015 propuxemos mellorar o sistema de formación do persoal público en igualdade de violencia de xénero, tamén votaron en contra, e hai pouco tempo fixemos a proposición de iniciar un programa pioneiro de inserción laboral para que as vítimas de violencia recuperaran a súa independencia económica, e tamén, señora Adán, votaron en contra.

Vostedes dixeron no anterior debate que eran construtivos, que tiñan propostas, hoxe novamente invoca ese consenso, nós

non imos privar as mulleres vítimas de violencia de xénero daquelas medidas que as favorezan, pero tampouco imos impulsar medidas que, por estar mal formuladas, as prexudiquen.

Polo tanto –e para ir rematando, porque se me vai esgotando o tempo–, coa vontade dese consenso, coa vontade de ser construtivos e coa vontade de chegar a eses acordos, se o que vostede quere, señora Adán, é converter as axudas periódicas nunha prestación permanente, mudemos o texto de arriba a abaixo. Convertámolo nunha modificación puntual do artigo 39 da Lei 11/2007, que estableza ese prazo permanente. Estamos dispostos a iso.

Se vostede admite e se amosa disposta a facer borrón e conta nova de que se modifique o texto na súa totalidade, nós estamos dispostos a admitir a trámite esta iniciativa que reformularemos –xa lle volvo repetir– integramente, pero deixando as condicións de existencia, de procedemento, nun rango regulamentario que segue permitindo esa flexibilidade necesaria para adaptalas e melloralas continuamente.

Seguimos, parécenos ben admitir ao que vostede fixo referencia, ás mulleres vítimas de trata, porque tamén así xa se contempla na lei.

Polo tanto, esperamos que no seu turno de peche, no turno de réplica, diga se está disposta a aceptar o que acabamos de expoñer, vostede decide e nós estamos –como dixen– dispostos a votar a favor.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Oubiña.

Rolda de réplica. Grupo autor da proposición non de lei, señora Adán.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Grazas, presidente.

Tamén quero agradecer a presenza do vicepresidente durante todo o debate desta iniciativa.

Señora Oubiña, de verdade que a escoitei atentamente e, bueno, necesitaría case un pouco máis de tempo para entender cal é a proposta que vostede fai. Entenda que fixo aquí un relatorio das veces que votamos en contra, non das que vota-

mos a favor, que creo que son moi numerosas. Repase tamén os diarios, eu tamén fixen iso para chegar aquí, e creo que bastantes, e cando foi en contra, ademais, sempre argumentado –como a última– de que xa era un programa que estaba posto en marcha, non porque nos opoñamos a ese programa.

Mire, señora Oubiña, con todo o respecto, non creo que sexa unha cuestión de chegar aquí a formular unha especie de chantaxe, que é case como acabou, pero se vostedes están dispostos a dúas cuestións básicas, a que se regule en semellanza a como se regula a Risga, que a coñecen perfectamente, na propia Lei de inclusión, que se pode solicitar en calquera momento e cuns prazos, a regulalo como se regula a Risga e a introducir a trata de mulleres, se esas son as dúas cuestións, eu non teño ningún cariño a este texto. Quero dicir: todos os textos son escritos, seguramente o podía ter escrito moitísimo mellor, dedicarlle máis tempo. Desculpas pido, se non tiven máis tempo para poder dedicarlle máis forza. Pero dende logo o fundamental é que esa prestación económica se poida solicitar durante todo o ano, e penso na Risga por ser a que mellor coñezo e porque creo que é a que podemos tomar de modelo para centrarnos.

E para introducir a trata hai que modificar algún articulado, mais non soamente o 39, senón que, bueno, haberá que modificar o artigo 3, apartado f), para que non se chame “tráfico de mulleres” e se chame “trata de mulleres”, é dicir, que sexa consonante con toda a regulación internacional que se está facendo ao respecto.

Eu creo, señoras... –e perdón, que parecía que estaba mirando soamente para o Partido Popular e para a señora Oubiña–, señoras deputadas, creo que é un punto en que podemos chegar a atoparnos, que podemos debatelo. Non teño especial... creo que o meu grupo nin eu mesma a este texto. E, se se me permite, nos dous minutos que me quedan, unha pequena reflexión.

Hai moitos anos, máis de vinte e cinco, eu fun á mesa de mulleres políticas, de moitas diferentes ideoloxías. Falaban de políticas de igualdade e dicían unha cousa que era: bueno, teremos que buscar espazos de pactos entre mulleres, de poñer reflexións en común, de entender que efectivamente, ¿non?, todas, á fin, estamos de prestado no espazo público, porque se segue considerando que o espazo público é funda-

mentalmente dos señores. Eu creo que por iso esta vez quixen comezar cunha cita da *Odisea* e cunha reflexión para min dunha grande da literatura como é Margaret Atwood, pero dende logo que teño presente sempre, señora Oubiña, a Rosalía de Castro, aínda que non a cite en todas as intervencións; iso pódollo asegurar.

Tentemos, no que nos queda, polo menos con ese obxectivo de chegar a unha prestación periódica que se poida solicitar durante todo o ano, e se inclúe a trata, traballar cooperativamente e buscar ese texto. Eu entendo que se esa pode ser a toma en consideración, aceptámolo dende logo, non, señora Oubiña, dende esa chantaxe, senón dende o obxectivo do que o que nos ten que guiar non é..., e permítame que o diga, ¿non?, porque dende o 2005 levo preguntado en reiteradas ocasións, ata a tortura, nestes tres últimos anos, quen se pode lanzar esa forma que temos de facelo ás veces nos parlamentos as mulleres que sofren violencia machista, e como non temos a capacidade para elevarnos sobre todo iso e pensar que cada paso que damos, cada lexislación que establecemos, cada concerto que creamos, ten moitísima máis transcendencia do que nós realmente cremos. Porque hai trinta anos case non tiñamos palabras para poder nomeala, e hoxe estamos lexislando. Eu son eses dous aspectos básicos que poño enriba da mesa: que sexa durante todo o ano a súa prestación e que se inclúa a trata.

Gustaríame ter un momento tamén xa para falalo con todas as deputadas e portavoz, porque eu acabo de escoitar isto como vostedes acaban de escoitalo. E isto non é unha cuestión do Bloque, do PP, do PSOE, de AGE, do Grupo Mixto, de calquera das mulleres deputadas que esteamos nesta Cámara, se non se, realmente, como deputadas, eu creo –e permítame en repetidas palabras de Marcela Lagarde– que facemos política fundamentalmente porque somos mulleres e para as mulleres, consideramos que isto pode ser un legado que deixemos aí e un traballo colectivo.

Se estamos de acordo, eu polo menos comprométome con toda a capacidade e toda a capacidade que teñan as miñas neuronas para facer sinapses a que a poñamos á disposición no tempo que nos queda para sacar un texto que sexa un texto que sirva e que tamén cheguemos a superar este concepto de política como dicirnos cousas electorais cando realmente do que estabamos falando é: ¿é

mellor que as mulleres galegas poidan solicitar durante todo o ano esta prestación e que incluíamos as mulleres que sofren trata? Si. Se é así, pois comprometamos o noso esforzo.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Adán.

O segundo punto é o debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, para a reforma da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

### **Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, para a reforma da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Para a presentación da proposición de lei ten a palabra o señor Sánchez Bugallo.

**O señor SÁNCHEZ BUGALLO:** Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

Non pododo agradecer a presenza da conselleira con competencias na materia, porque non está presente. Seguramente terá temas máis importantes que facer, ou é probable incluso que non queira dar a cara por unha lei que está amosando máis buratos que un queixo *gruyère*.

Hai ben poucas semanas aprobábase nesta Cámara, señorías, a nova Lei do solo, a Lei 2/2016. Dicíanos daquela á señora conselleira, a quen teño que citar na súa ausencia pois porque non está presente, e non por culpa deste deputado –supoño–, que esta lei se presentaba como garante da estabilidade necesaria para o desenvolvemento sostible da nosa comunidade. Manifestaba tamén que un dos seus grandes obxectivos era a aposta polo desenvolvemento do rural, que o rural sexa un rural vivo –dicía a señora conselleira–. E tamén seguía dicindo que ofrecía seguridade xurídica no planeamento, á parte dunha maior axilidade na súa tramitación, que incluso cifraba nunha redución do 75 % no tempo en que se tardaría en tramitar un plan xeral de ordenación municipal.

Palabras, só palabras, ningunha delas certa, e ademais poucas veces foron tan desmentidas as palabras polos feitos subseguintes.

O primeiro desmentido tivo que ver coa aprobación inmediata dunha modificación da lei. É a da lei que bate o maior récord: antes de entrar en vigor, houbo de ser modificada.

Nos últimos días, e xa despois de ter presentada esta proposición de lei o Grupo Parlamentario Socialista, tivemos noticias doutro feito que motivou a petición por parte do noso grupo de comparecencia urxente da señora conselleira, que non tivo a ben e que non se produciu ata o día de hoxe, e que hoxe a reitero. E hai información publicada no *Diario Oficial de Galicia* relativa á apertura dun procedemento negociador pola discrepancia manifestada coa Administración xeral do Estado e referida a nove artigos da lei, en concreto ao 22.d), 30, 31, 34, 42.6, 85.1, 129, 130 e 131.

Estas discrepancias maniféstanse para os efectos previstos no artigo 33.2 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional, que non é outro que a advertencia de recurso de inconstitucionalidade; é dicir, que se abre un período de negociación de nove meses para que se subsanen pacificamente as discrepancias ou, caso contrario, a Administración xeral do Estado procedería a exercer as súas funcións.

Non falamos de temas baladís, senón de temas absolutamente troncais e determinantes da lei. O 22.d), 30 e 42.6 regulan a cesión do 10 % de aproveitamento medio regulada na Lei do solo do Estado, e que aquí se eximen determinados casos do cumprimento desa obrigación. Os artigos 31 e 34 regulan o solo rústico e o solo rústico de especial protección, categorías nas que se engloba o 93 % do noso territorio –28.000 quilómetros cadrados sobre 29.500 que compoñen o territorio de Galicia aproximadamente–. E os artigos 85.1, 129, 130 e 131 regulan os procedementos de adquisición de chan por parte das administracións públicas, e moi especificamente o procedemento de expropiación forzosa, de ocupación directa, etc., etc.

Por tanto, non falamos de temas baladís. Falamos de temas polos que se, efectivamente, houbera un recurso de inconstitucionalidade e se suspenderan na lei, a lei quedaría absolutamente inútil, absolutamente vaciada, e todos os concellos de Galicia e os plans xerais en tramitación terían un

gravísimo problema coa clasificación do solo rústico. Repito: o 95 % do seu territorio.

Ben, á parte dese tema, no que hoxe volvo reiterar esta petición, que xa se tiña que ter producido a petición propia por parte da señora conselleira –reitero a súa petición de comparecencia–, imos falar hoxe das dúas modificacións puntuais que propón o Grupo Parlamentario Socialista. Son dúas modificacións puntuais moi sinxelas pero que supoñen arreglar gravísimos problemas que se están a detectar desde a aplicación, a entrada en vigor desta lei.

A primeira destas modificacións fai referencia ao apartado 4 da disposición transitoria primeira, que regula a situación dos concellos sen planeamento xeral. Ao mellor, o primeiro que debemos dicir é cales son os concellos sen planeamento xeral. Afortunadamente non son só os que non teñen plan xeral, senón son os que non teñen plan xeral nin normas subsidiarias municipais. É dicir, nesta categoría están os concellos que soamente teñen delimitación de solo urbano ou que non teñen ningún instrumento de planeamento propio. En total, 58 concellos de Galicia, dos que 51 teñen menos de 5.000 habitantes, e 7, máis de 5.000 habitantes.

Para estes concellos o que establece a nova Lei do solo, que, por certo, é bastante contraditoria na súa redacción, di –apartado 4, letra a)–: “Unicamente poderá edificarse nos terreos que merezan a condición de solo urbano consolidado”. Evidentemente, nos 42 concellos en que non hai ningunha figura de planeamento, non hai recoñecido ningún solo urbano consolidado; e, evidentemente, nos 16 concellos que teñen delimitación de solo urbano, soamente está delimitado ese solo, pero o resto do termo municipal queda fóra. De tal maneira que, aplicando a lei, non se podería outorgar licenza nalgún caso nun municipio e, noutros casos, na inmensa maioría do municipio, nin sequera para facer unha explotación agraria.

Nós cremos que isto debe ser mellorado, debe ser clarificado, debe ser evitado o problema que isto lles vai supoñer aos alcaldes afectados, 58, na súa gran maioría do Partido Popular, por certo –todo hai que dicilo–.

Polo tanto, propoñemos unha modificación puntual, circunscibindo a prohibición de edificar ao solo urbano, dicindo que no solo urbano só se poida edificar no consolidado e,

no resto, aplicando de forma supletoria as normas subsidiarias provinciais, que nesta lei desaparecen, que son substituídas polo Plan básico autonómico, plan que non existe, non está nin en elaboración nin en tramitación e que non é previsible que exista ata un prazo de entre dous e catro anos.

A segunda das modificacións, señoría, é aínda moito máis sinxela. Esta primeira é grande e importante porque afecta municipios cunha poboación total de 200.000 habitantes. A segunda é aínda moito máis sinxela. E é un problema que crea expresamente a lei; onde non o había, créao.

Na lei anterior, na lei que estivo en vigor ata o pasado 19 de marzo, establecíase nunha disposición transitoria –a número 11– que as explotacións agrarias e gandeiras existentes no solo de núcleo rural ou en solo rústico con anterioridade ao ano 2002 podían proseguir coa súa actividade, incluso podían reformarse, modernizarse e ata incrementar o seu tamaño nun 50 %. Con esa disposición transitoria da Lei 9/2002 deuse unha resolución acaída e pacífica a un gravísimo problema que se plantexou no seu momento, que eran explotacións agrogandeiras situadas en solo de núcleo rural que a veces pois rehabilitaba a casa do lado un veciño que ao mellor non vivía alí habitualmente, ou que ao mellor pois era funcionario público ou que ao mellor tiña unha actividade completamente distinta do resto, e que inmediatamente lles presentaba unha denuncia aos que levaban toda a vida alí dicindo: este señor ten vacas, ten porcos, cheiran mal, xéranme molestias, que peche a súa actividade.

E en moitos sitios, desde logo aquí en Santiago, tivemos que atender sentenzas xudiciais. Poño un caso, un exemplo, dunha parroquia aquí, Cesar: dous veciños que se van vivir, traballadores do aeroporto, e obrigan o único veciño do pobo, da aldea, que ten unha explotación agraria, a clausurar a súa explotación agraria, con 80 vacas, porque lle molestaba aos que rehabilitaron a casa do lado, e por orde xudicial houbo que clausurala. Para resolver isto preveuse esa disposición transitoria número 11.

Na disposición transitoria cuarta da nova lei, que teoricamente recolle a disposición transitoria 11 da lei anterior, desaparece o concepto de núcleo rural e refírese exclusivamente ao solo rústico. ¿Que nos están a dicir desde a Xunta de Galicia? Non hai problema, porque no núcleo rural que o resolva o plan municipal. Perfecto.

Temos 58 concellos que non teñen planeamento xeral e temos 256 que si o teñen. Evidentemente, o que estamos a ofrecer desde o Partido Popular e desde a Xunta de Galicia é un procedemento moi sinxelo: en lugar de poñer cinco palabras da disposición transitoria cuarta que resolverían o problema, dicímoslles que modifiquen 256 plans e que 58 que non teñen ningún plan o fagan, procedemento rápido e áxil onde os haxa; en quince anos fixéronse 91 plans xerais en Galicia e agora propoñémoslles que antes do mes de setembro se modifiquen 256; procedemento rápido onde os haxa.

E teño que dicirlle, señoría, que, por certo, neste momento está aprobado e en vigor o Plan de desenvolvemento rural de Galicia, que dá de prazo ata o mes de setembro para que se poidan acoller as explotacións agrarias, incluídas as que están en solo de núcleo rural, para reformarse, para modernizarse e para acollerse ás súas subvencións.

Teño que lembrarlles, señorías, que a lexislación europea exige, para que se poidan facer efectivas esas subvencións, que dispoñan de licenza municipal, e dicimos: non, a Xunta lava as mans, o problema é do alcalde.

Para resolver ese tema sacamos unha instrución –que é unha das maiores tomaduras de pelo que coñezo–, unha instrución clarificadora, que se podía reducir a unha soa liña: no solo de núcleo rural dependerá do que diga o planeamento municipal, e iso si era claro. Aquí se escriben cinco ou sete páxinas dándolle voltas para que pareza o que non é, pero a conclusión é esa: que o solo de núcleo rural depende exclusivamente do planeamento municipal, sabendo que en ningún dos plans que están en vigor en Galicia se contempla esa modificación, porque ata o ano 2010 non foi incorporada a Lei do solo de Galicia e por tanto que habería que modificalos practicamente todos.

E o que facemos aquí é un absoluto engano, no que lles trasladamos a responsabilidade aos alcaldes, que se verán obrigados ou a dar a licenza asumindo os riscos e responsabilidades que poidan derivar se no seu planeamento non está contemplado ou asumir un procedemento exprés de modificación dese planeamento que non é compatible cos trámites que require a modificación dese planeamento. Que teño que lembrarlles ás súas señorías que a modificación puntual do planeamento require os mesmos trámites, os mesmos procedementos, os mesmos informes sectoriais e a mesma expo-

sición ao público que a elaboración do propio planeamento, réxese polo mesmo procedemento.

Ben, señorías, eu espero que, se o Partido Popular ten o compromiso que di co rural de Galicia, asuma a tramitación desta modificación puntual, máis aló de que no procedemento de tramitación, se hai algo que non se xulga correcto da proposta socialista, poidamos matizalo co fin de dar unha solución legalmente válida, que dea seguridade xurídica tanto aos alcaldes como aos que pidan as licenzas e que permita resolver de forma sinxela e rápida un problema que lles acabamos de crear a miles de cidadáns desta comunidade autónoma.

Do que vostedes voten, sobre todo os señores do Partido Popular, que son a maioría deste Parlamento, saberemos da sinceridade ou non do seu compromiso co rural.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez Bugallo.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Martínez.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Bo día a todas e a todos.

Ben, quero empezar pois como empezou este pleno, falando de discriminación e da necesidade de que se lexisle a favor da parte máis débil da sociedade, da parte que está sufrindo máis toda esta crise. Empezamos cunha lei que pedía o apoio necesario para as mulleres vítimas de violencia de xénero e de trata. Agora imos falar tamén de legislar para apoiar as explotacións agrogandeiras e o rural nun momento moi delicado, e eu quero recordar hoxe, na miña primeira intervención, e quero tamén manifestar o meu rexeitamento ao homicidio laboral ocorrido en Navantia-Fene o pasado xoves. Son homicidios. Cada vez que un traballador morre por falta de medidas de seguridade laboral, falamos de homicidios. Polo tanto, temos moitas cousas pendentes neste Parlamento que poderíamos mellorar modificando as normativas e sendo un pouco sensibles co que está pasando á sociedade, pero topámonos realmente con muros que o fan imposible.

Hoxe imos falar outra vez do que xa temos tratado en comisión e do que como proposición non de lei xa temos tratado tamén neste pleno. Eu tiña a esperanza, cando se tratou

en comisión, de que o Partido Popular puxera en práctica a súa promesa de achegarse á sociedade e permitira prolongar o debate daquel proxecto de lei coa comparecencia de colectivos e técnicos con coñecemento na materia para a elaboración dun novo texto que fora aprobado por consenso de todos os grupos parlamentarios. Pero o Partido Popular aprobou en solitario unha Lei do solo que renuncia a deseñar coa participación das organizacións sindicais, patronais, labregas, ecoloxistas, culturais e expertos un modelo sustentable que respecte o patrimonio arquitectónico, natural e paisaxístico, reduza a conflitividade e a inseguridade xurídica e garanta o dereito á vivenda, á protección do solo rústico, do litoral e das beiras dos ríos e das rías.

En definitiva, como prognosticabamos daquela, a Lei 2/2016, do solo, terá pouco percorrido, pois será modificada polo novo goberno que sairá das urnas este mesmo ano. O debate de hoxe confírmao.

Como dicíamos na emenda de devolución, esta lei contén indefinicións que non melloran a situación actual ou crean novos nichos de conflitos. Os conflitos que a Lei 2/2016 creou no mundo rural parten da propia definición da categoría de solo rústico de protección agropecuaria, vinculada só á alta produtividade, sen ter en conta outros aspectos inherentes ao noso mundo rural. E a definición de solo de núcleo rural redúcese a identificar administrativamente nos censos e padróns sen ter en conta circunstancias doutra índole que demostran imbricación racional do núcleo co medio físico onde se sitúa.

Algún destes conflitos pretende corrixilo o Partido Socialista con esta proposición de lei. Gran parte da regulación das materias recollidas na lei quedan pendentes de instrumentos de desenvolvemento, polo que é imprescindible, tal como reclama o Partido Socialista nesta proposición de lei, que, en tanto non entre en vigor o Plan básico autonómico, no non previsto nesta lei, queden establecidas as normas subsidiarias de aplicación.

A proposta de modificación da disposición transitoria cuarta xa foi debatida en comisión e en pleno e o Partido Popular sempre votou en contra, alegando que a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galiza, non prohibe as ditas instalacións, senón que as autorizacións dependen exclusivamente dos concellos. Pero insisto, como insistín no deba-

te en pleno da proposición non de lei: non é o mesmo non estar prohibido que estar autorizado ou permitido.

Segundo a RAE –xa que no dicionario da Real Academia Galega non aparece o termo–, “alegal” é todo aquilo que non está regulado nin prohibido; “legal” é todo aquilo que está prescrito por lei e é conforme a ela; “ilegal” é todo o que non é conforme a lei. Por tanto, estamos ante unha situación de alegalidade das construcións e instalacións situadas en solo rústico ou en solo de núcleo rural que están destinadas a actividades vinculadas coa explotación e co apoio á actividade agropecuaria e de primeira transformación de produtos agrogandeiros e forestais.

Polo tanto, non son legais, xa que a súa permanencia non está prescrita por lei, pero tampouco son ilegais, xa que a súa permanencia non é contraria á lei ao non estar expresamente prohibidas por ela. Sitúanse, polo tanto, as instalacións agropecuarias preexistentes en núcleo rural no ámbito da alegalidade, onde poden ser ou non autorizadas en función do que estableza o plan xeral de cada concello. A actividade agropecuaria, ao igual que calquera outra actividade económica, necesita unha regulación normativa que ampare e lle dea a seguridade xurídica precisa para realizar investimentos.

Efectivamente, coincido co Partido Socialista en que a redacción actual da Lei do solo non ofrece esa seguridade xurídica e prexudica gravemente as xa excesivamente castigadas explotacións agrogandeiras galegas.

Pero, ademais, non parece moi coincidente ese desleixo do Partido Popular en relación con darlle seguridade xurídica ao sector agrogandeiro coa presentación da precampaña electoral do Plan de desenvolvemento rural, cun investimento de 1.186 millóns, para a modernización das explotacións agrogandeiras cando deixa fóra moitas delas con esta lei pola súa situación de alegalidade.

Pero tampouco parece que complicar máis a produción agrogandeira galega vaia ser a solución para recuperar poboación moza no mundo rural ligada á produción agraria ou gandeira pero tamén á industria vencellada á mesma.

Apoiaremos, polo tanto, a toma en consideración desta proposición de lei, que nos vai permitir reconsiderar estas e outras cuestións que definen as políticas de crecemento do

noso país, de cohesión do noso territorio, do noso medio ambiente, dos nosos sectores produtivos e do noso modelo de vida, porque todo isto queda limitado ou delimitado polo que se expón na Lei do solo.

Polo tanto, esperamos que esta vez o Partido Popular aprobe estas modificacións, que só pretenden salvagardar o sector agrogandeiro e forestal galego.

Nada máis e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.  
Señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días.

Pouco tería que engadir despois da exposición do señor Bugallo, co que moitas veces non estarei de acordo pero do que non se pode dicir que non coñeza do que fala e non aporte argumentos, argumentos de sobra. Neste caso, ademais, coincido: fixo unha exposición na que explicou a situación actual, as súas propostas e evidenciou a necesidade destas modificacións e dalgunhas máis.

Cando se faga balance do Goberno do señor Feijóo, con perspectiva, verase o auténtico desastre e a característica principal dun goberno baseado na publicidade e propaganda, na falta de rigor, na falta dun proxecto integral para o país e que camiñou a golpe de –valla a redundancia– a golpe de efecto, cunha improvisación continua, parcheando cuestións que non se poden parchear e que había que afrontar de xeito moito máis serio e comprometido co país.

Unha destas cuestións que o señor Feijóo non afrontou foi o reto de dotar este país dos instrumentos para unha ordenación territorial que dese unha base para o desenvolvemento económico respectuoso co medio ambiente e equilibrado territorialmente, socialmente, etc. Non o afrontou. Foi unha constante adaptación da lexislación a cuestións ou problemas concretos que ían xurdindo polo camiño, modificacións practicamente ano a ano da lexislación, e polo tanto unha lexislación que non serve de guía para o funcionamento deste país.



Xa dixemos, cando se aprobou esta Lei do solo, que era unha lei do solo de baixo voo, de curto alcance, e que tería que ser modificada constantemente polas eivas que presentaba.

Non nos enganamos, unha lei do solo de Galicia debe de ser para vinte anos e non para vinte días. E isto non é unha esaxeración, nin vinte días tardou en ter que modificarse a Lei do solo. E vénselles as costuras dende o minuto cero, véselles unha falta de proxecto para o país, pero véselles tamén carencias no rigor e no contraste coa realidade. Carencias que eu creo que hai que ter a vontade de solucionar. Nós cremos que a solución non vai estar nas modificacións puntuais desta lei. A solución vai ter que estar nunha redacción dunha lei que responda aos problemas verdadeiros deste país.

É certo que unha cuestión importante que citou o señor Bugallo, e que nós citamos no debate anterior da proposición non de lei do Partido Socialista, son as discrepancias expresadas polo Estado, previas ao recurso de inconstitucionalidade, con artigos fundamentais. Pedimos a comparecencia da conselleira para que explique o contido desas discrepancias. Moito tememos que atacan o corazón das transformacións desta lei, principalmente no solo rústico. E non nos estraña, non nos estraña, o gran cambio desta lei, o gran cambio, é no solo rústico, a desprotección do solo rústico, o único réxime de usos para todas as categorías do solo rústico, etc. E aquí hai discrepancias cos artigos tanto da definición do solo rústico como das categorías. Igual que tamén hai discrepancias con ese perdoar o 10 % da cesión cando as obras sexan promovidas pola Administración pública, que foi feito xa no seu momento a medida, por exemplo, da Autoridade Portuaria da Coruña, para quedar con ese 10 % e non darllo ao Concello da Coruña.

Hai a necesidade de facer unha lei do solo para este país. Esta no vale, e non vai valer, xa se está vendo. E incluso estes problemas podémolos ver a oposición no Parlamento galego, iso non sería problemático para o Partido Popular; pero o Partido Popular sabe que os que máis están denunciando o contido desta lei son incluso alcaldes do Partido Popular. E iso é así, e, se non, que veña aquí o señor Castiñeira e o negue. Os alcaldes que teñen que lidiar con esta lei diariamente son os primeiros que van denunciar, sexan do partido que sexan. Porque quen dá aquí a cara son os alcaldes, ¿verdade, señor Castiñeira? Iso é así. Entón, polo menos, se non nos atenden a nós, aténdanos a eles.

E xa entrando nas cuestións concretas que nos propón esta lei, nós imos apoiar a admisión, a toma en consideración, aínda que despois poderíamos aportar, se prospera, determinados cambios á redacción.

Como ben se dixo, refírese á disposición transitoria primeira –o número 4–, disposición transitoria primeira á que nós xa formulamos emendas dentro das 138 que hai, que significa que nos municipios de planeamento xeral se aplicaría o réxime de solo rústico establecido nesta lei. Polo tanto, parécenos un disparate non axeitado, xa que na redacción actual resulta que en todo o termo municipal destes concellos se aplicará o réxime de solo rústico, que unicamente se poderá edificar no solo urbano consolidado pero aplicando as condicións de uso e edificación do solo rústico. Quere dicir que nin sequera tería moito sentido acometer a edificabilidade en solo urbano consolidado coas condicións de uso e edificación de solo rústico; polo menos, non a nós. As delimitacións do solo de núcleo rural manteñen a súa vixencia, pero non se pode edificar neles, unha cuestión que para nós carece totalmente de lóxica.

Ademais, a Consellería intenta que se apliquen as normas subsidiarias provinciais de 1990. Non é posible, porque quedaron derogadas segundo resulta da propia disposición transitoria primeira e da disposición derogatoria da Lei do solo de Galicia. Aplícase o réxime de solo rústico que está regulado directamente nesta Lei do solo de Galicia.

Nós cremos que a modificación proposta non resolve completamente este problema, pero si que denuncia unha eiva que ten esta lei. E, polo tanto, no trámite posterior, se se toma en consideración, teríamos ocasión de aportar as nosas emendas, que creo que complementarían esta proposta.

E en canto á disposición transitoria cuarta, xa o debate-mos na anterior sesión plenaria. Nós xa recoñecemos aquí que é certo que nós non presentamos emendas sobre este punto. Nós interpretabamos que estaba correctamente resolta. Agora ben, tamén explicamos que, unha vez plantexada aquí esta modificación, hai razóns para apoiala, e as razóns son unha garantía total sobre unha cuestión que, desgraciadamente, non vai plantexar ningún problema no país de impacto grave, de que vaia haber un aluvión de novas explotacións gandeiras nin un aluvión de ampliacións de explotacións gandeiras, desgraciadamente. Polo tanto, se facemos

balance dos problemas que poden atopar neses 58 concellos, ou en concellos onde non se adapte o plan, ou onde haxa determinados intereses urbanísticos en limitar as actividades agrarias, se poñemos iso dun lado, e do outro, que desgraciadamente non vai haber, é para servir basicamente as explotacións que hai hoxe en día, as necesidades das explotacións que hai hoxe en día e tendo en conta as circunstancias que teñen as explotacións que hai hoxe en día, eu creo que é de xustiza reconsiderar a nosa posición, e recoñecemos que era a nosa posición, e a posición tamén do Goberno. Nós interpretabamos que non era que se prohibisen as ampliacións ou as construcións de explotacións agrarias en solo de núcleo rural, senón que é certo que dependen do planeamento municipal. Pero unha vez analizado que é certo que hai casos onde non hai planeamento e ao mellor non o hai en moito tempo, as explotacións agrarias podían quedar nunha situación difícil. E é por iso tamén que incluso a Consellería recoñece que hai algún problema cando saca esa instrución que pretende dar resposta e que, como xa dixemos aquí, para nós non dá resposta. Unha instrución non dá seguridade xurídica para que os alcaldes tomen esas decisións, non é suficiente. E nós por iso pensamos que hai que modificar este aspecto da Lei do solo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Paz.

**A señora PAZ FRANCO:** Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Desde logo, eu creo que podemos afirmar sen que sexa ningunha esaxeración que unha das asignaturas que seguramente temos suspendido colectivamente como pobo os galegos e as galegas é a de dotarnos dun instrumento de ordenación do noso territorio, desde o punto de vista urbanístico, adecuado ás necesidades do noso país. Tense dito en moitas ocasións neste Parlamento que algo falla nunha lexislación cando hai que modificala dez veces, doce veces, nun prazo de dez ou quince anos. Por iso creo que todos e todas aplaudimos dalgunha forma cando por parte do Goberno da Xunta de Galiza se plantexou que para a elaboración desta lei do

solo de Galiza se ía partir da celebración dunha comisión de estudo neste Parlamento, na que se daría cabida a opinións de todos os ámbitos económicos, sociais, sectoriais, e profesionais tamén, que puideran ter algo que dicir en relación con como debería ser non só o urbanismo senón tamén a utilización do territorio do noso país.

¿Que ocorre? Que efectivamente esa comisión se celebrou, esa comisión tivo moito interese, tivo achegas moi importantes por parte de diferentes ámbitos sociais. Pero o que puidemos ver finalmente, unha vez que chega o proxecto de lei no seu día remitido polo Goberno da Xunta de Galiza a este Parlamento, é que o Goberno e o Partido Popular teñen un problema auditivo, ou cando menos un problema de escoita ou receptividade selectiva, xa que hai determinados ámbitos nos que se atenderon moitas das suxestións ou das cuestións plantexadas pero outros nos que non houbo esa mesma receptividade. Estoume a referir fundamentalmente a que cremos que se perdeu outra vez unha oportunidade de que esta lei valesse para ter unha concepción integral do que debe ser o urbanismo e a ordenación do territorio ao servizo, ou en función, do seu interese social, do seu interese territorial, do seu interese demográfico, do seu interese de desenvolvemento económico e ao servizo da economía produtiva, e non unicamente ao servizo dos intereses especulativos. Perdeuse a oportunidade –a pesar de que no ano 2002 xa se lle puxo á lei o apelido de “ordenación do medio rural”– de facer unha verdadeira ordenación do medio rural en función dos intereses do medio rural e non simplemente basculando entre dúas concepcións: unha concepción do medio rural unicamente como elemento de disfrute dos urbanitas e, por outro lado, un medio rural utilizable para depredar en función deses intereses económicos.

Tamén vimos con decepción como non se cumpríu ningún dos dez obxectivos que no seu día explicitara o señor Hernández cando presentou por primeira vez este proxecto de lei: que tivese consenso, que ningún concello quedase sen PXOM, rematar co feísmo, dar estabilidade e seguridade xurídica, corresponsabilidade, seguridade, eficacia, simplificación administrativa, claridade e transparencia.

Só catro meses despois da aprobación desta lei vemos que, estabilidade, ningunha, porque xa tivo unha modificación. E é certo, como dixo o señor Sánchez Bugallo, que aquí se bateron todas as marcas habidas e por haber. En vinte

días modificouse unha lei, nin sequera se foi capaz de prever na tramitación da lei, na concepción da lei, que puidese dar resposta a situacións como as que se produciron en Vigo.

Seguridade xurídica, ningunha. Non hai ningunha seguridade xurídica nunha lei que está sendo sometida a ese estudo por unha posible presentación de recurso de inconstitucionalidade por parte do Goberno do Estado. Pero tampouco hai ningunha seguridade xurídica nunha lei que é tan confusa que ningún técnico urbanista dos concellos –que son os que teñen que aplicala– nin ningún secretario ou secretaria –que son os que teñen que facer informes de legalidade– son capaces de saber nalgúns aspectos cal é a interpretación que se axusta a dereito. Seguridade xurídica nunha lei que, con catro meses de antigüidade, xa tivo que ser obxecto desa famosa instrución, da que xa falamos aquí no pleno pasado, para aclarar eventualmente a interpretación desa disposición transitoria.

Por iso, dende o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego imos votar favorablemente a toma en consideración desta proposición de lei que formula o Grupo Parlamentario Socialista, aínda que as nosas distancias con esta lei son moitas máis que estas dúas cuestións puntuais que se recollen nesta proposición de lei. Pero si cremos que a perentoriedade, a necesidade urxente de dar resposta a algún dos problemas que xera a redacción tanto da disposición transitoria primeira como da disposición transitoria cuarta, fan imprescindible que isto se aborde coa máxima urxencia. As distancias do Bloque Nacionalista Galego con esta lei son, como dicía, moitas, porque segue sen haber unha concepción de urbanismo ao servizo do pobo, como dicía con anterioridade. Segue sen terse en conta ese gran patrimonio construído, abandonado, que existe no noso país, ao mesmo tempo, por exemplo, que se mantén a regulación anterior a respecto dos urbanizables, que, como todas e todos vostedes saben, acaban sendo un instrumento que se utiliza fundamentalmente para construír urbanizacións en sitios tan pintorescos e despois tan ameazados por incendios forestais, ou tamén outro tipo de instalacións bastante discutibles en canto ao desenvolvemento económico do noso país.

En canto ás cuestións concretas que se pretenden modificar a través desta proposición de lei, no que atinxe á disposición transitoria primeira, cremos que é imprescindible introducir esa modificación, porque, do contrario, se impediría que aínda que moitos concellos dos que non teñen ningún tipo de planeamento nin plan xeral nin normas subsidiarias son claramente

rurais e que non é de esperar que poida haber un gran desenvolvemento urbanístico e, por desgraza, ningún gran movemento demográfico, sen embargo, cremos que polo menos cantos menos obstáculos existan desde o punto de vista legal, en caso de existir algún tipo de iniciativa económica de desenvolvemento rural, etc., mellor; e mesmo vinculado coa cuestión á que fai referencia o señor Sánchez Bugallo, tanto na parte escrita como na súa intervención, como é a posibilidade de optar a investimentos do Plan de desenvolvemento rural.

En relación coa modificación da disposición transitoria cuarta –que xa debatemos aquí nunha proposición non de lei tamén do Grupo Socialista, defendida naquel caso polo señor García no último pleno–, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego remitímonos ao xa manifestado no pleno anterior. Estamos totalmente de acordo con que é necesario modificar esa disposición.

E simplemente quero aproveitar para dicirlle ao señor Castiñeira Broz –que me acusou non sei se de mentir ou de terxiversar a realidade cando naquel pleno dixen que fomos o único grupo que presentamos unha emenda a esa disposición– que hoxe si que trouxen a emenda. Téñoa aquí por se vostede quere consultala. É a emenda número 86 que este grupo parlamentar no seu día formulou á disposición transitoria cuarta e que, de terse aceptado ou transaccionado, podería ter evitado que hoxe... (*O señor Castiñeira Broz pronuncia palabras que non se perciben.*) –si, si, si, señor Castiñeira Broz– estiveramos debatendo esta cuestión, polo menos no que atinxe á disposición transitoria cuarta.

E vou reiterar o voto favorábel deste grupo á toma en consideración desta proposición de lei, que, insisto, non vai resolver as graves eivas de concepción que ten a Lei do solo de Galiza, pero polo menos pode pór fin a problemas puntuais que se están detectando nos concellos e que se están detectando por parte das persoas que teñen algún proxecto de desenvolvemento rural, de ampliación ou de mellora das súas explotacións agrarias, gandeiras ou forestais e que con esta lei en moitos casos verían impedido poder mellorar esas explotacións.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario Popular, señor Castiñeira.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Señora Paz, efectivamente, teñen unha emenda presentada, pero non confunda unhas modificacións que vostedes plantexaban en solo rústico, nas instalacións agrarias en solo rústico, onde se supoñía unha ampliación dentro do 50 % que se permitía ampliar –poñían incluso limitacións a esa ampliación en función da ocupación da parcela e outros ámbitos–, coas instalacións agrarias que existen nos núcleos rurais. Nin unha soa palabra á inclusión da palabra núcleo rural, que é o que se trae agora. Non confunda. Polo tanto, hai que dicir as cousas como son. Non é así nin moito menos, señora Paz. E é ao que eu me refería hai uns días neste salón de plenos cando se trataba a proposición non de lei do señor Bugallo, ou do Partido Socialista.

E, señor Sánchez, eu sinto que agora teña pouco tempo para mirar ben as cousas; foi cortés e enténdoo. Pero, mire, non existe na disposición derogatoria nin unha soa palabra á derogación das normas subsidiarias provinciais; non, porque non se derogaron, así de sinxelo; non existe nin unha soa palabra. E vén claramente que o que se derroga é a Lei 9/2002 –e iso vai para o señor Bugallo exactamente igual–; derróganse determinados artigos e aspectos doutra serie de normativas, pero non as normas subsidiarias provinciais.

E, home, que diga que este Goberno da Xunta non actuou na ordenación do territorio, mire, aí está o Plan de ordenación do litoral, aí están as Directrices de ordenación do territorio, aí está esta nova Lei do solo e, por suposto, se quere, incluso podemos engadir a Lei de vivenda. Polo tanto, non é precisamente un dos factores de debilidade –por así dicilo– a elaboración de normativa en ordenación do territorio.

Señor Bugallo, terminaba vostede dicindo: sinceridade ou non co rural. E eu anotei esas palabras porque me gusta a sinceridade. E, claro, se falamos do rural, non hai mellor cousa que falar do queixo, do queixo Gruyère, que, se é bo, non ten buratos; o que ten buratos é o Emmental. ¡Elemental, señor Bugallo!, iso é así, e dígallo vostede á nosa xente do rural, que seguro que o sabe.

Continuamos coa sinceridade e vemos a súa proposición. Espero que os outros grupos que a van apoiar a teñan en conta e que a lean. Empeza o primeiro parágrafo –ademais, con cur-

siva; eu sempre entendín que aquilo que vén entre comiñas e con cursiva era fiel reflexo do que se quere dicir, do que copia, por así dicilo–: punto 4 –comiñas, cursiva–... Oia, isto non é o que di a disposición transitoria cuarta da lei, isto non é o que di. Vostede colle un cacho do primeiro parágrafo, outro do segundo e xa non copia nin o seguinte, pero mezcla os dous, e así non é. Esa é unha maneira fiel reflexo da interpretación do Partido Socialista, pero iso chámase manipulación, señor Bugallo. E non está o aspirante a candidato, que, desde logo, foi o que afirmou... (*Aplausos.*) Eu poñeríame colorado, (*Aplausos.*) porque si, hai que dicir as cousas como son.

Mire, a disposición transitoria di: “Nos municipios sen planeamento xeral”, e vostede di: “Unicamente se poderá...” –salta xa para o seguinte parágrafo–. Non, mire, “nos municipios sen planeamento xeral aplicarase o réxime de solo rústico establecido nesta lei coas seguintes particularidades...”. Se non ten planeamento, o lóxico é que todo sexa considerado como solo rústico, cos usos e as instalacións que se permiten nos artigos correspondentes –do 35 para adiante– da Lei do solo, entre outras cousas, as instalacións agrícolas en solo rústico. Si, señor Bugallo, si, coas seguintes particularidades...; loxicamente, só se pode permitir no solo urbano, unicamente no solo urbano consolidado –que se considere consolidado– ou naquel que reúna as condicións de consolidado, con pequenas obras de infraestrutura, que é como se establece na lei, no artigo 17, apartado a); é onde define ese tipo de solo.

E as delimitacións de solo en núcleo rural manterán a súa vixencia. ¿Por que? Porque, señorías, moitos destes ayuntamentos que non teñen nin normas subsidiarias nin plan xeral delimitan núcleos rurais. E eses núcleos rurais, esas delimitacións, manteñen a súa vixencia; polo tanto, as disposicións establecidas na ordenanza deses núcleos seguen vixentes, e aí poderase edificar o que se permita nesa delimitación de núcleo. Polo tanto, non é necesaria nin moito menos esa modificación, a menos que vostedes pretendan facer neses concellos grandes urbanizacións ou outros desenvollos urbanísticos, que o normal é que iso non se faga. E as normas subsidiarias de planeamento provincial seguen vixentes mentres non se aprobe o Plan básico autonómico, que será o que as substitúa, así de sencillo.

Pasamos ao segundo punto... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) –señor Sánchez, lea ben porque verá como teño razón e como vai por aí–. Mire, outro tema onde falta á verdade, señor Bugallo –e iso é moi serio–. Vostede fai unha

relación aquí de concellos, 59, e deses 59 concellos –iso pódese comprobar, señor Sánchez, é moi fácil, se ten tempo– 39 teñen normas subsidiarias de planeamento municipais. Iso quere dicir que non lles afecta a disposición transitoria na 1.4, senón que é a 1.2... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non é lío ningún; o lío estano facendo vostedes, que están liando a xente, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) iso é o que están facendo. Non é o mesmo que se lle aplique o apartado 4 que o apartado 2, non é o mesmo nin moito menos, e iso é o que están liando vostedes, mezclando. O mesmo que unha serie de concellos –catro, en concreto– que teñen decreto de suspensión da súa normativa urbanística, e hai o apartado 3 da disposición transitoria, que é precisamente para eses concellos. Polo tanto, non mezclen nin moito menos porque vostedes están en precampaña e o que queren é ruído, exactamente o mesmo ruído que fixeron no seu momento coa Lei de augas, cos contadores que había que poñer nos pozos, ¿acórdanse? É o mesmo ruído o que intentan facer, e manipular e enganar.

E en canto ao punto 2 –que xa tivemos aquí o debate o outro día– da disposición transitoria cuarta, é moi sencillo: de se as instalacións agrarias existentes en núcleo rural quedan ou non fóra da ordenación. Chegaron a dicir –e dino aquí– que están fóra da ordenación. ¿Pero vostedes leron realmente o artigo 90 desta lei? Unha das condicións da propia lei é que non haxa edificacións fóra de ordenación, excepto aquelas que estean ocupadas por vía pública, que estean en zona verde ou que estean previstas para equipamentos públicos. ¿É que nas instalacións en núcleo rural está prevista unha zona verde encima delas? Entón, señor Bugallo, vostede participou na ponencia, por favor, lea o artigo 90 e dígalle á Cámara o que di o artigo 90 desta lei coas zonas de ordenación. É unha das cousas, precisamente, das que presumimos. Traballamos para que moitas edificacións dos distintos concellos que estaban fóra de ordenación coa lei anterior quedaran precisamente nunha situación regulada, cousa coa que antes si que estaban fóra de ordenación.

E logo hai unha situación moi clara, aquí só hai dúas posibilidades: ou están o que son as explotacións agrarias en núcleo, ou hai planeamento ou unha delimitación de núcleo ou non existe. Se son concellos que non teñen ningún tipo de normativa urbanística, iso significa que se lles aplica o do solo rústico: en solo rústico pódense ampliar todas as existentes antes do día 1 de enero de 2003 –que foi a fecha de

entrada da anterior Lei do solo–. Pódense ampliar ata un 50 % aínda que non cumpran os parámetros establecidos no artigo 39 –é dicir, de superficie, de lindeiros, etc., dunha serie de cousas–; pódense ampliar ata o 50 %, e niso creo que non hai dúbida. E iso é en todos os concellos –todos, señor Sánchez, que vostede dicía: eses concellos que non teñen planeamento–; neses, as instalacións agrarias, ningún problema, solo rústico. E naqueles concellos que teñen planeamento son os propios concellos os que van decidir. Se todos os planeamentos son anteriores á anterior Lei do solo –e, polo tanto, non están adaptados á Lei 9/2002– iso significa que non estaban prohibidos eses usos e iso significa que non están prohibidas nin as novas nin as ampliacións. Se na ordenación de núcleo non está prohibida a ampliación, está permitida, señor Sánchez.

Señorías, vivimos nun país democrático onde aquilo que non se prohibe permítese, e na lei non se prohibe a ampliación das instalacións existentes en núcleo rural. Se nos plans xerais non se prohibe especificamente esa ampliación, permítese, así de sinxelo. E iso é o que vén aclarar –sobre todo a algún socialista, que parece que non o entendía– a instrución que sacou a consellería. (*Murmurios.*) Claramente, porque está moi clariño na lei. O que o queira interpretar doutra forma ¡alá el e a súa manipulación! É máis, a propia lei beneficia claramente a instalación e a ampliación de instalacións existentes no medio rural. E a iso si que había emendas de vostedes –de case todos os grupos–, que querían incluso ampliar ou manter a parcela mínima de 5.000 metros cadrados, e a parcela pasa de 5.000 a 2.000; iso quere dicir que é máis permisiva co rural.

Tamén se reducen as distancias existentes entre as instalacións existentes en solo rústico e as vivendas, tanto de núcleo rural, ¿como non?, de 200 a 100 metros. Antes incluíase incluso a propia vivenda e non dicían nada. Polo tanto, si é máis favorable á implantación e ao mantemento das instalacións rurais.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** En canto ao da Comisión bilateral –da que falamos aquí varios grupos– é unha cuestión de interpretación que estamos convencidos de que se vai dilucidar no trámite de interpretación. E só lles quero dicir para que quede claro que os artigos que están nesa Comisión bilateral ou que se poñen en dúbida polo Estado son fiel

copia da Lei 9/2002, precisamente eses apartados, e o que poñen en dúbida vén da lei anterior, non hai absolutamente ningunha modificación. E é curioso que vostedes non reivindiquen precisamente o mantemento...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** ...e axuden o Goberno neste caso, porque estamos a reivindicar precisamente competencias da Comunidade Autónoma.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Castiñeira.

Grupo autor da proposición de lei, señor Sánchez Bugallo.

**O señor SÁNCHEZ BUGALLO:** Moitas grazas novamente, señor presidente.

Eu espero que, ao igual que ao señor Castiñeira, me dea dous minutos máis porque... (*O señor Santalices Vieira pronuncia palabras que non se perciben.*) Bueno, claro, o mesmo tempo que lle deu de máis a el.

Mire, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) señor Castiñeira, hai algúns ditos que lle vou repetir agora, *sostene-la y no enmendalla*, e hai un compañeiro meu que me dicía: pregúntalle se ten un problema coa lectura comprensiva.

Eu creo que vostede non ten ningún problema coa lectura comprensiva. Eu creo que o que aquí pasa é outra cousa, a verdade é moi sinxela de explicar, a mentira require grandes explicacións, e sobre todo a mentira ten un problema, que é que hai que sostela continuamente contra toda evidencia. Eu vou intentar poñerlle en evidencia algunhas desas cousas.

Fóra de ordenación, artigo 90 –por favor–, fóra de ordenación ten dous conceptos: cando está en solo, efectivamente, dotacional e cando non, e ten dous tratamentos distintos. Pero fóra de ordenación están os dous: un, evidentemente, non ten solución, e no outro permítese un tratamento diferenciado a través do planeamento urbanístico. Imos seguir, prodúcese un tratamento diferenciado, pero segue fóra da ordenación.

Segundo, concellos con planeamento e sen planeamento. Mire, a definición de concellos sen planeamento non a dou eu, dáa o estudo económico e financeiro da propia Lei do solo, que é un expediente que acompaña e que na súa páxina 22 di: “Consideraranse que non contan con planeamento os que unicamente teñan delimitación de solo urbano e os que se rexan polas normas subsidiarias provinciais”. Definición non miña, é da propia lei.

Segundo tema importante, ¿de onde sae esa relación? Pois mire, esta relación é a que sae da páxina web da consellería, eu baixei de alí e aquí teño os documentos. Non me diga vostede non, non, están aquí, e teño os documentos da consellería que son de onde sae esa relación de concellos; non está inventada polo meu grupo, está baixada da páxina web da consellería.

Terceiro tema que me gustaría aclarar, doutra mentira gordísima que se dixo aquí. Silencio administrativo positivo se non se emite o informe en prazo. ¿Sabe o que di o regulamento?, ¿sabe o que di? Ao final de todo, aclaracións relativas á solicitude dos informes sectoriais. Di: “O prazo para a emisión dos informes será o fixado na súa normativa respectiva. Transcorrido o prazo que corresponda sen que o informe fose notificado ao concello, o concello poderá seguir na súa tramitación”, e aténdame agora, “Cando se trate de informes preceptivos vinculantes, manterán a súa eficacia e deberán ser tidos en conta”. É dicir, que o silencio administrativo positivo é unha trampa saducea, o concello que lle faga caso e continúe coa tramitación pode atoparse un ano despois cun informe que lle bota por terra o planeamento. Iso é o que di o regulamento.

Voulle dicir máis, ¿sabe o que tamén di o regulamento? Mire, cando eu lle falo de que as disposicións, de que as normas subsidiarias provinciais están abolidas, é porque está abolida toda a normativa na que se sustentan. E, polo tanto, carece de virtualidade, está abolida a normativa urbanística, e por se houbera algunha dúbida, no capítulo de derogacións do regulamento verá que incluso a única á que se podería acoller, que era o regulamento estatal do ano 78, tamén queda abolida a súa aplicación en Galicia.

Polo tanto, están abolidas porque desapareceu toda a normativa na que atopaban sustentación.

E segundo, e por último lugar –e este é o feito certo–, todas as instrucións que vostedes sacan, seis páxinas dándolle voltas

e mareando a perdiz para que pareza que di o que non di, ao final o que din é que a competencia para outorgar licenza para unha ampliación dunha explotación agrícola-gandeira en solo de núcleo é municipal. A licenza é un acto regulado, non discrecional, non se dá unha licenza porque non está prohibido; para que se dea unha licenza ten que estar expresamente contemplado e ten que estar permitido, non se pode dar unha licenza porque como non o prohibe ninguén, douna, ¡non!, ten que estar contemplado. E o planeamento en vigor non o contempla, porque tampouco o contemplaba a Lei do solo ata o ano 2010.

Polo tanto, vostedes o que lle están dando como solución á xente é que modifiquen as normas subsidiarias, que modifiquen o seu planeamento para que vostedes poidan outorgar a licenza. Díganlles aos alcaldes que van outorgar licenza sen amparo legal e sen prexuízo do dereito de terceiros, veremos en que lío se meten e que pasa cos concellos que non teñen un planeamento en vigor.

Vólvolle repetir, o das normas subsidiarias provinciais é mentira, e se non que saquen unha resolución dicindo que seguen en vigor, que a saque a consellería, e non a saca, e non a dá sacado, a pesar de que aquí se lle pediu, porque non se atreven a firmar ese papel e porque a conselleira non ten quen o avale, e pásanlle o morto aos alcaldes, incluíndo os do Partido Popular.

Miren, señorías, esta lei vaise modificar, non como dixo dona Consuelo cando entre outro goberno; entre outro goberno ou non entre outro goberno, isto vaise modificar, porque xera tales conflitos que non ten outra solución.

Por último, quero agradecer o apoio dos grupos que nos apoiaron. Quero dicirlle ao Bloque que ten razón. Estas modificacións non arreglan o problema da lei, simplemente pretenden salvar o problema que hoxe teñen moitos alcaldes e centos de explotacións agrícola-gandeiras que están en solos de núcleo rural e que van ter un problema gravísimo porque ninguén lles vai poder dar a licenza, e se llela dan é ao seu risco e ventura, e da súa cabeza tamén.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez Bugallo. Un minuto dezanove segundos.

### *Votación dos textos legislativos*

**O señor PRESIDENTE:** Pasamos, polo tanto, ás votacións dos textos legislativos.

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta toma en consideración.*

**O señor PRESIDENTE:** Acéptase, polo tanto, a toma en consideración e esta proposición de lei segue o seu trámite parlamentario.

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, para a reforma da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta toma en consideración.*

**O señor PRESIDENTE:** Pasamos ao segundo punto da orde do día.

**Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para informar das conclusións obtidas nas xornadas que o sector pesqueiro galego desenvolveu baixo o título *Trazando rumbos de futuro***

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a comparecencia, ten a palabra a señora conselleira do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señorías, bos días a todas e a todos.

Comparezo hoxe nesta Cámara para dar conta dun traballo que, se ben se plasmou de forma efectiva nas xornadas celebradas os pasados 3 e 4 de maio, comezou a principios deste ano seguindo a estela do acontecido durante estes sete anos de mandato que se lle encomendou a este equipo da Consellería do Mar.

Fálolles de dialogar e escoitar o sector, de coñecer os seus problemas, inxedanzas e demandas e de poñerlles remedio, na medida das posibilidades e competencias que temos atribuídas. Fálolles de traballar para dar solucións a problemas complexos, sen usar variñas máxicas. Quen pense que as solucións fáciles son a panacea para un sector que posúe máis da metade do emprego marítimo pesqueiro de España e o 10 % da Unión Europea, equívocase. Quen pense que as receitas de melloría milagreira conteñen o futuro para un sector que fai que o valor engadido bruto da pesca e da acuicultura sexa en Galicia 25 veces superior ao da Unión Europea, equívocase. Quen pense que a competitividade e a sostibilidade do sector pasa por enfrontar os sectores e desbotar a importancia do sector conserveiro e acuicultor galego, onde somos un referente produtivo en Europa, equívocase.

Creemos firmemente que só hai unha maneira de que o sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola, e a súa cadea mar-industria, saia adiante, conxuntando todas as forzas e propostas.

Con ese espírito de diálogo xurdían estas xornadas de pesca que nacen con vocación de continuidade e periodicidade para abordar anualmente os problemas máis acuciantes do sector e as súas propostas. Estas xornadas, que xa se viñan plantexando co sector no verán pasado, tomaron punto de saída no transcurso do Pleno do Consello Galego de Pesca, celebrado o pasado 17 de marzo cos contidos xerais que alí se sinalaron.

Para botar a andar, centrámonos en dous grandes bloques: a situación dos TAC e cotas como o problema fundamental da frota, e o propio debate interno para propor cuestións de discusión e análise. Á parte dos TAC e cotas, trátouse dende a análise da estabilidade relativa como factor de desequilibrio que nos deixa nunha desvantaxe comparativa con outros países e que pode marcar o futuro da propia frota.

O debate interno entre o sector desenvolveuse sen intermediarios, falou o sector, con e para o sector, só se dividiu a mesa para analizar as cuestións entre a frota do caladoiro nacional Cantábrico noroeste e o de altura e gran altura. En canto aos relatores, tentamos tratar estas cuestións dunha maneira ampla na visión, polo que se lle deu voz a un total de oito expertos da administración do sector e do mundo científico e a trece membros do sector. A estas xornadas foron convidadas todas as confrarías de Galicia, a través dos seus representantes, máis de trinta entidades representativas do sector, e todos os membros do Pleno do Consello Galego de Pesca.

A liberdade de intervención foi máxima, non se limitou o tempo de intervención a ninguén, dando lugar a importantes debates que deron pé a unha serie de conclusións que foron compartidas co propio sector. Estas mesmas conclusións son as que eu pretendo trasladarlles neste intre, facendo tamén repaso das persoas que exerceron como relatores e formaron parte activa destas xornadas.

Pero permítanme que de forma preliminar, e atendendo a unha pauta xeral expresada por todos os participantes e ponentes, sinalo catro termos que foron o fío condutor destas xornadas que abordaron o futuro do sector: unidade, argumentos, estratexia e concienciación pública.

Neste senso, destas xornadas determinouse a necesidade dunha actuación a prol da actividade pesqueira galega que permita dotala de futuro en termos de viabilidade e sostibilidade. Para tal fin, subliñouse que esta acción pasará por unha cuestión fundamental que radica na unidade de acción, independentemente da disociación de circunstancias e solucións que poidan aplicarse ás diferentes frotas galegas, en especial as de baixura respecto das de altura ou gran altura.

Así, esa acción deberá estar sustentada en argumentos sólidos e amparados cientificamente, e dotada dun movemento que siga unha estratexia clara e eficiente, para o que se fará unha revisión constante da táctica para asegurar a eficacia da iniciativa.

Ademais, fíxose fincapé no necesario afondamento na concienciación pública da importancia e implicación da pesca, revertendo visións negativas mediante a xeración dunha didáctica que parta do sector pesqueiro cara á socie-



dade en xeral. A primeira das sesións versou sobre a estabilidade relativa como elemento principal de ordenación pesqueira, nela participaron expertos en dereito público, marítimo e da Unión Europea, así como representantes da DG MARE e da Comisión Europea, do Magrama, de Arvi e da Fundación FREMSS.

As intervencións estiveron orientadas cara á plasmación da visión deste mal chamado principio desde a Administración e tamén desde o sector. Tamén se puxeron enriba da mesa os resultados de dous estudos, nos que se levaba traballando co concurso da propia Consellería do Mar, que abordan a posibilidade de atacar xuridicamente a estabilidade relativa, así como os argumentos sobre a cuantificación das ineficacias que provoca esta no uso dos TAC e cotas.

No transcurso desta sesión púxose de manifesto que o mal chamado principio de estabilidade relativa se revela como punto de partida de contradicións, desaxustes, incoherencias e ineficiencias na aplicación da política pesqueira. Unhas cuestións que se agravan pola entrada en vigor da obriga de desembarque de todas as facturas e pola acción do cambio climático sobre as diferentes especies obxecto de regulación con base no TAC.

A raíz desa análise xurídica e normativa, os expertos concluíron que a estabilidade relativa resulta de difícil eliminación, sendo moito máis factible a súa modificación e axeitamento aos nosos intereses. Deste xeito, sinalouse o aproveitamento das posibilidades que nos outorgan medidas como as cotas transferibles e o seu intercambio ou as exencións de mínimos, entre outros.

En todo caso, cómpre sinalar que a primeira vía de acción, en paralelo a esta, debe estar centrada en darlle solución á subutilización das cotas asignadas aos Estados membros, xa que é unha fonte de alimento que non se está a aproveitar. Isto supón unha perda de emprego e de riqueza para as frotas que non dispoñen de cotas ou que dispoñen de cotas escasas para poder intercambialas con aquelas outras frotas que non consumen as que lle teñen outorgado.

No relativo á posibilidade de acudir aos estamentos xudiciais comunitarios, quedou meridianamente clara a dificultade de que a iniciativa xudicial fose admitida. Tamén se subliñou a importancia de achegar e consolidar argumentos no

proceso, afondando na suma de argumentos técnicos, socioeconómicos e ambientais sólidos.

Neste sentido postulouse a necesidade de contar cunha estratexia xurídico-normativa firme e clara. Deste xeito, apuntouse á maior viabilidade de afrontar o proceso pola vía do recurso da repartición de cotas en zonas onde contamos con pouca porcentaxe ou ben onde nos poden xurdir cotas de especies de estrangulamento.

Neste punto o propio sector insistiu moito na súa necesaria unidade e na conxunción da actuación proposta coa argumentación científica e o apoio da Administración, tamén dirixida a unha vía paralela de actuación baseada na acción como *lobby* ante o marco decisorio comunitario.

No que respecta á segunda das sesións, abordouse a integración da tripla hélice entre científicos, pescadores e Administración. Nela contouse de novo con representantes da DG MARE e da Comisión Europea, do Instituto Español de Oceanografía, da Unidade Técnica de Baixura da Xunta, xunto cos expertos de economía pesqueira da Universidade. Nesta sesión abordouse a necesaria colaboración entre os científicos e o sector, poñendo de relevo a importancia de achegarse información mutuamente para dispor dos mellores datos e das mellores decisións. Ademais, é relevante a participación de diferentes expertos, que nos deron a visión desde ámbitos complementarios, como son o biolóxico e o socioeconómico.

A este respecto cómpre valorar de xeito importante a comprensión mutua para ampliar a participación de ambas as partes nos labores e conclusións desenvolvidas respectivamente e o aumento de transparencia dese labor a fin de minorar a desconfianza mutua que puidera existir.

Púxose de manifesto tamén a boa experiencia de contar con ferramentas sinxelas e axeitadas para a formulación e sistematización de datos, como os que ten a Unidade Técnica de Baixura, de xeito que se permita avanzar na mellora das conclusións plasmadas nos informes e, consecuentemente, das decisións adoptadas en termos de xestión e ordenación pesqueira.

Por ende, e na liña do que levamos propugnando durante anos, recalcouse a importancia de contar con

datos sociais e económicos da pesca, ademais de contrastar e compartir as experiencias proveitosas con outras rexións ou Estados, e da formulación de reflexións e accións proactivas, tales como a que se plantexou despois no propio Consello Galego de Pesca sobre a creación de novos grupos de traballo.

A terceira sesión tivo como protagonistas únicos os propios representantes do sector. A sesión abriuse cunha breve exposición de cada un dos relatores, na que describiron a súa visión da situación e plantexaron posibles solucións de futuro a modo dunha análise DAFO rápida e concisa. Despois deuse paso a un debate no que por espazo de máis de catro horas se abordaron as visións de cada un dos participantes que libremente quixo intervir.

Todos eles deron reflexo da amplitude das casuísticas dos problemas e solucións que pode ter o sector no noso caladoiro pesqueiro, se ben compartiron a expresión na identificación da súa situación atendendo dúas circunstancias comúns: o impacto do importante axuste realizado nos últimos anos nos volumes de unidades pesqueiras e a capacidade de pesca a través da paralización definitiva e, segundo, a afección común da falta de cotas en cantidade suficiente para dispor dunha actividade continuada.

Tamén se fixo fincapé por parte dos relatores na influencia negativa da excesiva regulamentación que os afecta, que deriva de varias administracións e eidos competenciais, incluso solapados, e que se plasma nunha excesiva burocracia que pode minorar a súa competitividade sen achegar elementos adicionais en termos de rendemento social ou económico e, nomeadamente, de seguridade.

Incidiuse na problemática específica que deriva destas cuestións xenéricas e que se estende en forma de debilidades e ameazas, tales como a implementación da obriga de desembarque das capturas, a delimitación dunhas medidas técnicas para a práctica pesqueira non acaídas ou restritivas, tales como a extensión non xustificada das limitacións de pesca en augas profundas.

A maiores, tamén se subliñou o impacto das derivacións sobre a actividade práctica diaria da inadecuada normativa de seguimento e control con incidencia no normal discorrer da actividade pesqueira e con afeccións sobre a mesma.

Con todo, xeráronse propostas en positivo para abordar estas cuestións, que, en resumo, se simplificarían na necesidade de abrir un proceso de diálogo que permita xerar un mellor aproveitamento das cotas de pesca dispoñible para as frots españolas, xerando unha repartición que afonde nas circunstancias operativas e sociais de cada arte e orientar unha mellor xestión das posibilidades de pesca das que dispón cada frota.

Trátase, xa que logo, de avanzar na mellora da xestión pesqueira, con especial incidencia no emprego exhaustivo das cotas outorgadas, xa que non pode ser que a unhas frots lles falte cota e a outras lles sobre, entendendo tamén que todas queren e deben pescar e que a explotación de cada especie ten incidencia para as diferentes frots que as capturan.

A cuarta sesión foi desenvolvida de forma paralela á relativa ao Cantábrico e Noroeste, tivo como punto focal a situación e perspectivas das frots de altura e grande altura, dotadas dunhas circunstancias específicas.

Nesta mesa tamén participaron os representantes de cada comisión do Pleno do Consello Galego de Pesca, e contou coa presenza de representantes das frots de pesca en augas non comunitarias e daquelas que faenan en augas comunitarias non españolas.

Esta mesa celebrouse co mesmo formato que a do caladoiro nacional e nela tamén xurdiron puntos comúns, como a minoración de barcos destas frots, o que colide de fronte co bo estado do sector das especies obxectivo nas áreas de pesca nas que se atopan estas unidades pesqueiras e o factor, nomeadamente na do Gran Sol, relativo á disposición de escasas posibilidades de pesca ou acceso ás augas.

Pero neste caso xurdiron aspectos específicos en positivo, como a importancia social e económica desta frota en termos de unidades –superior a 300 barcos–, empregos por riba dos 4.000 postos de traballo directos e a facturación directa e derivada, así como a súa implicación na minoración e limitación da pesca ilegal non regulamentada e non declarada.

Ademais, os representantes da frota fixeron fincapé tamén na imbricación que estes barcos teñen coa cadea mar-industria, derivada da capacidade para fornecer de produtos

pesqueiros o mercado comunitario en condicións de seguridade alimentaria, así como da implicación que tamén posúen en termos de desenvolvemento dos países nos que se asenta, como é o caso de Namibia.

A este respecto tamén as diferentes frotas, en función da súa zona de pesca e operatividade, amosaron problemas específicos que se poderían condensar de forma común na necesidade de dispor dun marco estable igualitario de competencia con outras frotas doutros países, o chamado *level playing field*, con influencias da incoherencia das políticas sectoriais pesqueira e comercial da Unión Europea e da política de loita contra a pesca ilegal.

Esta necesidade ten especiais referencias na obriga de desembarque conxunto de corpos e aletas de escualos, na prohibición do *finning* ou no establecemento de antecedentes susceptibles de expansión a outras augas ou áreas de pesca no relativo á pesca en augas profundas. Pero tamén estas frotas amosaron a súa preocupación pola complexidade e farragosidade dos trámites administrativos, poñendo de relevo a afectación negativa de cuestións vinculadas á cadea loxística, con influencia na normativa de transporte, seguridade alimentaria e sanitaria, ou a incidencia das normativas de autorizacións de pesca, tales como o PTP.

En termos prácticos, os responsables participantes propuxeron cuestións específicas que poidan dar resposta aos problemas relacionados, con especial incidencia na procura e demanda dunha mellora e reforzo do marco igualitario para a pesca mediante a demanda do reforzo da coordinación entre a DG MARE e a DG TRADE e o establecemento das listas brancas de frotas cumpridoras fronte ás non cumpridoras.

Por outra banda, tamén se prestou atención ao necesario fortalecemento da competitividade da frota coa modernización e/ou renovación das unidades de pesca, con especial atención á mellora da habitabilidade a bordo mediante a permisión do aumento da capacidade non produtiva do buque.

Pero, con todas as diferenzas que se poidan dar, existiron puntos comúns, que se plasmaron na posibilidade desa unidade tan demandada tanto en termos de problemas e debilidades como de propostas e fortalezas da nosa frota. Sirvan dous aspectos como exemplo desa problemática común. O primeiro, as implicacións da estrutura comercial e de xera-

ción de valor engadido, coa minoración de prezos baixo a influencia da interrelación da actividade extractiva e a comercializadora por exceso de oferta e competencia desleal. Dous: a afectación do relevo xeracional sobre a continuidade da actividade influenciada pola rendibilidade económica da pesca e pola necesaria mellora das condicións laborais do propio sector pesqueiro.

Por iso se recalcou a necesidade de dispor de argumentos e estratexias de carácter conxunto e común e, de non ser así, se preste asistencia e colaboración entre as frotas que faenan en diferentes áreas, xa sexa no Cantábrico noroeste, no Gran Sol ao abeiro de acordos internacionais subscritos pola Unión Europea, en augas internacionais ou mediante a fórmula de sociedades mixtas.

A este respecto xurdiron consecuentemente fórmulas de traballo que responden a ese labor común, como a disposición dunha análise científico-técnica das afectacións reais e directas das normativas emanadas da Unión Europea, con especial relevancia á relativa ás medidas técnicas e obriga de desembarque, seguimento e control. Esta é a liña coa que nacían grupos de traballo no seo do Consello Galego de Pesca e vemos que é unha fórmula aceptada e válida, polo que deberemos estendela a outros eidos de demanda de solucións.

Debemos dar continuidade á mellora do acadamento de maior valor engadido para produtos da pesca galega, con incidencia específica na súa promoción e adecuación de oferta e demanda, para o que a planificación da ordenación pesqueira debe ir máis alá da mera regulación da extracción para ter máis atención á comercialización.

Do mesmo xeito, e en canto a que foi unha teima común, hai que centrar o debate e as propostas tamén na atención e a readaptación da formación como punto de importancia na recuperación do relevo xeracional e na formulación de carreiras profesionais no eido laboral pesqueiro, para o que contamos cunha ampla rede de escolas náutico-pesqueiras e cunha formación descentralizada que pode axudar moito.

Por último, e como punto de enlace entre as xornadas e o traballo que temos que desenvolver a futuro, xirouse o documento de conclusións a todos os participantes, recibindo de volta un total de seis achegas, todas de engádegas, que

afectan menos do 5 % do texto, o que dá imaxe da certa identificación das conclusións obtidas.

Neste senso cómpre xa comezar a plasmar en faenas prácticas esta escolma teórica de ideas e inqedanzas, polo que en breves datas reunirse xa o Pleno do Consello Galego de Pesca para dar forma a unha primeira proposta xurrida das xornadas. Esta ten que ver coa demanda da revisión da ordenación pesqueira mediante a análise científico-técnica da viabilidade de unificación de unidades funcionais e de zonas de captura e de diferenciación de *stocks* de interese pesqueiro para a nosa frota, sempre co gallo de dispor de mellores cotas e dunha maior eficiencia no seu uso.

Para tal fin considerouse axeitado, de cara a implementar as anteditas modificacións, estudar por parte do Consello Galego de Pesca a posta en marcha no seu caso dunha entidade rexional, liderada por España, coa participación de Portugal e Francia, que sexa quen de traballar sobre a proposta de plans plurianuais para o xurelo e a xarda da zona VIIIc e IXa en derradeira instancia, tamén sobre especies demersais das ditas zonas.

Esta proposta xa foi formulada e será analizada neste vindeiro pleno, no que se seguirá o ronsel do traballo en común feito polos grupos que realizaron os ditames sobre as propostas de regulamento da pesca en augas profundas e o de medidas técnicas.

Este é, xa que logo, o primeiro paso, pero temos tamén que anunciar que se están a avaliar propostas para atender as demandas do sector, polo que se lles propondrá a colaboración coa Administración e os científicos na elaboración de estudos que nos dean argumentos en cuestións como o aproveitamento de cotas, o impacto das pescas principais e secundarias ou a afectación da normativa sobre o *finning*.

Temos a opinión clara do sector, temos as súas propostas e inqedanzas e temos tamén a vontade de escoitalas e seguirlas sempre para o ben de Galicia, para o ben da pesca de Galicia e tamén para o futuro da mesma. Pídlolles que se sumen a esa vontade, porque só entre todos sairemos a adiante.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Martínez.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Bo día, señora conselleira.

Eu teño que empezar por corrixirle na súa intervención quen formou parte desas xornadas. Houbo un esquecemento: a representación dos traballadores e traballadoras do mar. Os sindicatos non estaban nunhas xornadas que os afectan moito e, ademais, forman parte do Consello de Pesca. Sen embargo, non tiveron cabida as súas opinións nesas xornadas.

A pesca é unha profesión dura que conta, ademais, cunha baixa valoración social. A súa comercialización depende de intermediarios; as políticas de subvencións exercen un efecto perverso sobre ela e non se incentivan as boas prácticas.

O sector pesqueiro galego rexeita as continuas rebaixas nas cotas e totais admisibles de capturas que aproba Bruxelas cada ano, polo que pide a eliminación ou modificación do coñecido como principio de estabilidade relativa, o tratado polo que a Unión Europea asigna a cada un dos estados membros unha porcentaxe fixa do TAC determinado para cada unha das especies.

Téñolle que dar a benvida ao club deses radicais nacionalistas, entre os que me atopo, que levamos denunciando a política pesqueira común dende a integración do Estado español na Unión Europea, dicindo que fomos vendidos polas forzas do sistema, PP e PSOE, en función doutros intereses. Dos que levamos denunciando, durante estes últimos trinta anos, que a implantación do principio de estabilidade relativa era unha fraude e respondía á capacidade política dalgúns estados membros fronte a falla de interese do Estado español na defensa do sector primario e, en concreto, do sector do mar e do complexo mar-industria.

O Estado español, que se adheriu á comunidade europea tres anos máis tarde, tivo que conformarse cun 4 % das toneladas distribuídas entre os países, un feito que provocou que as cotas de pesca coas que conta a frota galega sexan moi inferiores á súa capacidade pesqueira.

O club dos que levamos denunciando que era mentira a definición e principio da política pesqueira comunitaria, que

dicía: as posibilidades de pesca distribuíranse entre os estados membros, de tal xeito que se garanta a cada un deles a estabilidade relativa das actividades para cada poboación ou pesquería. Unha grande mentira, unha grande fraude.

A mesma mentira que vostedes mantiveron todo este tempo, rexeitando e non escoitando as propostas que se lles fixeron ao longo destes anos para combater, recorrer e atacar o principio de estabilidade relativa, non defendendo os intereses da poboación mariñeira que os votara.

O sistema coñecido como de estabilidade relativa ten provocado que moitos barcos tiveran que abandeirarse noutros países, como Inglaterra ou Francia, xa que eles si posúen cotas. Como consecuencia, Galiza perde barcos e capacidade pesqueira. Nos últimos catro anos téñense despezado 129 buques que operaban só no porto de Vigo. Fronte a esas posicións chamáronnos antieuropeos, que non tiñamos nin idea, que defendíamos a autarquía. Agora veñen darnos a razón.

Desprezaron as posicións que defendían que vostedes estaban obrigados a defender o complexo mar-industria polo seu significado económico: 11 % do PIB galego e 19 % do emprego; sendo este emprego dunha alta compoñente intensiva na forza de traballo e, polo tanto, dunha grande repercusión social.

Fronte ás posicións que se manifestaban en contra do despezamento de barcos, vostedes non tiveron unha actitude combativa, só de submisión. O exemplo máis claro foi o box irlandés. Lémbrese, conselleira, da frota dos 200, ao ano seguinte 168, e así sucesivamente, ata a situación de ruína actual.

O corolario do principio de estabilidade relativa da política pesqueira común foron os TAC. Repartidos mantendo as bases iniciais, e polo tanto tratando de xeito igual aos desiguais, diminuían os TAC, diminuían as cotas para todos, pero facendo insostible a actividade para que os que menos tiñan.

Sacralizáronse os informes científicos interesados e desprezaron os nosos dereitos de pesca, do mesmo xeito que agora se fai coa austeridade. Austeridade no reparto de cotas, pero máis austeridade para os máis débiles, para os que non se poden defender. Mentres, outros defendemos unha política progresiva, que recupere os stocks, o mesmo que os sectores produtivos aos que vostedes non lles fixeron caso.

Señora conselleira, do dano feito non hai xa quen nos libre. Os despeses, as asociacións do esforzo pesqueiro, os arqueos das embarcacións, só serviron para reducir a nosa frota, mentres as últimas noticias din que non somos capaces de chegar a abastecer o 60 % do consumo de peixe do Estado. ¿De onde virá o resto? ¿Por que somos deficitarios en peixe e temos que importalo, cando non podemos pescalo pola política defendida dende o Goberno do Estado e dende o Goberno da Xunta nestes anos?

A insensibilidade do Partido Popular foi sonada. O despiste respecto das mallas e as prohibicións no arrastre non nos colleu de sorpresa. Igual que non pode collernos de sorpresa que vostede, ao fío da presentación por Arvi dun memorándum, ou a reclamación de Estrasburgo doutros fronte á súa posición, veña hoxe expoñernos unha posición do sector. ¿Cal foi a súa posición todos estes anos? ¿Todos xuntos contra o principio de estabilidade relativa?

Hai algunhas preguntas que quedan pendentes. ¿Vai vostede apoiar aqueles que xa teñen presentado demandas? ¿Vai demandar da Unión Europea e das autoridades españolas a retirada das sancións que gravan as pesquerías da xarda? ¿Vai demandar vostede máis TAC de xurelo de bocarte que afecta as nosas frotas? ¿Vai vostede facer que a Inspección pesqueira estea coordinada e non haxa catro entes inspectores machacando e acribillando a nosa frota pesqueira? ¿Ten vostede pensado crear o encargo do protocolo a bordo relacionado coas inspeccións?

¿Xa se fixo o que se lle preguntou? Se xa o fixo, dea contas. Igual que nos pode dar contas neste Parlamento de cales son as medidas para conseguir un maior valor engadido do sector que faena e pesca.

Vivir para ver. Trinta anos perdidos e agora dándonos a razón, ¡vaia panorama! ¡E vostede sen enrubiar! Pero eu quero insistir tamén en que me diga que vai facer para protexer as tripulacións ante as paradas obrigatorias, para a recuperación de especies ou detectaxe de toxinas. Por exemplo, estamos agora coa veda do polbo, que durará seis semanas. É dicir, non poderán ir á pesca do cefalópodo ata o 4 de xullo. As tripulacións enfróntanse, polo tanto, a 45 días nos que se dedicarán aos aparellos, e venderán o peixe a prezo regalado. Outros mariñeiros máis desafortunados enfróntanse ao paro, ao decidir o patrón non cambiar de artes.

Só o seguro para un barco de 3 tripulantes son 600 euros ao mes. O sector solicita o acceso á prestación por desemprego durante as paradas, ou polo menos que se lles exima do pago da Seguridade Social.

Nesta proposta de promocionar o consumo de peixe, da que vostede tamén falou, como parte dunha dieta saudable e equilibrada, non falou da posibilidade de establecer unha aplicación do IVE reducido do catro 4 %.

Mentres tanto, a xustiza segue adiante. Admitiu o recurso do arrastre contra o Plan do Cantábrico. Non sabemos se vostede vai apoiar estas denuncias, se vai apoiar o sector. O sector presentou o recurso porque de sempre se mostrou contrario a que os barcos que se despezan coas axudas públicas puidesen vender a cota asignada, que na modificación do 2015 xa quedou solucionado, pero se non reciben axudas si que poden vender a parte de cota, o cal supón tamén unha discriminación, porque segue beneficiando a quen mantén e segue prexudicando as frotas máis débiles, os barcos con menos capacidade económica.

Gustárame que me contestara a estas preguntas. Na segunda intervención trataremos outros puntos do tema.

Grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.  
Señor Fajardo.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Moi bo día a todos.

Moi bo día, señora conselleira.

A verdade é que vostedes están nos últimos meses traballando arreo para tratar de limpar unha imaxe que teñen suxa. E téñena suxa porque as súas decisións no ámbito pesqueiro conlevaron que fose, por primeira vez neste país, a unidade do sector do mar quen pedise dúas cuestións: unha modificación da súa política do sector da pesca, e a súa dimisión. Hai apenas uns meses que a praza de Galicia se enchía de persoas, de traballadores do mar, que pedían a súa dimisión.

E agora vostede, logo de ter que escoitar como o colectivo de traballadores do mar lle pedían que se marchase por-

que está atacando o seu medio de vida e o seu futuro, resulta que nos di que fai unhas xornadas porque o seu obxectivo é dialogar e escoitar o sector.

¿Cal é o concepto de dialogar e escoitar o sector? Dialogar e escoitar o sector é estar nunha estratexia de limpeza da súa imaxe, nunha estratexia de camuflaxe da realidade da súa política pesqueira, para converterse agora, supostamente, nos defensores daquilo que estiveron atacando desde que vostedes chegaron ao Goberno? ¿Como se entende que veña vostede hoxe aquí a dar conta dunhas xornadas trazando rumbos de futuro, nas que, segundo vostede acaba de expresar aquí, as únicas conclusións que se dan son as evidentes, as que todos compartimos. ¡Claro que todos estamos en contra do reparto dos TAC, dende logo, e da estabilidade relativa, dende logo! Pero, ¿cal é o obxectivo?, ¿cal é a actividade política que debe facer o seu goberno para cambiar esas cousas?

Vostede non pode plantexar hoxe aquí que a súa política e os sete anos de Goberno que vostedes levan neste país dende o Bipartito levan a que o seu obxectivo, a partir de agora, sexa o que se derive dunhas xornadas, onde, por certo, como ben se dixo tamén desde esta tribuna, faltaba unha parte importante do sector: os sindicatos non estaban presentes. Ademais, a configuración da propia xornada non se debateu no Consello Galego de Pesca, e non foi o Consello Galego de Pesca quen determinou como se facían estas xornadas. E como, por exemplo, vostede destas xornadas plantexa que sacan a conclusión de que non é posible a denuncia xudicial da estabilidade relativa porque se vai perder, cando nas propias xornadas soamente hai un ponente que teña a capacidade a respecto do dereito; un dos ponente de todas as xornadas.

Polo tanto, o que vostedes están facendo, igual que o que leva facendo o señor portavoz de pesca do Partido Popular nos últimos meses, nesta Cámara e por algúns portos do país, é tratar de limpar unha imaxe dun sector que sabe que está sendo atacado polas súas políticas.

¿Como é posible que vostedes nesas xornadas non falasen de ningunha das cuestións que afectan duramente a nosa pesca? ¿Como é posible que, cando se fala da Unión Europea, non estean falando de que significa a aprobación dos obxectivos da política económica, desa economía azul da Unión Europea, sobre o noso sector? ¿Como é posible que non lle

digam ao sector que dende a Unión Europea, co apoio do seu partido na Unión Europea, se está falando de que o mar é un elemento para explotar e a pesca é un elemento secundario? Queremos dicir que dende a Unión Europea se está fomentando que o mar ten que ter outros obxectivos, por exemplo, o aproveitamento enerxético ou o aproveitamento mineiro, pero non así o pesqueiro, que pasa a ser secundario na política da economía azul que se fomenta na Unión Europea, e que ten o beneplácito do seu partido alí, na Unión Europea.

Vostede vén aquí falarnos ¿de que? Os titulares son os que son. A pesca galega perdeu dous de cada dez traballadores na última década. Non só iso, o 20 % de despezo desde hai dez anos. Polo tanto, estamos nunha situación dramática, onde a nosa xente non chega nin sequera a fin de mes e onde as nosas empresas pesqueiras non poden manter a súa actividade precisamente pola inacción ou polas decisións incorrectas da súa consellería.

¿Como me pode dicir que unha das conclusións é que o problema é da burocracia a respecto das pesquerías de alta mar, cando vostedes están afogando burocraticamente os nosos pescadores do litoral, cando eles se queixan de como hai unha presión brutal, non só administrativa e burocrática, senón tamén de impostos, sobre aquelas pesquerías de cercaña, aquelas que se dan na pesca tradicional?

E cando se fala de que debe ser o propio sector quen impulse, ¿que estamos a facer para implementar a coxestión do sector do mar no noso país? ¿Cal é a fórmula que vostedes establecen para que se escoite o sector, que non sexa a que vostedes provocaron con estas xornadas? Hai unha nota de prensa moi evidente, e nesa nota de prensa non é Alternativa Galega de Esquerda, senón que é un sindicato quen acusa a conselleira de vostedes de que estas xornadas estaban pensadas para escoitar a aqueles que din o mesmo que vostedes din, pero non a ningún do sector crítico. Non o digo eu, está na prensa dito por unha central sindical maioritaria deste país.

Polo tanto, dende logo, nós dicimos que as conclusións son as que son, e vostedes non están a falar daquelas cousas que necesita o noso país. Non están a falar do que vostede dixo en Telesalnés: que a lei de acuicultura se retiraba, pero xa veremos. Vostedes están esperando ter outra oportunidade de goberno —que espero que este país non lles dea— para sacar aquilo que levan moitos anos tratando de sacar adiante, que é

outro modelo para o noso litoral; un modelo de privatización, un modelo de exclusión dos nosos mariscadores e dos nosos pescadores. Polo tanto, vostedes defenden as cotas individuais transferibles, e nós dicimos que iso non se pode consentir. Que as cotas individuais transferibles son absolutamente inapropiadas, inxustas e que conlevan o capitalismo no mar; é dicir, a acumulación de recursos naqueles que poden pagalos, non naqueles que os necesitan e naqueles que poden subsistir diso.

Vostede hoxe dixo aquí que aposta polas cotas individuais transferibles, ¡acábo de dicir vostede aquí! Se está de acordo, está de acordo. Nós dicimos que iso é un erro e que, dende logo, significa o que significou noutros sectores. Significa que aqueles que teñan capacidade para mercar cota poden facelo, e aqueles que non teñen capacidade non o poden facer. Significa, polo tanto, que do que estamos a falar é de que, a partir de agora, neste país poderá pescar quen teña capacidade económica, e os demais non terán ningún tipo de capacidade.

¿Que van facer vostedes cos verdadeiros problemas deste país? ¿Que van facer, por exemplo, co necesario saneamento integral das nosas rías? Vostedes falan da situación do noso sector, pero non están falando de que hoxe mesmo hai unha rolda de prensa para denunciar a precaria situación da ría de Pontevedra. Ou non están encima da mesa os problemas que vostedes provocaron na ría de Ferrol, que ten feito que os que non son os responsables, senón os que conviven coas consecuencias da súa inacción, son os que pagan, incluso penalmente, por unha actividade que fan vostedes, que é determinar que na ría de Ferrol incluso existan zonas sen cualificar, e que sexa moi difícil determinar cal é e onde se extrae cada un dos produtos que se venden, que é a súa responsabilidade e non a daqueles que están pagando pola súa inadecuada xestión.

Cando falan de mellorar o tema da comercialización, nesas xornadas puideron falar de cal é a situación, por exemplo, coa sentenza famosa do mexillón de Galicia, das DOP. Que van facer vostedes para evitar que se siga vendendo neste país, como galego, produto que non é galego. Que van facer vostedes coa inclusión no noso mercado de produtos foráneos dunha forma brutal, sen que exista ningún tipo de actividade contundente por parte da súa consellería.

Polo tanto, cando estamos falando de recuperar, falemos de recuperar, de como somos capaces de implementar maior número de postos de traballo nas nosas rías, sobre todo no

que ten que ver co marisqueo, coa recuperación de espazos improdutivos, coa posta en marcha de procesos que permitan incorporar mulleres e xoves a este proceso, e con capacidades económicas suficientes.

Vostede reconecía aquí, non hai moito, que a capacidade económica que ten o marisqueo a día de hoxe, aínda que se mellorou respecto do ano anterior, segue en moitos casos por debaixo do que percibe unha persoa que percibe a Risga, e neste país non se pode traballar no marisqueo cando o teu ingreso é inferior ao que se percibe pola Risga.

Nosoutros cremos que ten que facerse unha política pesqueira distinta, e onde, desde logo, non se poden tratar por igual aquelas cousas que non iguais, senón que ten que haber unha política pesqueira xusta.

Nós cremos que hai que privilexiar o sector da pesca tradicional, que ese sector ten que ser defendido, perante a Unión Europea e perante o Estado, para que a pesca tradicional sexa eliminada dos TAC e cotas, ou, cando menos, que a súa pesca accidental sexa eliminada dos TAC e cotas.

Cremos que debe contemplarse, á hora do reparto, que aquelas pesquerías que dan maiores postos de traballo por tonelada descargada sexan as que están privilexiadas, e non dicir que se incrementan sen máis as cotas e os TAC, porque incrementar as cotas e os TAC cando estes se reparten de forma inxusta, significa continuar repartindo de forma inxusta, e nós cremos que o proceso ten que ser que aqueles que dan máis postos de traballo por tonelada, sexan os privilexiados, polo tanto, dicimos: privilexiar a pesca tradicional.

Definamos cal é a pesca tradicional. Gustaríame saber cal é a súa opinión e a da súa consellería sobre cal debe ser considerada pesca tradicional. Dende a Alternativa Galega de Esquerda témolo moi claro.

Ten que haber unha visión integral do que está pasando na nosa costa, no noso espazo litoral. De como outras afectacións industriais, ou incluso agrícolas, afectan á calidade medioambiental dos nosos mares, que non están sendo contempladas por vostedes. A necesidade de implementar máis diñeiro, máis cartos, máis inversións e máis orzamentos para o I+D, para investigar a situación das mareas vermellas, para investigar a situación dos parásitos que afectan as nosas pesquerías e os

nosos moluscos. Esas son cuestións que son absolutamente necesarias e que vostedes obvian nesta realidade.

Dende logo, tamén hai que ter en conta que a pesca é un proceso integral, e nós tamén queremos plantexar que deben de facerse estudos, de forma inmediata, de como afecta a situación da pesca deportiva ao conxunto de stocks das nosas rías, dos nosos caladoiros, e tamén da actividade comercial; e de como ten que implementarse un mecanismo de control da actividade comercial, que está absolutamente oculta, da pesca deportiva, e de como isto afecta os nosos pescadores tradicionais. E dende logo non está, a día de hoxe, dentro dos obxectivos da súa consellería.

Polo tanto, en definitiva, vostede veu aquí dicir o de sempre. E o de sempre é que vostedes non teñen o proxecto claro para os nosos pescadores e os nosos mariñeiros; que vostedes ocultan a realidade. E a súa realidade é que non esqueceron o antigo modelo López Veiga. E ese modelo López Veiga significa que lles sobran os nosos pescadores, que lles sobran os nosos mariñeiros, que lles sobran os nosos barcos, porque vostedes teñen outro obxectivo para a nosa costa, que non é outro que o que continuamos denunciando: a futura privatización do noso sector e a acumulación en poucas mans daquilo que é unha riqueza que é pública. Polo tanto, como é pública, ten que destinarse ao maior número de persoas posible, e vostede debía definir aquí cal é o seu obxectivo.

Polo tanto, eu espero que na segunda parte veña vostede dicir algo. Porque ¡vir aquí dar conta dunhas xornadas sen nin sequera terlle achegado as conclusións ao conxunto dos grupos...! E non só iso, senón nin sequera desde a tribuna dicir cales son as conclusións, salvo que están a favor de incrementar as cotas e en contra da estabilidade relativa, co que creo que todos os que estamos aquí estamos de acordo... Deberían vostedes dicir cal vai ser a política pesqueira para acadar ese obxectivo que é mellorar a situación do noso mar e que, dende logo, non desapareza un 20 % do emprego do noso mar, como ten desaparecido desde que vostedes gobernan.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fajardo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.  
Señor Rodas.



**O señor RODAS CHAPELA:** Bo día, señorías. Bo día, señora conselleira.

Teño que dicir que o título é suxerente. Falar do futuro, sen ter en conta o presente, é toda unha quimera, cando a súa obrigación debería ser falar do presente e dar conta do proxecto que presentou aos galegos e ás galegas, e que executou durante estas dúas últimas lexislaturas.

Resulta que hoxe non, que a conselleira do Mar non comparece; algo que é normal neste Parlamento, vir aquí dar conta. Vir aquí a dar conta, por exemplo, para facer balance da súa xestión dende aquel famoso encontro de mariscadoras do ano 2010 que tanto prometía, pola súa especial vinculación con este colectivo, e explicar, dende o ano 2009, a perda de 355 mariscadoras, a diminución do 47 % do berberecho, do 23 % da ameixa fina, ou doutras especies, como a volandeira, o 55 %.

Sería moi edificante que comparecese cando milleiros de persoas se manifestan masivamente pedindo a súa dimisión por elaborar un anteproxecto da lei de acuicultura de espaldas ao sector; intentando facilitar a chegada de novos investimentos privados alleos á realidade do noso sector.

Ou cando se acampa diante de San Caetano durante 90 días, denunciando o cambio de modelo de reparto, que condena a unha inmensa maioría da frota ao despezamento.

Ou cando os armadores lle din na cara que están fartos de realizar unha actividade ilegal e que queren pescar con dignidade nas nosas augas, e non andar a escapar.

Ou cando a sentenza dun tribunal deixa claro que etiquetar mexillón baixo os enunciados “de las rías gallegas”, “fabricado e elaborado en Galicia”, é ilegal se non se está baixo a DOP Mexillón de Galicia, e constitúe unha fraude ao consumidor.

E vostede, en vez de vir aquí falarnos das súas responsabilidades, monta unha xornada para falarnos dos rumbos do futuro ou da necesidade da unidade do sector.

Vostede, sete anos despois que leva á fronte da Conselleira do Mar, existindo, evidentemente, claros e magníficos exemplos do seu comportamento durante estes últimos sete

anos da unidade que vostede profesa do sector. Vímolo no caso da etiquetaxe, como defendeu a mesma posición que unha parte de ANFACO, en detrimento do sector extractivo e da maioría do sector da conserva, que ven na calidade da identificación a única maneira de sobrevivir. Vímolo no cerco galego, apostando polo enfrontamento e a división do sector, de xeito que pasamos de ter unha única asociación a máis de media ducia de asociacións. Vímolo na volanta, convidando ás reunións a asociacións cántabras ou asturianas.

E agora que se lle acaba a lexislatura, volve resucitar o discurso da necesidade, da argumentación e do mal que nos vai dende a entrada en Europa coa aplicación do principio de estabilidade relativa; evidenciando a súa incapacidade para utilizar a vía política e defender os intereses dos galegos.

E intenta volver enganarnos dicíndonos que é máis fácil a súa modificación que a súa eliminación, amparándose nos descartes e nos sobrantes de cota. Defendendo o que sempre defenderon, que é a privatización do dereito a poder pescar, para, a continuación, permitir o intercambio e a transferencia de cotas, que acabará —que está acabando— sendo a venda dos dereitos de pesca que están aplicando no estado, que beneficia unha parte do sector, pero que arruína a pesca artesanal e que obriga a frotas como a do cerco, a da volanta e a do arrastre a ter que pagar, si, pagar para poder pescar.

Vostede, que nunca defendeu un reparto de dereitos de pesca xusto, de acordo co que lle vén demandando o sector e de acordo coa nosa propia realidade, que permita un maior mantemento da actividade económica, e, sobre todo, que permita manter o emprego.

Vostede, que nunca nos defendeu en Europa, vostede que renuncia a defendernos alí, e que renuncia incluso no propio Estado, de xeito que Madrid e outras comunidades puideron impoñer os seus criterios con facilidade e levarnos a un reparto individual que concentran nas grandes embarcacións do Cantábrico, ou o dereito a poder pescar, no caso do cerco.

Pero tamén aquí, onde ten competencias propias e puido desenvolver iniciativas para defender a frota e o seu dereito a poder pescar, sempre estivo vostede no lado escuro, colaborando para que o mesmo se vira sometido a cota.

Si, señora conselleira, a pesca artesanal por primeira vez sometida a cota. Vémolo no xeito ou na prohibición de poder pescar determinadas especies, que para moitas embarcacións son puramente accidentais. Dúas lexislaturas perdidas onde outros, como o País Vasco, consolidaron a súa posición hexemónica na xarda, no bocarte, no bonito. Ou outros, como Andalucía, quedaron coa nosa cota do bocarte na 9A, e incluso aumentou a súa cota no xurelo.

E Portugal impuxo unha regra de xestión, onde alcanzou o 70 % da cota das sardiñas. Por non falar das Illas Feroe, que pasaron de estar ameazadas con sancións por pescar. ¿Lembra as nosas sancións do 2009 e do 2010? Pois eles pasaron da ameaza a incrementar a súa cota dun 4,6 % a un 12,6 %, o que supón nada máis e nada menos que catro veces a cota que lle corresponde ao Estado español, e falamos dunha illa de 50.000 habitantes.

O da triple hélice das xornadas é entenecedor. Como exemplo da súa falsa aposta, sirva tamén que non foi quen de conseguir nin unha soa competencia, e iso que apoiaron a iniciativa do BNG, que pedía a transferencia das competencias en investigación oceanográfica e os centros de investigación, dicindo, por certo, o seu portavoz de pesca que para o seu Goberno esta era unha prioridade e que xa estaba pedido. ¡Pois menos mal que era unha prioridade e xa estaba pedido!

Nestas dúas lexislaturas, vostede renunciou ás competencias propias e permitiu que esa obsesión por recentralizar as competencias de Madrid se levase a cabo. Aata Bruxelas lexislou sobre actividades propias como o xeito, e vostede non dixo nada. Tivo que ser o sector, da man do BNG, o que fose a Bruxelas a demandar esta discriminación.

E agora promete trazar un rumbo novo para amortiguar moitas das normas de Madrid e Bruxelas, que son inadecuadas e desproporcionadas, como as do botiquín, por exemplo, ou as taxas abusivas, esquecendo que vostedes tiveron a oportunidade de enfrontar e cambiar e rexeitaron moitas das nosas iniciativas.

Hai que recoñecerlles que o que mellor se lles dá é falar daqueles rumbos onde non teñen competencias –ou non queren ter–: nos pronunciamentos de pesca ilegal, nos acordos pesqueiros, nas importacións, no atún ou na conserva, na prohibición da pesca de fondo etc. E aprobar iniciativas que, cando chega a hora da verdade, de impulsar as pertinentes accións

diplomáticas ou as xestións, o resultado é o que todos coñecemos: a expulsión da flota cefalopodeira de Mauritania, a perda de licenzas no palangre de superficie, ou que a frota atuneira poida renovar na actualidade sete unidades, 21.000 toneladas, nada máis e nada menos, mentres a frota galega inclúese nun plan de axuste ata o ano 2020, onde hai que despezar 569 barcos. Ou por non falar da afiliación dos mariñeiros enrolados en bandeira francesa, que pasan a cotizar no ENIM francés.

Pero o que mellor manexan son os rumbos que levan á política clientelar, e xa están a comprometer que hai 500 millóns de euros para apoiar todos aqueles sectores amigos. Curiosamente, 18 millóns xa os tiñan comprometidos coa acuicultura intensiva antes da aprobación do anteproxecto de lei; “antes de”, señora conselleira.

E con estas xornadas volven facer un exercicio de compromiso, sen concretar nin as medidas nin os mecanismos nin as xestións que fan posible alcanzar algúns destes obxectivos. Compromisos que demostramos que teñen o mesmo valor que os apoios que nos deron para denunciar no seu momento o principio de estabilidade relativa, ou de reclamar as competencias da investigación pesqueira, tan reais, a verdade, como as iniciativas que trae aquí o señor Balseiro, falando do plan da conserva, do mecanismo de sobrantes ou do impulso da pesca artesanal. Por non falar das promesas dos coeficientes redutores para o servizo de gardacostas, cando teñen estragado dúas lexislaturas e teñen feito precisamente todo o contrario do que veñen aquí agora mesmo predicar.

Como comprenderá, o BNG, ao igual que o sector, xa non acreditamos nas súa promesas nin na súa interlocución para trazar novos rumbos. ¡A boa hora! ¡A boa hora, sete anos despois! Polo que lle recomendamos que, no canto de seguir predicando, vaia facendo o petate. Pois a vostede pásalle como a Pedriño no conto do lobo: tanto mentir, tanto dicir que aí vén lobo, que aí vén o lobo, que agora resulta que vai vir o sector e a vai mandar para a casa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Val.

**O señor VAL ALONSO:** Bo día a todas e a todos.

Señora conselleira, desde o respecto, eu creo que vostede veu hoxe aquí rirse de todos nós, rirse dos grupos da oposición e, o que é máis grave, rirse de todos os galegos e dos milleiros de traballadores do mar deste país. E digo isto porque nada do que vostede veu dicir hoxe aquí aporta algo sobre o que todos sabemos. Efectivamente, o sector e os seus representantes saben cales son os seus problemas, o que estaría ben é saber cales son as súas iniciativas ou o que fixo vostede para darlles resposta e solucionar estes problemas.

Porque, mire, vostede vén hoxe comparecer a este Parlamento pasando por alto e obviando que vostede é a máxima responsable da pesca galega dende hai sete anos e dous meses e pasando por alto que leva vostede xestionados xa sete orzamentos e máis de 1.000 millóns de euros na Consellería do Mar. Polo tanto, é vostede a responsable última da situación na que se atopa hoxe o sector da pesca e a industria vinculada ao mar.

Hoxe debería vir vostede render contas, señora conselleira, falarnos do balance que vostede e o seu goberno deixan no sector logo de dúas lexislaturas á fronte deste país. Ese debería ser o título da súa comparecencia, pero, claro, loxicamente, non o fai; e non o fai porque os datos non a acompañan, señora conselleira. E, polo tanto, é moito máis cómodo vir aquí falarnos de algo que se chama “Trazando rumbos de futuro”. Unhas xornadas que, efectivamente, celebrou vostede hai algo máis de quince días e que, na miña opinión, o que fixeron foi evidenciar o seu completo abandono do sector nestes últimos anos e a súa falla de iniciativa política.

Hoxe debería de contarnos como é posible que en sete anos perdésemos case 4.500 cotizantes ao réxime especial do mar da Seguridade Social deste país. Hoxe, nun medio de comunicación, vén unha información moi ilustrativa ao respecto. Di que nos últimos quince anos se perderon máis de 16.000 empregos no réxime especial do mar. Hoxe debería de contarnos como é posible que a nosa frota perdesse sempre protagonismo en terceiros países sempre que se negociou un novo acordo pesqueiro na Unión Europea. Hoxe podería vir aquí contarnos e falarnos de como é posible que, sendo a frota do cerco máis numerosa na cornixa cantábrica, a frota que xera maior número de empregos, sexamos, sen embargo, a que menos posibilidades de pesca ten. E non é algo que invente eu ou diga eu senón que a evidencia é a que

o di. O ano pasado durante tres meses practicamente o 90 % da frota do cerco tivo que permanecer amarrada a porto.

Hoxe podería vir aquí contarnos como van facer vostedes para solventar os problemas que ten a nosa frota de baixura. Eu estou convencido de que vostede é coñecedora de que dende as cero horas do día de hoxe xa non poden desembarcar nin un só quilo máis de xarda, aínda que a súa captura sexa de xeito accidental. Xa non serve de nada ese parche que trataron de poñer vostedes con esas 120 toneladas que aportaron os vascos para poder seguir descargando esas capturas accidentais durante escasamente un mes. Podería vir falarnos diso, pero tamén podería vir falarnos de como é posible que os barcos volanteiros deste país no mes de maio teñan rematada xa a súa cota de pesca e teñan que estar comprando cota a outros barcos doutras comunidades para poder seguir mantendo a súa actividade e seguir subsistindo. Tamén podería vir falarnos diso. Efectivamente, cando acamparon diante das súas oficinas en San Caetano non tardaron moito en poñer en marcha unha mesa de diálogo que reuniron unha vez, e desde aí non sabemos nada máis das solucións que van vostedes aportar.

E tamén podería vir falarnos aquí do que fixeron vostedes para que centos de traballadores galegos, que traballan en barcos franceses pero de capital galego e que foron obrigados a inscribirse no sistema da seguridade social francés, aínda que hai unha normativa europea que os ampara para que poidan seguir cotizando a través do ISM, marchasen; non foron capaces de facer absolutamente nada. Preto de 500 traballadores xa marcharon tamén do sistema de cotización español e están no francés sen que vostedes fosen capaces de dar nin sequera resposta. Podería falarnos diso e tamén doutros sectores importantes para a pesca, como é o do marisqueo, no que durante estes últimos sete anos se perderon preto de 500 empregos no marisqueo a pé. E vostedes, diante desta difícil situación, nin tan sequera son capaces de manter abertos os minicriadoiros de Camariñas e do Vicedo, que poderían estar servindo para abastecer de semente os damnificados bancos marisqueiros deste país.

Señora conselleira, ¿de verdade vostede cre que hoxe era o día para vir ao Parlamento falarnos de rumbo de futuro? Coa situación que ten vostede no sector, ¿cre que hoxe era o día para vir falarnos desta cuestión? Vostede tiña moitos temas polos que podería comparecer, pero elixiu un

tema cómodo, co que non veu aportarnos absolutamente nada. Nestes catro anos compareceu vostede non máis de dúas ou tres veces neste Parlamento, e hoxe elixe este tema, o tema dunhas xornadas, para vir falarnos. E non digo eu que non poida vir falarnos do que aconteceu nesas xornadas, pero é que, mire, tardou vostede sete anos nada máis e nada menos que en sentar e reunir o sector para falar dos seus problemas. É dicir, que van vostedes agora demandar das autoridades europeas un mellor trato para a nosa frota, sete anos despois –vostede díxoo na súa intervención–; estamos poñendo o punto de partida. A verdade é que eu creo que é bastante tarde, señora conselleira. O lóxico e normal sería que se estivésemos diante dun Goberno serio e responsable hoxe vostede dese conta do resultado das súas políticas e das súas accións para revertir esta situación. O normal é que viñese aquí falarnos do que fixo vostede nestes últimos sete anos para tratar de tumbiar a estabilidade relativa e para dicir que accións implementaron para que a nosa frota puidese pescar máis e ser máis rendible. Pero non dixó absolutamente nada. Polo tanto, non parece sensato que a menos de catro meses de rematar esta segunda súa lexislatura á fronte da pesca galega veña aquí intentar salvar a cara, porque iso é o que está facendo, señora conselleira.

Eu volvo repetirlle que o fai tarde... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) –Ría, eu non sei onde está a graza.– Unha ampla maioría do sector, señora conselleira, ten claro que hai tempo que deixou vostede de ser unha interlocutora válida. É unha responsable política que non estivo nunca á altura das circunstancias porque nunca se puxo do lado do sector. Mire, cando houbo que decidir criterios de repartición de posibilidades de pesca, vostede defendeu o modelo que claramente prexudica a nosa frota; no cerco, defendeu que os históricos teñan un 70 %, co 90 % da frota discriminada; e na volanta, que é onde si poderíamos ter históricos, que teñan un peso do 25 %; diferentes criterios que sempre prexudican a nosa frota. Cando houbo que loitar por un marco igualitario entre a frota de arrastre galega e portuguesa, vostede simple e llaamente amosou unha incapacidade manifesta. Iso si, viñeron aquí alardear de que conseguiran poñer en marcha un novo convenio para que a frota de arrastre tivese... –Si, non ría, que aquí vostede veu responder unha pregunta do señor Balseiro e sacar peito dicindo que no novo convenio ía haber un marco igualitario.– Pero un pouco tempo des-

pois o señor Cañete, ex ministro de Pesca, díxolle que todo aquilo que veu vostede facer aquí non valía absolutamente para nada. Polo tanto, sempre que houbo que abordar algunha cuestión de calado na pesca galega vostede nunca estivo á altura.

Así que eu lle digo que non merece a pena perder moito máis tempo. Vostede hoxe vén salvar a cara, facerlle ver á opinión pública que están traballando, pero, desgraciadamente para vostede e para o seu partido, unha ampla maioría da sociedade galega e practicamente todo o conxunto da pesca sabe que estamos diante dun goberno fracasado, dun goberno ausente, que non se preocupou polos problemas da xente nin dos sectores produtivos deste país.

Eu, señora conselleira, volvo dicirlle desde o respecto que creo que pode vostede aforrar o turno de réplica, de verdade llo digo. E dígollo porque o sector ten claro que vostede e o seu partido non fixeron absolutamente nada durante estes sete anos. Polo tanto, xa non é preciso que faga máis esforzos, vostede pasará á historia sendo a conselleira á que máis de 30.000 persoas lle pediron a dimisión a berros na praza do Obradoiro. Este é o seu legado, señora Quintana; un legado triste, pero é o balance que vostede pode facer. Non deixa de ser o resultado da súa desidia e do abandono á fronte do sector da pesca de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Val.

Grupo Parlamentario Popular, señor Balseiro.

**O señor BALSEIRO OROL:** Moitas grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados.

Señora conselleira, nós, desde o Grupo Popular, quixeramos empezar felicitándoa a vostede –e non soamente a vostede, senón a vostede e ao seu equipo– pola organización e o deseño destas xornadas. É certo que a vostede a critican hoxe na tribuna do Parlamento porque vostede vén falar de futuro. Se viñera falar de pasado non se preocupe que lle estarían dicindo que o pasado xa estaba pasado e que había que falar de futuro. É igual, tanto vale un roto como un descosido.

E, lonxe do que temos escoitado na tribuna do Parlamento polos grupos da oposición, demostraron ser un foro de gran utilidade, de análise e de diálogo, un foro de reflexión e un foro de propostas, por suposto; propostas que, como é normal, hai que levar e hai que executar no futuro, pensadas para mellorar o futuro do sector pesqueiro galego, e tamén, ¿como non?, por suposto, se estamos mellorando o futuro do sistema pesqueiro galego, estamos mellorando o futuro dos profesionais, estamos mellorando o futuro dos mariñeiros.

Pero, ademais, estas xornadas de pesca e todos eses outros espazos de encontro directo cos profesionais do mar, todos os que vostede citou, son o que forma parte da súa axenda diaria. Pero aos grupos da oposición a axenda que teña vostede non lles interesa; aos grupos da oposición o que lles interesa é subir á tribuna do Parlamento e dicir que todo está mal. E esta conclusión confirma que os señores da oposición, os señores do Grupo Popular e a Consellería non debemos falar coa mesma xente do mar; non debemos falar probablemente nin nos mesmos portos nin coa mesma xente do mar, porque o que confirma é que realmente quen está traballando polo sector pesqueiro é o Goberno de Galicia e é o Grupo Popular. E isto non o di Balseiro, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) isto é o que me din a min por aí polos portos. O que pasa é que para vostedes, ¿cal é o problema? Que a algúns portos xa non poden ir porque non os reciben...; (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) entón, ese si que é o problema. (*Murmurios.*)

E dicía aquel sabio que hai que ter vontade e hai que ter valor para levantarse e falar. (*Murmurios.*) Pero tamén é o que se require... (*Interrupcións.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor BALSEIRO OROL:** ...para sentar e escoitar neste caso a voz directa dos profesionais do mar. (*Murmurios.*) Cando vostedes non son capaces de escoitar aquí, ¡xa me dirán o que poden escoitar fóra de aquí, home! (*Aplausos.*) ¡Pero se non hai nada máis que escoitalos a vostedes! (*Aplausos.*)

Reflexionando sobre a súa actividade, unha escoita repleta de empatía, desde o máximo respecto, neste caso, ao interlocutor, (*Murmurios.*) e con vontade e con dispoñibili-

dade para atender os distintos diagnósticos, (*Murmurios.*) e vontade e dispoñibilidade de aplicar as solucións sempre da man do sector. (*O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.*) Diciao porque –o señor Fajardo non cala... ¿Como van escoitar o señor Fajardo?, ¿como o van escoitar aquí nin fóra de aquí cando non o escoitan nin sequera os seus camaradas en Vilagarcía? (*Risos.*) (*Murmurios.*) ¿Como o van escoitar a vostede nin aquí nin fóra de aquí cando non o escoitan nin sequera os seus camaradas en Vilagarcía? (*Murmurios.*)

E claro que si, sempre da man do sector, por suposto. ¿Como foi vostede durante estes últimos sete anos, con todo o que se diga aquí –porque aquí dixéronse moitas cousas...? E agora hai grupos que están preocupados de que nesas mesas non estiveran representados os sindicatos, que, como comprenderá, supoño que vostede e nós non temos nada en contra de que os sindicatos estean representados nesas mesas, pero eses grupos ao mellor pensan que os sindicatos no sector pesqueiro representan o 70 % ou o 80 % do sector pesqueiro, cando non chega nin ao 5 % do sector pesqueiro, e en segmentos como a frota de baixura, practicamente cero. Parece ser que ese é o problema máis grave que temos agora.

E din que vostede foi a responsable da pesca galega durante os últimos sete anos. Si, e o grupo maioritario desta Cámara desexa que vostede siga sendo a responsable de Pesca durante os sete próximos anos. (*Aplausos.*)

Aquí falouse de todo e falou o representante do Partido Socialista de que a partir de hoxe ás doce da noite non se pode pescar nin un quilo máis de xarda. O que non dixo é que esas foron as políticas do Partido Socialista do ano 2009, do ano 2010, e que estamos pagando unha sanción por sobrepesca incontrolada naquel momento. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Que bastante fixo vostede, señora conselleira, e o Goberno de Madrid para que esa sanción a puideramos pagar en máis anos!, se non, non é que non puideramos pescar a partir de hoxe, é que non poderíamos pescar nin un quilo só de xarda, coa herdanza que nos deixou o Partido Socialista.

E aquí falouse da estabilidade relativa... (*Murmurios.*) ¡Home, claro!, ¡claro que si!, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) fálase da estabilidade relativa, pero cando se sobe á tribuna do Parlamento con iniciativas nese sentido,

¿saben o que fan vostedes? Votan en contra; vostedes votan en contra. Despois todos están de acordo, pero de acordo de piquillo, porque cando hai que tomar o acordo vostedes votan en contra. (*Murmurios.*)

E fálouse da política pesqueira común. ¿Acórdase, señora conselleira, de que na política pesqueira común o ditame que mandou Galicia, que elaboramos en Galicia, no que estivemos traballando conxuntamente coa Consellería desde este Parlamento...? E aquí podía dar algunha ilustre deputada do Partido Socialista constancia disto, que era a portavoz de pesca, a señora Soneira, da cal teño que recoñecer que de pesca sabe... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Risos.*) ¡Oxalá o Partido Socialista tivera unha defensora como a señora Soneira no sector da pesca, porque, polo menos, cando estivo a señora Soneira, chegamos a algún acordo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Igual que cando estaba o señor Bieito no Bloque Nacionalista Galego; (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) daquela chegabamos a acordos; discrepabamos pero chegabamos a acordos. Agora é imposible, ¡é imposible! Pero saberá a señora Soneira que estivemos traballando, que tiñamos practicamente un acordo cerrado, e daquela non era a señora Soneira, pero outra persoa das que estaba negociando —e non vou dicir quen era porque non é representante xa nesta Cámara— dixo que non se podía chegar a ese acordo; e non a apoiaron nin Partido Socialista nin Bloque Nacionalista Galego. E hoxe soben vostedes á tribuna do Parlamento a poñérnolo como exemplo. ¡Apoiáрана!, ¡apoiáрана! ¿Por que non a apoiaron daquela?

E fálase aquí, ademais, da estabilidade relativa, que hai poucos días aquí debatemos sobre a parte xudicial. Sempre nos din igual. Na parte política é moi difícil poñernos de acordo. ¿Por que? Porque ten que haber unanimidade de todos os países, e os países que están ben non van votar a favor. ¿E que poñamos nosoutros? Pois claro que nós estamos de acordo. ¿Que problema teñen vostedes en contra das cotas transferibles?, ¿cal é o problema? Se un barco acaba a cota, pode comprar cota. ¿Están en contra vostedes diso? E poden comprar cota doutro país —nin sequera ten que ser do noso país—, que teñen cota sobrante. ¿Vostedes están en contra diso? Pois estar en contra diso é tanto como non saber absolutamente nada do que está pasando nos portos e do que está pasando neste sector. Pero vostedes son moito máis listos, porque vostedes están en contra diso, dun informe que fixo a universidade, que

así o recomenda, e dun informe que a Cooperativa de Armadores de Vigo puxo á disposición do sector e á disposición da Consellería. E vostedes, como son expertos en pesca, contradín ese informe. Pero deben ser vostedes os únicos que o contradín, porque despois, cando se van por aí aos portos, os armadores e os mariñeiros din todo o contrario do que vostedes din no Parlamento. Esa é a realidade.

Falouse aquí de moitas cousas máis. Falouse aquí do traballo arreo, ultimamente. Non, mire, perdón, o traballo arreo desta consellería, desta conselleira e do Grupo Parlamentario Popular e do Goberno de Galicia veu sendo durante estes últimos sete anos. ¿E sabe por que? Agora imos falar do pasado, señora conselleira; xa que queren que falemos do pasado, imos falar do pasado.

Durante os anos 2005 e 2009 as cotas de pesca, para abaixo. Conseguimos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, claro, daquela xa saben que nos representaba, cando iamos aos consellos, unha comunidade autónoma que ten moitos metros de mar. Non está a señora... ¡Ah!, si, está a señora ex conselleira. E aplaudían aquí o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Representábanos Extremadura para tomar decisións de pesca cando gobernaban o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. Claro, as cotas ían para abaixo.

E a vostede, señora conselleira, hai que felicitala, a vostede e ao Goberno de Madrid, ¿sabe por que? Porque foron capaces de cambiar esa tendencia. E nos últimos anos ganamos cota, non ganamos a que quixeramos ganar, por suposto que non, por iso o grupo maioritario desta Cámara trae iniciativas a este Parlamento, máis que ningún grupo da oposición, en sentido de que temos que ganar cota, por suposto que si, e de que nós queremos que os nosos mariñeiros e os nosos armadores cada día poidan vivir mellor, por suposto que si, que son galegos coma nós e queremos que teñan futuro. (*O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.*) A vostede non o escoitan en Vilagarcía, e aquí tampouco o escoitamos, non o imos escoitar, por moito que se esforce vostede e que pretenda que o escoitemos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BALSEIRO OROL:** Por suposto que si.

Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, o sector, por moito que diga esta xente, quéreala a vostede, e o grupo maioritario desta Cámara... (*Murmurios.*) Se lles pareceu mal o de “xente” ás súas señorías, non se preocupen, non vaia ser que a vostedes lles parecera moi mal. É que eu o dicía porque o señor Fajardo dixo que iso de señorías non ía con el; entón, metíao a todos no mesmo lote. Pero, entón, “esta xente” para uns e “as súas señorías” para outros.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Balseiro.

Réplica.

Conselleira do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señorías, bueno, ¡menos mal que aínda que o señor Val non quería que saíra á réplica, o señor presidente me dá opción a ter a réplica!

Por clarificar algunhas cousas, señora Martínez, vostede empezou a súa exposición dicindo que os sindicatos non estaban nas xornadas. Mire, eu non sei se vostede coñece o señor Ramiro Otero, representante do Sindicato Comisións Obreiras, se coñece o señor Xavier Aboi, representante da CIG, e se coñece o señor Luis Figueroa, representante de UXT. Estaban compartindo xornadas de traballo con nós.

Eu creo que, ás veces, cando un le os titulares da prensa e non le o resto da noticia, ao mellor se pode perder un pouquiño. Quen estaba nas mesas son aquelas persoas que as diferentes comisións do Consello Galego de Pesca elixiron como o seus representantes, non a quen elixe esta conselleira, que non elixe os representantes; os representantes elíxeos o propio sector, e, polo tanto, nas mesas de debate estaban os representantes elixidos polas diferentes comisións que integran o Consello Galego de Pesca. E a maiores –como ben dixen na miña primeira intervención– invítouse a todos os patróns e patroas maiores, vicepatróns e vicepatroas primeiros das confrarías, a todo o Pleno do

Consello Galego de Pesca e a máis de 30 asociacións representativas do sector. Polo tanto, cando un di que estaban os integrantes do Pleno do Consello Galego de Pesca, se se coñece o decreto de constitución do Pleno do Consello Galego de Pesca, sábese ben que as tres centrais sindicais están representadas e que todas participaron con voz tamén nesas xornadas.

Gustárame tamén clarificarlle algunhas cousas, porque vostede dicía: “Benvida ao club dos que están en contra”. Perdoe, nós en contra do mal chamado principio de estabilidade relativa estivemos sempre, e aí están as probas que o acreditan: ano 1996, ano 1997, ano 1998, ano 1999, ano 2000 e ano 2001. En todos eses anos presentáronse recursos ante a Unión Europea para evitar o mal chamado principio de estabilidade relativa, e sempre perdemos eses recursos. Soamente o ganamos cando declaramos algo que ía en contra do mal chamado principio de estabilidade relativa.

Polo tanto, cando chegamos ao Goberno no ano 2009, o primeiro que fixemos foi falar co director do Instituto de Estudos Salvador de Madariaga, experto catedrático en dereito comunitario, para buscar a fórmula máis acaída para recorrer a nosa posibilidade de mellorar as posibilidades pesqueiras na Unión Europea. E dese traballo, que se deduciu despois da entrada en vigor da nova política pesqueira común, o que se nos aconsella –e foi o que se discutiu e se tratou co sector nestas xornadas– é que en lugar de pelexarnos contra o mal chamado principio de estabilidade relativa o que temos que ter en conta é que coa nova reforma da política pesqueira común a Unión Europea cambia as regras de xogo, e, polo tanto, ao cambiar as regras de xogo, nós agora temos que pedir que nos permitan modificar o acceso ás posibilidades de pesca, porque temos especies de estrangulamento que non nos deixarían desfrutar de todas as nosas posibilidades de pesca. E nesa situación xa empezan a encontrarse outros países como Holanda ou Reino Unido. Por iso nós agora dicimos que é o momento de buscar esa cota, que pode faltarlle a outros países e que a nós tamén nos falta, ou cotas ás que nós poderíamos acceder e ás que hoxe non temos dereito.

Polo tanto, non é benvidos ao club; benvidos vostedes ao club onde se dan conta de que nós levamos traballando por isto bastante máis tempo do que vostedes pensan. (*Aplausos.*) Levamos tempo traballando tamén con Arvi. E ese

estudo que se presentou e que se debateu nas xornadas tamén foi financiado e auspiciado pola Consellería do Mar.

Da noticia que sae hoxe do arrastre, eu simplemente lle digo que hai que ter coidado co que un le nos medios de comunicación e que hai que coñecer o sector pesqueiro. Mire, máis do 80 % das posibilidades de pesca que temos hoxe no Gran Sol se conseguiron con ese sistema. Entón, nesta historia, como en case todo, cando un fala do sector pesqueiro galego, temos que entender e coñecer que hai diferentes sensibilidades, e hai xente que está a favor e hai xente que está en contra. Polo tanto, imos esperar a ver que é o que decide a xustiza e logo acataremos esas decisións. Simplemente lle digo que hai xente que está a favor desa repartición e que hai xente que está en contra.

Señor Rodas, eu creo que se lle debeu de escapar, porque, claro, cando di que o xeito hoxe está sometido a cotas, pois mire, non, se precisamente o que... (*O señor Rodas Chapela pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, vamos ver, se falamos, falamos cun pouquiño de rigor. Cando vostede di que foi grazas ao Bloque que se conseguiu modificar non sei o que, bueno, eu podería traer incluso aquí os informes que se aportaron desde a Comunidade Autónoma. É moi bonito ir facer unha foto ao Parlamento Europeo, claro que si, cando hai outros que fan o traballo; eu iso non o poño en dúbida.

Pero, mire, fíxose o traballo. O que estamos tentando é, precisamente, evitar que a sardiña estea suxeita aos TAC e cotas, e por iso temos un plan, que é no que estamos a traballar con eles. Entón, o xeito non ten cotas, estamos nós cunha normativa que se aprobou dentro, precisamente, da comisión do cerco do Pleno do Consello Galego de Pesca.

Non sei..., porque, claro, falarlle ao señor Val... Mire, eu non veño aquí rir, nunca foi o meu estilo, sempre tomei moi en serio todos os problemas e todas as cuestións que ten o sector pesqueiro, e eu ao que veño aquí é a trasladarlle as conclusións dunhas xornadas que fixemos co sector pesqueiro. (*O señor Val Alonso pronuncia palabras que non se perciben.*)

Se vostede quere que fagamos balance, eu podo pedir a comparecencia, vir aquí e facer un balance; cando queira. Voulle dar soamente algúns datos para que vaia meditando

se quere ou non que teñamos ese debate de balance. Porque, mire, vostede dime que eu teño que dar conta dos máis de 6.000 postos de traballo que se perderon no mar. Ao mellor, tenme que explicar vostede por que, deses 6.000, 4.324 se perderon nos anos 2005 a 2009, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ou por que nos permisos de explotación de marisqueo a pé dos anos 2005 a 2009 se perderon 843, e de 2010 a 2015 297. Claro, cando un ten que facer balance, tamén ten un pasado. Polo tanto, oia, falar dos barcos con bandeira de Francia... Bueno, vostedes menos mal que só estiveron catro anos no Goberno, porque, neses catro anos, oito barcos se abandeiraron en Francia. Nos sete anos que gobernamos nós sete barcos, un por ano. ¡Home!, eu creo que as diferenzas entre un goberno e o outro están bastante claras.

Pero, se quere que sigamos falando de balance, tamén podemos falar. Díciáo moi ben o señor Balseiro: mentres gobernaban vostedes aquí, en Madrid a pesca saía prexudicada. ¡Home!, non, non... O que é medible non é opinable. Téño dito mil veces, dos anos 2005 ao 2012 perdéronse un 44 % de posibilidades de pesca. ¿Si ou non? ¿Vaime dicir que non? Non, bueno, perdéronse un 44 %. Pero, mire, voulle dicir que do ano 2009 a 2015, gobernando nós, o arrastre aumentou un 58 %; o palangre de fondo, un 92 %; no caladoiro Cantábrico noroeste, o arrastre aumentou un 23 %; o cerco aumentou un 55 %; en artes menores, aumentaron un 14 %, e as especies suxeitas aos TAC e cotas para artes menores supoñen o 12 % da facturación.

A min gustárame que na seguinte intervención o señor Fajardo, xa que o ten tan claro, me defina o que entende por pesca tradicional.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Rolda de aclaracións.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** A verdade é que intentei resistirme, pero non me podo resistir a empezar contestándolle a vostede, señor Balseiro, porque de verdade que é demasiada atractiva a súa intervención como para deixala así sen



contestala. Mire, di vostede mentiras como castelos, e queda tan ancho. Dixo vostede que mellorar o sector xa traía consigo mellorar as condicións dos mariñeiros. ¡Mentira! É que vostede parte dunha mentira absoluta. Non teñen nada que ver as condicións dos mariñeiros, a vida dos mariñeiros, con como vaia o sector directamente; pode ir o sector moi ben e os mariñeiros estar escravizados, non ten nada que ver. Por iso vostedes non entenden que iso dos beneficios empresariais e que as empresas vaian moi ben non repercute directamente nos traballadores como debera. De aí o seu inmenso fallo.

É certo, ten vostede razón: non falamos coa mesma xente do mar nin cos mesmos intereses empresariais, demostrárono coa conserva. Vostedes falan cunha parte da frota á que lle interesa unha determinada política e abandonan totalmente o resto.

Despois tamén debería de corrixirle a súa falta de decencia democrática, ou como queira chamarlle, cando fala de que os sindicatos só representan o 5 % do sector. E o Partido Popular non representa tampouco nada se nos atemos a canta é a poboación de Galiza, canta xente está afiliada ou vota ao Partido Popular. (*Murmurios.*) Ou para empezar... Si, señora, si, porque vostedes poden ter unha porcentaxe de votos dos votantes, pero hai moita xente á que non lles entusiasma tampouco. Polo tanto, a mesma valoración serve para os sindicatos que para... (*Murmurios.*)

Se quere entrar en diálogo, dialogo con vostede, pero estaba intentando falar co señor Balseiro, ¿vale? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois, para aclarar, *pídale la palabra al señor presidente. Quiere aclarar, déale la palabra para que aclare, porque los demás somos idiotas*, e tennos que aclarar as cousas a señora deputada do Partido Popular, ¿verdade?, que é a que entende moi ben, sobre todo, de xustiza social, de repartición da riqueza, porque o levan facendo moi ben... (*Murmurios.*) Bueno, señor presidente, voume marchar, que veña ela para aquí e que faga ela a intervención.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Un pouco de educación non viña mal. (*Murmurios.*) (*Risos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Pero, ademais, esa falta de rigor e esa falta de respecto á representación dos traballadores e das traballadoras son, dende logo, xa coñecidas no Partido Popular, e a clase traballadora xa non espera nada de vostedes, xa non espera nada de vostedes.

Pero tamén dixo vostede que se rexeitaron todas as iniciativas que presentou o Partido Popular para mellorar a situación do sector do mar. E eu dígolles: vostedes rexeitaron todas as iniciativas da oposición; nin sequera intentaron chegar a un acordo. Vostedes utilizan a súa maioría absoluta en plan absolutista sen importarlles nin o que pensa a maioría do sector nin o que pensa a oposición.

Remátaseme o tempo e quedan moitas cousas por dicir. Pero estamos en contra das cotas transferibles, si, porque só benefician os barcos máis podentes, porque non redistribúen a riqueza entre a nosa frota. E, polo tanto, seguen abandonando aqueles barcos que teñen menos cota e que teñen máis necesidade de ampliala.

Señora conselleira, no principio de estabilidade relativa dígolle: ¡benvinda! Di vostede: presentamos recurso ata o ano 2001, despois cansámonos e tivemos vacacións ata o ano 2009, porque o señor Aznar, que gobernou, nada fixo para mellorar a situación da frota galega. Vostedes, sempre balóns fóra.

Das noticias da prensa non me fío, evidentemente, pero leo as noticias da prensa e miro o que hai. Fíome moito menos das noticias da Xunta que saca na súa páxina web. En vez de dar e entregar documentación á oposición e á sociedade para que a valoren, vostede saca notas de prensa. E agora estamos aquí avaliando as conclusións que vostede sacou dunhas xornadas onde non hai unhas conclusións por escrito avaladas por todos os participantes. E, dende logo, eu sigo crendo no que din os sindicatos, de que non tiveron participación nestas xornadas.

E —xa remata o tempo—, dende logo, o único que me queda por dicir é que a frota galega perdeu capturas dende o ano 1986 ata agora, cando representaba o 3,65 % do total e hoxe representa o 1 %; que a nosa frota está de desguace, pois a maioría ten ben unha media de anos que supera os trinta anos e, polo tanto, é difícil que poidan competir con frotas moito máis actualizadas.

Íalles ler –non me queda tempo e non quero abusar do tempo–, pero recoméndolles que lean o texto da Lei de renovación e protección da frota pesqueira española de 1961, porque estamos na mesma situación que en 1961. Ao mellor, resulta que non fixeron os deberes en ningún momento, porque vostedes levan gobernando Galiza practicamente toda a democracia. Polo tanto, aí lles queda o traballo pendente, non teñen de que vangloriarse, teñen abandonado o sector, teñen abandonado –como dicíamos– a denominación de orixe. Falabamos o outro día da denominación de orixe dos produtos que van á conserva...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** ...do mexillón. Vostedes só apoian unha parte da industria, sempre están de parte e nunca esa parte é a parte máis feble.

Polo tanto, señor Balseiro, menos leccións e máis solidariedade.

Nada máis.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Fajardo.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Moi boas de novo.

Moi brevemente. Como non puideren atopar ningunha referencia en xenérico ao sabio, como fai o señor Balseiro, e si que fai algunha referencia a non sei que supostas capacidades para falar ou non, eu non sei se a vostede lle pasa o que lle pasou cando empezou a súa militancia no Partido Socialista; ao mellor alí tampouco o escoitaban e por iso acabou no Partido Popular. Ou simplemente é a súa ansia por medrar politicamente e dálle un pouco igual o partido onde acaba, e quen está en política simplemente vai adaptando o seu currículo, a súa afiliación a aquelas necesidades persoais. Pode ser a súa posición, non o sei, ¡eh! A verdade é que os grandes filósofos do mar como vostede teñen esas cousas: capacidade para moverse dun partido a outro sen ningún tipo de problemas. Pero creo que ese non é o tema da consulta nin o que nos trae hoxe aquí. (*Murmurios.*)

A segunda cuestión é a que ten que ver cunha mentira que se plantexa... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Podes interpelarme cando queiras, Rosa, sen ningún problema. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Si, claro, a Marea poderá subir e vai arrasar con todo, sobre todo co Partido Popular. Iso é algo que temos claro.

A segunda cuestión... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. Silencio.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Non hai que ter o xogo tan fino, pode ser un pouco máis...

A segunda cuestión é a falta de concreción da señora conselleira cando fala dos sindicatos. Mire, os sindicatos, teñan ou non afiliación, son representativos e, ademais, defenden unha parte dos traballadores. E, como defenden unha parte dos traballadores, eu voulle ler o que di simplemente un dos sindicatos sobre as súas xornadas. E di o secretario xeral, Ramiro Otero... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Afirmo descoñecer se o proceder de Quintana é unha tentativa de dinamitar o Consello Galego de Pesca ou simplemente asegurarse de que só vai escoitar voces amigas. Na misiva enviada polo sindicato, datada do 28 de abril, Otero anuncia que a presenza nesa xornada non foi debatida nin aprobada no seo do propio consello. Quéixase ademais de que tampouco se lles ofreceu a posibilidade de participar ás organizacións sindicais que –como digo– forman parte do consello. Polo tanto, cando digo que non participaron, non é cuestión que o invente eu, senón que as centrais din que si, que se lles pode convidar, pero non puideron participar nin puideron formar parte das mesas. Iso dino eles, non o digo eu; é unha realidade que está encima da mesa.

Porque, ¿cal é o obxectivo desta xornada? Pois ocultar a incapacidade da Consellería de Pesca para facer unha política

favorable para o conxunto de pescadores deste país, buscar un inimigo externo. Como vostedes son incapaces de facer política pesqueira acaída para a maioría social deste país, vostedes o que fan é buscar un inimigo externo e dicir que o problema é outro, o problema vén de Europa, da estabilidade relativa e das cotas e tal. Pero aquí tamén hai problemas provocados por vostedes; problemas provocados por vostedes pola mala xestión, pola falta de compromiso político e pola inoperancia dun Goberno que non pinta nada nin no Estado nin en Europa, e que non é capaz de acadar acordos que sexan beneficiosos para o noso conxunto do sector do mar.

E vostede dime se eu estou en contra da cotas individuais transferibles. Pois claro que si, teño que estar en contra por principios políticos. Porque a cota individual transferible significa que se concentran as posibilidades de pesca nunhas pequenas empresas, nun puñado de empresas, naquelas que teñen capacidade, e que ademais se exclúen das posibilidades de pesca a través deste mecanismo os pescadores independentes e os que teñen pouca capacidade.

¿Que queremos dicir con isto? Que este é un mecanismo que está, ¡vamos!, no día a día da cerna capitalista da súa formación, que é a acumulación de capitais de posibilidades de pesca. As posibilidades de pesca son públicas e teñen que ver co ben social, coa maioría do pobo, e vostedes o que queren é que soamente teñan capacidade de pesca aqueles que a poidan pagar. ¿E quen a pode pagar? Pois soamente un puñado de empresas e non os nosos pescadores tradicionais.

Eu dicíalle que se vostede non veu facer balance da súa desastrosa xestión, debía facer polo menos propósito de emenda de que vai facer no futuro. Pero eu aínda non escoitei nin unha soa proposta concreta sobre que vai facer, sobre as cuestións que afectan, e dunha forma moi importante, o noso sector: saneamento das rías, situación de como se vai mudar esa política de subvención ao desguace por unha política de subvención para que as persoas poidan –digamos– ter ingresos mínimos para as súas familias cando hai parálises das frotas, cando hai decisións para recuperar o stock de determinadas pesqueiras. Diso estamos falando. Pero, claro, tamén é certo –e eu díxeno– que non se pode tratar por igual segmentos que son desiguais, e nós cremos que o ten que haber é unha repartición xusta das posibilidades.

E vostedes determinan cal é o seu obxectivo. E deu un dato que, sen entrar a valorar se é certo ou non, porque eu creo que sobre os datos que deu vostede de incremento de posibilidades de pesca pois hai algunha falsidade –podemos falar despois–, vostede deu un dato que é significativo de a quen defenden vostedes e a quen non defenden vostedes: incremento de posibilidades de pesca da frota do arrastre, 58 %, e incremento de posibilidades de pesca da frota de baixura, 14 %. Esa é a realidade, vostedes defenden un sector e nós defendemos outro sector. E nós cremos ademais que esoutro sector ten moitísimas máis capacidades de dar empregabilidade neste país. E por iso cando dicimos que as posibilidades de pesca e como se debe xestionar a pesca deste país ten que ver co número de empregos que provoca cada tonelada descargada neste país, falamos dese tipo de cuestións. Evidentemente, tamén dende a convivencia.

E por iso preguntámoslle cal é o obxectivo e cal é a súa situación. E preguntárialle, por exemplo, que pensa vostede das reivindicacións que se fan desde a Costa da Morte, de establecer vedas para a pesca de arrastre e litoral, ou establecer exclusións a respecto da distancia da nosa costa. Esas son cuestións que hai que debater neste Parlamento e que vostede debería ter unha posición. Pídlle que dea esa posición porque é vostede quen veu comparecer, non eu para dar a miña visión de cal é a frota tradicional. Eu téño claro, está nosos documentos, está no noso programa electoral. Dígame vostede cal é a súa visión da pesca tradicional e cal é a pesca tradicional deste país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fajardo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rodas.

**O señor RODAS CHAPELA:** Bueno, xa vimos que a capacidade de argumentación é ben escasa para marcar o rumbo do futuro, porque o pasado é tremendamente demoledor, pero encima a señora conselleira vén aquí e manipula sutilmente porque, efectivamente, isto foi aprobado no Consello Galego de Pesca, pero as xornadas foron montadas pola súa Consellería para, dalgunha maneira, lavarlle a cara do fracaso e da contestación sobre todo que tivo por parte do propio sector. Pero manipula ata o punto de que de toda a miña

intervención o único argumento que esgrimiu aquí foi o do xeito, que o xeito non ten cota. Non sei entón as 200 toneladas que ten asignadas, que reparte por meses e por embarcacións, non sei a iso como lle chamamos.

Pero a cuestión de fondo das xornadas plantexa unha serie de cuestións que me gustaría volver reincidir, como que vostede fala de apostar polo diálogo e escoitar o sector. Tivo sete anos de oportunidades e mire onde está o sector do cerco tres anos despois, con mobilizacións e acampadas continuas; ou mire onde están as mesas de diálogo da volanta, que recentemente acababan outra vez de escenificar o gran fracaso desas mesas de diálogo; ou mire a contestación do Anteproxecto de lei de acuicultura. Esa é a realidade da súa capacidade de liderado.

Pero o que é espectacular é que vostede vén aquí e di que non pode ser que a unha frota lle sobre cota e a outra lle falte. Vamos, pero isto é o que vén denunciando o sector durante todos estes anos. E aí a cuestión é: pero durante estes anos ¿que criterio defendeu vostede? Se é o que está plantexando, por exemplo, Acerga: unha repartición baseada en criterios socioeconómicos que permita a viabilidade da frota e que permita manter os postos de traballo. E aí si que houbo iniciativas. Por exemplo, houbo iniciativas por parte de Asturias, houbo iniciativas por parte de Acerga, denunciando o plan de xestión do Cantábrico Noroeste. ¿E vostede onde estivo?

E, sobre todo, isto serviu para escenificar a súa renuncia a batallar contra o principio de estabilidade relativa. Pero é que ademais aquí tamén volve vostede manipular, porque, en realidade, o Instituto de Estudos Europeos Salvador Madañaga o que deixa meridianamente claro é que este é un problema de ámbito político; un problema político onde debe escenificarse a capacidade que ten este país, que ten o seu Goberno e que ten o seu propio Estado para botar abaixo ese modelo tan discriminatorio, e que ademais agora na aplicación dos descartes aínda vai ser moito máis demoledor.

Pero evidencia a mesma renuncia que no 2004, cando foi coa renovación da PPC. Vostede tamén daquela tiña comprometido batallar e modificar e facer unha nova PPC moito máis racional, moito máis xusta, e vostede non fixo absolutamente nada. Pero igual que non fixo absolutamente nada cando Acerga lle deu a oportunidade de que respaldara a ini-

ciativa que levou ela. E ao final pois a conclusión é que leva dende o ano 2009 encargando estudos e pouco máis.

Pero despois vén aquí, écheselle a cara co falar de unidade do sector, pero é que o seu dogma é: sempre hai xente a favor e sempre hai xente en contra, que o sector se poña el de acordo, e acaba vostede adoptando unha posición que beneficia sempre aqueles armadores que teñen máis posibilidades financeiras ou aquel sector que ten máis intereses económicos. Vexámolo no mexillón ou vexámolo en calquera das frotas. Polo tanto, vostede xustamente fai o contrario do que agora nestas xornadas di que vén publicar.

Pero despois o que é xa espectacular é que nos veña vender unha milonga de que vai apostar polo relevo xeneracional, cando vostede é a responsable, co cambio de aplicación do modelo de repartición transformado en individual, de que todos aqueles xóvenes que durante o período da crise se incorporaron á pesca e compraron embarcacións, vostede acaba de arruinalos. E agora vostede vén aquí falarnos de que realmente vai contribuír a isto. Pero, vamos, creo que tarde chega e que isto unicamente é unha escenificación para esa contestación tan grande que existe por parte do sector, que xa a considera a vostede como que non é a interlocutora válida, que chega tarde.

Polo tanto, para que haxa futuro e para que haxa un rumbo novo é imprescindible cambiar o modelo. Un modelo que dende o BNG vimos defendendo como un modelo moito máis xusto que é aquel que ten en consideración pois a viabilidade de todas as unidades operativas, pero, sobre todo, que ten en consideración o mantemento de todos os postos de traballo. E vostede, desde logo, xa non é a interlocutora.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Val.

**O señor VAL ALONSO:** Grazas novamente, presidente.

Eu, a verdade, é que lle sigo dicindo, señora conselleira, que foi unha pena que non renunciase vostede ao turno de réplica, porque nada novo nos aportou, máis alá de discutir

se quen estivo neses mesas eran os sindicatos ou non, e discutir se vén facer balance ou non. E eu o que lle pido é un pouco de rigor. Sei que ao señor Balseiro é difícil de pedir-llo, pero a vostede pídolle un pouco de rigor. Porque vir aquí dicir que, efectivamente, aumentaron exponencialmente as cotas sen falar de como estaba a situación das pesqueiras no ano 2005, que vostede era coñecedora de que había plans de recuperación da pescada, da cigala, do rape, do bocarte, etc., e que loxicamente despois de estar sometidas a un plan de recuperación aumentan as cotas, pois a verdade é que é utilizar a demagogia desde a tribuna do Parlamento. Esa é a realidade, señora conselleira, e vostede sábeo perfectamente. Non pode vir aquí falar dese aumento de cotas obviando como estaban as pesqueiras no ano 2005.

E, realmente, pídeselle rigor tamén para abordar e afrontar os problemas que ten o sector. Porque, mire, xa non vou entrar a discutir que se aumentaron as posibilidades de pesca, pero é que existe un problema moi importante á hora de fixar os criterios de repartición desas posibilidades de pesca. E mentres vostedes non sexan capaces de recoñecer e de afrontar esa situación, verémonos en casos como os que todos coñecemos: o cerco nun problema moi grave, moi grave de falta de posibilidades de pesca, a volanta exactamente igual e a frota de baixura comprometida con especies sometidas a TAC, que son moitas veces capturas accidentais e que non van poder descargar. Esta é a realidade, señora conselleira.

E o que é triste é que veña vostede aquí hoxe, despois de sete anos, despois de sete orzamentos, de 1.000 millóns de euros xestionados por vostede, por vostede e polo Goberno do Partido Popular, e non sexa capaz de dar conta deses problemas que están afectando a nosa frota. Porque a xente non se manifesta porque queira, porque a xente non sae á rúa protestar contra vostede e o seu Goberno porque o estea pasando ben; non, faino porque está nunha situación acuciante, señora conselleira. E vostede hoxe ten os narices de vir hoxe aquí falarnos de rumbos de futuro sen saber aínda no punto no que estamos de partida. Eu creo que a xente sabe perfectamente onde estamos.

Eu díxenlle antes: IGE –consulte a páxina–, dende o ano 2009 ata hoxe, 4.500 empregos menos no réxime especial do mar; datos do IGE, señora conselleira. E hoxe vén unha información moi significativa ao respecto nun medio de

comunicación que fala desa perda de número de empregados no mar.

Polo tanto, eu antes describinlle media ducia de situacións e de problemas que afectan o noso sector produtivo; cuestións que vostede pasou por alto e nin tan sequera foi quen de dar resposta. Eu podería nomearlle outras tantas nesta segunda intervención:

Poderíamos falar da contaminación microbiolóxica que afecta as nosas augas e dos problemas que está a causar aos usuarios.

Non vou falarlle aquí do que lle aconteceu a catro membros da confraría de Barallobre hai poucas semanas, que están pasando por un trago que non lle recomendo a ninguén, e xustamente pola deixación de funcións do seu Goberno, señora conselleira. Iso é así, xa llo describín a semana pasada na Comisión de Pesca. Non pode ser que haxa zonas limítrofes que están... Si, iso é así, señora conselleira, o que hai é que ser máis responsable e non vir aquí botarlles a culpa aos demais e dicir que están sacando cousas que non poden sacar cando a realidade e quen determina de onde poden extraer son vostedes.

Ou poderíamos falar do seu posicionamento en canto ao sector do mexillón e da súa aposta pola DOP.

Vostede na súa primeira intervención falou de unidade. Xustamente todo o que non fixo durante estes sete anos, pois dedicouse a dividir o sector do cerco, foi capaz vostede de fomentar a creación dunha nova asociación para enfrontar con Acerga.

No sector do mexillón exactamente igual, señora conselleira: vostede alenta a que sexa o sector o que se enfronte entre el, en lugar de ser vostede a quen sente o sector nunha mesa e se poñan a falar para potenciar unha DOP, que, sen dúbida, é unha ferramenta fundamental para o desenvolvemento e para a valorización do produto. Iso é o que tería que falarnos e dar conta do que está facendo.

Todos sabemos e os representantes do sector saben cales son os seus problemas, e saben que están en estabilidade relativa e na falta de posibilidade de peca. O que non viu vostede aquí dicirnos é que foi o que fixeron durante estes

sete anos. Punto de partida: sete anos despois do inicio do seu goberno.

Mire, eu creo que tiveron tempo dabondo vostedes para tratar de dar resposta a todas e a cada unha destas situacións. Polo tanto, eu creo que xa non serven máis esforzos para vir aquí ao Parlamento de Galicia intentar salvar a cara. Vostede xa ten o que quere: mañá sairá na prensa dicindo que, efectivamente, vostede se reuniu co sector e van trazar o rumbo de futuro. Pero, en realidade, os problemas que están acuciando o sector pesqueiro galego, principalmente a baixura, o cerco, o sector do mexillón e o marisqueo, están aí e son coñecidos de sobra por todos e cada un dos representantes.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Val.

Grupo Parlamentario Popular, señor Balseiro.

**O señor BALSEIRO OROL:** Moitas grazas, señor presidente.

Eu tampouco lle vou pedir rigor ao señor Val; digo rigor político, ¡eh!, persoalmente, como comprenderá, non teño nada que dicir de vostede. O rigor político de vostede defíneno moi ben na súa vila natal de Foz ou na súa comarca da Mariña, aí xa o definen perfectamente, o cal eu tampouco llo vou pedir desde a tribuna do Parlamento.

Si lle teño que dicir algo á señora Martínez. Dicir que as ganancias no mar dunha empresa non inflúen para nada nun mariñeiro é igual que dicir: vostede non sabe absolutamente nada dese sector. Porque eu non sei se sabe vostede que unha gran maioría aínda do sector pesqueiro anda á parte; se non lle quere chamar á parte, chámelle opinión, e en función do que ganen así cobran. E se aínda encima rebaixamos os gastos, como é o caso, por poñerlle un exemplo, no ano 2009 como estaba o gasoil e como estaba agora, pois claro que hai máis ganancias para os mariñeiros. Dicir iso –comprenderá– é igual que non dicir nada.

Señora conselleira, faláronlle a vostede de que vostede estaba privatizando o mar. Mire como privatiza vostede o mar, mire o que di aquí un medio de comunicación, di: “*Los mariscadores proyectan explotar tres antiguos parques privados, que pasan a ser públicos tras regeneralos*”. (*Mur-*

*murios.*) Así é como o actual Goberno de Galicia, na ría de Burgo, na Coruña... Exactamente, xa sabía que vostede non lera isto porque de estar informado non tivera dito o que dixo. *(Aplausos.)* Por iso, señora conselleira, así é como este goberno privatiza o mar.

E ¿que van dicir aqueles que o 13-6-2012 votan no Parlamento en contra do ditame unitario de Galicia sobre a nova política pesqueira común?, ¿que van dicir os que o 28-3-2012 votan en contra no Parlamento sobre a supresión do principio de estabilidade relativa e o cambio de modelo dos TAC e das cotas? O mesmo que hoxe reclaman, o 28-3-2012 votárona en contra. ¿Que van dicir aqueles que o 13-2-2013 votan sobre a modernización da normativa sobre as tripulacións mínimas?, ¿que van dicir aqueles que o 27-3-2013 votan sobre a flexibilización dos descartes?, ¿que van dicir aqueles que o 11-2-2014 votan en contra para promocionar os produtos pesqueiros no exterior?, ¿que van dicir aqueles que o 17-9-2014 votan en contra da axilización dos recoñecementos médicos para os mariñeiros?, ¿que van dicir aqueles que o 20-4-2016 votan en contra sobre o Plan estratéxico da conserva?, ¿que van dicir aqueles que o 29-3-2006 non apoian sobre a cotización variable a figura social da pesca de baixura? e ¿que van dicir aqueles que o 10-5-2006 votan en contra sobre a repartición de cotas sobrantes? Esa é a oposición que temos, que fóra do Parlamento di unha cousa e no Parlamento di outra.

Como comprenderá, con esta carta de presentación, chégase a calquera porto pesqueiro, a calquera organización pesqueira, e preséntaselle esta carta de presentación e dise así: esta é a oposición que temos en Galicia e esta é a oposición que temos no Parlamento de Galicia, e esta é a posición que temos do sector pesqueiro; non porque o diga o Partido Popular, nin non porque o diga a Consellería, senón porque está recollido no *Diario de Sesións* desta casa. Esa é a oposición, esa é a carta de presentación de calquera partido; para o Partido Popular, esta é a oposición, a mellor que houbo. Por iso, señora Soneira, oxalá, se vostede está na próxima lexislatura, o seu grupo tome unha gran decisión, que é volver poñela a vostede portavoz de Pesca, porque será a única forma, señora Soneira, *(Aplausos.)* de poder chegar a algún acordo.

Ao señor Rodas non lle podo dicir igual, porque o señor Rodas díxolle, señora conselleira, que vostede fora preparando o petate. Pero visto, señor Rodas, como está o seu grupo, o petate non sei os que o temos que preparar ou non

preparar, pero vostede, sen lugar a dúbidas, é un candidato a preparalo. ¡Váiao preparando ben!

E, ademais, faláronlle, señora conselleira, de todo; faláronlle tamén neste caso dos desguaces. Bueno, ¿e que nos din dos desguaces, que cando máis despezaementos houbo foi durante os anos 2005-2009, pois despezaron vostedes 538 buques? ¿Sabe cantos despezaou o Partido Popular no período 2009-2013? Uns 248, un 54 % menos do que despezaron vostedes...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BALSEIRO OROL:** ...E daquela vostedes aplaudían. Pero o problema —e remato, señor presidente— non era o que despezaron, o problema é que xa vostedes nos sacaran os galegos de onde nos sacaron e o que prevían despezar. E o que prevían despezar vostedes era nada máis e nada menos para os anos sucesivos un 93 % máis do que leva despezaado o Goberno do Partido Popular. E saben vostedes perfectamente...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BALSEIRO OROL:** ...que houbo por que reducir frota, porque cando entramos onde entramos, entramos cunhas condicións á metade do que tiñamos que ter entrado, neste caso cando entramos na Unión Europea, porque tiñamos unhas posibilidades de pesca do 8 % e tiñamos unha frota que representaba o 14 %.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Balseiro.

Peche da comparecencia, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señorías.

A verdade é que eu xa estou acostumada a, cando un sae do Parlamento e fala co sector, ver que algúns representantes da oposición lle din a cada un o que quere oír. O que me parece moito máis duro é que iso ocorra tamén aquí no Parlamento.

Dinse determinadas cousas, de que eu divido o sector, que me canso de dividir e dividir en lugar de unir, e quen está intentando dividir o sector, polo que transmite aquí nesta Cámara, é precisamente cada un dos representantes do sector que sae a falar. ¿De cando acá se me pode acusar a min de defender máis unha parte do sector ca outra? Para min é tan sector o arrastre como o palangre, como as artes menores, como o marisqueo, como a acuicultura, como a industria, porque todos forman parte da cadea mar-industria. E que estean todos xuntos sempre foi bo para Galicia, e seguirá sendo tamén bo no futuro para Galicia que estean todos xuntos. O que non vén a conto é estar creando entre uns e outros enfrontamentos, e iso o sector deixouno ben claro nesas conclusións ás que vostedes hoxe parece que non lles prestaron moita atención. E eu fareilles chegar por escrito as conclusións, que están avaladas polo Pleno do Consello Galego de Pesca —como lles dixen na miña primeira intervención—, soamente con seis engádegas ás conclusións que nós fixemos.

Cando a un lle din que fai estas xornadas porque saíu xente á calle pedindo a miña dimisión é que me coñece ben pouco, ou é que está intentando ocultar o tempo que levo eu traballando na Consellería de Pesca, non só dende que son conselleira, senón nos outros postos de responsabilidade que tiven. Pero dende o ano 2009 ata o de agora, eu pódolle dicir, así por aproximado, que máis de dez xornadas se levan feito na miña consellería, e precisamente soamente despois da manifestación unha, é dicir, que as outras se fixeron antes de que houbera ningunha manifestación.

O consenso, busqueino sempre, e proba dese consenso está o Decreto de artes e aparellos de pesca, 58 reunións. Proba dese consenso está a Lei de pesca, cun ditame unánime do Pleno do Consello Galego de Pesca. E proba diso está o criterio unánime cun ditame da postura de Galicia, da súa Administración pesqueira, porque non se puido obter do Parlamento, pero si da súa Administración pesqueira, e de todos os representantes do sector, de todos, dende a industria aos comercializadores, ás mariscadoras, a todos os diferentes estamentos da frota. Ditame, unanimidade para dicir: Galicia quere isto para o futuro da súa pesca.

E fronte a eses consensos, ¿que temos?, ¿que me vén criticar a min aquí quen foi capaz de aprobar un Plan de acuicultura con máis de mil alegacións? ¿Iso é consenso? ¿Como

se pode criticar a uns porque si e a outros porque non? ¿Como se pode dicir que eu estou en contra da denominación de orixe do mexillón cando empezamos a traballar nós a denominación de orixe do mexillón no ano 1998? ¿Como se pode dicir que eu defendo a postura da industria cando non tiver nin unha soa xuntanza coa industria e tiver moitas coa inmensa maioría dos bateiros que non se senten ben representados dentro do Consello da Denominación de Orixe do Mexillón?

¿E que é o que estou intentando? Que se entendan todas as partes. Non pode ser posible que Galicia defendera ante a Unión Europea a necesidade de contar cunha denominación de orixe para protexer o noso mexillón, e agora que quede fóra desa protección o 90 % do mexillón que se produce en Galicia. Algo nos pasa e algo teremos que facer. E dende a Administración estamos facendo o que temos que facer, buscando que se entendan todas as partes, porque o único que non estou disposta a consentir é que se perda a posibilidade de que todo o mexillón que nace en Galicia, que se cría en Galicia, que se cultiva en Galicia e que se comercializa en Galicia perda o nome de Galicia. Iso non o vou consentir. *(Aplausos.)*

Queríamos unha nova política pesqueira común máis xusta, e conseguímolos. Dende Galicia fomos quen todos xuntos, o sector e a súa Administración pesqueira, de conseguir que se flexibilizaran os principios que tiña a anterior comisaría, a señora Damanaki, onde dicía que había que adquirir o rendemento máximo sostible no ano 2015, e nós puxemos a posibilidade desa flexibilización ata o ano 2020 se era posible. Consequimos que, por primeira vez dende que formamos parte da Unión Europea, na política pesqueira común, nos regulamentos que a desenvolven se fale en igualdade de condicións dos criterios sociais e económicos.

E o que non me vale, señor Val, é que se fale das volantas e do cerco cos criterios de repartición. E non me vale que me digan que non nos valen os criterios de repartición, porque Andalucía na zona IX levou o 90 % do boquerón. Porque o mesmo din os andaluces, que con eses criterios de repartición Galicia levou o 98,7 % das posibilidades de pesca do xurelo, cos mesmos criterios.

O que non podemos, señor Rodas, o que non podemos, señor Val, o que non podemos, señor Fajardo, é manter unha posición e a súa contraria, porque iso significa que nalgún momento a alguén a quen lle dixeches que non, vas telo de

fronte. E eu o que necesito ter é os criterios que favorezan a maior cantidade da nosa frota.

Non me vale que se diga que o sector vaia ben non quere dicir que os mariñeiros vaian ben, porque esa frase significa que non se coñece o sector pesqueiro galego. Esa frase quere dicir que non se sabe que dos 4.800 barcos que dispón porto base en Galicia, máis de 3.900 son frota de baixura. E se a frota de baixura vai ben, a pesca vai ben. E se a pesca vai ben, os mariñeiros van ben, porque son parte esencial desa nosa frota. *(Aplausos.)*

Eu non me veño vangloriar das xornadas que fixen, non; veño defender o traballo que estamos a facer, e seguirei nesa liña. Non enganarei nunca a ninguén. E non enfrontarei nunca o arrastre coa baixura, porque o arrastre é parte fundamental da nosa frota pesqueira e a baixura é parte fundamental da nosa frota pesqueira.

E para o señor Fajardo, que me parece que anotou mal os datos, vólvollos ler. Comparativa do ano 2009 ao 2015: arrastre Gran Sol, aumento 58 %; palangre de fondo no Gran Sol, aumento 92 %; frota do caladoiro Cantábrico-Noroeste, arrastre aumento un 23 %, cerco un 55 %, artes menores un 14 %. Saiba vostede que para artes menores soamente o 12 % da súa facturación está suxeito a TAC e cotas de especies da Unión Europea.

E, señor Fajardo, teña moito coidado coas definicións que dá, como a de pesca tradicional, porque pesca tradicional tamén o é o arrastre, que leva máis de cen anos traballando. Iso é unha cousa: confundir pesca tradicional con pesca de artes menores.

Xuntémonos e definamos ben as cousas, pero, dende logo, en min só encontrarán unha persoa que queira defender todos os eslabóns da cadea mar-industria.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplauso.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis e trinta minutos.

*Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e tres minutos da tarde e retómase ás catro e media da tarde.*



**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.

Reiniciamos a sesión.

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Política Social, por petición propia, para informar sobre a nova Axenda Social**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o conselleiro de Política Social.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi boas tardes.

Comparezo, por petición propia, para esbozar as liñas xerais da nova Axenda Social de Galicia. Trátase de dar un novo impulso ás políticas dirixidas ás persoas e ás familias con menos recursos, e facelo, ademais, dende o diálogo, o consenso e a vontade de colaboración co resto de administracións e cos axentes sociais. A loita contra a pobreza e o apoio á xente máis vulnerable debe construír un dos eixos de actuación principal de calquera administración responsable. Dende a Xunta de Galicia, xunto coa implicación de toda a sociedade, temos a obriga de impulsar accións destinadas a loitar contra a exclusión. E nesta liña temos avanzado dende a creación da Consellería de Política Social; primeiro –como xa se dixo aquí–, dotando a inclusión social dunha dirección xeral propia; en segundo lugar, incrementando os recursos desa dirección xeral nun 25 % para esta anualidade de 2016; e, en terceiro lugar –e non menos importante–, intensificando o diálogo e a colaboración cos concellos e cos axentes sociais aos que debemos destinar máis recursos para entre todos facer unha mellor política social, especialmente cando falamos dos máis necesitados.

Agora queremos dar un paso máis coa presentación e posterior aprobación da nova Axenda Social, que trata de responder ás novas necesidades e realidades sociais existentes. Realidades sociais que cambian co tempo, que inclúen novas fórmulas de colaboración, que inclúen cousas que a sociedade nos di que temos que atender. En segundo lugar, é unha axenda baseada nos principios de cooperación e coordinación entre as administracións. É o resultado do traballo conxunto da Xunta de Galicia e dos concellos, dos concellos individualmente e dos concellos asociados a través da Fed-

ración Galega de Municipios e Provincias. Trátase de coordinar esforzos para tecer unha rede de apoio que nos permita combater a exclusión social de moitos colectivos, e moi especialmente dos máis vulnerables. Creo que é unha asignatura pendente definir os marcos de colaboración entre administracións para que non repitamos accións e sexamos capaces de coordinalas un pouco máis entre todos.

A axenda reflicte, así mesmo, o compromiso de responsabilidade de todos de cumprir coa lexislación que nos demos en materia social. A axenda ten que ser un instrumento para facer realidade as medidas previstas na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Na normativa galega, con base nas nosas capacidades de autogoberno, compartimos a Comunidade Autónoma de Galicia e as corporacións locais competencias en materia de servizos sociais. Esa ten que ser a nosa folla de ruta de actuación, compartir competencias e, polo tanto, coordinarnos mellor no exercicio desas competencias e no exercicio das diferentes accións que desenvolvemos.

E outra pata fundamental desta axenda, pola súa participación moi intensa na mesma, foi a participación da Rede Galega de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN Galicia), organización da que forman parte máis dun centenar de entidades que traballan para defender os dereitos das persoas en risco de exclusión social e en risco de pobreza. Esta plataforma leva anos traballando en Galicia, en España e a nivel europeo co obxectivo de ampliar o coñecemento de administracións públicas, medios de comunicación e axentes sociais sobre o fenómeno da pobreza e a exclusión social. Nesta axenda seguimos as indicacións desta rede en canto a como afrontar a loita contra a exclusión dende o que lle chaman “os tres ces” –é un termo acuñado pola rede–: o “c” das causas que a provocan, o “c” dos compromisos de todos os sectores implicados e o “c” da coordinación.

Señorías, unha das principais medidas de protección que existen na nosa comunidade para combater as situacións de pobreza e exclusión social é a Renda de Inclusión Social de Galicia, a Risga, polo momento a única renda existente en Galicia para combater situacións de pobreza. Como saben, a Risga require atoparse en situación de desemprego e ademais exige ter uns ingresos da unidade de convivencia por debaixo de cantidades que oscilan entre os 5.600 euros/ano, no caso dunha unidade familiar formada por dúas persoas, e

os 8.600 euros anuais, para unidades familiares compostas por máis de seis membros. Pero existen casos en que, aínda que non cumpran cos requirimentos para percibir a Risga, teñen necesidades ás que temos que dar resposta. Son aqueles que, tendo emprego, presencian carencias na súa situación vital e, en consecuencia, son vulnerables en termos de desigualdade, pobreza e exclusión. Urxe neste contexto a necesidade de activar medidas dirixidas a atender estas familias que rexistran actividade económica e baixos ingresos e que, por diversas razóns, non acceden aos dispositivos de axuda de inclusión. E ¿quen son estas familias? Tal e como se recolle na Estratexia de Inclusión Social, estamos a falar de familias con menores de 16 anos a cargo e con ingresos de traballo inferiores aos establecidos na Risga. É precisamente a estas familias ás que se dirixe de maneira prioritaria a batería de medidas que aparecen na nova Axenda Social de Galicia. En concreto, temos contabilizadas un total de 36.062 familias, 36.062 fogares que aparecen nesta situación, dos cales, ademais, paréceme moi significativo salientar que 8.269 son fogares monoparentais.

Polo tanto, ¿que imos desenvolver conxuntamente co resto de administracións? En primeiro lugar, medidas de apoio á renda. Xa comentei o caso da Risga, o compromiso do Goberno de Galicia de que a Risga se siga a tramitar sen retrasos, como estamos a cumprir neste momento, coa consignación económica necesaria para facer fronte a que todos aqueles que acreditan o seu dereito poidan tela no prazo de dous meses, que é o regulamentariamente establecido. Neste momento temos un prazo de trinta días; polo tanto, estamos outorgándoas dentro dese prazo dunha maneira bastante razoable.

Quero darlles tamén o balance do ano 2014: 47 millóns de euros en renda de integración social de Galicia; 47 millóns de euros dos orzamentos da Xunta, polo tanto, de todos os galegos e de todas as galegas, que permitiu ter un total de 13.958 beneficiarios en Galicia. Voulles dar outro dato tamén significativo, por cidades, do investimento a través da Risga e, polo tanto, do número de familias en cada unha das cidades que teñen esta renda. A primeira cidade é Vigo, con 2.787 beneficiarios e un investimento de 10,9 millóns de euros; a segunda cidade, A Coruña, con 1.416 beneficiarios e 5,8 millóns de euros; seguidas de Ourense, con 918 e 3,4 millóns de euros de investimento; Lugo, 843 e 3,1 millóns de euros; Ferrol, 469 e 1,9 millóns de euros; e

Pontevedra, 273 familias e 1.053.000 euros; e o resto de lugares ata chegar, polo tanto, a eses 47 millóns de euros.

Temos tamén as axudas de inclusión social e existen as axudas de carácter municipal de emerxencia social que regulamos nesta nova axenda para que teñan unha maior axilidade nos casos onde directamente non chega a Risga por temas de tramitación administrativa ou ben por non adaptarse a algúns dos requisitos existentes neste momento.

Temos un segundo bloque de medidas que son medidas de abordaxe da pobreza enerxética. Coñecen perfectamente a medida do ticket eléctrico e o programa para evitar os cortes de subministración da Consellería de Economía, Emprego e Industria. A Xunta concede a familias con menores ou discapacitados a cargo, con ingresos inferiores ao 1,5 do IPREM, axudas de 180 euros a 300 euros para o pagamento de gastos de factura eléctrica. E igualmente se puxo en marcha no 2016 unha nova medida dirixida a familias cuxos ingresos totais non superen o IPREM, e que consiste no pagamento, á solicitude da persoa interesada, de ata dúas mensualidades de electricidade ao ano por importe de 200 euros para evitar precisamente os cortes de subministración. Na axenda propoñemos, ademais, complementos con carácter municipal a estas dúas axudas existentes, constatando que xa moitos concellos con cargo aos seus orzamentos están, a través de axudas de emerxencia, axudando nesta medida.

Tamén somos conscientes da sobrecarga de traballo que as medidas deste tipo teñen para os servizos sociais básicos, por iso comentarei a continuación as medidas que temos previstas para alixear este traballo, tanto en materia de renda, de tramitación da Risga, como en materia de combater a pobreza enerxética das familias galegas.

En terceiro lugar, está o bloque de medidas, que tamén coñecen, de atención á inclusión residencial que puxo en marcha a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, con algunhas novidades, como a posta á disposición para concellos de vivendas desocupadas, a ampliación do Programa Reconduce ampliando os beneficiarios a aqueles non soamente que o son como consecuencia de débedas hipotecarias senón tamén aos que o son como consecuencia de débedas de aluguer, que é o fenómeno que está repuntando neste momento e tendo en conta que está baixando o de débedas hipotecarias, así como a posibilidade por parte dos concellos

de complementar en materia residencial este tipo de axudas e articular un servizo de atención urxente que se encargue de coordinar o sistema de servizos sociais con outros sistemas para abordar, en primeira instancia, situacións de desprotección imprevistas nun horario complementario ao funcionamento dos servizos sociais comunitarios básicos e aloxamento de urxencia.

Complementábase con outras medidas, programas e proxectos de inclusión social o incremento xa anunciado e xa pactado coa Fegamp para todos os concellos de Galicia do servizo de axuda no fogar, unha verdadeira rede que incrementamos dunha maneira notable para evitar as listas de espera deste servizo nos concellos. Temos xa autorizadas un millón de horas máis de atención aos galegos e galegas polo Consello da Xunta. Xa digo, están xa en poder dos concellos estes aumentos para que comecen a aplicalos a partir do 1 de xuño deste mesmo ano.

Nas accións de abordaxe da pobreza infantil temos xa asinados convenios coas sete principais cidades de Galiza. E está o apoio á contratación de persoal especializado para os servizos sociais municipais e o reforzamento destes servizos, e medidas dirixidas tamén a entidades de iniciativa social e de colaboración con outros axentes.

Polo tanto, novos programas: programas de intervención coa infancia e as súas familias; programa de axudas para o pago de medicamentos a aquelas familias que, non encontrándose en situación de Risga, estean no público diana desta axenda; e algúns programas dos que temos falado cos concellos e que faremos efectivos neste mesmo ano. O primeiro é o Programa de educación e apoio familiar. Trátase dunha nova liña de aportación económica que permitirá a contratación de 28 profesionais en educación familiar, que é a carencia máis importante que neste momento teñen os servizos sociais básicos, o traballo coa familia e o traballo coa infancia.

Despois, na parte habitual dos servizos sociais, teríamos dúas medidas que se complementan: a primeira, o reforzo dos equipos profesionais do Plan concertado financiando 38 novas prazas de traballadores sociais e financiando tamén 15 novas prazas de titulados superiores. Deste xeito, a Xunta pasaría a financiar directamente 500 traballadores sociais fronte aos 462 actuais, e 43 titulados superiores fronte aos 28 actuais, *(Aplausos.) (Murmurios.)* ademais de trasladarlles aos

concellos o incremento orzamentario que tivo a Consellería de Política Social. Como saben, a Consellería de Política Social tivo un incremento orzamentario do 12 % e incrementamos o financiamento do Plan concertado dos traballadores, que xa tiña asumido a Consellería, dos concellos –exactamente tamén nun 12 %–, para trasladarlles aos concellos a recuperación das contas públicas do Goberno de Galicia.

Outra terceira pata, tamén moi importante, en persoal de servizos sociais básicos é a Rede Galega de Atención Temperá. Coa nova liña de subvencións para entidades locais poderemos contratar a 36 novos profesionais para pasar de 6 unidades de atención temperá a 18 unidades de atención temperá en Galicia. Parécenos totalmente prioritario traballar con máis intensidade nos nenos de 0 a 6 anos, porque o seu tratamento rápido pode evitar moitos problemas de futuro.

Tamén unha nova liña de axuda para os concellos é o investimento en centros de emerxencia e inclusión social. Por primeira vez, nas próximas semanas o Consello da Xunta aprobará esa orde que financiará esa actuación.

Todas estas actuacións teñen unha aportación económica por parte da Xunta de Galicia de 162 millóns de euros; os programas previstos con concellos e con entidades sociais relacionadas coa inclusión social, máis de 30 millóns de euros con respecto ao que existía neste momento. Trátase, en definitiva, de coordinar esforzos, conscientes de que, mentres haxa unha persoa que padeza unha situación de exclusión, non seremos quen de falar dunha sociedade en igualdade real e efectiva.

A implicación de todos é fundamental. Cremos que cómprase sumar os esforzos da Xunta, dos concellos, das entidades sociais, dos axentes sociais e das deputacións, ás que deixaremos tamén a porta aberta para que participen no deseño e desenvolvemento desta nova Axenda Social de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Fernández Rodríguez.

**A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Boa tarde, señor conselleiro. Acabo de escoitalo e nótase que temos á volta da esquina as eleccións. Estamos escoitando fermosas frases que máis semellan slogans publicitarios para atraer un pouco a atención, coma se foran rótulos ou luminosos das tendas para velos lonxe, para poder ver o escaparate, pero que non nos deixan ver o contido.

Vostede saberá, seguramente, que a súa consellería traballa con material moi sensíbel. E agora a Xunta quere facer unha gran carreira porque non tratou co debido xeito a todas as persoas e colectivos que se atopan dentro das áreas que engloba a súa consellería.

Galiza é unha terra que está desolada pola crise económica, polo avellentamento, pola fuxida das persoas novas buscando traballo, por non ofrecer calidade a outras xeracións que nacen, e onde deixamos a máis de medio país esmorecendo ata quedar deserto. Así, falamos de grandes actuacións, cando imos aproximándonos á liña de meta, porque hai que lucirse, cando ata este momento negamos os dereitos.

Hai piares sociais que non se deben tocar e que se deben preservar, sobre todo en épocas de crise, máis parece que iso non interesa. O único demostrábel é que cada día se agudiza máis a diferenza social de clases. Iso si, agora escoitei moitas veces repetir as palabras “colaboración” e “cooperación”. Evidentemente hai que traballar, e en conxunto, con todas as consellerías, para poder solucionar os grandes problemas estruturais, pois, se non, non vai ser nada. Agora si imos botar a casa pola fiestra, cun aumento de orzamento. Vostede cando chegou á Consellería prometeu que ía aumentar o 12 % con respecto ao anterior exercicio, que vai un pouco para impulsar o tema demográfico, ese gran problema, as accións para a xuventude, a terceira idade e a cohesión social e territorial. E vemos que a taxa de risco e de pobreza ou exclusión social en 2014 está en torno a uns 23,8 %, que serían máis de 600.000 persoas. E, por outro lado, Galiza ten un 3,5 % da súa poboación en situación de pobreza severa, que veñen a ser case 100.000 persoas. Todos estes datos foron dados –como mencionou vostede– pola Rede Galega contra a

Pobreza. Mais vostedes só ofrecen caridade, ¿non? Hai que buscar unha inclusión social. E xa non contemos aquelas persoas que se atopan sen teito.

E ante este panorama si que resulta demasiado molesto e escandaloso saber que existen leis que non se cumpren ou que a outras lles falta un decreto para poder desenvolverlas axeitadamente, sexa a Lei 10/2013, de inclusión social, que ten eivas, sobre todo referente ás melloras da Risga, ou tamén agora estamos coa modificación da Lei de servizos sociais de Galiza.

E si, imos axilizar as actuacións de cara ao electorado, para traballar –como dixen antes– nesta recta final. Temos que atallar as situacións de pobreza e exclusión social, e, efectivamente, agora traballan en conxunto con outras administracións. ¡Ía sendo hora, ía sendo hora!

E si, temos un gran problema, unha urxencia para revitalizar a nosa demografía. Parece ser que nos dan solucións puntuais, que se bonos-conciliación, que se cheque-bebé, que é unha medida moi electoralista. Isto aparece e desaparece como o Guadiana. Moita burocracia tamén para cansar a xente.

Debemos atopar medidas que sexan un nexo de unión para mellorar a calidade de vida das persoas, para ofrecer vida en Galiza. E agora si tamén nos van aumentar as prazas de garderías.

E si comprobamos a fenda que empeza a provocar a crise económica: a perda do traballo, a capacidade adquisitiva, os desafuzamentos... E sempre falamos dos maiores, pero nunca falamos dos nenos e das nenas. Agora parece que si, témosllelo que lembrar constantemente.

Xa non falemos daquelas e daqueles menores que teñen problemas coa discapacidade. Temos que ofrecerlles un futuro digno. Moitas veces quedan relegados nas súas casas, ou incluso saen da súa casa, por falta de recursos, e deberían levar unha vida como nenos e nenas que son. Estamos a ver que en Galiza a desigualdade aumentou un punto máis que a media estatal. O conxunto do Estado sitúase nos últimos meses na media europea.

E, despois, por outro lado, ata este momento moito do peso social en axuda quedou para colectivos, platafor-

mas, incluso ONG, librando do deber do que é a propia Administración.

E tamén falamos dos expedientes de desprotección infantil que se abren en Galicia. Actualmente hai preto de 40.000. Dous mil menores están neste momento baixo o amparo da Xunta –que moitos se poderían evitar–, 2.200 en centros de acollida e outros 1.000 están en situación de acollemento.

Si hai que dicir que a Xunta recortou un 17 % no presuposto destinado a centros de reeducación de menores na Coruña, ou un 19 % naqueles centros de intervención educativa en medio aberto, que fai imposíbel a xestión por entidades sen ánimo de lucro.

Tamén hai que dicir que este non é un país para a mocidade. Por distintas causas emigran, e isto lastra a sociedade galega xunto ao feito da baixa natalidade, que xunto coa emigración son un dos grandes problemas que ten esta terra, co alarmante envellecemento da poboación.

Si me gustaría saber qué medidas vai tomar para evitar o gran desequilibrio territorial tendo en conta que o 70 % da poboación galega vive en 56 concellos concretamente. A Galiza rural morre pola redución e eliminación dos servizos sociais, nos que agora mesmo nos vén dun xeito apresurado a dar medidas. Pero á parte de crear garderías, ¿que servizos ofrece a toda esta xente?, ¿que servizos ofrece?

E, bueno, evidentemente, isto non se soluciona con políticas de autobombo. Tamén, por outro lado, nos ofrecen un investimento de máis de 300 millóns en dependencia, e é increíble que a Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, que cumpriu nove anos, foi morrendo por inanición ao pouco de poñerse en marcha. Primeiro a crise económica, as reducións drásticas de presuposto, recortes, a implantación do copago, a pouca eficiencia na valoración do grao de dependencia e na execución da mesma... Parece que non lles doen as persoas dependentes –ao mellor agora si lles doen un pouco de cara á galería–, xente con discapacidade e xente maior principalmente.

Temos un gran problema: o 20 % da poboación é maior de 65 anos, que son máis de medio millón de habitantes; e un 8,7 % é maior de 75 anos. Sabe vostede que Galiza ocupa

un dos últimos postos do Estado español en servizos e prazas para atender esas persoas maiores. Falamos dunha media galega de 88,60 euros fronte á media estatal de 104,49. Tamén, segundo a Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais, Galiza non aprobaría en dependencia. E un dos motivos polos que non aproba é polo 24 % de dependentes que están pendentes de recibir a propia prestación, que é a segunda comunidade con máis persoas que están en listas de agarda. E tamén o número de dependentes graves cae un 7,3 % sobre todo polas mortes e endurecemento dos baremos. Estamos, coma sempre, á cola do Estado. Tamén hai que falar da media para dar este tipo de axudas, uns 210 días. É unha das grandes eivas, a pouca axilidade administrativa que existe. E xa por non falar dos sistemas de copago, que volven outra vez un pouco os roles de que sexan os maiores coidados na casa.

Por outro lado, tamén o propio comité de entidades que representan as persoas con discapacidade en Galiza tamén fala do copago, que se pretende unha exención a quen perciba menos de 2,5 do indicador público de renda de efectos múltiples. O actual sistema de copago en dependencia levou a miles de persoas a unha situación extrema, que foron expulsadas do sistema e que lles impediu exercer os propios dereitos sociais, pois ninguén debe quedar fóra por non dispoñer de recursos.

E tamén a última, porque sempre vostedes fan solucións moi novidosas e, como digo, moito de propaganda... Ensinábannos, como dicía antes, o cheque-bebé e outra serie de primas. Incluso agora se nos ofrece –que me parece ben, incluso axiliza moitas cousas– o que é a tarxeta acreditativa dos graos de discapacidade. Que, por certo, coma sempre, imos á cola do Estado, imos ser das últimas comunidades; de feito xa está aplicado en 14, das 17 que somos.

E fundamentalmente son estas cousas, que é bastante, pero hai outros matices que vou deixar para a segunda rolda.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Fernández Rodríguez.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, a señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señor Rey Varela.

Herdou vostede, a verdade, unha consellería que estaba feita un desastre, abandonada. E é certo que polo menos hai que recoñecerlle que se reúne vostede cos colectivos e con algúns traballadores e traballadoras. Porque a anterior conselleira nin sequera iso, había centros nos que nin sequera a coñecían –e dígollo veridicamente–, centros que visitei e que nunca pasara por alí.

Mais teño que dicirlle que mudanzas reais de maneira substancial na nova Consellería de Política Social non se están a tomar, non as estamos a percibir. De feito, vostede trae hoxe aquí ese contido da nova axenda social que non supón ningunha novidade, alén desa relación que xa tiñan que ter tomado antes coas outras administracións e que parece que van iniciar agora, que ademais entendo que ten relación con esa Estratexia de Inclusión Social. Un texto que no seu momento –xa llo trasladamos– era imposible de cumprir coas políticas de austeridade. A Estratexia de Inclusión partía xa dunha análise da realidade que dá unha imaxe tremenda do noso país. Podemos coincidir incluso coas primeiras páxinas da propia estratexia en que case 1 de cada... galegas e galegos son pobres. Analizaba diversos índices e diversos medidores en todas as primeiras páxinas da propia estratexia e, sen embargo, a posteriori de admitir ese empeoramento no índice Gini, un incremento da pobreza, un aumento preocupante da pobreza infantil, etc., a pesar de admitir esa realidade que xa coñecemos e que temos denunciado en múltiples ocasións nesta Cámara, partían da base vostedes, e así o seguen mantendo, de que para solventar estes problemas e o problema da pobreza tiñan que tomar nota das recomendacións da Comisión Europea en materia de loita contra a pobreza, e incluso da estratexia do programa de estabilidade do Goberno central. Eu creo que é unha broma de mal gusto tanto unha cousa coma a outra. Podemos evidenciar que van no camiño contrario.

Eu entendo que precisamente tanto o que hoxe nos vén presentar aquí como a propia estratexia en si e os seus eixos supostamente transversais son incompatibles con manter esa política de recortes e esa política de austeridade.

Falaban daquela de previr a pobreza, de loitar contra a pobreza infantil, de promover a igualdade entre mulleres e homes, de eixos transversais que supostamente deberían servirlle a vostede para preparar o que hoxe nos trae aquí pero que sinceramente son imposibles de cumprir se vostedes manteñen a mesma política. Deberíamos estar a facer hoxe aquí unha corrección da política xeral deste goberno.

A pobreza infantil –vostede detívose menos neste punto pero sei que tamén ten que ver co que hoxe nos vén presentar– incrementouse segundo o CES, o Consello Económico e Social, un 46 % nos menores de 16 anos en Galicia, e un 63 % nos mozos e mozas de 16 a 24. Segundo o CES, 127.000 nenas e nenos e mozos e mozas en Galicia están en situación de pobreza.

Cabe preguntarse –debatíámolo, de feito, o outro día, tivemos un debate no que estabamos todos os grupos desta Cámara no I Congreso da Infancia– de onde vén esta situación. As familias destes nenos e nenas veñen da situación de pobreza, diso que vostede agora nos vén de describir por riba. Estamos practicamente en vías de subdesenrolo, porque o propio INE, que daba hoxe datos novos, dínos, ademais, que a pobreza enerxética se incrementou en Galicia un 14 %, que hai 150.000 galegos e galegas que viven en situación de pobreza material severa, e que o 13 % dos traballadores e traballadoras son pobres.

Este ano 2015 –saían hoxe eses datos– a pobreza en Galicia incrementouse catro puntos coas políticas do Partido Popular tanto do Goberno central como do autonómico, no que xa no ano pasado nos querían falar dunha presunta recuperación. Obviamente sabemos que non é así e témolo xa sobre a mesa.

Polo tanto, tanto falando da Estratexia de Inclusión Social como da nova Axenda Social que hoxe nos trae aquí, de pouco serve este anuncio de novos parches se vostedes manteñen o mesmo tipo de políticas tanto en economía coma en servizos públicos e no resto de eidos do Goberno.

E ademais vostede trae isto aquí anunciando unha serie de millóns, coma se realmente houbera un investimento novo de cara a este asunto. A realidade é que vostede o que dá é o estrato do que utilizan do propio orzamento que ten a Xunta de Galicia. É dicir, obviamente non pode saír doutro

sitio. Non hai ningún investimento novo, simplemente vostede dá conta dunha planificación que vostede pensa seguir.

Pero entrando xa nas medidas que trae vostede hoxe aquí, a pasada semana sabíamos tamén que a débeda superaba xa o valor do PIB do Estado, e que en Galicia temos, ademais, un incremento da débeda enorme dende que entrou o señor Feijóo, un 140 %. Subimos xa dos 10.000 millóns de débeda e, polo tanto, entendemos que isto é totalmente incompatible –cando ademais vivimos recortes– con pretender, como vostede trouxo aquí, anunciar unha mellora das condicións sociais.

Falaba vostede do ticket eléctrico. Esta axuda só é para as persoas que, como moito, cobren pouco máis de 700 euros; é dicir, realmente estas persoas teñen que estar nunha situación de necesidade material xa avanzada. Pero é unha axuda que, ademais, se dividimos o importe que vostedes trasladan entre o número de axudas, dá realmente para entre 10.000 ou 10.500 axudas aproximadamente –unha media–, cando estamos falando de que hai máis de 672.000 galegos e galegas en situación de pobreza.

A colaboración entre administracións é fantástica. Creemos que van tarde, porque isto xa deberían telo feito antes. Pero de nada serve se vostedes lles seguen impoñendo aos concellos restricións orzamentarias e normativas. Falaba vostede da axuda no fogar, pero tampouco explicou vostede –e estaría ben, porque está relacionado, aínda que non é exactamente o mesmo– esa orde do 8 marzo de 2016 da súa consellería na que se establecían precisamente bases reguladoras das convocatorias públicas para a concesión das axudas individuais para axuda á autonomía persoal. É dicir, non é exactamente o mesmo, pero obviamente ten relación, porque ademais falou tamén vostede aquí da atención temperá.

Nesa orde quedaron fóra gran parte das persoas, ou case todas as persoas, porque vostedes establecían un impedimento para poder acceder a esas axudas, que era estar disfrutando doutro tipo de axuda ou dalgún tipo de prestación relacionada coa Lei de dependencia. Lei de dependencia na que –lémbrollo– seguimos estando coa mesma problemática practicamente que hai uns meses. Anúnciase en moitas ocasións que se incrementaron as persoas demandantes, pero iso –xa o debatemos aquí nalgunha ocasión– foi tamén, precisamente, pola entrada desas persoas dependentes de grao 1.

Sería positivo tamén, xa que vostede falou de inclusión de colectivos vulnerables, que se derrogasen tamén ou que nos comentase qué vai facer no relativo ás ordes que recortaban as horas de atención ás persoas dependentes ou por que, a pesar de que vostede falou desa axuda ao fogar, seguimos mantendo esas restricións nas cotizacións á Seguridade Social para as persoas cuidadoras das persoas dependentes. Sería positivo.

Por outra banda, outro tema: falou vostede do alugueiro social. A realidade é que, como xa sabemos, para o ano 2016, se dividimos o importe que tiñamos para a totalidade do orzamento desas axudas entre o importe máximo que se pode asumir, que son 150 euros, nos dá que aproximadamente vostedes atenderían 791 persoas. E xa temos lembrado aquí nesta Cámara tamén que, a pesar de que máis ou menos os desafiuzamentos se manteñen estables, e o ano pasado houbo 18.000 desafiuzamentos en Galicia, vostedes só atenderon un realoxamento de 45 deses 18.000.

Polo tanto, o que se están a poñer son parches, vostedes veñen en período electoral –a verdade é que o día de hoxe e os plenos anteriores foron un conxunto de anuncios nesa materia– a trasladar algo coma se nos fixeran un favor, cando manteñen o resto de recortes e o resto de normativas que nos conduciron ata aquí.

Evidentemente, se continuamos mantendo o traballo precario e, polo tanto, mantemos ese incremento de traballadores e traballadoras pobres, se seguimos mantendo ademais as restricións que nos fixeron chegar ata aquí... Por exemplo, creo que non falou vostede das axudas aos medicamentos, pero creo que tamén o ten incluído. Non llo escoitei ou talvez estaba despistada. Pero, evidentemente, o que tiñan que facer, en troques de dar un bono, unha axuda, é derrogar precisamente o Real decreto 16/2012, solicitarllo ao Goberno central, e implementar esa saída de todos eses medicamentos que vostedes retiraron da carteira sanitaria. É dicir, o que están traendo aquí son parches, cando a realidade é que a política completa de todo o Goberno merece unha corrección. Evidentemente, podemos poñer en valor a relación do que vostedes non fixeron cos propios concellos, pero, obviamente, que vostedes teñan que incrementar –xa o dixemos noutras ocasións– o orzamento –e remato xa– dedicado á renda de integración social non é para presumir. Precisamente vostedes recortaron un 51 % en políticas acti-

vas de emprego e por iso vostedes agora teñen que incrementar a renda de integración social, entre outras moitas cousas que falaremos na segunda quenda.

Máis nada por agora. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Adán.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señoras deputadas, deputados, e señor conselleiro.

Efectivamente, tamén quero comezar, como a señora Solla, recoñecendo o esforzo e o traballo por intentar poñer orde nunha consellería que, francamente, deixaba moitísimo que desexar en todos os aspectos. Mais, antes de analizar a nova Axenda Social de Galicia, eu creo que, despois de escoitalo a vostede, de ver o traballo que está facendo, a realidade claramente é dialéctica. Levamos xa dúas lexislaturas en que podemos analizar qué significou o goberno de Feijóo, os dous gobernos de Feijóo, estas dúas lexislaturas, a respecto xustamente do benestar; a respecto dun tema tan importante como é a pobreza.

Claro, se nos retrotraemos uns anos, ¿que ocorre?: paralización da Lei de dependencia. Incluso podemos dicir –vostede sábeo perfectamente– que se desmonta cos feitos a propia Lei de dependencia, o que perseguía e os seus obxectivos, facendo que moitas persoas se coloquen no limbo da dependencia, sexan reavaliadas constantemente, estean pendentes dunha prestación despois de ter sido avaliadas e de ter sido concedida esa prestación.

Máis aspectos. Vostede coñece perfectamente que unha das primeiras medidas que adoptara o señor Feijóo foi paralizar e desmontar os equipos de inclusión das cidades, os equipos que traballaban coas persoas máis desfavorecidas. Tamén sabe vostede perfectamente que, paulatinamente, nos primeiros anos dos gobernos de Feijóo o que se fai é desmontar o Plan concertado, reducir enormemente os fondos para o Plan concertado. Si, si, ata case un 70 %. Elimínanse horas de axuda no fogar; de feito, revisemos moitas iniciati-

vas, tanto en pleno coma en comisión, de demandas que nos achegaron aos grupos parlamentarios dende os concellos por esa redución das horas de axudas no fogar.

Xa non falemos de desmontar as oficinas de I+B, das veces que trouxemos a esta Cámara temas como as privatizacións nos centros de maiores, nos centros de día, nos centros da rede pública, que non se fan, e da demanda por parte dos e das traballadoras dos centros públicos, de como se están deixando, imos dicir... Creo que, ademais, traía aquí incluso o propio informe –que vostede coñece– sobre que as carencias dos centros de atención directa de Política Social sexan de tal calibre que case ás veces é inasumible a reparación de moitas das instalacións.

Pois, diante desa situación que vimos arrastrando durante estes anos e da elaboración dunha lei de inclusión social, onde, permítame dicir, o Partido Popular quedou escaso no deseño da Risga e dos complementos para a Risga, como poden ser aqueles referidos á pobreza enerxética ou aqueles referidos á vivenda... Creo recordar que existían emendas por parte de todos os grupos políticos da oposición onde se melloraban esas cuestións. Incluso tampouco hai que ser tan novidosos; copiando ou inspirándose en leis que existían xa noutras comunidades autónomas ou noutras nacións como en Euskadi, onde si hai complementos para as persoas que están, por exemplo, en pobreza laboral, en pobreza enerxética ou que non poden pagar as súas vivendas.

Por iso, cando vimos a nova Axenda Social de Galicia, que vostede hoxe explicou, e o seu índice, onde se recollen todas as medidas de apoio á renda, á pobreza enerxética, á inclusión residencial, os programas e proxectos de inclusión social, de atención á dependencia, de pobreza infantil, de contratación de persoal especial para servizos sociais, dirixida ás entidades de iniciativa social, en colaboración con outros axentes, que son as medidas propostas, a verdade é que debo confesarlle que, polo menos, demos pasos e fixemos algo de camiño, porque eu lembro as primeiras veces que debatemos neste pleno a respecto da pobreza enerxética, onde se nos dixo que non existía pobreza enerxética en Galicia. Iso está gravado, existe esa documentación, onde se nos repetiu que non existía e que, en todo caso, estabamos diante de situacións de “vulnerabilidade enerxética”, creo recordar exactamente o termo.



Pois, ben, temos recollido a abordaxe da pobreza enerxética neste texto, igual que da pobreza infantil, que tamén durante determinadas ocasións foi debatido; é dicir, asumimos, asume o Goberno, que estamos diante de situacións de desigualdade que establecen índices de pobreza. Como podemos ver hoxe tamén nunha noticia, moi, moi recente, o risco de pobreza e de exclusión sobe no 2015 despois de ter, efectivamente, baixado durante os últimos anos 14 e 15. Eu creo que esta é unha nova que debe ser alarmante. E, ademais, mire, señor conselleiro, a pobreza vostede sabe perfectamente –ademais aquí xa nos explicou que se reuniu cos expertos neste tema– que depende de moitas variables, pero é que en Galiza os salarios decreceron máis que na media do Estado, situándonos en que descenderon 300 euros de media na última década. Esa é a situación; estamos nunha situación incluso de pobreza laboral, así definida.

Polo tanto, ante esta situación, a verdade é que cando analizamos esta nova axenda, vemos que hai unha nova cuestión que nos resulta curiosa: non hai indicadores na Axenda. Non sei se esta é unha versión moi incipiente, á que puidemos ter acceso, pero simplemente se nos fala de descrición dos programas –moitos deles xa están en funcionamento, vostede sábeo–, dos actores que están implicados, das diferentes consellerías, das diferentes institucións, ben sexan deputacións ou concellos, pero non dos indicadores contra os cales se vai avaliar esta aposta da nova Axenda Social, que, francamente, é a necesidade que ten Feijóo de, no final da lexislatura, explicar ou remendar a desfeita da Consellería de Benestar; unha consellería fundamental que foi sendo desmontada durante os últimos anos e que a vostede lle encomendan remendala. Eu creo que é unha especie de emenda, e todo o que veña de emenda, pois acertada será. Hai que recoñecer que, efectivamente, hai unha situación de pobreza á que hai que facer fronte.

Pero, claro, se estamos falando –e así nolo din os datos– dunhas 630.000 persoas en situación de risco de pobreza, ¿non cre vostede que os datos que nos deu son moi escasos para facer fronte a iso, á pobreza enerxética? Se estamos falando dunhas 180.000 persoas en risco de pobreza enerxética, ou do ticket enerxético, dotado con pouco máis de dous millóns de euros, ¿a cantas persoas vai chegar e vai paliar, efectivamente, esa pobreza enerxética? Realmente, ¿por que non se dá un paso adiante e se establecen medidas efectivas para que non se dean os cortes de subministración enerxética,

como si que se demanda para rematar coa pobreza enerxética? E o mesmo a respecto da abordaxe da pobreza infantil; é dicir, son medidas moi pequenas e moi descontextualizadas do que debe ser unha medida de acción integral ao respecto.

E, por último, algo que non aparece recollido na nova Axenda Social. Eu si que quero hoxe, ademais, non sei se felicitalo ou criticalo ao respecto porque, despois de dous anos alertando de que se vai facer coa Axencia de Benestar e de que vai pasar con todos os servizos prestados polo Consorcio, supoño que vostede, como ten experiencia de ter sido alcalde, revisa iso e agora hai un novo marco de colaboración dentro do Consorcio. ¡Pero ter que chegar a este punto! Levamos perdido moitas horas. Os alcaldes e alcaldesas teñen tido moitas dores de cabeza por pensar que facían coas escolas, cos centros de día, cos centros de atención ás persoas maiores... Nesta díxosenos por activa e por pasiva que se desfecía o Consorcio e que se montaba a Axencia de Benestar, cando na propia Lei de servizos sociais estaba contemplada simplemente como un organismo que acompaña, non que ía xestionar, e cando xa pasan á Axencia os centros que dependen da propia Xunta. E agora, ben, 11 de maio de 2016, acordo marco entre a Fegamp e a Consellería de Política Social en relación co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Eu lino con atención. Entendo, señor conselleiro, que o que di este acordo marco é que vai seguir funcionando o Consorcio. Esta é unha pregunta directa porque realmente vostede sabe perfectamente o que aquí levamos debatido. ¿Vai seguir funcionando o Consorcio? ¿Que vai pasar coa Axencia de Benestar? ¿Vai ser a Axencia de Benestar a encargada de xestionar esta nova axenda?

¡Mire que vostede falou aquí de colaboración entre administracións! Entendo que o Consorcio era un modelo de colaboración. ¿Cal vai ser o modelo de colaboración entre as deputacións, os concellos e a Consellería de Política Social para implementar esta nova Axenda –perdoe, que non recordo exactamente o nome– Social de Galicia?, que realmente é a posta en marcha da Lei de inclusión e aqueles aspectos cativos que quedaban desa Lei de inclusión. Entenderá que, por exemplo –xa llo dixó a señora Solla, pero podemos reiteralo–, as medidas a respecto da vivenda son totalmente insuficientes e son, de todos os xeitos, unha forma de recoñecer o grandísimo traballo que durante estes últimos anos fixeron os movementos sociais, que saíron á rúa para denunciar os desafiuzamentos. Entón, se hoxe vostedes nos presentan esta

nova Axenda Social de Galicia, que realmente son remendos nunha situación de desigualdade e de pobreza xeneralizada, deberemos agradecerlle a todas as persoas que dende os movementos sociais, dende as ONG e, efectivamente, dende as entidades que colaboran no ámbito da pobreza puxeron de manifesto que os recortes recortes son, que é imposible facer máis con menos e que durante estes anos se estivo desmontando o cativo Estado de benestar. Estamos falando de pobreza e de índices de pobreza alarmantes porque se tomaron as medidas e as políticas inadecuadas.

Agardamos que nos explique máis polo miúdo contra que indicadores se van analizar todas estas medidas, como se van avaliar e cales van ser os incrementos orzamentarios plantexados pola súa consellería...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señoría.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** ...non só no 2016 senón tamén nesa previsión que están facendo para o 2017.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Gallego.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras deputadas, señores deputados.

Señor conselleiro de Política Social, eu creo que vou verbalizar o que me parece que, cando menos, toda a bancada da oposición estamos pensando e ninguén se atreveu a dicir tan claro.

A verdade é que asistimos ao primeiro pleno non da Axenda Social, senón da axenda política do señor Núñez Feijóo, que é a precampaña das eleccións autonómicas. Constatámolo pola mañá coa comparecencia da conselleira do Mar e volvemos constatalo pola tarde coa súa comparecencia, señor conselleiro, porque, francamente, o que están vostedes facendo é negando sistematicamente en cada xunta de portavoces as comparecencias solicitadas polos grupos da oposición para que o presidente veña aquí explicarnos por

que fracasa o modelo do Partido Popular no mercado laboral, por que as cifras comparativamente de Galicia con outras comunidades autónomas e coa media do Estado son peores en canto ao mercado de traballo ou por que se reduciu nun 8 % o gasto social no noso país dende que governa o señor Feijóo. E, por exemplo, neste pleno, pediamos os socialistas que ademais de comparecer para falarnos do mercado laboral o presidente e os conselleiros e conselleiras compareceran para explicar esas cuestións de inconstitucionalidade que o Goberno central lle impón ao Goberno galego pola Lei do solo. Todo isto é sempre denegado porque non hai tempo, porque a axenda do pleno é moi avultada ou porque hai demasiados asuntos a debate, e, sen embargo, agora, que iniciamos a axenda política do señor Feijóo para a precampaña electoral, pois, entón, así, a petición propia, poden vir os conselleiros e conselleiras desfilar polo pleno do Parlamento de Galicia *cual* plató de televisión para emprender esa precampaña electoral. E permítame que enmarque a súa comparecencia nesta precampaña electoral, neste intentar, por parte do Partido Popular, que o Parlamento de Galicia sexa considerado como un plató de televisión para publicitar as gratificables medidas sociais do Goberno do señor Núñez Feijóo.

Porque, claro, vostede di que comparece para explicar a Axenda Social, e di, ademais —e xustifica—, que crearon unha Consellería de Política Social para loitar contra a pobreza. Mire, señor conselleiro, para loitar contra a pobreza o que hai que facer é facer unha política económica distinta, na que o gasto social teña máis peso e na que se eliminen os recortes que se impuxeron durante todos estes anos. E, claro, iso non é unha cuestión de crear unha consellería, é unha cuestión de ideoloxía, é unha cuestión de que os que pensamos que para crear un estado social forte, un estado de benestar que protexa as persoas que menos recursos teñen e que equipare en dereitos o conxunto das persoas hai que investir en gasto social e hai que, a través dos impostos, crear os recursos necesarios para manter ese estado de dereito, contra os que, coma vostedes, consideran que hai que recortar e logo facer medidas gratificables e puntuais para substituír os dereitos por caridade e por beneficencia. Esa é a política que nos vén explicar vostede hoxe aquí. Porque, ¿que relevante é que a Dirección Xeral de Inclusión e Familia incrementase un 25 % os seus ingresos no ano 2016 con respecto ao 2015 cando o Goberno Feijóo detraeu dos recursos orzamentarios da Xunta de Galicia dende o ano 2009 o 8 % do gasto social? ¿Que

máis dá que suba vostede un ano unha partida orzamentaria dunha dirección xeral nun 125 %? ¿Vostede cre que con esa partida, con ese parche, se pode paliar a desfeita que fixeron no recorte de dereitos das persoas e no incremento das taxas e dos copagos e repagos que tivo que soportar a cidadanía de Galicia durante estes anos? ¿Vostede cre que con ese incremento do 25 % na Dirección Xeral de Familia e Inclusión para este ano 2016 se vai poder paliar o impacto que tivo na economía familiar o copago das medicinas, o incremento dos copagos na dependencia, o incremento dos copagos nas matrículas das escolas infantís, os copagos da discapacidade, que tamén se incrementaron, ou todo o que fixeron coa Lei de dependencia, da que lle falarei logo con máis detemento?

Vostede, coma min hoxe, seguro que coñeceu un dato que acaba de saír publicado no que Galicia se sitúa, unha vez máis, como a segunda comunidade autónoma coas pensións máis baixas do Estado, coa pensión media de xubilación. ¿Vostede pensa que se non se actúa sobre os salarios, se non se actúa sobre o emprego, se non se actúa sobre as pensións, sobre as prestacións contributivas, se non se actúa sobre os impostos e sobre os orzamentos con políticas de parches, de verdade se pode restituír o recortado en todos estes anos ao Estado de benestar? Non conselleiro, xa lle digo eu que, dende logo, non.

Miren, vostedes teñen un balance. Porque, xa que estamos en precampaña electoral, inaugurada polo señor Feijóo neste formato de pleno no que comparecen dous conselleiros por pleno para explicar as bondades do que non fixeron ata o de agora e se queren comprometer a facer nestes cativos meses que lles quedan de inquilinos de Montepío, teñen un balance, e ese balance ten datos moi duros para a cidadanía de Galicia. Ese balance di que temos, por primeira vez na historia desde que hai estatística, 38.300 fogares galegos nos que non entra ningún ingreso. E vostede ten unha prestación para esas familias, ¿sabe a cantas familias alcanza a prestación da renda de inclusión social de Galicia? Apenas o 30 % das persoas que non teñen ningún ingreso. Vostede non se vai preguntar nunca por que esa prestación non é capaz de acadar o universo das persoas obxectivo. Pois debería de preguntarse por que e eu dígolle: hai dúas cuestións nesa prestación que están mal a día de hoxe e que vostedes non se queren comprometer a corrixilas:

A primeira, vostedes non queren desenvolver a Lei de inclusión para que os criterios establecidos no acceso a esa

prestación sexan claros e transparentes, e non como ata o de agora: opacos; vostedes non queren publicar na páxina web da Xunta canta é a lista de espera da Risga, cantas persoas a solicitan e cantas persoas a perciben, como fan outras comunidades autónomas ben cerca de nós; vostedes desmantelaron –como lle lembraba a señora Adán– os equipos de inclusión das sete grandes cidades e do Consorcio As Mariñas; e vostedes aplican normas internas, que non están publicadas en ningún Diario Oficial de Galicia, polas cales exclúen da prestación da renda de inclusión social de Galicia a persoas que se aplicaran a lei taxativamente terían dereito. É dicir, vostedes tamén coa Risga fan ese tipo de políticas.

¿En que converteron a Lei de dependencia? Converteron a Lei de dependencia nunha frustración colectiva, cunha lista de espera brutal, a máis alta do Estado, señor conselleiro. Nesta lexislatura morreron máis de 3.000 persoas que tiñan dereito a percibir prestacións pola Lei de dependencia, sen chegar a recibilas; máis de 3.000 persoas. E agora, pretende vostede reducir esa lista de espera dando prestacións ridículas, de 50 e 60 euros mensuais, para reducir esa lista de espera e facer o efecto publicitario de que en Galicia xa non hai tanta lista de espera de dependencia.

Teño unha carta dunha usuaria aí, chegoume onte, chéganme centos. Esa usuaria vai cobrar 63 euros ao mes. ¿E sabe cando lle vai pagar vostede os atrasos dende o ano 2009? Vai rematar de pagarlle os atrasos no 2024. Esa é a súa Lei de dependencia, esa é a Lei de dependencia do señor Feijóo. Primeiro acabaron vostedes coas cotizacións das persoas cuidadoras, logo incrementaron os copagos ata niveis insostibles para as familias. Teñen centros de día e residenciais, rematados de construír, sen abrir por non os dotar de persoal e privatizaron todos os servizos posibles.

Nas familias, señor conselleiro, primeiro subas de todo tipo de taxas para o acceso á educación, ás escolas infantís, recortar todo tipo de dereitos; e agora, como lle dicía, pretenden tapar esa desfeita con axudas puntuais. Pero tamén hai familias acolledoras, ás que estes día escoitabamos os deputados e deputadas desta Cámara, familias extensas ou familias alleas, que están desesperadas porque non lles dan os nenos e as nenas en acollemento, porque prefiren vostedes institucionalizar a eses menores en centros que lle cobran á administración pública galega 1.800 euros ao mes por neno ou nena, e pola contra a esas familias acolledoras,

as axudas que lles ofrecen vostedes son de 240 euros ao mes por neno ou nena. Iso si, se tes unha pensión non contributiva ou estas percibindo unha Risga, xa esa familia acolledora non pode facerse cargo dese neno ou desa nena porque non ten dereito a recibir esa axuda de 240 euros fronte aos 1.800 que lles pagan ás institucións.

Os centros públicos dependentes da consellería, xa temos falado aquí moitas veces da situación na que están: en condicións lamentables, con escaso persoal e con graves deficiencias no que son as prestacións que poderían estar dando. E a meirande parte da xestión dos centros residenciais, de centros de día, está hoxe en mans privadas, pero non en mans de entidades de iniciativa social, senón en mans de cinco empresas en Galicia, hai cinco, que se levan todo: Fesan, Eulen, Troncoso, Residencial Doral e Geriatros; seíns de memoria. Esas son as cinco ás que a Xunta de Galicia, o Goberno do señor Feijóo, lles outorga todo tipo de prestacións.

E cos concellos, señor conselleiro, vostede que foi alcalde, ¿que pasou cos concellos nestes anos de Goberno do señor Feijóo? Primeiro, recortáronlle as competencias. Os concellos de menos de 20.000 habitantes xa non poden dar competencias en materia de servizos sociais con esa reforma da Lei de administración local, brutal para os concellos. Despois, intentaron crear unha axencia na que tamén se sacaba do medio aos concellos porque o Consorcio tiña na súa asemblea a totalidade dos concellos adheridos

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora GALLEGO CALVAR:** ...pero a axencia só cinco representantes nese consello de administración. Despois, trataron de cobrarlle aos alcaldes e alcaldesas os atrasos, pero os seus, tamén os seus, todos os alcaldes e alcaldesas se revelaron e deixaron ese documento nun caixón, plantáronse. E agora, en maio do 2016, vostede non pode vir á Cámara a explicar o que pasou con esa axencia, que ía nacer pero que non nace —afortunadamente para todos e para todas—, porque se hai algo que funcione hai que deixalo funcionar, e se acaso a axencia tería outro cometido.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Gallego.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Voulle falar só de dúas...

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, mire o tempo, remate por favor.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Remato xa, señor presidente.

Dúas cuestións últimas: xuventude. Unicamente utilizan vostedes as políticas de xuventude para acordarse dos mozos e das mozas cando hai eleccións e iso si, para promocionar o ex director xeral politicamente dentro do Partido Popular. E logo, señor conselleiro, non nos dixo nada de demografía, vostedes deixan en herdanza aos que gobernemos no futuro, unha Galicia máis empobrecida, máis envellecida

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Gallego, remate xa por favor.

**A señora GALLEGO CALVAR:** ...e con menos competencias.

Esa é a súa herdanza, esa é a súa axenda social, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Gallego.

Dous minutos.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Señor conselleiro, no Pleno pasado vostede estivo aquí, neste Parlamento, informando sobre todas as medidas que a Xunta de Galicia puxera en marcha para loitar contra a pobreza e a exclusión social en Galicia. Neste Pleno, agora vén vostede a informar dunha nova medida: da nova axenda social de Galicia para dar resposta á nova realidade dos galegos e das galegas. Unha axenda social que é froito do compromiso de concellos de todas as cores; estamos falando de que se puxeron de acordo concellos nacionalistas, concellos socialistas, concellos populares, concellos das Mareas, a Fegamp, as entidades sociais... Froito dese consenso e dese compromiso, hoxe preséntase a nova axenda social de Galicia. ¿E cal é a resposta da oposición neste Parlamento? A resposta é que é unha proposta electoralista. A resposta é que é un parche á situa-

ción de pobreza e exclusión social, e a resposta é que non é ningunha novidade.

Eu dende logo non lles pido que estea a altura dese acordo de todos os concellos de todas as cores de Galicia, nin do acordo que acadou a Xunta coa Fegamp, nin do acordo que acadaron coas entidades sociais. Non espero que estean vostedes nese compromiso pero, dende logo, penso que aquí, os que veñen a facer campaña electoral e precampaña son vostedes, porque en vez de falar da nova axenda social de Galicia para loitar contra a pobreza e a exclusión social da nosa comunidade, viñeron aquí facer un balance das últimas dúas lexislaturas en materia de benestar e política social. E miren, do que estamos falando nós é de máis recursos, de máis recursos para as familias, de máis recursos para as persoas que máis o necesitan, para aquelas persoas que peor o están a pasar na nosa comunidade. E vostedes din que son slogans, que vimos aquí ou que vén o conselleiro aquí a converter o Parlamento nun plató de televisión.

Pois miren, vostedes saben perfectamente –porque estaban no debate dos orzamentos– que este ano a Xunta de Galicia para inclusión social destina 97,8 millóns de euros. Dende logo eu penso que isto non é propaganda, isto son cartos, cartos cos que se pagan e se financian os programas para axudar as persoas en Galicia que están en situación de pobreza ou en risco de exclusión social. (*Aplausos.*) Estamos a falar de que este ano se incrementou nun 21 % o orzamento destinado a todas esas persoas; estamos a falar de que en decembro do 2014, non hoxe, empeza a Xunta de Galicia a loitar contra a pobreza e a exclusión social; estamos falando de que no ano 2014 se puxo en marcha a estratexia de inclusión social de Galicia, un documento que foi consensuado coas entidades sociais, consensuado cos concellos, consensuado coa Fegamp, con máis de 300 medidas para combater esa lacra que temos na nosa comunidade, e cun orzamento de 520 millóns de euros. Se a isto vostede lle chama publicidade, e lle chama propaganda, voulle asegurar unha cousa, os galegos e as galegas o que queren son orzamentos e medidas enriba da mesa para que a Xunta de Galicia, xunto co resto das administracións, actúen e solucionen os seus problemas (*Aplausos.*).

Critican vostedes a Risga. Efectivamente hai máis persoas neste momento que necesitan a Risga. ¿Pero respostou a Xunta de Galicia? Si. ¿Como? Incrementando o orzamento.

Miren, no ano 2009 había 22 millóns de euros para atender ás persoas que solicitaban a Risga. No ano 2016, temos case 53 millóns de euros para atender ás persoas que solicitan a Risga e ademais hai un novo programa dotado con 10 millóns de euros para que esas persoas que están cobrando unha Risga poidan traballar, que é realmente o que queren. E neste momento, en moitos concellos xa se teñen contratado a persoas que estaban percibindo unha Risga; e neste momento, estase atendendo o 100 % das persoas que presentan unha solicitude da Risga. O 100 % dentro dese prazo de 2 meses. E se falamos de axudas de inclusión social, temos que falar que están blindadas con 4,5 millóns de euros, que se duplicou o orzamento destinado ás entidades sociais, que se duplicou o orzamento destinado aos concellos, que non nos acordamos agora dos concellos –parece ser que vostedes si–, pero é que os concellos levan colaborando coa Xunta, e a Xunta cos concellos, dende o ano 2009 para loitar contra a pobreza e a exclusión social. E miren, efectivamente máis recursos, e vostedes o saben, a Xunta vai destinar un 26 % máis de recursos económicos a combater a pobreza e a exclusión social, un terzo dos recursos dese superávit, van ir destinados ás familias con menos recursos; para vostedes publicidade e propaganda, seguro que para estas familias, non.

E saben vostedes que se puxo en marcha, en xuño de 2015, un plan contra a desigualdade económica, un plan que contaba con 20 millóns de euros, que tiña axudas para material de apoio á mobilidade, que tiña axudas para alugueiro social, que tiña axudas para material escolar, que tiña axudas para aquelas familias que non podían afrontar a factura eléctrica da luz. E agora o que nos vén contar o conselleiro, é que dan un paso máis, que hai unha nova medida a disposición de todos os galegos e das galegas, unha medida que non vén unilateralmente por parte da Xunta, unha medida que se conseguiu grazas ao compromiso de todos os concellos de Galicia, e todos e todas as responsables que están á fronte, que souberon estar á altura, e souberon porque saben eles que están directamente todos os días tratando e estando con estas persoas e con estas familias. Estamos falando de que é unha axenda consensuada, que a nova axenda conta cun orzamento de 162 millóns de euros, e que é un paso máis, porque como explicou o conselleiro, a realidade ten mudado. Xa non estamos a falar de persoas que teñen dereito a percibir unha Risga, estamos falando de persoas que, aínda traballando, están en situación precaria economicamente.

Dende logo, nós o que consideramos é que é correcto continuar con estas medidas que se teñen posto en marcha, pero tamén é necesario actuar e poñer en marcha novas medidas, analizando a situación que hai neste momento, e ademais coordinándose todas as administracións e as entidades sociais. Consideramos necesario mellorar a planificación das políticas sociais, pero sempre coordinada con todas as administracións galegas e con todas as entidades sociais que traballan neste tema. Que son necesarias medidas para a cidadanía, medidas como o apoio á renda, abordaxe á pobreza enerxética, atención á inclusión residencial –a aquelas familias que non poidan acceder a unha vivenda digna–, programas e proxectos de inclusión social, de atención á dependencia, de abordaxe da pobreza infantil. Estamos falando de medidas para contratar a máis persoal especializado, para que traballen nos concellos, nos servizos sociais dos concellos. Estamos falando dunha medida fundamental, porque os concellos son a porta de entrada das persoas e, sobre todo, nos servizos sociais. Unha persoa que está nunha situación de exclusión ou de risco de exclusión non vén á Xunta de Galicia, vai aos concellos. Por iso, a Xunta ten que apoiar aos concellos e reforzar o persoal para que poida atender a todas as persoas. Estamos falando de medidas dirixidas ás entidades de iniciativa social, ¡que traballo tan importante e tan fundamental están facendo con todas as persoas en Galicia! E estamos falando de medidas de colaboración cos concellos e con outros axentes sociais.

En resumo, estamos falando de máis medidas, de continuar coas que xa se puxeron en marcha, de poñer en marcha novas medidas tendo en conta a análise da situación actual. Estamos falando de máis recursos, non só aos orzamentos, senón ao que os incrementa agora para temas de inclusión. E estamos falando de máis compromiso, sobre todo, compromiso non só da Xunta de Galicia. Hoxe témonos que levantar e dar as grazas a todos os concellos que participaron con vostede, señor conselleiro, a todas as entidades sociais e a todos os representantes da Fegamp, porque saben estar á altura das circunstancias. Saben o que está acontecendo na nosa comunidade e saben o que teñen que facer, traballar coa Xunta de Galicia, reclamar máis recursos á Xunta de Galicia e atender as persoas que realmente importa, que non somos nós. Son as persoas que neste momento están en situación de pobreza, en situación de exclusión social, que non teñen emprego ou que, tendo emprego, non teñen unha situación económica desexable.

Polo tanto, sexan vostedes conscientes do que estamos aquí informando hoxe e sexan conscientes de que é unha medida necesaria neste momento para todos os galegos e as galegas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Arias.

Réplica. Señor conselleiro de Política Social.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, compromiso, implicación e coordinación son fundamentais para loitar contra a exclusión social. Tratei de insistir o máximo posible en que só a suma de esforzos de todos, e con políticas integrais, nos permitirá paliar os efectos da exclusión, así como atacar as causas que provocan para poder poñer fin a este problema.

Esta é unha tarefa que o Goberno galego asume no seu conxunto, non exclusivamente a Consellería de Política Social, todo o Goberno de Galicia, porque iso é posible porque Galicia ten só un Goberno –que non é un tema menor–. E ademais pódeo facer dunha maneira transversal e cun documento, o Plan operativo de inclusión social 2015-2016 e a Estratexia de inclusión social de Galicia, onde –como saben perfectamente– se recollen 300 accións a desenvolver, que moitas desas accións o que veñen é concretarse nesta nova axenda social.

Esta nova axenda social digamos que é o instrumento operativo a través do cal se desenvolven, con dous axentes importantísimos do noso territorio, estas estratexias e estes plans operativos. A verdade é que eu son unha persoa máis de cousas concretas que de estratexias e de plans operativos, e por iso facemos unha axenda orzada con dous axentes –dicia– moi importantes. Por un lado, os concellos de Galicia –todos os concellos de Galicia–, que son a porta de entrada ás necesidades de inclusión social máis importantes dos nosos veciños e veciñas; e, por outro lado, as entidades sociais, que moitas veces –hai que dicilo– veñen prestar un papel que non prestamos as diferentes administracións, e por iso precisan todo o noso apoio.

Miren, a verdade é que estamos nun momento no que hai eleccións case constantemente, por iso, a verdade, é que

cada vez que se trae unha cousa aquí se pode falar de electoralismo, porque ou ben pasaron ou ben van chegar. A verdade é que, ¿que lle imos facer? Eu o que lle digo é que dende a Consellería de Política Social levamos meses traballando cos concellos e meses traballando coas entidades que traballan coa pobreza, precisamente para ordenar todas as medidas existentes e acompañalas dunha previsión orzamentaria. Porque todas as grandes palabras sobre sociedade, xustiza e leis non sempre se acaban reflectindo en programas que teñan detrás compromisos orzamentarios.

Pois mire, coincido en que efectivamente tanto eu como a xente do meu equipo estamos visitando as entidades, estamos visitando os concellos precisamente para ver ao pé da rúa nos nosos centros o que está sucedendo, precisamente para ser capaces de presentar programas como este.

Dixen algunhas medidas, as da renda, moi importantes, 66,7 millóns de euros; incluímos as axudas de inclusión. Miren, con respecto ao que se ten dito aquí da Risga, cando cheguei acórdome que todo o problema era o dos prazos, os prazos estámolos cumprindo. O segundo tema, estamos chegando a moitas máis familias, porque estamos cumprindo os prazos, a moitas máis familias, moitas máis de 10.000. En terceiro lugar, imos desenvolver este ano –xa o dixen en sede parlamentaria, por iso me parece un pouco reiterativo volvelo dicir– a normativa para que poida chegar a máis xente a Risga. Pero hai que dicilo todo, non poden dicir que familias que non teñen ningún tipo de ingreso non teñen dereito á Risga, iso non é verdade e, polo tanto, dixérono textualmente, por iso estou replicando.

Medidas de atención de inclusión residencial, pareceranlles poucas, pero hai uns anos non había ningunha, máis de 15 millóns de euros de investimento da Xunta de Galicia neste ano. Medidas de abordaxe da pobreza enerxética: 2,7 millóns de euros, ticket eléctrico social, programas para evitar cortes de subministración e baixa o recibo por primeira vez en dez anos. Medidas dirixidas á abordaxe da pobreza infantil, miren, xa lles falei dos convenios coas cidades, xa lles falei das figuras dos educadores fundamentais nos servizos sociais. Falei antes dos medicamentos.

E non nos falen de Madrid, aquí estamos falando de Galicia. (*Murmurios.*) Galicia ten competencias en materia de servizos sociais, e se en Madrid non se atende algunha

situación de necesidade relacionada cos medicamentos, nós garantimos esa atención cunha liña que imos aprobar proximamente no Consello da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) E espero que lles guste que nos centremos en Galicia e que nos centremos nos galegos e nas galegas, porque iso é o que nos están pedindo os cidadáns, e que nos centremos nas entidades de iniciativa social.

Miren, é que a orde, que xa está publicada no *Diario Oficial de Galicia* deste ano, duplica o importe económico destinado ás entidades de iniciativa social, porque as escoitamos, as acompañamos e as financiamos, non as utilizamos. En segundo lugar, a orde de concellos, que sairá proximamente despois de aprobarse polo Consello da Xunta de Galicia, en materia de inclusión vaise duplicar. Pero, miren, ¿isto é compromiso dos concellos en materia de inclusión social ou non é compromiso dos concellos en materia de inclusión social?

Falábanme tamén do desmantelamento do plan concertado, xa lles dixen que vai aumentar o plan concertado, as contratacións de persoal van levar asociadas 14 millóns de euros. Saben que a parte do plan concertado que caeu foi a parte de financiamento estatal, non a parte de financiamento autonómico. Pero imos suplir tamén –igual que noutro tema– ese financiamento con financiamento dos galegos e das galegas.

E, miren, o programa máis importante de política social que ten a Xunta cos concellos é o da axuda no fogar, que superou amplamente aquel concepto máis residual que foi quedando como residual do plan concertado. Miren, ¿saben canto destinaba aos concellos a Xunta de Galicia no ano 2009 a horas de axuda no fogar? 20,4 millóns de euros. ¿Sabedes canto se está destinando neste mes? 49,3 millóns de euros. (*Aplausos.*) Estamos a falar dun incremento dende o ano 2009 –para que non me digan que recortamos horas de axuda no fogar, porque é todo o contrario, é que as incrementamos nun 150 % dende o ano 2009–, e ademais xa lles digo que o imos seguir incrementando ata final de ano. (*Aplausos.*)

Porque faláron só do orzamento –que despois tamén lles vou dicir un par de cousas do orzamento–, pero é que ademais do orzamento supoño que saberán polos acordos do Consello da Xunta das dúas últimas semanas que hai un plus de responsabilidade, e é que a política social está recibindo

fondos do cumprimento de déficit da Xunta de Galicia que nos vai permitir aumentar todavía máis os nosos orzamentos. E iso non é para presumir, iso é para dicir que estamos sobre o terreo, que queremos traballar máis nas políticas sociais, porque sabemos..., ¡claro que si!, dicíame: agradecerlles aos movementos sociais, ás ONG. ¡Claro que si! É que nós non é para poñernos ningún mérito, estamos cumprindo coa nosa obrigación de apoiar as persoas que máis o precisan, *(Aplausos.)* pero nós somos capaces de facelo porque temos recursos orzamentarios para facelo e porque sabemos deseñar políticas necesarias para esa situación.

Miren, efectivamente, hoxe saíron os datos de pobreza do INE, a verdade é que as estatísticas tamén teñen o que teñen, que cada estatística *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que collamos dinos cousas diferentes. Eu vou citar, porque a citou a deputada do Grupo Mixto, para darlle o dato completo, porque antes non se deu o dato completo, a taxa de risco de pobreza *(Murmurios.)* en Galicia; segundo o INE –dato que saíu publicado hoxe–, 19,4 % –ese é o dato que sae publicado hoxe–. No 2009 era o 20,6, *(Murmurios.)* –ese é un dato publicado–. E, miren, o dato nacional de toda España de risco de pobreza, o de agora, é o 22,1, era o 20,4 no ano 2009; polo tanto, Galicia presenta un mellor comportamento en risco de pobreza que todo o Estado. ¿Que, dende logo, nos queda moito por facer? ¡Por suposto! Pero, dende logo, o que non podemos é darlles voltas ás estatísticas.

Despois dinme que o Goberno de Feijóo baixou, recortou orzamentos. Miren, é que sempre o problema era como o comparabamos, é que agora temos unha Consellería de Política Social, porque antes era sumar churras con merinas, un dicía que gasto social era isto, que gasto social era o outro. *(Murmurios.)*

Pois miren, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ano 2009, centros de gasto que agora conforma a Consellería de Política Social, orzamento, 440 millóns de euros; ano 2016, 612 millóns de euros. O incremento deste ano é do 12 %, pero é que o incremento acumulado dende o ano 2009 é do 39 %; polo tanto, creo que non deben de falar de electoralismo, porque isto foi un crecemento constante.

Miren, fálannos da política demográfica, a Dirección Xeral de Familia o orzamento este ano incrementouno un 38 %, pero dende o ano 2009 un 104 %. Na Dirección Xeral

de Inclusión o incremento deste ano un 21 %, pero o acumulando dende o ano 2009 un 47 %. Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, ou da dependencia –creo que hoxe non é o día de falar, pero, bueno, fáláronme da dependencia–, un 7 % de incremento este ano, incremento acumulado un 32 %, 213 millóns de euros no 2009, 281 no 2016. Que xa lles digo que contamos con que aumente todavía máis nas próximas semanas.

Pero, miren, outro dato do que me faláron, que é a dependencia. Que, xa lles digo, investimos moito máis que no ano 2009, non houbo un parón no ano 2009. O que pasa é que a lei naceu como naceu, sen financiamento e nun período de crise moi intenso dos últimos anos, polo tanto, oian, eu non me quero remontar a 2009, pero é que se a paráramos no 2009 habería 14.000 dependentes atendidos, e agora hai 43.000 dependentes atendidos. *(Aplausos.)* Pero xa dixemos que temos un obxectivo para este ano, que imos cumprir a través de todos os instrumentos que están previstos na Lei de dependencia, que é chegar a 50.000 dependentes atendidos en Galicia, e non a través de libranzas exclusivamente; a través de libranzas, a través de axuda a domicilio, a través de libranzas vinculadas a servizos, a través de novas prazas residenciais de maiores e a través de novas prazas residenciais en materia de discapacidade. E xa llelo digo eu, pero o que lles digo é que o van ver de aquí a final de ano no *Diario Oficial de Galicia*, que é o que fala nas estatísticas que quita o Estado de número de persoas dependentes atendidas.

E xa lles digo, o noso compromiso ímolo cumprir, ímolo cumprir porque temos un goberno que quere impulsar a política social, un goberno que quere atender os seus maiores e atender os seus dependentes, un goberno que fíxo os deberes nestes anos e que, polo tanto, ten recursos económicos para facelos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Fernández Rodríguez.

**A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.



Bueno, comentaban por aí das cousas que foron saíndo no primeiro turno, os datos que deu, xa dixen tamén no pleno anterior, coa outra conselleira, que hai moitos tipos de datos. Os datos realmente non os inventamos, depende de onde se miren, pero están aí. Si me alucina –por dicilo de certa maneira– que presumimos que se fai unha estratexia de inclusión social de Galiza no ano 2014, e antes que, ¿non estabamos aquí?, ¿vostedes cantos anos levan gobernando? 300 medidas, ¿non? E non é un mérito, é que é o seu deber, é a súa obriga, teñen que atopar solucións para a cidadanía galega.

E volvo repetir a palabra, unha das palabras que máis se repetiu hoxe na súa comparecencia, colaboración, cooperación, políticas de carácter estrutural, políticas especializadas, políticas de apoio, políticas personalizadas e, sobre todo, políticas de prevención. Paréceme moi ben que vaian pola rúa sabendo as necesidades das cidadás e dos cidadáns, é que é a súa obriga, non é quedarse no despacho, evidentemente, penso eu.

Por outro lado, paréceme importantísima a colaboración –e doulle os parabéns– coas diferentes administracións locais, porque si que é certo que son aquelas administracións máis próximas á cidadanía, teñen un peso importante, pero son vostedes os que teñen a última palabra, son os que están obrigados a coordinar e a organizar todo ese traballo, e, claro, non me podo esquecer das organizacións sociais, ¿que sería de moita xente sen esas organizacións?

E volvo repetir, e nunca me cansarei de repetir, as organizacións sen ánimo de lucro, sexa outro tipo de colectivos, plataformas, ONG, nacen porque existe unha gran eiva social, nacen porque o goberno non fai o que ten que facer, non fai o seu deber.

Despois, da xente que precisa a Risga. Falan de que hai un incremento, evidentemente; se hai maior necesidade, terá que haber un maior incremento, están presumindo do maior incremento. Desgraciadamente, o número de necesidade, de xente necesitada, sobe.

E, despois, o que me parece alucinante, tamén, que dan como mérito que en dous meses, máis ou menos, tramitamos, ¡é que só faltaría! Creo que hai que compararse con outras partes do Estado, incluso con outros países, que a burocracia funciona ben, non hai que ir detrás pedindo, reclamando os

proprios dereitos, os dereitos están aí, e a Administración e o Goberno teñen a obriga de aplicalos. É que..., ¡non sei!

Despois, si é certo que os recursos... Hai aquí unhas estatísticas, referentes aos tipos de axuda da Risga, problemas que se atopa a xente, co pago do alugamento ou da hipoteca, que é un 7,2 % en relación coa poboación galega, o que ten imprevistos, ¿non?, que case un 37 % non é capaz de afrontar algún imprevisto ao longo do mes.

Despois, outra cousa –falando dun dos temas, como dixo vostede hoxe que toca, non toca a dependencia, pero xa direi outras cousas–, son moi incoherentes as axudas que se dan, sobre todo na infancia, co feito de poder ter fillos e fillas; por un lado sóbenos os impostos, soben as taxas, sobe todo, é como quen nos quita o prato de comer e nos dá un caramelo. É incoherente ese cheque bebe, que se isto, que si o outro, que se están subindo todo, ¡a ver! Unha das grandes medidas realmente sería, por exemplo, pois as matrículas da escola, do ensino obrigatorio, que foran gratuítas, todo o material, ou que certos produtos de primeira necesidade tiveran unha rebaixa, ¿de que vale un cheque bebé se é algo puntual que sempre presentan no momento que vai haber unhas eleccións?

Despois tamén lle direi outra cousa, a dependencia, agardo que sexan moito máis áxiles á hora de dar as axudas, e que non pase como algún caso que tardou practicamente cinco anos e tivo que ir a xuízo, e sobre todo que sempre teñamos que recorrer ás entidades privadas, porque non hai opción na pública. Incluso o que é o alonxamento da propia familia, sexa para xente maior dependente ou xente, por exemplo, que ten problemas de diversidade funcional, ou algún tipo de discapacidade. Hai que dar opción sempre no público e tamén garantir os dereitos laborais desta xente, non só polos propios dereitos do persoal que traballa, senón polos propios dereitos dos usuarios e das usuarias.

Sobre todo iso, por iso digo que non é nada meritório, desgraciadamente hai unha gran necesidade neste país e os incrementos que van facendo, si, están ben, pero son insuficientes, desgraciadamente.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Fernández Rodríguez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.  
Señora Solla.

**A señora Solla Fernández:** Bueno, parabéns, señor conselleiro. É vostede o primeiro conselleiro que quere falar de Galicia e non de Andalucía ou Venezuela. A min congratúlame bastante que sexa así, o problema é que temos que falar tamén do Estado e das normas do Estado, non só porque o Partido Popular goberna no Goberno central e tamén aquí, non só porque as leis sexan de aplicación tamén en Galicia, senón porque ademais o Goberno do señor Feijóo foi o alumno avantaxado na aplicación desas normas e eses recortes.

E falaba eu, por exemplo, do asunto da prestación farmacéutica, que é unha medida fantástica súa. Primeiro retiraron fármacos da carteira sanitaria, instálannos un repago en persoas que non tiñan que pagar ese tanto por cento que agora se aboa, 50 %, daquela na maior parte das rendas, e agora trasladánnos unhas axudas sociais para paliar os seus propios recortes.

Bueno, a verdade é que parece de chiste, primeiro retíranos os dereitos e logo pónennos un parche, o que teñen vostedes é que reclamar ao Goberno central que devolva a universalidade e, obviamente, que remate cos repagos en materia farmacéutica, e, obviamente, que volva incluír eses fármacos saídos do catálogo.

Non sei de onde sacou, ademais, eses datos ficticios de incremento orzamentario no global, polo menos a señora Rodríguez foi un pouco máis realista e deunos o dato en termos nominais neste 2016, creo que falou de 98 millóns de euros. O problema é que dende o primeiro Goberno do señor Feijóo, dende o ano 2009, o recorte, falábaloo tamén a voceira do PSdeG, o recorte en termos nominais, en canto a toda a materia social, está en torno a 700 millóns de euros, en termos nominais 641 millóns de euros, que en termos reais son moitos máis. Témoloo falado aquí noutras ocasións, e ademais todos os compromisos de pago que lastran, entre outras, á Consellería de Sanidade, pero tamén a outras consellerías.

E, polo tanto, obviamente, que vostedes poñan agora un pequeno parche –porque ademais si estamos en época electoral–, non vai suplir todos os recortes que vostedes practicaron durante todos estes anos. Precisamente a Risga non entraba, díxoo vostede ao principio, nesa nova axenda

social, sen embargo, vostedes utilizárona nesta intervención, ou nesta comparecencia, entendo que porque non tiñan outra cousa que falar.

Pero se vostede fala da Risga e di vostede que se pagan ou se adxudican máis de 10.000 Risgas, gustárame saber cantas máis hai, que nos diga a cifra exacta, por favor, ¿que son, como moito, 13.000?, ¿sabe vostede cantas persoas hai sen prestación en Galicia? Máis de 162.000 persoas sen ningún tipo de prestación. Obviamente, isto non sule, e, obviamente, vostedes tiveron que incrementar as partidas dedicadas á Renda de Integración Social e a algunha outra axuda porque vostedes detraéronas das partidas de promoción de emprego, detraéronas das partidas para crear emprego. E vostedes aplicaron as normas que reducían a calidade do emprego e os salarios.

Claro que hai moitas persoas que si teñen un salario e son pobres, un 13 % dicía eu na primeira intervención, así estamos, pero isto non viu do ceo, viu porque vostedes aplicaron unhas restricións orzamentarias e unha serie de normativas que foron voluntarias e optativas, e, obviamente, cando nos veñen agora a trasladar que que somos moi cumpridores co déficit, e que grazas a iso imos poder investir en política dedicada á infancia, bueno, é pouco menos que un chiste. Primeiros aplicánnos os recortes e logo dinnos que son moi dadivosos e que van investir parte do que recortaron en suplir as carencias que teñen os nenos e as nenas.

A realidade é que a pesar de todo iso –xa o dixen eu na anterior intervención– temos unha débeda disparada dende que chegou o señor Feijóo, tamén no Goberno central, coñecemos a pasada semana ese incremento. Pero aquí tamén, e desgraciadamente ese incremento da débeda non serviu para aumentar os servizos sociais, os servizos públicos, todo o contrario, todo o contrario.

¿Queren vostedes falar de pobreza infantil?, ¿por que vostedes votan en contra continuamente da gratuidade dos libros de texto, da gratuidade do transporte escolar, da gratuidade dos comedores escolares?, ¿por que continuamente vostedes votan en contra diso e despois establecen axudas? É dicir, falámolo durante toda a lexislatura, estamos nunha política de axudas, de bonos, cando paralelamente nos recortan directamente nos orzamentos da Consellería de Sanidade, na de Política Social, etcétera, etcétera, na de Emprego.

O que teñen vostedes é que incrementar os ingresos e aplicar realmente unha redistribución, digamos, da riqueza e facer uns orzamentos como é debido, non recortarnos os orzamentos, endebedarse para pagar cada vez máis créditos e máis compromisos de pago, e paralelamente, aínda por riba, practicar unha política de axudas.

Non me contestou –e remato xa, porque non teño tempo– ás preguntas que lle fixen de por que vostedes recortaron as condicións de acceso para esas axudas, autonomía persoal no fogar, por que agora, practicamente, non pode acceder ninguén, porque son incompatibles con outro tipo de axudas.

Polo tanto –repito–, traslado o mesmo que na anterior intervención, estes son simplemente parches, anuncios dunha campaña electoral que, obviamente, non suplen todos os recortes que vostedes practicaron en política social. Se fan a división –e díxeno na anterior intervención– do orzamento que dedicaron ao bono aluguer, ao ticket enerxético, etcétera, etcétera, entre o número total e a cantidade de cada axuda, dan simplemente para uns centos de persoas; obviamente, iso non é unha política que vaia suplir a enorme pobreza que afecta a máis de 672.000 persoas no noso país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.  
Señora Adán.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Grazas, presidente.

Si, efectivamente, señor conselleiro, as estatísticas nese tema son estatísticas complexas, pero hoxe os datos si que nos din –e aquí os temos, e os xornais fanse eco deles– que sobe, efectivamente, o risco de pobreza e exclusión social en Galicia. Sabemos que é a forma que ten o INE, que ten o IGE, incluso se imos á forma que se analiza dende a estratexia de Europa 2020 é completamente diverxente.

Collamos un dato, o IGE, por exemplo. Podemos dicir que existen en Galiza, segundo os datos –e están revisados de onte–, 398.649 persoas en risco de pobreza. Iso é o que nos di o IGE tendo como esta definición da taxa de risco de pobreza a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente

inferior ao limiar do risco de pobreza de Galicia, que se establece no 60 % de mediana de ingresos equivalentes.

Polo tanto, se estas son as persoas neste risco de pobreza e os datos que vostede nos dá a respecto da Risga, ou por exemplo dos orzamentos que se van dedicar, eu o que teño aquí é que o importe total da axenda social é 161.999 euros. Ese é o dato que teño e que supoño que é o dato que vostede traballou cos concellos e coas deputacións. Entenderá que estamos falando que as axudas, por exemplo, para a pobreza enerxética son 2 millóns de euros. Iso é o que está contabilizado, cando destas 398.000 unhas 180.000 persoas teñen e sofren pobreza enerxética. É dicir, teñen verdadeiras dificultades para pagar a subministración eléctrica e enerxética. Esa é a realidade, e iso segundo os diferentes informes das axencias especializadas en temas de pobreza enerxética.

Pero podemos ir, se quere, un por un por todos os programas. ¿Cales son os aumentos que hai reais nos programas a respecto doutros programas? A Risga. Non llo imos negar. Nunca, eu non escoitei a ningunha voceira da oposición negar que houbera aumentos nas dotacións da Risga, porque efectivamente si que os houbo, porque houbo un aumento clarísimo do índice de pobreza e das persoas que o necesitaban. Aquí demandamos que se cumpriran os prazos. Vostede tampouco nos escoitou agora que fixeramos a crítica, porque efectivamente grazas á denuncia de moitas persoas –de moitas persoas, porque aquí soamente nós fixemos o traballo que temos que facer, non temos ningún mérito–, pero de moitas persoas que denunciaron atrasos na Risga houbo unha silenciación, como ademais obriga a lei, como obriga a lei, simplemente.

Entón nós o que temos dúbidas a respecto desta axenda é, ¿que vai implicar o Plan Aluga, o alugueiro, o realoxo para persoas con execucións hipotecarias, para vivendas de inserción, o bono alugueiro? Todas as medidas que aparecen aquí a respecto dos indicadores de que a cantas persoas afectan, porque na axenda non están. Os números máis concretos que hai, é certo, é o número de traballadores e de traballadoras que se van contratar, que entendo que para os concellos era fundamental.

Porque volvo recordarlle que a primeira medida que se adopta é eliminar os equipos de inclusión das cidades. É a primeira medida do 2009, o que significou para moitas cidades

facer que as súas traballadoras e traballadores sociais tiveran que facerse cargo do traballo que estaban facendo eses equipos de inclusión, que vostede sabe moi ben que en moitos casos estaban formados por sete ou oito persoas, e que eran fundamentais para... E que ademais estaban sendo administrados, ou estaban facendo o seu traballo, a través do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar, que agora vostede, efectivamente, mantén, o cal é unha boa nova, pero que podía manter con servizos como era o caso dos plans de inclusión, que estaban facendo un magnífico traballo, ou coas oficinas de I+D.

Nós dende logo que entendemos que é importante esa colaboración entre as administracións. Pero claro, esa colaboración entre as administracións –que eu tamén tomei nota do que dicía a voceira do Partido Popular–, a xente di que a Xunta ten que reforzar os concellos. Si, efectivamente, pero o que fixo a Xunta durante estes anos non foi reforzar os concellos, todo o contrario. Agora plantéxase esta relación e plantéxase esta colaboración, pero nin o fixo co consorcio, nin o fixo co plan concertado, nin o fixo coa axuda no fogar, porque, efectivamente, aquí tróuxose, en reiteradas ocasións, o que significaba a limitación de horas, unha cousa é que agora, a respecto da dependencia, se estean aumentando. E ademais foi un tema moi debatido, en cidades como Vigo houbo un recorte importante deses fondos, que é unha das que recordo.

Polo tanto, cando se eliminaron equipos, cando se reduciu o plan concertado, cando a través de reais decretos se eliminou a posta en marcha da Lei de dependencia, neste momento eu sigo mantendo que este é un remendo, que unha das cousas máis positivas que ten é que poidamos contrastar ese orzamento por programas.

Pediríalle ao señor conselleiro que tamén a próxima vez se engadan os indicadores contra os cales imos poder entender a cantas persoas, a cantas familias, se chega con cada un dos programas; porque os datos, aínda que sexa difícil medir o índice de pobreza, fálannos de que case 400.000 persoas están en risco de pobreza. ¿A cantas persoas e a cantos fogares –esta é unha pregunta moi concreta– considera o señor conselleiro que se vai chegar...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** ...con esta axenda social de Galicia? Esta é a pregunta.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Gallego.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, a carta da cidadá á que o 6 de maio a súa delegación territorial lle acaba de contestar que lle conceden, dende o ano 2009 que a tiña solicitada –sen tempo non era–, unha libranza para coidados no contorno familiar, cunha prestación de 67,20 euros ao mes, e os atrasos –que ascenden nada menos que a 5.510,40 céntimos de euro–, vánselle pagar ata o ano 2024 a razón de 688,80 euros ao ano. Para que logo diga vostede que non están concedendo libranzas para baixar a lista de espera da dependencia. É o que están concedendo dende xaneiro deste ano, basicamente. Bueno, teño moitas para ensinarlle. Se quere, cada vez que veña, tráíolle unha.

Por certo, non é que vostede veña moito a comparecer, é que o traemos aquí porque o interpelamos. Porque no pleno pasado se vostede puido explicar o que pasaba coa Lei de inclusión foi porque o Grupo Socialista trouxo aquí unha interpelación para que vostede dera conta, que se non non viña; por comparecer non comparecía.

Cando nós falamos de que esta é unha axenda electoral, dicímolo por dúas razóns moi sinxelas, señor conselleiro. Primeiro, porque se vostedes querían aproveitar o marco comunitario de apoio 2014-2020 para facer un programa estratéxico, un programa operativo, ou como queiran chamarlle, da axenda social ou de loita contra a pobreza, ou contra a desigualdade, podían ter aprobado, perfectamente, cunha maioría absoluta no ano 2013 ou no ano 2012, para poñelo a andar, efectivamente, a 1 de xaneiro do 2014. E non, traen ese programa, que ten que ver, precisamente, coas obrigas legais que ten o Goberno de Galicia de presentar programas operativos diante das autoridades comunitarias, para cumprir con ese marco comunitario de apoio, en maio do ano 2016, a piques de rematar a lexislatura. E como lle lembraba a señora Adán sen indicadores de seguimento.

¿Cando imos poder comprobar que o que vostede anuncia hoxe aquí nesa axenda electoral se está cumprindo, con-

selleiro? As eleccións son en outubro. Poñamos que o señor Feijóo estira ata novembro, ¿como imos comprobar que isto non son fogos de artifício e propaganda electoral, e non compromisos reais? ¿Por que o Goberno galego non puido facer ata o de agora unha axenda social e a fai a catro ou cinco meses de que remate esta lexislatura? ¿Non lle parece a vostede que temos o dereito de cuestionar o seu compromiso, posto que o están presentando en tempo de desconto?

Mire, vostede dicía que a Risga acadaba xa a moitas persoas. Datos seus, 31 de marzo, 10.300 persoas percibindo a Risga, 38.300 fogares nos que non entra ningún ingreso. Voullo dicir cada vez que veña.

E logo falábanos de que o INE de hoxe dicía que porcentualmente en Galicia hoxe hai menos pobreza que no ano 2009. ¡Por favor, conselleiro, que lle pasaron mal os apuntes! Que mire, hai unha cousa que se chama renda media en Galicia, que nos últimos anos baixou un 10 %, que é máis baixa, un 13 %, que a media do Estado, e un 20 % máis baixa que Europa. ¿Están vostedes contentos de que teña baixado a renda media e, polo tanto, que porcentualmente pareza, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) só pareza, que hai menos pobreza en Galicia, cando en realidade hai máis persoas en pobreza e en risco de exclusión social? Non manipulen máis as estatísticas.

Mire, e si, haberá máis horas de servizo de axuda no fogar, pero danlle a cada persoa menos horas. Ese é o recorte, ¿sabe? Porque probablemente no cómputo global como a dependencia tamén ten que ver coas axudas no fogar, haberá máis horas, pero a cada persoa o seu dereito foille recortado polo Goberno do Partido Popular.

Mire, eu non nego que vostede poida ser máis simpático que a señora conselleira anterior, non o nego, non o nego, (*Murmurios.*) pero non se trata diso. É ideoloxía, é o modelo de sociedade que queremos construír, non é unha cuestión de empatía, nin de que vostede porque foi alcalde coñeza mellor os problemas que había no país. Non, non. É intentar, con estas axudas que nos vén anunciar vostede hoxe, tapar o sol cun dedo. E non se pode.

Se queren de verdade loitar contra a pobreza, contra a exclusión social e contra a desigualdade que vostedes provocaron coas medidas que adoptaron durante a crise econó-

mica, o que teñen que facer é restituír os dereitos cercenados ás (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) persoas. Restituír os dereitos cercenados ás persoas.

E mire, podían empezar...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio, por favor.

**A señora GALLEGO CALVAR:** ...por exemplo, por (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ir ao límite do nivel de endebedamento que temos e gastar 80 millóns de euros máis neste ano en gasto social, por exemplo. Podían empezar por iso cando fixeron o orzamento. Pero non, preferiron ser os campións do cumprimento do déficit deixando sen empregar 80 millóns de euros máis que podíamos ter cumpridos igual os límites de déficit, e dedicalos a esas persoas que están...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora GALLEGO CALVAR:** ...en dificultades. (*Murmurios.*)

Mire, os concellos, señor conselleiro. Eu non nego que vostede coñeza mellor os problemas dos concellos, pero os gobernos do Partido Popular en Galicia e o Goberno do señor Rajoy recortaron nun 65 % os fondos do plan concertado, eliminaron as oficinas de inclusión e recortaron as competencias que tiñan os concellos.

Vostede poderá agora intentar poñer parches, pero a verdade está escrita e vostede coñécea...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Gallego.

**A señora GALLEGO CALVAR:** ...coma min. Así que mire, axenda social, si, axenda electoral, non.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Gallego.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Grazas, señor presidente.

A verdade, a verdade di a señora Gallego, a verdade di que o Goberno do Partido Popular provocou esta situación en

Galicia, que o Partido Popular provocou esta crise económica en España, por culpa do Partido Popular se tiveron que facer recortes, por culpa do Partido Popular hai familias que non teñen ingresos, por culpa do Partido Popular hai moitas persoas que non teñen emprego neste momento. *(Murmurios.)*

A verdade é que é surrealista, é surrealista escoitar por parte dunha voceira do Partido Socialista o que acabamos de escoitar. Porque mire, aquí non se poder vir... *(Aplausos.)* Aquí non se pode vir... Cadaquén, señora Gallego, ten que apechugar co que lle toca, e vostede non vén aquí libre de polvo e palla. Vostede pertence a un partido, o Partido Socialista, que dende logo algo terá que ver, algo terá que ver coa situación económica que se atopou o Partido Popular cando chegou ao goberno. *(Protestas.)* Algo terá que ver.

Pero miren... *(Murmurios.)* Se mo permiten, se é posible falar neste Parlamento...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. Silencio.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** ...se mo permiten... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Síntoo, xa sei que ás veces doe, pero... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, se mo permiten..., se mo permiten...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. ¡Silencio, por favor!

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Non se pode falar do Partido Socialista, non falamos. Non se pode falar da xestión do Partido Socialista, non falamos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non se pode falar doutras comunidades, non falamos. Non falamos de Andalucía, non falamos. Non falamos de Venezuela, non falamos.

Pero miren, é que as que veñen falar aquí de Venezuela son as deputadas que traen a camiseta de *Chávez, te lo juro, yo voto a Maduro*. Pero, imos ver..., *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* ¿pódese falar de Venezuela ou non falar de Venezuela?

E espero...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** ...espero, señor Ron... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio por favor. ¡Silencio!

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** E espero, señor Ron. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. *(Murmurios.)* Silencio, está no uso da palabra a señora Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** E espero... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Non, non! *(Murmurios.)* ¡Silencio, por favor! Está no uso da palabra, de momento ten dereito a falar. Non creo que a deban de interromper, a vostedes tampouco lles gusta.

Prosiga, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** É a nova política, señor presidente. *(Murmurios.)*

Espero que os deputados e as deputadas do Grupo Parlamentario de AGE, así como acaban de aplaudir a gracieta da súa compañeira da camiseta do presidente Chávez, así como acaban de aplaudir, que aplaudan tamén o que imos dicir. Neste momento si imos falar de Venezuela, e ímonos acordar deses 30.000 galegos e galegas que viven en Venezuela e que están pasando por unha situación económica moi complicada, e ademais con moitas necesidades. Deles si nos acordamos e para eles vai hoxe a nosa referencia e o noso recordo a Venezuela. *(Aplausos.)*

E o argumento... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por favor, este é un parlamento, deixen falar, deixen falar...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Ten razón. *(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Fajardo, chamada á orde. (*Risos.*)

Inaugurou... (*Murmurios.*) Non, non, oíno ben. Ando mal da vista, pero non do oído, ¡eh! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entón, chamada á orde, señor Fajardo.

Prosga, señora Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Señor conselleiro, falarei con vostede porque parece ser que este tema non lles interesa aos deputados da oposición. Acaban de dicir que esta Axenda Social de loita contra a pobreza e a exclusión social é unha axenda electoralista, que son fogos de artifício e que é única e exclusivamente propaganda electoral. Pois mire, eu teño que darlle as felicitacións, porque se vostede foi capaz de traer, segundo a oposición, unha axenda electoralista, coa complicidade dos concellos de todas as cores políticas de Galicia, coa complicidade dos concellos socialistas, coa complicidade dos concellos nacionalistas, coa complicidade dos concellos gobernados polas Mareas e coa complicidade dos concellos gobernados en coalición, dende logo, ten bastante mérito, señor conselleiro, (*Aplausos.*) porque se a Xunta de Galicia trae aquí unha axenda social que a oposición critica e resulta que é unha axenda acordada, falada e dialogada con todos os concellos de Galicia, a verdade é que ten vostede máis mérito do que lle acaban de recoñecer.

E, claro, aquí falamos de que o Goberno da Xunta de Galicia tivo que facer determinados axustes porque é o campión do déficit. Aquí parece que os deputados e deputadas de determinado grupo político veñen sen coñecer o que aconteceu na nosa comunidade non hai moitos anos. E cando estaba acontecendo na nosa comunidade o que nos levou a unha situación tremenda para moitas persoas en Galicia, eles estábannos dicindo que Galicia estaba na Champion League, e agora, que se traen medidas para paliar as necesidades e os problemas que aínda teñen moitas persoas por mor dos anos da crise, resulta que critican a Xunta de Galicia.

Pero a verdade, señor conselleiro, é que vostede nos acaba de mostrar que á parte das medidas que se teñen posto en marcha, á parte dos recursos que se teñen aplicado para loitar contra a pobreza e a exclusión social, agora temos novidades, temos un paso máis adiante, un paso máis importantísimo, porque non é un paso da Xunta de Galicia, é un paso da Xunta, dos concellos e das entidades sociais para

falar e axudar a quen verdadeiramente nos importa, os galegos e as galegas, as persoas que máis o necesitan.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Arias.

Turno de peche desta comparecencia.

Señor conselleiro de Política Social.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que se fala en moitas ocasións de que os representantes públicos debemos tratar de estar na realidade e de transmitir a realidade nas nosas intervencións.

Miren, a verdade é que eu, efectivamente, non falei doutros países, e tampouco falei de Galicia como un país máximo onde todo é marabilloso, senón que, efectivamente, dixemos que hai problemas en Galicia, pero que somos capaces tamén, onde hai problemas, de poñer solucións, porque para iso é para o que ten que ser a política, (*Aplausos.*) e ademais, de poñer solucións a través da xestión, porque unha cousa é falar e outra cousa é, a través de programas de actuación como os previstos nesta Axenda Social, poñer solucións onde antes había problemas ou poñer máis solucións para que haxa cada vez menos problemas, pero de verdade que escoitar en foro parlamentario que estamos nun país que está esmorecendo, deserto e con terra desolada, creo que tampouco nos fai moi fácil que as persoas que nos escoiten fóra poidan sentirse identificadas con esa Galicia.

Eu volvo dicir o que dixen na miña primeira intervención. As medidas previstas nesta nova Axenda Social –eu entendo que a algún grupo político lle poida custar entender o que digo– están consensuadas con alcaldes do Partido Socialista, uns e outros, con alcaldes do BNG, uns e outros, e con alcaldes das Mareas, uns e outros. De verdade que este conselleiro fala con todos os alcaldes, con independencia do partido político ao que pertencen, porque o Goberno ten a obriga de representar a todos os galegos e a todas as galegas. (*Aplausos.*)

Eu entendo, de verdade, que nalgunha desas bancadas –non nesta–, lles custe entender que somos capaces de che-

gar a acordos, non cos nosos, senón con todos os grupos políticos, pero de verdade que esas son as mellores maneiras de ser capaces de que os resultados da Axenda cheguen a todos os galegos e a todas as galegas, porque iso é o que temos que facer; e tamén ser capaces de facelo co noso tecido social, porque, efectivamente, eles son os que nos impulsan e os que nos dan a coñecer moitas situacións que ás veces non coñecemos, nin a Administración autonómica nin as administracións locais, e situacións de verdadeira necesidade que moitas veces temos moito máis cerca do que nós pensamos.

Por iso imos seguir traballando en rendas, por iso imos seguir traballando en medidas para evitar que en Galicia exista pobreza enerxética e por iso imos seguir traballando en medidas que eviten desafiuzamentos. Porque depende a quen lle preguntes. Hai algún novo responsable público que di que agora xa non hai desafiuzamentos. Si que hai desafiuzamentos e si que temos que estar evitando desafiuzamentos constantemente dende os concellos e tamén dende a Administración autonómica, porque, xa digo, para algúns hai un ano parece que había moitos e agora parece que non hai ningún, pois segue habendo. E o que temos que facer é seguir traballando todos xuntos para evitalos, como estamos a facer todos os días a Administración autonómica e as diferentes administracións locais. *(Aplausos.)*

Por iso imos aumentar as nosas liñas de colaboración cos concellos, por iso imos incrementar o Plan concertado, por iso imos seguir incrementando as horas de axuda a domicilio. Mire, señora Gallego, dime que igual hai máis horas pero menos horas para cada un. Mire, hai máis horas e máis horas para cada un porque de verdade que acabamos de aumentar un millón de horas netas en axuda a domicilio; un millón de horas.

E, mire, con respecto ao tema das libranzas, é un dos recursos previstos na Lei da dependencia; non me dirá que non porque foi aprobada por un goberno socialista. E unha das fórmulas de atención son as libranzas. Mire, o que lle digo é que Galicia, afortunadamente, está moi por debaixo de concesión de libranzas que Andalucía, moi por debaixo, e moi por riba en servizos públicos especializados. Polo tanto, seguimos concedendo libranzas, seguimos concedendo axuda a domicilio e seguimos concedendo prazas en maiores e en atención á discapacidade para chegar ao obxectivo que lle dixen: 50.000 persoas atendidas.

E outra cousa, señora Adán, con respecto ao tema dos indicadores, quero dicirlle que esta axenda presenta a creación do Observatorio Social de Galicia, onde, coa participación dos concellos e coa participación das entidades que traballan coa pobreza, iremos avaliando cada unha das políticas, porque, desgraciadamente, neste momento –hai que dicilo– non hai un foro estable de seguimento destas actuacións, e por iso crearemos ese Observatorio Social de Galicia para ter datos exclusivos en materia de inclusión social.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro de Política Social.

Pasamos ao punto terceiro da orde do día, que se corresponde co de mocións.

### **Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia lingüística**

**O señor PRESIDENTE:** A esta moción non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas.

Moi boa tarde, señorías.

Hoxe presentamos unha moción na que abordamos unha serie de propostas relacionadas co idioma. Facémolo despois de que este pasado 17 de maio non só tiveramos milleiros de persoas nas rúas demandando un cambio na política lingüística, senón tamén de ver como o 17 de maio se homenaxeaban e se lembraban dous fitos que son moi importantes para nós: primeiro, a celebración deste ano do Día das Letras honrando a Manuel María, gran poeta nacional, gran defensor da lingua, un militante nacionalista que sempre deu o mellor de si tanto na súa obra como na súa praxe, cun compromiso activo en defensa da lingua, mais tamén neste ano conmemorando as Irmandades da Fala.

E nós temos moi claro desde o BNG que a mellor homenaxe que podemos facer á lingua galega non son declaracións



de amor senón que neste momento o único que nós pedimos no Parlamento é que se cumpra a lei. Non lle imos pedir ao Partido Popular que faga avances, que promova un incremento das accións ou a modernización da lexislación lingüística, non, non, só lle imos pedir que cumpran as leis, que cumpran a Lei de normalización lingüística e que cumpran a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias; unha carta que, ao ser ratificada polo Estado español, forma parte do corpus legal que teñen a obriga de cumprir e unha carta que o propio comité de expertos, os propios expertos que están analizando o seu cumprimento, e o propio Consello de Europa certifican que no caso da lingua galega se está incumprindo.

Polo tanto, nesta moción nós propoñemos, en relación con esa declaración e con eses principios, tres puntos: o primeiro, que dado que o propio comité de expertos sinala que o Decreto do plurilingüismo limita a docencia do galego a un máximo dun 50 %, co obxectivo final de acabar reducindo a un terzo, e que este feito supón unha clara contradición cos compromisos asumidos polas autoridades no marco da Carta Europea, que reclaman unha educación predominantemente en galego, o que lle pedimos é, polo tanto, que se elabore un novo decreto que realmente cumpra o que di a Carta Europea das Linguas e que, ademais, se ataña ao que tiñamos pactado e acordado neste Parlamento no Plan xeral de normalización da lingua galega.

Un segundo punto no que recollemos as propostas que fan mención ao ámbito xudicial, tanto no que se refire a que os procesos se poidan desenvolver en galego a petición de parte para que se tomen as medidas necesarias para garantir que as partes dun procedemento sexan especificamente informadas da obriga que as autoridades xudiciais en Galiza teñen de desenvolver os procedementos en galego se unha parte así o pide; que se tomen as medidas necesarias para aumentar a proporción de persoal xudicial en Galiza en todos os niveis, e particularmente entre xuíces e fiscais, capaz de empregar o galego como idioma de traballo nos tribunais; así como tamén, no relativo aos medios de comunicación, que se fomenta ou facilite a creación e o mantemento de polo menos un periódico en lingua galega e que se negocie un acordo co Goberno portugués para facilitar a recepción da Radio- Televisión portuguesa en Galiza.

Recollemos aquí as principais recomendacións que fai neste cuarto informe este comité de expertos e o propio Consello de

Europa para pedirlle ao Partido Popular que neste Parlamento non se poña en contra de cumprir a legalidade lingüística.

Mais tamén queríamos aproveitar este debate para, polo menos, deixar algunhas cousas claras. É unha pena que o conselleiro de Educación non teña un minuto para dedicar-llo a un dos asuntos máis importantes das súas competencias, como é todo o que se refire á política lingüística. En todo caso, é unha ausencia que denota a falta de interese que ten a Xunta de Galiza neste asunto.

El dicíanos no debate da interpelación que todos estamos manipulando, como sempre, o informe, que lemos mal, que non entendemos ou que non somos capaces de percibir o que quería transmitir nin o comité de expertos nin o Consello de Europa.

Eu xa, por coller algunhas fontes que supoño que votedes non dirán que están manipuladas, neste caso collín unha noticia do Faro de Vigo cando se fixo público este informe. Di: *“El Consejo de Europa pide a la Xunta que promueva más el uso del gallego en las aulas”*. O Consejo de Europa considera no seu cuarto informe sobre o uso das linguas minoritarias que os límites que establece o Decreto do plurilingüismo da Xunta están claramente en contradición cos compromisos adquiridos polas autoridades españolas na Carta Europea. A Consellería di: O informe do Consello de Europa formado por 47 estados mostra a súa preocupación pola redución gradual da presenza do galego na ensinanza media e sostén que a regulación do decreto entra en contradición co obxectivo da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias. Esta é a interpretación que fai un xornal do noso país.

Máis tamén, por coller algún tipo de fontes, imaxino que o conselleiro ausente non o dirá, pero supoño que a súa representación neste Parlamento, que será o voceiro do Grupo Popular.

Tamén nos tomamos a molestia de traer aquí o que dixo a Real Academia Galega, que me imaxino que non está manipulada nin polo nacionalismo nin pola maléfica oposición que hai neste Parlamento.

Entón, a Real Academia Galega –poden ir á súa páxina web e comprobalo se lles interesa– tamén emitiu un comunicado cando se coñece este informe e estas recomendacións, e di: *“Real Academia Galega. O Consello de Euro-*

pa acaba de manifestar a súa preocupación polo efecto negativo da redución gradual do galego no ensino en Galicia; unha advertencia que concorda coa oposición da Real Academia fronte ao Decreto 79/2010 da Xunta de Galicia. O organismo europeo emitiu estas semanas un novo informe sobre a aplicación da Carta das Linguas Rexionais que identifica no caso de España problemas importantes, entre os que sinala expresamente a redución do ensino en galego coma unha consecuencia da aplicación do devandito decreto; unha norma que entra claramente en contradición cos compromisos adoptados polas autoridades ao asinaren a carta.”

É dicir, todo o mundo le o mesmo menos a Xunta de Galicia, que máis unha vez nos quere facer pasar por parvos e parvas, e dinos que o que realmente todo o mundo interpreta do que se está dicindo neste informe é unha deformación da realidade.

O grave é que estamos ante mentira, tras mentira, tras mentira, sobre a situación da lingua, e todo isto para esconder unha situación vergoñenta. E a vergoña é que temos un Goberno que lle parece ben que o galego estea en peor posición. Temos a vergoña de ter un goberno que por primeira vez, desde que hai Estatuto de autonomía, lexislou para reducir a presenza do galego, e mesmo prohibiu que o galego se poida utilizar como lingua de ensino no ámbito das matemáticas e no ámbito científico. ¡Prohibido por un decreto do Partido Popular! A vergoña é que temos unha situación que mesmo denuncia o propio Instituto Galego de Estatística, e que eu penso que é interesante que o poidamos ver.

Estes son os gráficos que están... Non se ven moi ben polo tamaño dos mesmos, pero estou segura de que son capaces de entrar en internet, na páxina web do Instituto Galego de Estatística, porque son os gráficos que están colgados no IGE, e estes gráficos son sobre as persoas que falan habitualmente en galego, tramos de 5 a 14.

Esta liña amarela que vai cara arriba –non sei se a ven– son os que falan sempre en castelán. Desde o ano 2003 ao ano 2013 esta liña non fai máis que ascender. A liña descendente, que son a vermella e a azul, son aquelas persoas que usan sempre o galego ou predominantemente o galego. Como verán, están cada vez nunha peor posición.

O grave é que, cando temos esta realidade, o Goberno galego di que non nos preocupemos, que o galego está moi ben, que no hai ningún tipo de problema. Que están satisfeitos cos resultados desta política e non teñen a máis mínima vontade de rectificar nin un ápice. Dá igual que llelo pida o Consello de Europa, a Real Academia Galega, o Consello da Cultura, 20.000 persoas na rúa, porque vostedes teñen un deseño moi claro, e é que, efectivamente, queren reducir cada vez máis a presenza da lingua galega, ese é o deseño que vostedes teñen con claridade.

E mesmo cando traemos a este Parlamento denuncias feitas por cidadáns deste país, que teñen que esperar un mes máis para poder firmar unha hipoteca en galego, que lle atrasan a operación no Sergas por pedir que a documentación que se lle entrega no Sergas estea en galego. Cando na maior parte da documentación que asinamos no noso país en empresas privadas, chámese Abanca, chámese Fenosa, chámese como se queira, non se nos permite que estea en galego, e, aínda por riba, din que nós queremos impoñer a lingua galega.

Esa é a gran mentira, e eu tamén creo que é a gran vergoña, dun goberno que se converteu nun renegado do máis importante que temos os galegos e as galegas, que é a nosa lingua.

Hoxe, neste ano no que conmemoramos o centenario das Irmandades da Fala, o mellor tributo que se lle pode facer a esas Irmandades é acabar coa cizaña que vostedes quixeron sementar en contra do galego. Teñen aínda a oportunidade de facelo. Non a desaproveiten.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Iglesias.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** Boa tarde. Moitas grazas, presidente.

Vou ler un texto introdutorio da Lei de normalización lingüística. “A lingua é a maior e máis orixinal creación colectiva das galegas e dos galegos; a forza espiritual que lle dá unidade interna á nosa comunidade. Únenos co pasado porque a recibimos dos nosos maiores como patrimonio vivo, e as nosas cativas e cativos recibirana como legado de identi-

dade común. Tamén é vínculo esencial entre galegas e galegos afincados na terra nativa e as galegas emigradas polo mundo.”

É o texto que así recolle a introdución da Lei de normalización lingüística, aprobada por este Parlamento, no que nos atopamos agora, en xuño do ano 1983.

Esta lei recoñece a lingua galega como propia e oficial, e contempla o dereito a coñecela e a usala. Non contempla a obriga, como si se recoñece noutras leis co castelán. Segundo a miña opinión, daqueles lodos veñen estas lamas.

Malia que esta lei, no seu artigo 13, establece que os nenos e as nenas teñen dereito a recibir o primeiro ensino na lingua materna, chegados a este punto, teño que dicir que o Partido Popular non cumpre esta lei, non a está a cumprir.

A normalización dunha lingua supón a recuperación do seu status de lingua normal, de lingua habitual, de lingua vehicular, en todas as situacións cotiás da vida.

Unha lingua está normalizada cando o seu uso oral e escrito dáse de xeito natural e espontáneo en calquera das situacións que se poidan producir na vida pública e na vida persoal das falantes.

Dicía o outro día o señor conselleiro que as galegas e os galegos deciden en liberdade absoluta falar en galego, e sen ningún problema, na rúa, e sen ningún tipo de problema en calquera parte. Iso o que amosa e evidencia é un total e absoluto descoñecemento de que os dereitos das galegofalantes son vulnerados un día si e outro tamén. Na vida diaria de calquera galegafalante xorde, polo menos, unha situación en que esa suposta liberdade lingüística non existe, e é vulnerado o dereito dese galegofalante a usar a lingua propia.

Por exemplo –xa o dixo a señora Pontón–, á hora de solicitar unha beca –teño a experiencia recente, o outro día–, a funcionaria si se dirixe á usuaria en lingua galega, pero o impreso non está en lingua galega. Como falar coa compañía telefónica, redactar unha denuncia, xestionar unha hipoteca, etc. Cando non, o caso da nena obrigada a falar en castelán en certa actividade da hípica, sen que a Xunta tomara medidas en absoluto. Situacións que evidencian que o que se dá por feito é que o normal, a lingua nor-

mal, a lingua vehicular, é o castelán, e que a demanda do galego é unha excepción, unha excepcionalidade ou unha rareza –segundo vostedes, ao mellor– de alguén da oposición que quere facer política no exercicio do seu dereito a falar na lingua propia.

Nunha cousa si estou de acordo co señor conselleiro, en que o galego é de todas e de todos. Todas compartimos o orgullo de contar cunha lingua propia, como se puido visualizar na última manifestación do 17 de maio. Por certo, ese orgullo mantense vivo grazas ao compromiso militante –porque nos obrigan a militar, a posicionarnos politicamente neste tema, cando non debería de ser así– da propia cidadanía, malia a actitude hostil cara á lingua do Goberno do PP, cuxo Decreto do plurilingüismo xa foi deslexitimado polo Consello na Carta Europea das Linguas Minoritarias e por outras institucións, malia a que vostedes tratan de maquillar os datos un día si e outro tamén.

Non é certo que na Galiza se viva unha situación de bilingüismo harmónico. Non é verdade, non é certo, porque o uso dunha das dúas linguas non está garantido en múltiples ocasións, como xa dixen. Por iso as medidas que contempla eta moción son imprescindibles para rescatar o noso idioma do esmorecemento á que o ten sometido a situación de diglosia á que vostedes levaron a lingua galega.

O Grupo Mixto queda claro que vai apoiar esta moción.

Grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.  
Señor Ron.

**O señor RON FERNÁNDEZ:** Boa tarde a todos e a todas.

A Alternativa Galega de Esquerda vai apoiar esta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego porque, loxicamente, levamos catro anos nesta lexislatura defendendo constantemente a lingua galega, e, loxicamente, atacando a política lingüística que leva a cabo a Xunta de Galicia. Unha política lingüística que obedece a unha estratexia moi clara, calculada e definida: vén determinada a través desas falacias científicas como o bilingüismo harmónico.

Sabemos perfectamente que non existe esa posición de equilibrio que vostedes defenden constantemente, e o que existe é o triunfo da colonización da lingua castelá sobre a galega en todos os aspectos. Non só nos usos na vida en sociedade, senón tamén dende o punto de vista interno lingüístico, onde o galego está sendo erosionado cada vez máis pola lingua castelá. É dicir, unha colonización dobre.

Coa Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias –xa o comentamos– a propia Xunta de Galicia fixo un xogo: agora si me interesa, agora non me interesa; agora si apoio o que di o informe, agora non. Así aconteceu nas dúas comparecencias que fixeron vostedes na comisión, onde ao principio non era tan alarmante, os datos non eran a ter en conta, e na última comparecencia do señor Valentín pois si que había que telo en conta. E facían vostedes un xogo malabar, porque se demostrou claramente que o informe que se mandou por parte do Estado aos expertos era un informe baseado en informacións nesgadas, manipuladas, falsas literalmente, sobre o que acontece na realidade con respecto aos espazos e aos usos, medios de comunicación etc., onde non é posible, realmente, ás veces, usar a lingua galega. E vostedes facían uso, incluso, de outorgarse méritos que está levando a cabo a sociedade civil, organizándose, por exemplo, en plataformas dixitais. Vostedes mesmos outorgábanse eses méritos, cando vostedes o que fan é mirar cara outro lado cando un medio de comunicación determinado ten problemas. Aquí aconteceu, por exemplo, co *Galicia Hoxe* ou con outros xornais de Galicia, outros medios, que por forza, non por pracer, se viron obrigados a quedar relegados a unha tribuna dixital. Pero vostedes incluso diso fan un xogo retórico coas palabras para camuflar a súa desastrosa política en materia lingüística.

E tamén hai outros erros, como que vostedes din que hai un elevado coñecemento da lingua galega. ¡Claro que si! Tamén coñecemos os ósos do *Homo afarensis*, pero iso non é uso, non hai espazos de uso. Polo tanto, coñecer pode ser que coñezamos un obxecto que está nun museo. É querido, sentido, está aí, gardámolo, pero non o usamos.

Nós o que dicimos é que hai que usar a lingua galega, e que hai que ter a posibilidade de poder usala nas mesmas condicións e coa mesa igualdade de oportunidades que os que usan a lingua castelá, e iso non acontece. E moito menos no que son as estruturas que vostedes ás

vezes chaman de sedución, que son as estruturas de lecer. Vostedes miren a ver se no lecer, para un mozo galego ou galega que queira usar o galego, é doado, ao mellor, en películas que non están dobradas, non están subtituladas, etc. E vostedes aí aínda non responderon a por que non se pode asistir a un filme subtulado en lingua galega nesas plataformas de pago, onde si se ve o catalán e o euskera, o inglés e todas as linguas, pero o galego parece ser que é inexistente.

A Carta Europea foi ben clara. En materia lingüística, en materia de ensino, en materia de xustiza, en materia da Administración pública e servizos públicos, en materia de medios de comunicación, etc., en todo hai unha severa advertencia: que así non se pode seguir, porque o que se fai é perder, precisamente, o que necesitamos, que é máis persoas que usen a lingua galega de forma constante; é dicir, monolingües en lingua galega.

E, de feito, é algo que vostedes non queren, loxicamente, porque teñen vostedes a súa estratexia, que é iso do bilingüismo harmónico –xa o dixemos–, a través dun decreto que é infumable e que fai que a lingua galega perda, precisamente, a relevancia e a importancia nas aulas. Pois vostedes aférranse a unha falacia permanentemente, e é así, e nós non podemos defender baixo ningún contexto que a falacia sexa a que faga que a lingua galega perda, e perda cada vez máis, monolingües en lingua galega.

E por iso é preciso que nos centros educativos tamén se favorezan os contextos en que sexa pertinente a inmersión lingüística en lingua galega, é unha recomendación da Carta europea, é algo extremo para vostedes. Pero ao mellor é a forma de poder salvar o futuro dos falantes en lingua galega, dos falantes monolingües en lingua galega, e non que coñezan a lingua galega pero que non a usen nunca.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Burgo.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señorías. Señor conselleiro.

Ben, nós, por suposto, o Grupo Socialista, imos apoiar a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, porque compartimos coa señora Pontón a preocupación manifestada na súa interpelación e nesta moción pola situación da lingua galega, e porque nós manifestamos tamén esta preocupación en moitos momentos, en moitas situacións neste Parlamento, e tamén en relación co ditame dos expertos da Carta europea das linguas rexionais e minoritarias que trouxemos a esta Cámara, con pouco resultado, por certo, porque ao parecer o Goberno e o Grupo Parlamentario do Partido Popular non queren entender que é necesario tomar as medidas que recomenda un organismo internacional, neste caso.

A situación é moi preocupante, vostedes sábena, nós sabémolo, a cidadanía sábena e os expertos do Informe da Carta europea de linguas rexionais sábena. O Goberno tamén o sabe, se non está preocupado, se non manifesta esa preocupación, é por esa actitude defensiva que está cerrada, que está tomando dende o ano 2009, cando se deu conta de que a súa política lingüística, e a súa busca de votos a través da lingua, e a súa busca de confrontación a través da lingua non daba resultado. Nin daba resultado posteriormente buscando eses nichos de votos, nin daba resultado, por suposto, coa lingua, que o único que está a facer ultimamente é ir a unha situación cada vez peor e non mellorar.

Vostedes sábena, pero non o van recoñecer, a pesar de que a situación é tan preocupante, é tan evidente, que se por un momento foran capaces de ver a situación con obxectividade e pensar, por exemplo, noutro país, terían un país no que resulta que a institución máis importante para defender e para codificar o idioma propio ten que manifestarse un día si e outro tamén, ten que facer declaracións de forma continua para defender a lingua –neste caso a galega–, para impulsar o Goberno na súa defensa, como o está a facer un día si e outro tamén a Real Academia Galega.

Se vostedes pensaran nun país no que a institución cultural máis importante, que ten como labor estatutario a defensa da cultura do pobo –neste caso o galego, e neste caso o Consello da Cultura–, ten que manifestar un día si e outro tamén a necesidade de tomar medidas especiais, medidas de impulso especiais para superar a situación de desvantaxe do galego fronte ao castelán, vostedes mesmos dirían que pasa algo grave.

Se vostedes viran noutro país, e foran obxectivos, se viran como unha real academia da lingua, como é a Real Academia Galega, resulta que leva aos tribunais, non unha senón varias veces, un decreto –o máis importante dado por un Goberno– para a ensinanza do idioma, como é o Decreto de plurilingüismo, vostedes dirían que pasa algo moi grave. Porque non se pode legislar en contra de todos, e sobre o Decreto do plurilingüismo vostedes saben, señor conselleiro –sábena vostede tamén–, que está en contra todo o mundo: o Consello da Cultura, a Real Academia, os partidos políticos, os sindicatos, a Confapa, as universidades, o Consello Consultivo... É que non falta ninguén, é que é todo o mundo. É un clamor xa, hai que cambiar ese decreto.

E agora vén o Consello Europeo dicir o que sabemos, pero vén dicilo el, a ver se así ten máis relevancia, e é que está tendo un efecto moi negativo sobre a lingua galega na ensinanza. Non é o único ámbito no que ten que estar a lingua galega, pero é primordial; pero o problema é que tam pouco se utiliza como se debe na xustiza –só un 5 % das sentenzas en galego–, nin na administración, nin na sanidade. E non o di o Partido Socialista, dino os expertos europeos da Carta europea de linguas rexionais.

Gustárame que o PP e o Goberno fixesen tamén esa reivindicación. Temos que volver reivindicar este ano 2016 o espírito, as ensinanzas e as peticións das Irmandades da Fala no centenario da súa fundación; cando eles afirmaban que a necesidade do galego era que estivese presente en todos os ámbitos, en todos os contextos, que se falase en todos os ámbitos da vida, que tiña que ser unha lingua viva, unha lingua intelectualizada.

Unha lingua que ten que servir non soamente para o ensino e para o fogar, que ten que servir absolutamente para todo. E nestes momentos –e dío a Carta europea e non nós– non está servindo nin na ensinanza, nin na xustiza, nin na administración, nin na sanidade, nin nos medios de comunicación, por falar todos eles, ademais, de ámbitos de prestixio. Polo tanto, é necesario cambiar esta política e, polo tanto, tamén apoiamos, por suposto, a parte dispositiva desta moción.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Baamonde.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Moi boa tarde, señorías.

A verdade é que aproveitando precisamente a celebración das Letras Galegas, aproveitando a petición de consenso e de pacto lingüístico que moitos persoeiros realizaron con tal fin, un podía esperarse que o Bloque Nacionalista Galego trouxera hoxe unha iniciativa encamiñada a ese propósito, unha iniciativa de pacto e de consenso. Pero, moi lonxe diso, asistimos a aquilo de *nada nuevo bajo el sol*.

Unha vez máis plantexamos a iniciativa dende o punto de vista da confrontación, dende o punto de vista do catastrofismo, e esta vez adobado tamén dun criterio de vitimismo –como ben sinalaba o señor conselleiro na interpelación consecuente– que, por certo, tamén está en contradición cos mandatos da Lei de normalización lingüística que vostedes din defender.

Trae este tema a señora Pontón como fío condutor á Carta europea das linguas. E mire, señora Pontón, eu non falo nin de manipulación, nin de interpretación, nin de nada, pero é verdade que vostedes traen este tema dunha maneira sesgada, dunha maneira interesada, poñendo de manifesto unicamente os aspectos negativos, unicamente aqueles aspectos onde a Carta fala que deben mellorarse; pero ocultando e obviando que ese documento é un documento moito máis coherente, é un documento de carácter positivo que pon de manifesto moitos avances realizados no tema lingüístico. Moi concretamente, en relación co Goberno galego, cuestións como o avance da utilización da lingua nos medios privados de comunicación, nos servizos públicos ou tamén na formación.

Non podemos nosoutros avaliar negativamente ese criterio. En ningún caso, señor Ron, o secretario de Política Lingüística dixo que non había que facerlle caso e despois que llo había que facer. O único que dixo sempre é que, efectivamente, non era un informe alarmista, e que o Goberno galego está disposto a cumprir as prescricións desa carta, como sempre dixemos e sempre fixemos. Pero malamente pode ser un informe alarmista cando, como resumo de todas as actuacións, o Consello de Ministros acaba felicitando o

Goberno español polos avances realizados no tema lingüístico en relación cos datos do último informe.

Podía o Bloque Nacionalista Galego aproveitar ese criterio da Carta minoritaria para traer unha iniciativa da Carta das linguas minoritarias para plantexar unha iniciativa de consenso, pero, evidentemente, a vostedes non lles interesa o consenso. Non é casual que precisamente a iniciativa veña cinguida aos eidos do ensino, da xustiza e da comunicación, xustamente a aqueles onde a coexistencia das linguas máis se tensa por razóns obvias. Pero está claro que vostedes o propósito que teñen, en realidade, non é o do pacto, de feito aquí non falan para nada de consensos, non falan para nada de pactos. E o único que dá a impresión é de que traen este tema a colación como elemento de unión nestas datas que estamos a vivir, como elemento de unión para levantar o espírito alicaído das súas xentes e tamén como bandeira de confrontación co Partido Popular.

Evidentemente, non podemos aceptar a iniciativa, pois xa foron, en realidade, os puntos concretos que se reflicten nela moitas veces debatidos.

En relación co Decreto do plurilingüismo, señora Pontón, os tribunais declararon reiteradamente que o decreto se axusta plenamente á legalidade. Oito sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza e unha do Tribunal Constitucional confirman claramente ese criterio.

Señora Burgo, di vostede que é un problema que institucións importantes teñan que recorrer á xustiza, e é un dato realmente rechamante o feito de que a xustiza reiteradamente confirme a validez dese decreto. Decreto, ademais, que está plenamente ratificado pola maioría social de Galicia.

En canto á xustiza, o que vostedes plantexan, a utilización da lingua galega a instancia de parte polos xuíces, xa está recoñecido pola Lei orgánica do poder xudicial. Por certo, señora Burgo, recorde que os xuíces poden utilizala a petición de parte, sempre que non se alegue indefensión pola outra parte, o que fixo o avogado do secretario xeral do Partido Socialista cando lle notificaron a resolución xudicial en galego.

Respecto dos medios aclarar, señora Pontón, que o dos periódicos en galego, evidentemente, a todos nos gustaría

que se fixeran, pero son moitos os problemas para a edición dun periódico en galego dadas as circunstancias actuais dos medios de comunicación. E se vostede cre que a través da subvención se pode manter un medio, eu creo que ese é un camiño seguro hacia o fracaso.

E en canto á reciprocidade da televisión portuguesa, xa se plantexou na Lei da lusofonía. Sabe vostede que o espazo radioeléctrico é de titularidade estatal, e de feito houbo que modificar as prescricións iniciais desa Lei da lusofonía precisamente para introducir criterios de colaboración de reciprocidade. E probablemente o Goberno portugués tampouco aceptaría esa reciprocidade de emisión en libre da televisión galega ou da televisión española.

Pero, en definitiva, nosoutros non podemos tampouco aceptar esta iniciativa, porque –como ben dicía o señor Ron– claro que partimos de criterios diferentes. Vostedes o que pretenden facer, obviando a realidade social de Galicia, é edificar de tellas abaixo o edificio legal da lingua galega. Seguramente como non teñen a maioría social de Galicia pretenden que sexan os poderes públicos os que establezan esa imposición, ese camiño hacia a preeminencia do galego, e camiño hacia o monolingüismo, que mentaba o señor Ron, cando di claramente que para combater a diglosia hai que facer individuos monolingüistas en galego, e nosoutros temos un criterio totalmente diferente.

Certo que os poderes públicos teñen que ter protagonismo...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** ...pero sempre da man da maioría social, porque non se pode artellar unha lingua contra o criterio do pobo que a fala. Como dicía Trapero Pardo, a fala é de quen a fala. E nese sentido nosoutros mantemos un criterio de política lingüística diferente ao seu, baseado, efectivamente, na realidade bilingüe de Galicia, baseado na cooficialidade e coexistencia pacífica das linguas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Baamonde.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** ...baseado no criterio de que a liberdade de uso vende moito mellor que a imposición.

E xa que falan das Irmandades da Fala, tome nota, señora Pontón, do criterio das irmandades, do seu criterio colectivo, que partindo de posicións ideolóxicas diferentes son capaces de traballar con espírito colectivo en aras dunha fala que beneficie a todos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Baamonde.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** ...e sen posicionamentos ideolóxicos, partidistas e de confrontación.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Baamonde.

Grupo autor da moción. Señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, señor presidente.

Eu, en primeiro lugar, quero agradecer tanto ao Grupo Mixto, como ao Grupo da AGE como ao Grupo Socialista o apoio a esta iniciativa. E quero lamentar que o Partido Popular converta os debates de lingua nun ritual, nun ritual de insultos, de descualificacións e de mentiras. Porque a min iso é o que me parece o máis grave: negar a realidade e vir aquí dicir que o que nós propoñemos é ilegal, sen dar un só argumento. ¿Por que é ilegal que se derroque o Decreto do plurilingüismo? Non é ilegal, é unha decisión política, que lle está pedindo a sociedade galega e que lle están pedindo desde o Consello de Europa, e vostedes néganse, néganse. ¿Por que? Porque teñen un plan moi claro: é que queren un galego arrinconado no ámbito do ensino, que é polo que vostedes están traballando.

Porque calquera goberno normal, calquera goberno responsable, calquera goberno que queira cumprir as leis, que lle din que ten que garantir igualdade de coñecemento, o primeiro que faría é preocuparse, cando os únicos datos que hai sobre a avaliación da competencia lingüística din que hai moitas persoas que son españolfalantes e que non teñen competencia lingüística en galego. E un responsable dunha administración preocupado pola lingua galega avaliaría o decreto, tal e como por certo di un dos seus artigos. E vostedes non queren avaliar a competencia lingüística, porque saben que é un auténtico desastre, mais veñen aquí –como

dicía eu– cun ritual de mentiras, mesmo algunhas delas –voulles dicir, algunhas delas,... (*Murmurios.*), si, non se alporicen, porque..., non se alporicen, si, si, e voulles dicir ademais–, ritual de mentiras.

Vostedes mandaron información á Unión Europea que é falsa, e se non, rétooo aquí, señor conselleiro, a que visitemos as notaría e comprobe comigo se é posible escriturar en galego no mesmo tempo que en español, é mentira. Porque as experiencias dos que facemos iso demostra... (*Murmurios.*) –individuais, pregunte aquí–, mínimo, dúas-tres semanas de diferenza. Entón, esa é a realidade. É mentira.

Ou, vamos, cousas dun nivel que a min é que me daría vergoña, desde logo, formar parte dun goberno que envía un informe –e vostede me dirá–: “*Cabe señalar que en Galicia existen en la actualidad numerosos productos de la tierra etiquetados solo en gallego –vino, miel, etc.–. La mayoría de los productos industriales están etiquetados exclusivamente en castellano.*” E está todo ben para vostedes, non hai ningún problema.

Banca. Din, mire: “*Por lo que respecta a las escrituras notariales de hipotecas, las notaría y registros tienen la obligación de proceder a realizar sus trámites e inscripciones en gallego, sin que por ello se incremente el coste del procedimiento ni se dilate el tiempo de realización de los actos administrativos*”. Mentira, e sábeno.

Ou –xa lles denuncié– que o que é absolutamente indecente é que cando nace unha asociación para denunciar a marxinação dos medios en lingua galega, porque é unha política deliberada que vostedes fixeron, veñan e nos digan que ese é un avance, porque hai unha asociación en defensa do galego nos medios e que, polo tanto, o galego está moi ben, cando saben vostedes que a posición do galego diminuíu tanto no audiovisual como na prensa escrita, e que durante a etapa do Goberno de Feijóo se pecharon as únicas cabeceiras diarias que utilizaban a lingua galega. E que iso é unha decisión política, porque todos os medios de comunicación están subvencionados, e moitos, por certo, reciben cuantiosos cartos públicos para que avance...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...a normalización, e leva anos conxelada ou en retroceso.

Polo tanto, isto non é un problema de legalidade, é un problema de cal é a decisión que ten adoptado o Goberno do señor Núñez Feijóo en relación coa lingua. E eu quero dicir que é unha decisión, desde o punto de vista político, necia, porque é de necios poñerse en contra do galego. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

A seguinte moción é do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa oferta de solo industrial e a posta en funcionamento da plataforma loxística e industrial de Salvaterra-As Neves, PLISAN.

**Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa oferta de solo industrial e a posta en funcionamento da Plataforma Loxística e Industrial de Salvaterra-As Neves, PLISAN**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Si, moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Bueno, hai dúas semanas tivemos unha interpelación á conselleira señora Ethel Vázquez sobre o chan industrial e o problema que significa como factor de produción no tecido industrial da Comunidade Autónoma de Galicia, e como isto se manifesta de maneira paradigmática no caso da plataforma loxística de Salvaterra-As Neves, que é pois o mellor exemplo da incapacidade do Goberno do señor Feijóo para desenvolver o que sería unha ferramenta de política económica moi relevante.

A verdade é que a resposta da señora conselleira foi, na opinión do Grupo Socialista e na opinión deste portavoz, absolutamente desoladora. Non houbo compromisos de ningún tipo, non houbo datas do que lle preguntabamos, que era fundamentalmente cando estaría a plataforma loxística en condicións de recibir a instalación de fábricas ou de centros



de distribución comercial. Iso si, tróuxonos unha fotografía –parece que bastante recente– do estado das obras e, desde logo, como corresponde adecuadamente ao Goberno do señor Feijóo, pois nos fixo un amplo relatorio dos tres anos e medio de goberno do señor Touriño.

Indubidablemente, todos os problemas deses tres millóns de metros cadrados semiexplanados entre Salvaterra e As Neves, cunha lagoa de 17 metros de profundidade –e é verdade que cunhas pequenas obras nos bordes, que a este ritmo, desde logo, non van estar no ano 2017, como dixo a conselleira–, pois, indubidablemente, unha obra iniciada no ano 2000 e que, desde logo, a actividade física na mesma se produciu exactamente coincidindo co Goberno do señor Touriño, todo o demais foron problemas.

A verdade é que convén, fundamentalmente, ver a historia da PLISAN. Eu espero que o voceiro ou voceira do Partido Popular que dea resposta a esta moción, bueno, pois espero ter máis sorte, espero que me conteste a algo do que preguntaba, e, sobre todo, espero que poida, facendo de portavoz do Goberno, comprometerse con ese tecido produtivo da comarca da área metropolitana de Vigo, que necesita desesperadamente chan industrial, e que ve, ademais –insisto–, dende hai 187 meses –que foi o momento en que o señor Fraga Iribarne anunciou a construción dun porto seco entre os concellos de Salvaterra e As Neves– que alí pois hai un espazo axeitado para establecer fábricas ou centros produtivos ou centros de distribución comercial.

Porque ata o de agora –insisto– hai esa explanada, que é exactamente o que había en febreiro do ano 2009. É dicir, levamos exactamente sete anos nos que, en teoría, en teoría, se gastaron 48 millóns de euros en expropiacións –é verdade que os propietarios e as distintas asociacións de afectados seguen dicindo que falta por pagar esas expropiacións–, se gastaron 20 millóns de euros nos movementos de terra nese proceso de explanación –que foi practicamente nos anos 2007 e 2008–, se gastaron 22 millóns de euros na autovía AG-51; a verdade é que é a primeira vez, este é un país, a verdade que a dereita, en termos de planificación de obras, soe sorprendernos cada día; temos o porto exterior de Ferrol, temos o porto exterior da Coruña, que non teñen literalmente accesos, están practicamente acabados e non teñen literalmente accesos.

Aquí, que non hai plataforma loxística nin porto seco, excepto esa fochanca de 17 metros de profundidade, hai unha autovía niquelada que remata, literalmente, nunhas xestas –digo nunhas xestas porque tamén me molestei en ir vela–, impoluta, perfectamente adecuada, pintada e sinalizada; unha especie de cuestión surrealista, que se ti vas pola A-52 –eu non sei cantos dos deputados e deputadas do Partido Popular utilizan esa autovía; eu, como son un ourensán transterrado a Vigo, utilízoo con frecuencia–, saes da autovía, exactamente en Puzo-Lira-Pontearreas, e te atopas unha rotonda excepcionalmente sinalizada que pon AG-51 PLISAN.

Eu invítoos a vostedes –lamento que non estea a conselleira– para que nunha destas viaxes rápidas de primeira hora da mañá para ir facer fotos pois tamén vexan a instalación sinalética –insisto– PLISAN, fas os tres quilómetros e medio de rigor e te atopas literalmente unha fila, unha ringleira de xestas –remata exactamente nunhas xestas–, altas, altas, porque leva rematada a autovía dous anos e medio, e neste país, afortunadamente, co índice de pluviosidade e horas de sol, pois a vexetación, sen ser a selva ecuatorial panameña, pois ten certa exuberancia; polo tanto, altas. Bueno,... *(A señora Oubiña Solla pronuncia palabras que non se perciben.)*. Si, sempre me gustou a poesía, señora Oubiña, é unha cousa, eu creo que é positivo, ¿verdade?

Logo hai 7,7 millóns de euros de dereitos mineiros, que aí si se pagaron –as empresas, bueno, polo menos non se queixan–, eu entendo que se pagaron.

Hai 3,5 millóns de euros en indemnizacións dos propietarios daquela zona de especial protección forestal, que literalmente se expropiou como se fora unha zona susceptible de ser utilizada para o porto seco, para a plataforma loxística, e hai eses –digo– 14,7 millóns de euros para urbanización, dos que falou a conselleira.

Volvo repetir: eu, facendo un pequeno percorrido polas notas de prensa, tanto da Xunta de Galicia como do Ministerio, atopei cantidades para ese proceso, e desde logo, se non era para ese proceso, pedinlle explicitamente á conselleira que me detallara a que se refería cada unha desas cantidades, que ían dende os 44 millóns de euros aos 13,5 millóns de euros. Temos todo o abano cuantitativo entre esas dúas cantidades. É verdade que a señora conselleira nos contou todo o mal que o fixera o Goberno do señor Touriño,

pero foi incapaz de explicar as notas de prensa que produce a súa propia consellería, o cal, desde logo, a este deputado lle resulta sorprendente.

E, lamentablemente, esta instalación é a metáfora do que está sendo o chan industrial da Comunidade Autónoma de Galicia: hai oferta de chan industrial onde hai unha demanda moi escasa e non hai oferta de chan industrial alí onde a demanda é moi elevada.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo tense transformado nunha axencia de propiedade inmobiliaria, cuns prezos absolutamente prohibitivos. A señora conselleira, tamén –bueno, nese avance do coñecemento científico habitual–, dixo que ela non quería o modelo portugués –entendo que se refería aos salarios baixos–. ¡Home!, estaría moi ben que, entón, botaran abaixo a reforma laboral, que foi o elemento fundamental que está tirando cara a abaixo dos salarios. Ou tamén podían facer outra cousa... (*Murmurios.*), si, si, podían facer outra cousa: aumentar as dotacións públicas en I+D+i, que en Portugal están no 1,5 % do PIB e en Galicia están no 0,87. Por certo, eu sempre falaba aquí de Ucraína e Turquía; Turquía temos que retirala xa, porque está, no último dato da OCDE, no 1,01 % e, polo tanto, quedamos só con Ucraína; nós seguimos nese 0,87 %.

Iso si, o señor Feijóo cumpre escrupulosamente o déficit indicado dende o Goberno central. Non só o cumpre, senón que queda por debaixo do límite permitido. Total, ¿que son 80 millóns de euros nun país –digamos– tan exuberante en termos de servizos públicos sanitarios, educativos, de dependencia, etc., como é a Comunidade Autónoma de Galicia?

Eu lamento que tanto os conselleiros deste goberno como os voceiros do Partido Popular non sexan capaces nunca de explicar nada disto. Fálannos de Venezuela, fálannos de Andalucía, fálannos do Bipartito, en fin, fálannos de case todo, menos do que teñen que falar, que é o Goberno explicar cales son as liñas mestras da súa actuación política, cales son os obxectivos que están, que intentan acadar, e cales son as ferramentas que van utilizar para acadar eses obxectivos, e os portavoces do Grupo Popular, polo menos o que lle corresponde habitualmente a este humilde deputado, habitualmente pois dá clases maxistras de filosofía, que recoñezo que son incapaz de seguir pola miña incapacidade intelectual –estou seguro de que esa é a razón–.

A falta de chan industrial é un elemento fundamental á hora de curtocircuitar o desenvolvemento industrial desta comunidade autónoma. E os datos, lamentablemente, están aí. Están aí o número de empregos perdidos, están aí, que estes datos que o outro día o conselleiro, xa non sei se foi o conselleiro aquí ou na comisión, o director xeral do Igape daba, vamos, como uns niveis de ocupación industrial próximos ao pleno emprego, pois estamos no nivel do ano 2013; é dicir, seguimos perdendo 40.000 empregos en relación co que había no ano 2009, aquel ano nefasto, a orixe de todos os males –insisto: 40.000 empregos menos–.

Tamén un día o señor conselleiro...

**A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés):** Vaia rematando, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...–vou rematando, señor presidente– o señor conselleiro –perdón, señora presidenta–, o conselleiro dixo que a estatística de entrada de pedidos industriais era a mellor aproximación á evolución da industria en todas as comunidades autónomas. Eu díxelle que non, que tivera coidado; primeiro, que era moi cíclica, en fin, unha serie de matizacións, pero bueno, aquel mes era boa, a última era un pouco peor, a última en España baixa un 5,4 %, e baixa, sobre todo, porque o contexto internacional é nefasto. A min gustárame moito que alguén do Partido Popular falara aquí de economía internacional, pero máis alá de Venezuela, que é un país co que temos unhas relacións comerciais estreitas dentro dun orde, pero, con todo, non é o elemento fundamental desta comunidade autónoma. E en Galicia a caída é un 25 % máis pronunciada.

Lamentablemente...

**A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés):** Debería ir acabando, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** –remato, señora presidenta– ...a conselleira non nos falou –ou non falou– de nada disto e o que si fixo foi unha avaliación xeral do Goberno bipartito. Espero que o voceiro ou voceira do Partido Popular coopere no avance intelectual deste deputado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés):** Grazas, señor Losada.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Martínez García.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Grazas, presidenta.

Señor Losada, non se preocupe. Cando Obama dea permiso para levarse ben con Venezuela, como pasou con Cuba, cambiarán as cousas. Aquí necesitan que algún amo lles diga con quen se poden tratar e con quen non. Polo tanto, están esperando a que fale o amo en vez de analizar a situación.

Ben, aínda que o Estado e a Xunta levan negando sistematicamente a paralización da Plataforma Loxística e Industrial Salvaterra-As Neves, chamada Porto Seco de Vigo ou PLISAN, o proxecto, de tres millóns de metros cadrados, leva paralizado dende o ano 2009. Por iso é acaída esta moción; porque a incompetencia da Administración non pode seguir paralizando o desenvolvemento dun parque industrial imprescindible para revitalizar a economía de todo o sur de Pontevedra.

Aínda así, solicitamos a votación por puntos. Os puntos 1, 3.1, 3.2 e 3.4, por unha banda, e os puntos 2 e 3.3, por outra. E agora explicarei esta petición.

Votaremos favorablemente o punto 1, para desenvolver un plan galego de dinamización e de promoción dos parques empresariais galegos para coñecer a súa situación. Igualmente, apoiaremos a reclamación do punto 3.1, para pechar as datas nas que o chan industrial da PLISAN estará, efectivamente, a disposición das empresas. O mesmo que o punto 3.2, para fixar unha data definitiva de remate da construción da ETAP e da EDAR.

En xaneiro deste mesmo ano, a delegada do Estado na Zona Franca de Vigo anunciaba que a Xunta de Galiza licitará os proxectos e obras da depuradora de augas residuais, e agora potabilizadora, neste primeiro trimestre do 2016. Pero, no anterior pleno do mes de maio, na súa intervención na interpelación que deu lugar a esta moción, a conselleira confirmou que nin a Autoridade Portuaria licitou a redacción do anteprojecto, nin a Xunta licitou a dirección da obra para construír a EDAR e a ETAP, que darán servizo á PLISAN, deixando como único compromiso que a Xunta encargase

de dita licitación ao longo deste ano. É dicir, do primeiro trimestre xa nos imos ata o mes de decembro, con tempo de sobra. Polo tanto, é imprescindible deixar de marear os prazos, que se precipitan en período electoral e se demoran entre procesos electorais.

E, por suposto, votaremos a favor do punto 3.4 para que, antes de rematar o ano 2016, se efectúe a totalidade dos pagos pendentes polas expropiacións da PLISAN nos concellos de Salvaterra e As Neves.

Pero, se o PSOE acepta a votación por puntos, absterémonos nos puntos 2 e 3.3, que propoñen establecer liñas de axuda ao financiamento de compra do chan industrial e un plan de incentivos financeiros para a instalación de empresas na PLISAN que permita sistematizar as axudas públicas e para competir vía prezos cos parques portugueses. Entendemos que falta un compromiso das empresas que se instalen, se reciben axudas, co emprego que se vai crear e coa estabilidade e a calidade do emprego que se vai crear.

No mes de decembro, o Consorcio Zona Franca e a Xunta de Galicia e a Autoridade Portuaria de Vigo asinaron un acordo para ofertar 100.000 metros cadrados de solo dispoñible inicial. As empresas interesadas poderán optar entre mercar as parcelas ou acollerse á fórmula de dereito de superficie. No caso de compra, os 100.000 metros cadrados venderanse a un prezo bonificado de 50 euros/metro cadrado. E, no caso de acollerse á fórmula de dereito de superficie, deberán aboar un canon simbólico anual con opción a compra.

Polo tanto, entendemos que non é tanto o problema do prezo como dos servizos. Non é tanto que teñamos que competir vía rebaixa de prezos, como que debamos competir vía calidade de servizos: acceso a Internet, vías de comunicación... Falaba o señor Losada desa autovía que remata nunhas xestas. Eu pregunto que pasa co enlace ferroviario, prometido; que pasa co transporte público metropolitano que chega á PLISAN para o traslado de traballadores e traballadoras. É necesario ofertar un servizo de gardería para as traballadoras e traballadores do parque e un servizo de emerxencias para todas as empresas do parque. É dicir, fundamentalmente, o que falta son servizos.

A Federación Galega de Parques Industriais, que agrupa vinte e catro asociacións de empresarios instalados en chan

industrial, para facilitar a instalación de empresas e o seu desenvolvemento, móstrase crítica coas políticas públicas de promoción do chan industrial e desenvolvemento de Galiza. Defenden que non se pode ver un parque industrial como unha operación inmobiliaria, senón como un proceso de dinamización dos sectores produtivos e de atracción de investimentos.

Xestur promove moitos parques empresariais –di a Federación Galega– e rebaixa o prezo das parcelas, pero o diñeiro non é o único factor que inflúe nunha empresa á hora de decidir se instalarse ou non nun parque empresarial. Están a facer, segundo a Federación Galega de Parques Industriais, unha infrapromoción do chan industrial.

Hai que preocuparse do parque e da xestión do parque, desenvolvendo políticas públicas transversais, intersectoriais, nos parques empresariais.

En canto á competencia con Portugal, a Federación Galega de Parques Industriais considera imprescindible –señoras e señores do Partido Popular, acabamos de falar diso– a integración do galego como lingua socioeconómica. As empresas instaladas nos parques empresariais estanlle dicindo á Xunta que é imprescindible o uso socioeconómico do galego, e a Xunta...

**A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés):** Vaia rematando, por favor.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** ...non lles fai tampouco caso. Iso que non é precisamente a patronal galega a grande defensora da utilización e emprego do idioma galego. A ver se os fan reflexionar e escoitan que o galego, ademais, serve para facer economía, serve para mellorar a economía galega.

Nada máis, moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés):** Polo Grupo da Alternativa Galega de Esquerda, o señor Fajardo Recouso.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Moi boa tarde a todos e a todas.

A verdade é que vir hoxe aquí falar da PLISAN é algo así como vir falar da nai ou do pai de todos os despropósitos urbanísticos deste país ou de planificación industrial.

En Pontevedra, na nosa provincia, no conxunto de Galicia, xa temos o noso aeroporto de Castellón. Algo que soe facer moi habitualmente o Partido Popular. Infraestruturas que supostamente serven para unha cousa, pero que logo do tempo para o único que serviron é para malgastar decenas –neste caso decenas de millóns– de euros, simplemente para que o seu obxectivo de que existan empresas que poidan dar postos de traballo, pois non existan.

Eu recuperei hoxe e onte, preparando esta intervención, os anuncios do señor Fraga sobre este parque. Claro, tiven que recuperalos a través de Internet porque daquela eu apenas era un pequeno vinteañero, pouco preocupado pola vida parlamentaria. E resulta que, naquel momento, o señor Fraga e o Partido Popular anunciaban que isto ía conseguir que se puxesen encima da mesa dez mil postos de traballo. Días despois, non temos nin sequera o primeiro posto de traballo, pero si tivemos, por consecuencia da demora na súa infraestructura, como unha empresa, por exemplo, tivo que pechar as súas portas porque durante todo o ano se estivo convivindo cun concurso de acredores onde a súa única vía de escape era o compromiso de construción deste parque industrial.

Polo tanto, decisións como estas non só custaron ao erario público decenas de millóns de euros, senón que ademais custaron decenas de postos de traballo que si existían e que foron socavados pola ineficacia e ineficiencia dos gobernos deste país, pouco preocupados por facer as cousas ben.

Eu sempre comparaba o meu concello con Springfield, porque o meu concello, Vilagarcía de Arousa, ten dúas cousas únicas no mundo enteiro. Ten un parque soterrado que ten unha planta por encima do nivel do mar e ten un paseo marítimo onde na metade do paseo non se ve o mar. Ese é un elemento único e diferenciador para o noso concello, pero tamén Galicia ten elementos diferenciadores: unha Cidade da Cultura absolutamente sen cultura ningunha, que é unha fochanca de millóns de euros; portos exteriores sen accesos; e, hoxe se demostraba –como tiña eu nos papeis e como ben dixo o portavoz do Partido Socialista–, un parque industrial con accesos pero sen industria e sen parque industrial.

Polo tanto, nesta cámara dos horrores, das desavinzas urbanísticas e dos proxectos urbanísticos errados, creo que este debe de ocupar un elemento preferencial no que é a historia do país, sobre todo para que estas cousas non se volvan

repetir. Porque, dende logo, o que non pode existir é un país sen planificación e ordenación ao respecto dos parques industriais. Todos coñecemos multitude de concellos que teñen parques industriais obsoletos, abandonados, sen ocupación, e tamén coñecemos multitude de concellos que necesitan chan industrial para que se desenvolvan proxectos industriais moi importantes.

Polo tanto, aquí, nalgún momento haberá que poñerse a planificar como e onde se distribúe o noso chan industrial para que sexamos capaces de dar cabida a todas esas empresas que necesitarían ese chan, pero sobre todo nunhas condicións dignas tanto de acceso como de equipamentos. Eu a semana pasada visitaba Ponteceso e, por exemplo, alí hai un polígono industrial que non ten nin os mínimos requisitos á hora de acceder, por exemplo, á rede inalámbrica ou a un montón de servizos, que fan inutilizable para moitas empresas esa infraestrutura.

Polo tanto, estamos absolutamente de acordo coa primeira parte da exposición e do punto da moción do Partido Socialista, que fala dun plan galego de dinamización e promoción dos parques empresariais.

E cando falamos de que se debe de, canto antes, rematar a situación da PLISAN, o primeiro que lle preguntamos é como é posible que dende o 2000 ata o día de hoxe non se fixera nada. ¿Como é posible que esa situación se dea, que se teñan malgastados centos de millóns nesa situación, e que non haxa ningún responsable político?

Porque, nun país normal, eu creo que unha infraestrutura que se anuncia no ano 2000 e que no 2016 non ten nada realizado, e nin sequera ten unha soa empresa instalada, terá que ter algunha responsabilidade política. E, polo menos, os responsables políticos desa aberración deberían de estar dando contas non só –seguramente tamén– sobre o malgasto de carto público, senón tamén sobre a responsabilidade da súa incapacidade. Pero neste país iso non pasa así; pódense facer aberracións como os portos exteriores sen acceso ou como isto e non hai ningún responsable.

Por iso, creo que estas cousas teñen que sabelas a cidadanía galega. Non é verdade que neste país non existiran recursos económicos para facer cousas. É que neste país se malgastaron recursos económicos para aberracións que, en

moitos casos, serviron para moi pouco; en todo caso si para demostrar que necesitamos cambios de rumbo, cambios de gobernos e gobernos que se tomen en serio o futuro do país e que, polo menos, planifiquen o que é a nosa política industrial.

O noso grupo anuncia que vai traer a esta Cámara unha proposta de política industrial concreta, que ten que ver coas demandas que se fan –non só en Europa, senón tamén no propio Estado– sobre as necesidades de implementar algún tipo de industria que non existe; e nós, dende logo, poderíamos ser un eixo fundamental para o acceso dese tipo de industrias ao conxunto de Europa e, sobre todo, ao sur de Europa, que non teñen ningunha.

Pero, dende logo, o que non é posible é que un goberno que leva gobernando desde que existe esta cativa democracia no país sexa quen de manter situacións como a da PLISAN que son absolutamente inaceptables e que, dende logo, deberían de pagar politicamente. E alguén debería explicar-lles a eses traballadores que foron convencidos por membros deste goberno de que non se preocupasen, que a súa empresa se salvaría porque se ía construír a PLISAN, xa fai máis de dez anos –que hoxe están na rúa ou, en moitos casos, en parados de longa duración por decisións como estas–, cal é a responsabilidade dos políticos e que van facer para resarcir os danos que tiveron estes traballadores. E tamén os danos que sufriron aqueles que foron expropiados e non pagados co obxecto de facer esta infraestrutura.

Como xa me pasei do tempo, pero creo que non só era unha boa portavoz de pesca, senón seguramente mellor presidenta da Cámara que o que habitualmente exerce...

**A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés):** Si, pero non abuse da confianza.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Moitas grazas. *(Risos.)*  
*(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés):** A señora Adán Villamarín, polo Bloque Nacionalista Galego.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Grazas, presidenta.

Boa tarde.

Eu tamén, recompilando datos a respecto da PLISAN, atopei que fai dous anos eu cualificaba a PLISAN como “Expediente X”. E teño que explicarme, por que falo neses termos.

Eu fun moi fan de *Expediente X* e recordarán vostedes que era aquilo de “a verdade está aí fóra”. Pois iso; é que é así. Ou sexa, chegamos a esta Cámara, podemos coller os diarios de sesións, as veces que debatemos da PLISAN, as veces que preguntamos ao Goberno, pero é que a realidade está aí fóra, que é: collamos o coche –agora que estamos ademais afeccionándonos ás excursións conxuntas neste final de lexislatura– e vaíamos ata a PLISAN e comprobemos que, efectivamente, chegamos á rotonda... Eu xa a vin sen rotonda, con rotonda, con xestas, con toxos... De feito, traio aquí as fotos que non vou sacar porque son de diferentes fases da PLISAN. Dezaseis anos.

Escoitamos á conselleira que dicía “a orixe de todos os males”. Evidentemente, o Bipartito, catro anos, imos falar de catro anos, non de tres e medio. Son 16 anos, se quitamos catro anos, non sei..., a min paréceme que quedan 12, e claro, triplicase o tempo que un goberno sobre outro está co tema. De feito é un tema que a min, polo menos, me fai sentir moi maior. Recordo a primeira vez que visitei a PLISAN, que sería en maio de 2005, por aí, ou sexa que xa pasou moito tempo, e segue máis ou menos a cousa.

Por recordar un pouco, novembro de 2009. Naquel momento, o conselleiro Agustín Hernández di exactamente: Estamos traballando con outros dous promotores da PLISAN para acadar a mellor solución para os afectados. Esperamos dispor dunha solución nas vindeiras semanas. Ano 2009. A partir de aí, dende o 2009, ata o 2013, fundamentalmente, foi un sen parar de noticias do Goberno sobre este tema. De feito, no 2011 foi aquel célebre momento da Mitsubishi, cando a Xunta blindou os terreos da PLISAN. A verdade é que poderíamos cualificalo de experiencia paranormal, porque se blindan uns terreos nos que aínda non había nada, estaba como un terreo lunar. Têño aquí; é o que ten gardar as carpetas.

Ben, nese momento, cando se decide por parte da Mitsubishi que o planeta Lúa non era a ubicación adecuada, nós traemos unha iniciativa a este parlamento que se aproba por unanimidade. Quero recordala, porque é alá polo 2011 cando “o Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que lles dea orde ás empresas concesionarias das obras de urba-

nización da parte correspondente á Administración autonómica e á das obras relacionadas coa dotación de servizos xerais para toda a PLISAN, co obxecto de recuperar o ritmo adecuado e poder poñer á disposición do tecido empresarial solo industrial e loxístico no menor tempo”. Isto aprobámolo por unanimidade, proba de que podemos aprobar calquera cousa. Efectivamente, isto débese trasladar ao Goberno. Supoño. Estou absolutamente segura de que os servizos da Cámara llo trasladaron, e o Goberno dixo: ¡un traslado máis! Máis ou menos, porque estamos falando do 2011.

Cambio de Goberno, 2012, e tamén empezamos coa PLISAN. Entón, novas declaracións dos novos responsables e das novas responsables, incluída a presidenta da Zona Franca. Porto, Zona Franca e Xunta negocian zanxar de inmediato todo o tema. A realidade –non vou seguir lendo noticias– é 2016, a situación na que estamos. Dezaseis anos despois, anuncios, notas de prensa, resumos de prensa, proposicións non de lei... Eu collín unha, estou certa de que hai moitas máis que se aprobaron nesta Cámara, e a realidade é: planificación industrial, cero. A PLISAN segue agardando.

De feito plantéxase por parte da Zona Franca a necesidade de que existan zonas de estacionamento especiais para os camiións que teñen que chegar ao porto, e fálase incluso de ampliar Porriño tendo a PLISAN non sei a cantos quilómetros, a dez, do Porriño, ou menos. Ou sexa, ¿vaise ampliar para os tráilers que necesitan chegar ao Porriño cando a PLISAN era unha plataforma loxística? Eu creo que moito máis alá dun *Expediente X*, fenómenos paranormais dunha planificación que se fixo en Galiza do chan industrial durante décadas. Isto non é nin máis nin menos que unha consecuencia desa non-planificación da época Fraga. Efectivamente, se buscamos, está aí a orixe, catro anos antes do 2005.

Informóusenos na anterior sesión de que había moitas máquinas traballando, e debo confesar que nestes últimos quince días de pleno non tivemos –eu, polo menos– tempo material para poder inspeccionar as obras, como se diría. Pero o certo é que con 16 anos de atraso, sen saber exactamente cal é o alcance e as necesidades que neste momento ten a PLISAN, sen saber nada a respecto do tren e tamén do transporte de viaxeiros que sería necesario. Por iso nós imos dar o noso voto a favor a esta iniciativa, queda no *Diario de Sesións*. Seguramente algúns seres vivos, supoño que humanos, no futuro, cando analicen os diarios de sesións e fagan

arqueoloxía, un dos aspectos que poderán poñer sobre a mesa é que debatían sobre a PLISAN. Agardemos que sexa unha realidade naquel momento e non siga sendo como agora, unha paisaxe lunar. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés):** Polo Grupo Popular, o señor Goldar.

**O señor GOLDAR GÜMIL:** Moitas grazas, señora presidenta.

Señores e señoras deputadas, moi boa tarde a todos.

Señoría, dicía vostede: accesos ferroviarios ao porto exterior de Ferrol. Só unha pincelada: proxectos parados co señor Zapatero, do PSOE, e que Ana Pastor, do PP, está licitando agora. E o PSOE de Ferrol, en contra. Póñanse vostedes de acordo primeiro, porque, se non, isto é imposible.

Señor Losada, co debido respecto e dende a maior consideración que lle profeso, vaime permitir que lle diga que semella que non prestou demasiada atención á resposta que lle deu a conselleira á súa interpelación no pasado pleno. E non sei se con isto coopero ou non ao seu avance intelectual. Descúlpeme, en todo caso, se non o consigo. *(Aplausos.)*

Mire, tal é así que prestou pouca atención, que das doce cuestións que formulara, todas elas tiveron cumprida resposta por parte do Goberno, e a pesar disto, no exercicio da súa liberdade como deputado, como non podía ser doutro xeito, vostede opta por insistir en case todas novamente, como se non lle deran a información ou como se a que lle deron pouco lle importara, con tal de non estragar os prexuízos do seu grupo con respecto a esta cuestión.

Na súa intervención, a conselleira dixo literalmente: A PLISAN estará operativa, e á disposición das empresas, no próximo ano 2017, dando con iso unha resposta clara e contundente a todas as cuestións de prazos que se plantexaron na súa moción.

Señoría, vostede sabe perfectamente que na actualidade están en execución as obras de urbanización da primeira fase dos sistemas xerais, que estarán rematadas no próximo ano. E, por suposto, coñece que se están a realizar os traballos técnicos e estudos previos á licitación das obras de construción das estacións depuradora e potabilizadora de augas,

para garantir estes servizos ás empresas que se establezan na PLISAN. Mais toda a información que eu lle acabo de trasladar foille proporcionada pola conselleira no pasado pleno. Se vostede, polo motivo que fose, non a escoitou –que sei que non é o seu costume–, podería ter avisado e lla trasladámbamos persoalmente. Deste xeito, probablemente podería dedicar a súa moción a tratar de cooperación lealmente co Goberno de Galicia, co fin de poñer en marcha esta plataforma loxística tan necesaria para o desenvolvemento do noso tecido empresarial.

Señor Losada, as tres administracións que interveñen no desenvolvemento da PLISAN: Autoridade Portuaria de Vigo, Zona Franca do porto de Vigo e Instituto Galego da Vivenda e Solo, xa acordaron que os primeiros 100.000 metros cadrados se vendan a un prezo bonificado de 50 euros por metro cadrado, estimándose o prezo normal de venda de solo da PLISAN en 80 euros por metro cadrado. Pero seguro que entende vostede, perfectamente, que hoxe aquí falemos tamén da bagaxe do Goberno que vostede apoiaba entre os anos 2005 e 2009. Xa sei que non lles gusta, nin a vostede nin á señora Adán, por suposto, pero comprenderá que debemos facelo.

Verá, señoría, fronte aos prezos estimados para a venda de solo da PLISAN, os parques promovidos na etapa do Bipartito teñen un custo moi superior. É o caso, por exemplo, do parque de Veigadaña, no concello de Mos, na provincia de Pontevedra, no que o prezo das parcelas sen bonificar chegaba ata os 180 euros metro cadrado. Pero hai máis, señor Losada. A desastrosa xestión do solo empresarial realizada polo Goberno bipartito repítese en parques como o da Sionlla, en Santiago de Compostela, ou o das Gándaras, en Lugo, que rexistran os prezos máis altos de todos os parques impulsados pola Xunta de Galicia, e todos eles foron promovidos, curiosamente, polo anterior goberno.

Señorías, en contraste con esta situación, o actual Goberno de Galicia ten traballado incansablemente para solucionar os atrancos que o desenvolvemento da PLISAN tivo ao longo dos últimos anos. Como sabe, a estas alturas emprendéronse un bo número de accións, tales como o pagamento dos terreos que deixaron vostedes sen pagar, por importe de 7,4 millóns de euros. Tamén está en tramitación o pagamento doutros 1,5 millóns de euros, que será efectivo nos próximos meses. Iniciouse a retroacción do expediente de exprom-

piación, para incluír os dereitos mineiros, e volveuse ao condominio, asegurando así a participación das tres administracións implicadas neste proxecto.

En total, entre as tres administracións investíronse na PLISAN, dende 2009, preto de 7,8 millóns de euros, dos que case 1,4 millóns corresponden ao Instituto Galego da Vivenda e Solo.

No que respecta á dinamización económica e á implantación da liña de axudas á compra de solo industrial que solicita vostede, só un dato. Dende comezos de 2015 están vixentes bonificacións de ata o 50 % no prezo de venda do solo propiedade do Instituto Galego de Vivenda e Solo e de Xestur, e, grazas a esas axudas, entre 2015 e o que vai de 2016 estes organismos adxudicaron máis de 545.000 metros cadrados de superficie industrial, con bonificacións por importe de 16,5 millóns de euros, que suporán un investimento de preto de 348 millóns de euros e a creación de 11.600 postos de traballo entre directos e indirectos.

Cústame crer, de verdade, señor Losada, que vostede descoñeza iso.

Por outra banda, a finais de 2015 deuse un novo paso adiante coa oferta de solo empresarial adxudicado en dereito de superficie; unha medida pioneira en Galicia, na que o adxudicatario accede ao solo por trinta anos, prorrogables por outros trinta, pagando un pequeno canon e con dereito a acceder á propiedade da parcela durante os dez primeiros anos.

Señor Losada, eu tratei de contestarlle a todo, vostede dirá que non. Pero é unha mágoa non dispoñer de máis tempo para lembarlle á súa señoría a cantidade de medidas a prol do tecido empresarial de Galicia que está a desenvolver este Goberno a través das diferentes consellerías. Mais créame que é maior mágoa ter a certeza de que –dixerallas ou non– probablemente non contarían co seu recoñecemento, e menos aínda co seu apoio. Polo tanto, comprenderá vostede que imos rexeitar a súa moción.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés):** Grazas, señor Goldar.

Para a réplica, o señor Losada. Recórdolle que neste turno só ten tres minutos.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señora presidenta.

Agradezo moito o recordatorio, como non podería ser doutra maneira.

Señor Goldar, teño aquí a intervención da conselleira no pleno anterior. Por suposto que a lin con certo detemento, e poida que teña algún déficit de atención, pero mire, se vostede pretende, e a señora Vázquez pretende, que creamos que cando aínda se vai licitar no ano 2017 o anteprojecto da EDAR e da ETAP da PLISAN –que por certo, que eu saiba, ten doce meses; é unha cousa misteriosa pero suelen ter doce meses–, tamén no ano 2017 vai estar en condicións de que se instalen empresas, tanto produtoras como comercializadoras, na PLISAN... Mire, díxenllo tamén eu á conselleira na intervención do pleno anterior. Eu non sei se os enxeñeiros da consellería llo contan, pero non é así. E, se non, verémolo nós ou verano os deputados que estean aquí no 2017.

Mire, cando falou agora dese chan bonificado, ¿sabe a que me recordou? Ao concurso eólico. ¿Recorda vostede? Eran 14.000 empregos e 6.000 millóns de euros. Teñen unha capacidade para falar de miles de empregos e de millóns de euros mobilizados absolutamente alucinante. Pero o certo é que os axentes económicos deste país se queixan de que o chan industrial ten un prezo prohibitivo.

Por certo, non utilice o argumentario. O polígono industrial de Veigadaña está nunha zona urbana, señor Goldar, e esa é a razón pola que indubidablemente o prezo é maior que o prezo dunha plataforma loxística entre os concellos de Salvaterra e As Neves, que, como seguro que vostede sabe, está nunha zona onde o prezo do chan é moi inferior. Eu creo que ata aí é fácil chegar, insisto.

Eu entendo perfectamente que a razón de buscar catro millóns de metros cadrados de chan industrial e comercial a un prezo minimamente asequible, e relativamente lonxe do porto de Vigo, era precisamente rebaixar o seu prezo. Polo tanto, o contraexemplo de Veigadaña, trasládello á conselleira, non vale. A Sionlla está ao lado de Santiago de Compostela, e o polígono de que falaba en Lugo exactamente igual. Estamos falando dun polígono que se atopa a 45 quilómetros de Vigo, e polo tanto esa era a razón de atopar un prezo subvencionado.



Volvo repetir que a queixa fundamental é o prezo do chan industrial nesta comunidade autónoma. É de hoxe mesmo; non é nin de hai un mes, é de hoxe: *Otro grupo francés se instala con dos fábricas en el norte de Portugal para proveer a PSA*. Nos últimos quince meses, 340 millóns de euros investidos e 1.900 postos de traballo creados. *“El grupo japonés Howa elige el norte de Portugal frente a Galicia para instalarse.” “El norte de Portugal captó 310 millones en inversiones del automóvil en el último año.” “La industria del automóvil elige el norte de Portugal para invertir 250 millones en solo cuatro años.”*

Eu sei –tamén lle agradezo moito a lección á señora conselleira e a vostede– que hai outros factores ademais do prezo do chan industrial.

**A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés):** Remate, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Sei igualmente que o sector salarial lamentablemente está aí, pero unha das razóns fundamentais para que estas empresas se trasladen a Portugal é o prezo do chan industrial, e –gústelles a vostedes ou non– alí hai unha leira que leva dende o ano 2000, e que o único que se fixo –moito, pouco, ben ou mal– se fixo no Goberno bipartito. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés):** Grazas.

Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Carmen Gallego Calvar, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de loita contra a pobreza e a exclusión social.

**Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Carmen Gallego Calvar, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de loita contra a pobreza e a exclusión social**

*(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (Esquerda Unida-Anova), por iniciativa do seu deputado Xabier Ron Fernández e a través do seu portavoz Xosé Manuel Beiras Torrado, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción, 50605 (09/MOC-000183).*

*Emenda de adición:*

*Débase engadir un novo punto na parte resolutiva co seguinte texto:*

*“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha os mecanismos de participación necesarios para que, mediante o diálogo crítico, se defina un Plan Galego de Dereitos Humanos que incorpore, non só a inclusión social como pilar estrutural, senón a acción política desde unha óptica transversal de todos os departamentos da Xunta en coordinación coas demais administracións públicas, así como a introdución dos procesos de avaliación, verificación e control de implementación dos compromisos adquiridos en materia de Dereitos Humanos.”*

**A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés):** Ten a palabra a señora Gallego.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Grazas, señora presidenta.

Boa tarde de novo, señoras deputadas e señores deputados.

Pois ben, como falabamos na comparecencia do conselleiro de Política Social, a Lei de inclusión social de Galicia, que en teoría debiera ser a ferramenta política ou o instrumento político máis importante do Goberno galego para loitar contra a pobreza e a exclusión social, aprobada neste Parlamento nesta lexislatura, está sen desenvolver. Unha lei do ano 2013, que establecía nas súas disposicións transitorias que aos seis meses da súa publicación tiña que estar desenvolvida, que establecía tamén nas súas disposicións adicionais que cada ano o Goberno galego tiña que traer ao Parlamento un balance do feito co desenvolvemento desa lei e do conseguido cos obxectivos desa lei, e que nin unha cousa nin a outra, tres anos despois, está conseguida. É dicir, temos unha lei do ano 2013, estamos en maio do 2016, nin se publicou o decreto que se tiña que publicar en seis meses, nin tan sequera se veu ao Parlamento explicar por que non se desenvolveu esta lei.

E, namentres, estamos tramitando todos os anos as axudas da renda de inclusión social de Galicia cunha serie de eivas derivadas do non desenvolvemento regulamentario desta lei, entre elas a discrecionalidade á hora de outorgar estas axudas.

Dicía o conselleiro no debate da súa comparecencia, recriminábanos aos grupos da oposición, e en concreto ao Grupo Socialista, que lle dicíamos que había fogares nos que non entraba nin un ingreso e aos que non se lles daba ningunha renda de inclusión social.

Non dixemos nin moito menos iso. O que dixemos é que había criterios que non estaban explicitados na lei, criterios opacos, pouco transparentes, que se estaban empregando por parte dos funcionarios públicos para non outorgar a determinadas persoas con determinados perfís a renda de inclusión social de Galicia.

¿E cales son eses criterios? Bueno, pois xa os teño explicado aquí en moitas ocasións. Un deles, por exemplo, é que fogares nos que hai habitacións con dereito a cociña nos que viven distintas persoas en familias monoparentais, ou en familias de máis dun membro, pois polo simple feito de que están empadroados no mesmo domicilio, aínda que a residencia que teñen é unicamente para unha habitación con dereito a cociña, a esas persoas estáselles denegando a renda de inclusión social de Galicia, independentemente de que non teñen nada que ver unhas coas outras; o único é que comparten un enderezo domiciliario, pero non en ningún caso comparten ningún parentesco.

E non só a esas persoas. Hai outras persoas maiores que teñen algunha prestación por discapacidade, que nin moito menos chega ás contías mínimas para a supervivencia, ás que tampouco se lles está outorgando a renda de inclusión social de Galicia.

E logo, ademais, burocratizouse en exceso a tramitación, o que fai que unha parte importante deses máis de 38.300 fogares nos que hoxe non entran ningún ingreso, unha parte importante das persoas que viven neses fogares, xa nin tan sequera se planteen acceder á solicitude da renda de inclusión social, porque a tramitación da mesma pois supón unha carga burocrática imposible de asumir para as persoas que non teñen nada, que non teñen ningún ingreso.

Bueno, pois por iso interpelabamos o conselleiro, para saber cales eran os motivos polos que esta lei non se desenvolveu ata o día de hoxe, e en que prazo tiña pensado desenvolvela. A verdade é que o conselleiro recoñeceu que, efectivamente, o que é obvio é que a lei está sen desenvol-

ver, e que tamén a explicación que nos deu é que non era a prioridade desenvolver a lei, que a prioridade era esa estratexia que eu lle chamo axenda electoral e el lle chama axenda social, que nos veu presentar no día de hoxe, que non contén –como dicía tamén naquela intervención– ningún parámetro de medición que nos poida dicir que o que se está anunciando non é unicamente propaganda electoral e é algo para loitar contra a pobreza e a exclusión.

Pois ben, despois de todo isto, presentamos esta moción, que o que vén dicir é que se cumpra o que xa estaba establecido na lexislación, e é que se desenvolva, que se publique o decreto ou decretos que desenvolvan esta lei, que se clarifiquen os criterios de acceso á Risga, para evitar precisamente a discrecionalidade na súa aplicación, e que iso se faga antes de que remate este período de sesións.

Se existe –como se ten anunciado aquí en moitas ocasións– un borrador de decreto para desenvolver esta lei, non sei cal é o motivo polo cal non se publica dunha vez no *Diario Oficial de Galicia*, toda vez que se presume continuamente aquí por parte do Goberno e do Grupo Popular de que o conselleiro dialoga moito coas entidades do terceiro sector e coas entidades que traballan en Galicia na loita contra a pobreza e a exclusión social.

Solicitamos, ademais, que se analicen as causas polas que esta renda non chega, nin de lonxe, a cubrir a poboación obxectivo, eses 38.300 fogares nos que hoxe non entra ningún ingreso, e que tan só hai, en cifras de 31 de marzo deste ano, arredor de 10.300 persoas que no noso país perciben a renda de inclusión, é dicir, por que apenas chega ao 30 % da poboación obxectivo.

Porque se coñecemos as causas polas cales este dereito non é suficiente, ou non é universal, para todas aquelas persoas que non teñen ingresos, pois probablemente poderemos poñerlle solución a esta situación. Pero se nin tan sequera se paran a reflexionar en por que isto sucede así, pois está claro que en ningún caso imos chegar a esa poboación obxectivo.

E un terceiro punto desta moción o que di é que hai que poñer de maneira urxente –e témolo solicitado aquí en reiteradas ocasións, e a verdade é que sempre foi votado en contra polo grupo maioritario que apoia ao Goberno– un plan de choque de loita contra a pobreza e a exclusión social, un plan

de choque con dotación orzamentaria, e que teña esa poboación obxectivo, xustamente esa, a dos fogares nos que non entra ningún ingreso.

Porque se non traballamos no urxente, que é que esas persoas en cuxos fogares non entra ningún ingreso poidan ter algunha prestación pública, é difícil que poidamos crer que o Goberno se vaia ocupar de poñer políticas enriba da mesa, a medio e longo prazo, para loitar contra a pobreza e a exclusión social, sobre todo se persisten na política económica que están levando ata o de agora, que o que fixo durante todos estes anos foi recortar prestacións, recortar dereitos e sobre todo incrementar os copagos, taxas, etc., etc., do que era a clase media hoxe empobrecida, que o que está xerando precisamente é que se incremente o risco de pobreza e exclusión social.

É unha moción sinxela. Ten tres puntos, que poderían ser asumibles para o conxunto dos grupos parlamentarios, se se quere de verdade apostar porque esta ferramenta –a renda de inclusión social de Galicia– sirva para cubrir esa poboación obxectivo, que hoxe non ten ningún ingreso, e que deba ser –a xuízo dende logo do Grupo Parlamentario Socialista o é– a prioridade absoluta para o Goberno de Galicia, a prioridade absoluta aquelas persoas que non teñen absolutamente ningún ingreso.

Agardo o apoio do conxunto dos grupos parlamentarios, e nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Gallego.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.  
Señor Ron.

**O señor RON FERNÁNDEZ:** Ben, boa tarde a todos e a todas.

Alternativa Galega de Esquerda vai apoiar esta iniciativa, se ben, como se sabe, presentamos unha emenda de adición, para complementar o enfoque no que queremos entrar.

É certo que vivimos nunha sociedade cada vez máis empobrecida, debido ás políticas de recortes, ás políticas austeritarias e austericidas levadas a cabo polo sistema imperante.

Os datos son suficientemente ilustrativos: 23,6 % –para acoller os antigos e non coller xa os actuais antes de proceder a un balizado crítico–, 23,6 % de persoas vive nunha

taxa de risco de pobreza e exclusión social, 16,4 na taxa de risco de pobreza económica, un 7,56 % en carencia material severa, o 13,80 % dos fogares con baixa intensidade laboral. Isto afecta loxicamente os índices de pobreza infantil, con informes que indican que está nun 26,9 %. Máis de 639.000 persoas coñecen algún tipo dos tres parámetros da taxa AROPE, indicador da pobreza.

É dicir, hai unha serie de indicativos que son alarmantes e abraiantes. E, de feito, efectivamente, a Lei de inclusión social, que, como xa se dixo, entre xuño do 2013 e maio do 2016 deba coñecer o decreto de desenvolvemento e non o fixo, coñeceu non obstante outros documentos de propaganda, como a Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, onde se propón abordar situacións persoais e familiares de vulnerabilidade, pobreza e exclusión social.

É dicir, efectivamente, estámonos situando nun clima de empobrecemento, pero as medidas que se ofrecen non deixan de ser no fondo medidas de corte asistencialista, que é o que ten a propia axuda, que dificilmente pode ser de inclusión social coas contías que se están barallando, e é con esa condicionalidade arbitraria coa que se está concedendo, de tal forma que nin sequera é capaz de chegar a tempo, e non só non chega a tempo, senón que non chega a todas as persoas que a precisan.

Polo tanto, dificilmente podemos falar de que se cumpre ese precepto de inclusión social, desde logo que inexistente cando falamos dun salario de miseria, un salario de pobreza, e ademais nun país onde os servizos públicos que deberan complementar o salario da clase traballadora pois desde logo son cada vez máis prohibitivos, porque, ademais, introducen todo tipo de repagos, copagos e outra serie de fórmulas.

Polo tanto, vivimos nun contexto de empobrecemento que precisa –por iso nós introducimos unha emenda– de elevarnos por riba do criterio asistencialista. E temos que falar de dereitos, dereitos que hoxe en día se nos están conculcando de forma permanente, e que unha administración pública debe velar e garantir eses dereitos.

Dereitos que impedirían, por exemplo, que as persoas con hepatite C padeceran o que padeceron. Dereitos, por exemplo, que farían que non tiveramos que ver como o titular do Xulgado de instancia número 6 de Compostela remi-

te á Fiscalía por posibles responsabilidades penais a solución dada por Política Social e Sanidade a unha persoa sen fogar. Falamos de dereitos, e estanse conculcando dereitos.

Por iso, nós engadimos a necesidade de que se vertebre e se artelle desde todos os sectores da administración pública, en cooperación con todas as demais administracións públicas de Galicia, un plan de dereitos humanos galego, un plan galego de dereitos humanos, onde se dea a existencia dunha serie de criterios, de indicadores precisos, para ser medibles, avaliábeis, cuantificábeis, verificábeis, porque sen iso desde logo non poderemos avanzar no que é a implementación de dereitos humanos.

Dentro deses dereitos humanos, deben estar efectivamente os ingresos mínimos que nos permitan ter garantida unha vida digna. Deben estar tamén dentro unhas políticas sociais que nos garantan dereitos básicos e igualdade de oportunidades, como en educación, en sanidade, en protección social. E tamén loxicamente nesos dereitos temos dereito a non ter desigualdade como fórmula que rexa a nosa vida, porque o que temos hoxe en día é unha política desigual, onde o 1 % da sociedade pois vive sobre o corpo dos dereitos do 99 %.

Temos dereito, polo tanto, a un sistema fiscal xusto, que nos permita redistribuír con xustiza todo o diñeiro que se está evadindo, eludindo, e que se está roubando, no fondo, sobre os dereitos do corpo dos traballadores e traballadoras da maioría social.

Temos, polo tanto, dereito a ter dereitos, e non a reivindicar unha esmola, a reivindicar que a administración pública se preocupe por nós, e darnos unha axuda social que, por riba, condiciona de forma dramática as persoas a pasar un viacrucis burocrático, a ter que agardar e logo a ver como dentro desa espera pois ten que recorrer a outros procedementos para impedir...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor RON FERNÁNDEZ:** ...de verse na rúa, de non ter alimento que darlles aos seus fillos e fillas, etc., etc.; polo tanto, fuxamos do asistencialismo, introduzámonos no corpo dos dereitos. E por iso reivindicamos esa emenda de adición, simplemente porque dentro dese Plan de dereitos humanos a inclusión social sería un dos piares.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Fernández Rodríguez.

**A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente. Boa tarde de novo.

Como non podía ser doutro xeito, imos apoiar esta moción, porque entendemos que son os nosos dereitos, os dereitos conquistados pola loita dos nosos antecesores.

O que é o respecto do desenvolvemento da propia Lei 10/2013, si que entendemos que si se fixo a lei, e moi ben o papel, pero parece ser que o papel non vale nada. Condenouse ao esquecemento a toda a xente, a malvivir nestes últimos anos. O atraso da aplicación desta lei, que incluso fora escusada pola anterior conselleira, é que había que facer o decreto para poder desenvolve-la, e a día de hoxe os criterios cos que se dá esta axuda pois todavía son escasos, faltan, como ben dixo a compañeira do PSOE.

Si que é certo que nos últimos anos se vén incrementando a diferenza social e reclamamos un maior compromiso político en financiamento e planificación a longo prazo. Falamos dunhas palabras que esta tarde repetimos moito: coordinación entre todas as administracións, colaboración e, sobre todo, prevención. Entón, claro, son fundamentais, tamén, incluso as aportacións das organizacións do chamado terceiro sector, da acción social, que foron cubrindo as necesidades –como dixeran antes– de todas as eivas provocadas pola irresponsabilidade da propia Administración.

A loita contra as causas da pobreza e pola inclusión activa, e o respecto das persoas, moi lonxe das medidas asistencialistas de emerxencia entendidas como un fin en si mesmo, son tamén imprescindibles para asegurar, entre outras, as persoas sen teito, que moitas veces tamén son as grandes esquecidas. Habería que saber que causas motivaron chegar a este extremo.

Tamén hai que contribuír a analizar a realidade da pobreza e a exclusión social, claro, temos cifras, pero parece que nunca nos decatamos ou nunca nos fixamos ben atentamente como se chegou a esa situación. Falabamos antes –e xa a

mencionaron— da taxa de poboación en risco de pobreza ou exclusión social, de se era un 23,8, bueno, dábannos o termo actualizado. O que si sabemos é que falamos de case 100.000 persoas que están en risco de pobreza e exclusión social e sobre unhas 600.000 que tamén teñen bastantes problemas.

Si quero reflectir uns datos do IGE sobre a taxa de risco de pobreza e exclusión social que hai que ter en conta, porque hai que empezar por aí para facer prevención: menos de 16 anos, falamos dun 24,11 %; de 16 a 24 anos, dun 31,29 %; de 25 a 49 anos, un 22,82 %; de 50 a 64 anos, un 28,42 %; e de máis de 65 anos, un 11,58 %. Cabe destacar o incremento experimentado con ese indicador entre a poboación de 50 a 64 anos e a baixada entre a poboación de 25 a 49 anos e de máis de 65 anos, dun 47 % a un 44 %.

Tamén se indican as persoas que viven en fogares con máis intensidade no traballo, de 0 a 59 anos, que están nun 14,1 %, con máis de 275.000 galegos dunha poboación de 1.955.357 persoas que están nesa franxa de idade. E despois falamos dos niveis de pobreza extrema, que é un 3,3 % da poboación total, o que falabamos antes de 90.236 persoas.

E despois o que era o índice AROPE, onde temos que ter en conta as novas valoracións ou novos termos que se empregan, que é un concepto multidimensional para definir a pobreza ou exclusión social, que é a taxa de risco de pobreza despois das transferencias sociais, a carencia material severa de bens e os fogares que presentan baixa intensidade laboral; entón, as persoas de 0 a 59 anos viven en fogares nos que os seus membros en idade de traballar fixeron menos do 20 % do seu potencial total de traballo. E a modo de exemplo, se nun fogar de dous adultos nos que só traballa un adulto a xornada completa a intensidade de traballo sería do 50 %, se traballan os dous a xornada completa a intensidade sería dun 100 %, e se un dos adultos traballa a media xornada e o outro a xornada completa a intensidade de traballo sería do 75 %.

Entón, tendo en conta estes datos, incluso o que falamos da carencia material severa, é a proporción da poboación que vive en fogares que carecen dos catro conceptos dos nove seguintes —que mencionei algún na anterior intervención—: os atrasos en pago de hipoteca ou alugamento, un 7,2 %; atrasos no pago de facturas de electricidade, auga e gas, un 6,6 %; atrasos no pago das compras aprazadas e outros préstamos, un 5,9 %; que non se pode manter a vivenda cunha temperatura

axeitada, un 14,1 %; que non se pode permitir comer carne, polo ou peixe polo menos cada dous días, un 1,8 %; que non poden afrontar certo tipo de gastos imprevistos, ou que non poden ter incluso electrodomésticos de primeira necesidade.

Entón, non o entendo, os datos están aí, non sei para onde está mirando o Goberno galego.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Fernández Rodríguez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.  
Señora Adán.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Grazas, presidente. Boa tarde de novo.

Recordo hai anos ler un libro a respecto da globalización que dicía —non recordo o título exactamente— Ignacio Ramonet que camiñamos cara a un mundo en forma de arquipélago, é dicir, onde as bolsas de pobreza non son norte-sur exactamente, senón que van estar repartidas como bolsas de riqueza moi pequenas no sur e bolsas de pobreza crecente no norte, por dividir así o planeta, creo que o entendemos. Bueno, pois esa é a situación na que estamos, porque, efectivamente, nesta lexislatura un dos temas que máis temos abordado é o aumento da pobreza, esa nova forma de diversificar a pobreza —xa o dixemos antes— en pobreza laboral, infantil, enerxética. Nunha palabra, ¡pobreza!, que cada vez está máis estendida porque os niveis de emprego son menores. E porque como vimos antes, xustamente, nos datos que coñecemos hoxe do INE, a perda salarial é moi forte: en Galiza 300 euros de media nos salarios dos galegos e das galegas nos últimos anos, nos anos da crise. Iso é o que sitúa a moitas persoas na denominada pobreza laboral, é dicir, que aínda que teñas un traballo remunerado a tempo completo podes verte con dificultades para chegar a fin de mes —xa o explicou a deputada que me precedeu moi detalladamente nos seus datos— ou incluso para pagar as facturas, por exemplo, da luz e do gas, o que se denomina pobreza enerxética.

Por iso que era absolutamente necesario desenvolver o decreto da Lei de inclusión, que eu tampouco o entendo, non sei cal é, pero ten que existir algunha razón. Tendemos a pensar que existen razóns nas cousas, que hai unha especie de

causa e efecto; é verdade que non sempre todo ten esa relación causal, pero é unha forma que temos de pensar os seres humanos. E entendemos que ocorre algo na Lei de inclusión social para que non estean desenvolvidos todos os regulamentos que dela dependen, co cal, evidentemente, o punto número un desta moción é simplemente que se cumpra a lei.

O punto número dous é algo que tantas veces nos temos preguntado, efectivamente, ¿cal é a relación entre os datos que se nos presentan de fogares en risco de pobreza e os datos da Risga? ¿Que está ocorrendo? ¿Non se coñece este recurso? ¿A xente non chega? ¿Non se pide? ¿Cal é esa diferenza importante entre os datos que se nos poñen nesta iniciativa de 38.300 fogares e 10.000 persoas, máis ou menos? Hoxe dábanos uns datos un pouco máis elevados o propio conselleiro de Política Social, pero esa é a realidade, é dicir, que se triplican as persoas que están nesta situación –segundo os datos oficiais– de exclusión social ou en risco de pobreza.

E o último punto da moción tamén o imos, dende logo, apoiar, aínda que hoxe foi ao que dedicamos boa parte da intervención do conselleiro. Eu traía aquí as diferentes propostas que fixo o conselleiro nos últimos meses, dende a Estratexia de inclusión 2014-2020. Xa nos explicou que se materializaban na nova axenda social de Galicia, que el mesmo na propia páxina web da Xunta está definindo como medidas chaves para a loita contra a pobreza.

Igual deberíamos plantexarnos se exactamente a forma de deseñar o mercado laboral, a forma de deseñar a distribución da riqueza e dos ingresos que se fan dende a propia planificación dos gobernos non debería ser outra para evitar ter que ter tantos plans de choque contra a pobreza, con tantas medidas de vivenda, de acceso aos fármacos... Viamos hoxe o da pobreza enerxética, se realmente o problema é das políticas económicas que se están deseñando, que levan cada vez a esa forma de arquipélago –que eu creo que é unha metáfora moi visual de como o estamos vivindo hoxe–.

Pensem, na cidade de Vigo, dábanos –por coller a cidade onde eu resido– os seus datos o propio conselleiro, de máis de 2.000 persoas receptoras de Risga. Cada vez temos bolsas maiores de pobreza e eu sigo mantendo que as axendas sociais que se nos presentan son remendos.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Grazas, señor presidente.

O Grupo Socialista presenta hoxe unha moción que vén a consecuencia dunha interpelación do pleno pasado, unha interpelación á que o conselleiro de Política Social veu explicar ao Grupo Parlamentario Socialista cales eran as razóns de que neste momento aínda non estea desenvolvida regulamentariamente a Lei de inclusión social de Galicia.

Agora a portavoz socialista dinos na súa intervención que non se explicaron no Parlamento as causas do atraso do desenvolvemento regulamentario desta lei. Eu penso que, dende logo, as explicacións as deu o conselleiro no pleno pasado, onde dicía que se aprobou o 4 de maio o primeiro Plan operativo 2015-2016 que desenvolve esa Estratexia de inclusión social onde se desenvolve o decreto da lei no que está presentado o borrador. Pero tamén lle explicaba que neste momento están actuando e poñendo en marcha medidas para loitar contra a exclusión e a desigualdade económica, medidas como xa falamos na comparecencia do conselleiro.

Polo tanto, as explicacións están dadas por parte da Xunta de Galicia, concretamente polo conselleiro de Política Social. No pleno de hoxe o conselleiro veu comparecer para informar da nova axenda social de Galicia, non imos repetir o que xa dixemos hai poucos minutos. E agora o Grupo Socialista o que nos presenta é unha moción onde solicita que a Xunta de Galicia poña en marcha un plan de choque para loitar contra a desigualdade, contra a pobreza e contra a exclusión social.

A verdade é que terá que entender vostede que despois da resposta á súa interpelación no pasado pleno, e despois da comparecencia de hoxe do conselleiro– onde explicou polo miúdo non só as medidas que se puxeron en marcha dende o ano 2009, non só o incremento de recursos que se levaron a cabo dende o ano 2009, senón que explicou o que vai acontecer a partir de agora–, o paso que se vai dar é cara a adiante con ese acordo entre os concellos de Galicia, entre a Fegamp e as entidades sociais.

Dende logo, entenderá, señora Gallego, que para o Grupo Parlamentario Popular as medidas están explicadas

–eu sei que vostedes non as comparten–; a axenda social está explicada, e, dende logo, os concellos están de acordo, a Fegamp está de acordo, as entidades sociais están de acordo e o grupo parlamentario está de acordo.

Polo tanto, pensamos que o verdadeiro remendo non é a axenda social, o verdadeiro remendo é a súa moción. Porque despois de escoitar en que vai consistir esta axenda vostede presenta unha moción pedindo un plan de choque para a loita contra a pobreza e a exclusión social. Dende logo, creo que tendo escoitado o que se viu explicar aquí a este Parlamento, non ten cabida hoxe aprobar esta iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Arias.

Grupo autor da moción. Señora Gallego.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, agradecer aos grupos da oposición o apoio a esta moción. Dicirlle ao señor Ron que non vou aceptar a súa emenda de engádegas, non porque non me pareza importante falar no Parlamento de Galicia sobre un plan galego de dereitos humanos, senón porque creo que ten pouco que ver coa loita contra a pobreza e a exclusión social; porque os dereitos humanos van un pouco máis alá unicamente da situación económica das persoas, engloban moito máis. Estou segura de que se o presenta nunha moción propia, pois o Grupo Socialista estará disposto a apoialo.

E lamentar que o Grupo Parlamentario Popular non queira que o Goberno faga aquilo que ten que facer. Porque hai unha lei do ano 2013 na que o Goberno de Galicia se comprometía a que en seis meses tiña que estar publicado un decreto para desenvolver esta lei, a que cada ano o Goberno tiña que vir comparecer ao Parlamento de Galicia para facer balance de que se tiña conseguido con esta lei de inclusión social.

O que pide o Grupo Socialista é que se desenvolva o que se tiña que ter feito xa no 2013 –que estamos no 2016 e está sen facer–, que se veña ao Parlamento a comparecer, que se fagan os balances que di a propia lei e, por outra parte, que se analicen as causas polas cales, tendo a disposición de todos unha ferramenta como é a renda de inclusión social de Galicia,

haxa 38.300 fogares galegos nos que non entra ningún ingreso e apenas 10.300 persoas perceptoras desta renda. Algo pasa.

Evidentemente, algo pasa con esta renda. Hai unha poboación obxectivo que non chega a ela. Bueno, pois o Grupo Popular non quere que se desenvolva unha lei que fixo o Grupo Popular. Bueno, mellor dito, que fixo o Goberno e que apoiou o Grupo Popular. Vostedes verán.

Miren, ¿como non imos criticar a axenda electoral –chamada polo conselleiro “axenda social”– do conselleiro que nos veu presentar na comparecencia con respostas como esta? ¿Vostede cre que é satisfactorio para un grupo da oposición que cando se lle pregunta a un conselleiro por que non se desenvolve unha lei que nos diga –como nos dixo na interpelación– que non era a prioridade –desenvolver a lei–, que a prioridade era facer non sei que dunha estratexia?

É que a lei di que aos seis meses tiña que estar publicado o seu desenvolvemento. Non é unha cuestión de prioridades, é obriga legal. Á parte de que estamos falando de loita contra a pobreza e exclusión social e que non debería ser unha prioridade dese conselleiro, senón a prioridade do conxunto do Goberno, señora Rodríguez Arias. Pero xa se ve que o Goberno o único que quere facer é plans, axendas, sen obxectivos, sen medidas, cuantificables, verificables e seguibles, para seguir na estratexia da campaña electoral, pero desde logo non ocuparse das persoas que hoxe en Galicia non teñen ningún ingreso e para as que o Goberno do señor Feijóo non dá ningunha solución. Por iso votan vostedes en contra desa moción. Pois alá vostedes.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Gallego.

#### *Votación das mocións*

**O señor PRESIDENTE:** Procedemos á votación das mocións.

Votamos a primeira moción.

*Votación da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Ana Belén Pontón Mondelo, sobre*

as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia lingüística.

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Coa seguinte moción hai unha solicitude da votación por puntos que formulou o grupo parlamentario... ¿acepta a votación por puntos?

Entón –é que eu non estaba nese debate–, se me explican como era a votación por puntos, ¿pódense agrupar?

Déalle voz ao escano da señora Martínez, por favor.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Son, por un lado, os puntos 1, 3.1, 3.2 e 3.4.

**O señor PRESIDENTE:** 1, 3.1, 3.2 e 3.4.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Si, e despois o 2 e o 3.3

**O señor PRESIDENTE:** Procedemos a votar.

*Votación conxunta do punto 1 e dos apartados 3.1, 3.2 e 3.4 da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa oferta de solo industrial e a posta en funcionamento da Plataforma Loxística e Industrial de Salvaterra-As Neves, PLISAN.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos da moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votación dos puntos restantes desta moción.

*Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa oferta de solo industrial e a posta en funcionamento da Plataforma Loxística e Industrial de Salvaterra-As Neves, PLISAN, agás os puntos xa votados.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 37; abstencións, 3.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos da moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Na seguinte moción, a señora Gallego non acepta a emenda da Alternativa Galega de Esquerda.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Carmen Gallego Calvar, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de loita contra a pobreza e a exclusión social.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción*

**O señor PRESIDENTE:** Pasamos ao punto cuarto da orde do día, que se corresponde co de proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do plan de apoio á pesca artesanal anunciado pola Consellería do Mar e dirixido a mellorar a súa competitividade, así como as condicións de traballo dos seus profesionais**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.



*(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA), por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Fajardo Recouso e a través do seu portavoz Xosé Manuel Beiras Torrado, ao abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte texto:*

*“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver un novo plan de apoio á pesca artesanal que contemple como eixos fundamentais o desenvolvemento dunha nova política de cotas pesqueiras que favoreza a este sector, excluindo do sistema de TAC e cotas a pesca accidental producida no mesmo, así como a defensa do marisqueo, o saneamento integral das rías galegas, a defensa da correcta etiquetaxe dos produtos galegos e das súas denominacións de orixe e a introdución de políticas de apoio á pesca artesanal que garanta máis emprego e de maior calidade.”)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Balseiro.

**O señor BALSEIRO OROL:** Grazas, señor presidente.

Señorías, con total seguridade coincidiremos en que a nosa frota de baixura, a frota costeira artesanal, constitúe un factor de desenvolvemento social e económico de primeira orde. No caso de Galicia, este segmento, xunto co marisqueo a pé, ten unha importancia fundamental. Falamos dunha frota que representa aproximadamente o 85 % do total do número de buques, en torno ás 3.500 unidades. Falamos dunha frota sen a que non se entendería a Galicia mariñeira: básica na economía de centos de pobos e vilas costeiras do noso país; esencial na achega de materias primas para o proceso de transformación e comercialización dos nosos peixes e mariscos; especial para a cadea mar-industria; e digna do noso máximo interese e atención.

E, precisamente hoxe, desde o Grupo Parlamentario Popular quixemos trasladar a esta Cámara unha iniciativa – neste caso unha proposición non de lei– cuxa finalidade esencial é o impulso e desenvolvemento do Plan de apoio á

pesca costeira artesanal, que foi deseñado pola Consellería do Mar; un plan que ten como obxectivos tanto a mellora da competitividade deste segmento de frota, como a mellora das condicións de traballo dos seus profesionais.

Entre as accións previstas para acadar estes obxectivos, nós propoñemos seis medidas concretas –que deseguido detallo–, mediante as que a Xunta busca converter a frota costeira artesanal na que maior esforzo centre nos vindeiros anos, tanto desde un punto de vista técnico como desde un punto de vista económico.

En primeiro lugar, queremos primar a frota de baixura e os seus profesionais, como beneficiarios preferentes das axudas e subvencións que no futuro se establezan. Tamén nos procesos de concorrencia competitiva; e isto significa que cando a Administración compare as distintas solicitudes presentadas, aquelas correspondentes á frota costeira artesanal poderán obter maior puntuación e máis contía na subvención.

En segundo lugar, o Grupo Popular pide a posta en marcha dun plan de emprego; un plan de emprego para promover e facilitar o relevo xeracional no ámbito da frota artesanal. Nesta liña, a Consellería do Mar deseñou un programa que combina formación e aprendizaxe, eminentemente práctico; un plan no que cada ano setenta e cinco mozos e mozas se enrolarán neste tipo de embarcacións e recibirán remuneración polo seu traballo.

En terceiro lugar, os populares tamén demandamos impulsar iniciativas de mellora da comercialización, con especial atención a produtos como o percebe, a navalla e o ourizo ou, en xeral, o marisqueo. E tamén medidas de promoción, mellora da trazabilidade, información ao consumidor e apertura de novos mercados. O Goberno galego establecerá axudas directas especiais con este obxectivo.

En cuarto lugar, instamos á Xunta a reactivar as instalacións de produción de semente de moluscos bivalvos, para incrementar a capacidade das zonas produtivas e reforzar aquelas con menor capacidade. Neste mesmo ámbito, os populares apostamos pola investigación e pola selección xenética natural dos individuos máis resistentes a pragas, parasitos e predadores.

Como quinto punto (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) –terá que atender vostede porque despois vai vir

aquí e vai falar de todo menos da iniciativa–, reclamamos o impulso (*Pronúncianse palabras que non se perciben*)...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor BALSEIRO OROL:** Señor presidente, non sei se quere intervir o señor Fajardo xa

**O señor PRESIDENTE:** Despois tócalle a el.

**O señor BALSEIRO OROL:** É que o señor Fajardo, como fala sempre de pesca e ten moito que falar, ao mellor xa quere intervir agora. (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.)

**O señor PRESIDENTE:** Vaia o tema, vaia ao tema.

**O señor BALSEIRO OROL:** Como quinto punto, reclamamos o impulso das marcas de calidade e denominacións de orixe, partindo da experiencia positiva que ofreceu o selo Pesca de Rías unha vez reformulado coas liñas marcadas polo sector, e que desde a súa implantación logrou certificar millóns de quilos de produtos da pesca e do marisqueo, procedente da frota artesanal.

E, finalmente, o plan deseñado desde a Consellería do Mar –e que queremos impulsar o Grupo Parlamentario Popular e que queremos impulsar os populares– contempla tamén a incorporación de melloras a bordo nos buques de pesca; melloras que redundan na eficacia enerxética, que dean máis valor engadido ás capturas ou reforcen as condicións de confort, hixiene e saúde. En definitiva, señorías, as condicións de traballo dos pescadores.

Saben vostedes que, como partido político e como partido que sustentamos a acción do Goberno, estamos lexitimados para impulsar este plan, incluso sen necesidade de sometelo á consideración do pleno do Parlamento. Pero non quixemos facelo; non quixemos facelo porque, precisamente, o que queríamos era facer partícipes os grupos da oposición. Queríámolos facer partícipes das distintas medidas a impulsar e, no seu caso, que puideran enriquecer este plan con novas achegas.

E non se trata, polo tanto, señorías, dun catálogo cerrado; por iso queríamos que vostedes tamén participaran. Nós propoñemos unha serie de compromisos, que a Xunta de Galicia ten previsto executar, e aos que se poden sumar novas incor-

poracións, de vostedes. Xa vexo que hai unha emenda da AGE, sobre a que me pronunciarei no segundo turno.

Pero, ademais de accións, hai que ter claro o financiamento deste plan. Hai que ter claro o financiamento deste plan. E por iso explicarei que queremos facer e como temos previsto facelo. Neste caso, suporá aproveitar os novos recursos dispoñibles do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca. E aquí si cómpre lembrar que Galicia será destinataria preferente destas axudas comunitarias previstas ata o ano 2020.

Non é froito da casualidade, senón tras unha intensa negociación desenvolvida tanto en Bruxelas como en Madrid. Ata tal punto que a nosa comunidade recibirá en torno a 487 millóns de euros. É dicir, pasamos de recibir o 45,32 % do total dos recursos no período 2007-2013 a máis do 50,88 % na actualidade, ata o ano 2020, que son 487 millóns de euros. E a Xunta de Galicia e o Goberno de Galicia prevé destinar a este Plan de acción da pesca artesanal en torno ao 42 % dos fondos que recibimos, é dicir, 158 millóns de euros. Por iso os convocamos, en definitiva, a sumar en positivo no deseño dun plan de competitividade, fortalecemento e impulso da frota de baixura dun sector que en Galicia agrupa máis de 3.500 buques, que supoñen o medio de vida para 5.000 tripulantes e que representa aproximadamente o 22 % do valor total do desembarco de peixes e mariscos na nosa comunidade.

Esperando, como non podía ser doutra maneira, que apoien esta iniciativa, porque é certo que vostedes, cando lles falamos de pesca de altura e de gran altura, normalmente falan sempre de pesca de baixura, agora teñen unha boa oportunidade de demostrar se están polo labor de apoiar a pesca de baixura ou non.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos*.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Balseiro.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Fajardo.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Moi boa noiteña a todos e a todas.

A verdade é que este parlamentario, que non fala nunca de pesca, que para o señor Balseiro é un incapacitado... Pero,

bueno, é o que ten a democracia, elixe a xente incapacitada, para todas as portavocías, non só para a de AGE, ¡eh! Gustaríame que me aclarase algunha cuestión. Por exemplo, se vostede me di que van adicar o 42 % de 487 millóns de euros do Fondo Europeo de Pesca para a pesca tradicional, gustaríame que me explicase como iso son 158 millóns de euros, porque a min as contas non me saen. Eu son burriño, pero o 42 % son algo así como 205 millóns de euros. Gustaríame que mo explicase.

Gustaríame que me explicase tamén, desde a súa ilustración no tema da pesca, en que consiste ese proceso polo cal no plan de pesca van plantexar que se investigue a capacidade dos bivalvos de resistir aos perdedores, que foi o que plantexou vostede desde aquí, porque, dende logo, para nós é importante saber cal é este plan. Porque a iniciativa do Partido Popular di o seguinte: como sempre, absolutamente nada. Di directamente o que imos aprobar hoxe aquí: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver o plan de apoio á pesca artesanal anunciado pola Consellería do Mar e dirixido a mellorar as competitividades deste segmento de frota e as condicións de traballo dos seus profesionais”. Pero na parte resolutiva non di como, non di absolutamente nada. Hai que apoiar un plan *a pies juntillas* a sabendas de que despois o Partido Popular fará outra cousa.

Mire, voulle dar algún dato. Fala vostede de mellorar a comercialización e a etiquetaxe para garantir a capacidade de venda dos nosos produtores. ¿Como se compatibiliza iso coa decisión do Partido Popular europeo tomada perante a Unión Europea para defender a libre etiquetaxe dos produtos elaborados? É dicir, vostedes acaban de apoiar na Unión Europea que nos produtos elaborados sexa o produtor quen decida se se pon a orixe do produto. ¿Como se compatibiliza iso con esta proposta que vostedes traen hoxe aquí? ¿A quen queren enganar? ¿A quen queren enganar cando están atacando directamente a nosa pesca tradicional e o noso marisqueo e agora se ven obrigados a lavar a cara ou a intentar lavar a cara, cando o conxunto do sector se levantou contra vostedes e as súas políticas porque os están a afogar? ¿A que se refire cando fala dun plan de emprego? ¿Como se crea un plan de emprego cando eliminan capacidades pesqueiras, cando reducen as cotas, cando a nosa xente ten que volver porque pechan as pesqueiras? ¿Como se fai un plan de emprego se non pode pescar a nosa pesca tradicional? Gustaríame que se explicasen todas esas cuestións, porque baixo a epígrafe de plan de emprego estaremos todos de

acordo, pero ¿como se vai empregar máis xente na nosa frota costeira tradicional se non hai capacidades de pesca? Porque vostedes nin o xestionaron nin o reivindicaron en Madrid nin foron capaces de reivindicalo perante a Unión Europea.

Polo tanto, estamos unha vez máis ante electoralismo barato e ante esa ruta que vostede fai polos portos de Galicia, onde coincide unha rolda de prensa cunha proposta para o Parlamento. Neste caso tocou Cambados. Foi vostede a Cambados a defender o que hoxe trae aquí. Pero despois non hai nada detrás destas propostas máis que esconder unha realidade. Fíxese se é tanto así que esta mañá a propia conselleira falou de que ela considera pesca tradicional e pesca artesanal o arrastre de costa. Gustaríame que vostede dixese, polo tanto, se tamén van contemplar esa pesqueira ao respecto da repartición dos 158 millóns de euros que hoxe veu vostede anunciar aquí; se ese tamén é o seu plantexamento para ter claro a que se refire o Partido Popular. E, sobre todo, a que se refire o Partido Popular cando vén de apoiar tamén na Unión Europea a defensa da economía azul, que, como xa dixen neste estrado máis veces, significa plantexar que a pesca nas nosas costas é un elemento secundario e que se priorizará o uso enerxético e de extracción de capacidades mineiras do noso mar e das nosas costas por encima do uso pesqueiro. Esa é a realidade do Partido Popular, que ten despois que tratar de enganar a xente vendendo propostas que na súa práctica política non defende. É un exercicio máis de hipocrisía política.

Polo tanto, nós na nosa emenda dicímoslle o que cremos que hai que facer e cales son algunhas das cuestións que teñen que facerse para defender a nosa costa e defender, dende logo, a nosa pesca tradicional, e entre unha desas cuestións fundamentais está o saneamento integral das nosas rías e do noso litoral, feito que vostedes nin sequera contemplan. ¿Por que? Porque un dos elementos fundamentais para conseguir ese obxectivo é que sexan inviables as nosas pesqueiras para botar a xente do mar e que este sexa ocupado por outro tipo de explotación, que é a que defende o Partido Popular e os seus voceiros nesta Cámara.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fajardo.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

Pode falar desde o escano se quere, se lle é máis cómodo.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Grazas, presidente, pero agora, xa na última, pois xa cumprimos o labor completo.

Señor Balseiro, veu vostede aquí repetir a rolda de prensa que deu o 26 de abril no porto de Fisterra, exactamente igual; unha iniciativa que vén defender un plan de apoio á pesca costeira artesanal deseñado pola Consellería do Mar. Iso é o que vostede hoxe volveu repetir aquí, e véndenos as mil marabillas do dito plan: dar prioridade á frota costeira artesanal no acceso a futuras axudas e subvencións –non se explica como nin baixo que criterios, nada–; posta en marcha dun plan de emprego –tampouco se sabe que tipo de formación; se vai haber formación, como vai ser ese plan de emprego, para cantas persoas..., non se sabe nada–; mellora da comercialización –tamén sen explicar máis–; e outras medidas como a reactivación dos bivalvos ou da semente de bivalvos ou o impulso das marcas de calidade e denominacións de orixe, nas que, como moi ben lle dixo o señor Fajardo, póñanse de acordo en que medidas queren tomar, en se de verdade queren recoñecer a procedencia dos produtos e defender a súa orixe ou en se o que queren é que todo valla e que aquí entre peixe de fóra como peixe galego e que vaia polo mundo como peixe galego, como está ocorrendo agora co seu beneplácito, co beneplácito do Partido Popular.

Vostede na rolda de prensa que deu afirmaba que non é un catálogo pechado –leo textualmente–: “...someterase á consideración do sector e dos grupos da oposición; de aí que levemos esta iniciativa ao Parlamento para propiciar o debate e que o plan proposto poida enriquecerse con novas achegas”.

Señor Balseiro, o primeiro, someter o plan ao sector; se non hai acordo co sector, non hai plan que valla. Polo tanto, entendo que vostede nos trae aquí outra vez a propaganda do Partido Popular. E, evidentemente, o que hoxe se dá nesta Cámara non é un debate para facer achegas. Vostedes traen aquí unha proposición non de lei que aprobarán coa súa maioría absoluta, pero sen dar ningunha opción á oposición a enriquecer o dito plan e a achegar iniciativas distintas e solucións que poden ser distintas.

Polo tanto, vostede está aquí facendo propaganda, pero volven outra vez esquecerse dos mariñeiros. Vostedes sem-

pre se esquecen, e voulle dicir algo ao que antes vostede me contestou cando foi a comparecencia: non ten nada que ver mellorar as cotas de pesca con que se melloren as condicións dos mariñeiros. Vostede non pode confundir as cousas. Non estamos falando do quiñón, estamos falando das condicións laborais. Non ría porque é bastante triste falar con mariñeiros que teñen salarios anuais de 8.000 euros ou 9.000 euros, aos que non lles chega o seu salario para vivir, despois de desenvolver un traballo excesivamente duro e excesivamente penoso, un traballo excesivamente sen dereitos. Así que non se ría das penalidades que pasan os traballadores e as traballadoras do mar, señor Balseiro.

Eu o único que teño que dicirlle –realmente non pensaba case nin intervir– é que é unha vergoña que utilicen esta Cámara para facer propaganda electoral ao final da lexislatura, para vir prometerlles aos mariñeiros, á pesca artesanal, que leva todos estes anos soportando unha situación tremenda, que agora, ao final da lexislatura, veñen vostedes cun plan; de salvadores supremos. Pois, como di a Internacional, sabemos que non hai salvadores supremos nin rei nin tribuno nin Deus. A clase traballadora temos claro que nos temos que salvar nós mesmos, igual que o ten claro a pesca artesanal, que, se espera polo Partido Popular, o único que pode esperar é a súa ruína.

Nada máis e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rodas.

**O señor RODAS CHAPELA:** Boa tarde a todos e a todas.

Vexo que o señor Balseiro, agora que chegan as eleccións e despois de que o sector deixara ben claro que non son os interlocutores, está disposto a visitar os distintos portos de Galiza, pero non para falarnos do que fixeron nin dos problemas que teñen alí nese porto en concreto; prefire, pola contra, vir aquí, igual que vai aos portos, a falarnos do futuro.

Estivo en Ribeira presentando o Plan da conserva, esquecendo que existía un plan estratéxico para o período 2007-2013 que apostaba pola calidade e a diferenciación, que non aplicaron por apostar unha parte de Anfaco por competir cos grandes grupos en baixos prezos.

Estivo tamén en Marín, presentando unha proposta de Arvi de xestión das cotas que non pescan outros países no Gran Sol, esquecéndose da realidade daquel porto, esquecéndose da morte da súa lonxa, de como a frota de litoral é substituída pola portuguesa ou de como foi expulsada a frota cefalopodeira.

Tamén estivo en Celeiro, prometendo colgarlles unhas medallas aos membros do servizo de gardacostas e prometendo conseguirlles uns coeficientes reductores que lles permitan xubilarse anticipadamente.

E agora viaxou a Fisterra, non para defender o xeito (*Murmurios*.) ou regular a actividade do arrastre, como pide o sector, nin para desenvolver unha nova reserva mariña, non; foi novamente falarnos de que van trazar novos rumbos, pero desta vez, unha vez máis, propagandísticos.

Como vendedor, a verdade é que non ten prezo. Non sei a que se dedicaría antigamente antes de ser deputado. (*Murmurios*.) Desta vez, esqueceu que este mesmo plan xa o presentou daquela o secretario xeral de Pesca en Nantes en febreiro de 2015, hai máis dun ano. Nel comprometéase a priorizar os investimentos do CEM para a pesca artesanal. Curiosamente —e mira que tivo tempo—, nos orzamentos deste ano o que priorizou foron os 18 millóns para a acuicultura intensiva. E tamén falou el do programa de emprego, despois de que vostedes impuxeran a partir do 2014 o modelo de repartición individual, que provocou a ruína de toda unha xeración de mozos que se tiñan incorporado ao sector durante a crise. ¡Hai que roelo, eh!, xa que as embarcacións, como ben sabe, antes tiñan un valor en función da tonelaxe e agora teñen un valor en función da cota que teñan, e a maioría teñen unha minguada cota.

E falar de mellora da comercialización de especies como o ourizo, o percebe, o longueirón, e ademais en Fisterra, cando vostedes pecharon o centro de expedición e liquidaron a promoción da marca de calidade “Longueirón de Fisterra”, ¡hai que roelo!, por non falar da súa posición de cuestionar a sentenza da etiquetaxe.

Pero onde de verdade se locen é coa aposta por reactivar os centros de produción de moluscos bivalvos, cando esta semana pasada vimos de demostrar que o miniciadeiro de Camariñas leva inoperativo dende o ano 2011, padecendo, as mariscadoras en particular, unha situación dramática,

cunha caída na comercialización na súa lexislatura pasando de 1.400.000 a unicamente 400.000 euros o ano pasado.

Polo tanto, estamos ante unha nova teatralización do Partido Popular, sen nada que ver coa realidade, vivindo a pesca artesanal e o marisqueo unha situación de emerxencia. Vémolo na prohibición das capturas accidentais de especies como a xarda, a raia ou o abadexo; vémolo no modelo de taxas e impostos asfixiantes ao que teñen sometido o sector da baixura, vémolo na aplicación de medidas desproporcionadas e abusivas como pode ser o botiquín, que en moitos casos hai que mellorar a embarcación para que poida caber, e nun modelo de marisqueo onde cada vez hai menos mariscadoras, menos ingresos, menos recursos, cuxa finalidade é expulsar a estas da actividade, precarizar o emprego e privatizar o dereito a poder pescar.

Tiveron, señor Balseiro, dúas lexislaturas para comprometer o seu apoio á pesca artesanal e xa vimos o seu resultado no xeito e nas capturas accidentais ou, se quere, no marisqueo. Vostede vén aquí facer o que facía antigamente antes de ser deputado nesta Cámara, pero o sector necesita algo máis, pero non algo que chegue ao final de dúas lexislaturas, senón algo que chegue ao principio desa oportunidade que lle demos os galegos e que posiblemente na próxima convocatoria lle imos retirar. Polo tanto, non imos apoiar esta iniciativa. (*Aplausos*.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Val.

**O señor VAL ALONSO:** Grazas, presidente.

Boa tarde noite a todas e a todos.

Ben, que isto se trata unicamente de propaganda eu creo que o temos meridianamente claro todos os que estamos aquí, mesmo tamén os deputados do partido Popular que son os que lle consenten ao señor Balseiro que en cada pleno teñamos que asistir novamente a esta secuencia. Primeiro, o Partido Popular, loxicamente, rexistra unha iniciativa no Parlamento de Galicia; segundo paso, inclúese a iniciativa na orde do día do pleno; e un terceiro paso que é sacan ao señor Balseiro de visita por distintos portos, esta iniciativa serviulle para ir a Fisterra, a Cambados e a Viveiro, e a ver-

dade é que vai mellorando, nas primeiras ía a un só sitio e nesta xa foi a tres. E, iso si, despois vén o señor Balseiro dicir que visita os portos e se reúne co sector e o que unicamente fai é facer unha foto rodeado de cargos do Partido Popular nas distintas localidades e despois vén aquí dicir que se reúne co sector e que visita os portos, nada de todo iso.

Polo tanto, eu creo que o obxectivo desta iniciativa está máis que cumprido, a foto de rigor do deputado e voceiro de Pesca do Partido Popular e, polo tanto, nada máis que valorar, porque se entramos a valorar o fondo desta cuestión, podémonos encontrar cousas tan curiosas como que o Partido Popular no Parlamento de Galicia lle pide ao Partido Popular no Goberno que poña en marcha un plan deseñado polo propio Partido Popular no Goberno, algo completamente surrealista porque vou lerlle o que pide o señor Balseiro no seu texto: O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver o Plan de apoio á pesca artesanal anunciado pola Consellería do Mar, é dicir, que existe un plan que contempla unhas accións pero que a Xunta de Galicia non o pon en marcha ata que o Partido Popular no Parlamento de Galicia veña aquí a dicirlle que o faga. *(Aplausos.)*

De verdade, de verdade señor Balseiro, de verdade señor Balseiro que isto é unha auténtica tomadura de pelo. Primeiro, para os profesionais do mar que teoricamente é a quen vai dirixido este famoso programa e, segundo, aos grupos da oposición. É dicir, hai poucas horas asistían neste Parlamento a outra tomadura de pelo, a señora conselleira veu contarnos aquí a todos que celebrou unhas xornadas, e agora vimos aquí a que o señor Balseiro directamente nos trate de tontos aos deputados deste Parlamento. É dicir, que a menos de catro meses de que se disolva o Parlamento de Galicia e se remate esta lexislatura vén aquí o señor Balseiro prometer que van poñer en marcha un plan para dinamizar a pesca costeira e que é tan absurdo como que vostedes mesmos se están desautorizando a toda a política que puxeron en marcha na Consellería do Mar, é dicir, que non fixeron absolutamente nada, porque falar a estas alturas de: dar prioridade á flota costeira artesanal das axudas, a posta en marcha dun plan de emprego, iniciativa de melloras de comercialización, reactivación das instalacións de produción de semente, impulso ás marcas de calidade, é algo tan evidente como dicir que, durante estes sete anos, non foron

capaces vostedes de poñer en marcha ningunha soa acción de fomento para a pesca artesanal.

Polo tanto, señor Balseiro, xa lle digo que nós non imos participar nesta tomadura de pelo, primeiro porque se trata unicamente da súa iniciativa de propaganda, de saír a visitar aos seus compañeiros de partido nas distintas localidades e, despois, porque efectivamente é un plan que non vai o cerne dos problemas que ten a pesca artesanal. Non fala de xestión de recursos, non fala de repartos de posibilidade de pescas, é dicir, que non fala do que realmente lle preocupa á xente que é poder pescar e traballar con dignidade e non andar a demandar e chorar axudas do Partido Popular.

Polo tanto, señor Balseiro, nada máis que dicirlle, que agardo que remate xa coa súa *tournée*, xa fixo bastantes visitas aos seus amigos e compañeiros de partido en distintas localidades e, polo tanto, primeiro pídlle que trate cun pouco de rigor e seriedade os problemas que ten a xente do mar e que se deixe de vir aquí a teatralizar, unha e outra vez, cuestións que non foron capaces de poñer en marcha nestes últimos sete anos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas señor Val.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Balseiro.

*(Interrupcións.) (Murmurios.)*

**O señor BALSEIRO OROL:** Grazas, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

Silencio, por favor, estamos acabando xa. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio. Vostede non empece ata que haxa silencio.

Silencio, por favor.

Cando queira, señor Balseiro.

**O señor BALSEIRO OROL:** Grazas, señor presidente. Vexo que o señor Val está preocupado porque a min me escoiten polos portos, creo que iso é unha virtude e é importante. Eu téñolle que dicir que como son da mesma comarca que el, é posible que a el o escoiten por Galicia adiante porque non o escoitan na propia comarca nin no seu propio concello, entón claro, esa é a única diferenza entre vostede e eu, e despois, ¿fala vostede de falar de rigor do sector pesqueiro?, ¿quere que lle explique aquí algunhas cousas? Non llas vou explicar, porque se lle explicara aquí algunhas cousas íase poñer colorado, do rigor que ten vostede. Exactamente. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

**O señor BALSEIRO OROL:** E di a señora Martínez...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor BALSEIRO OROL:** ... que eu dixen aquí..

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor BALSEIRO OROL:** ...o que dixen na rolda de prensa. ¡Home! pois que ía dicir... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

¿Que ía dicir na rolda de prensa unha cousa e aquí outra? ¿Que ía dicir aquí? *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Pero ¿Que ía dicir?

¿Vostede que vai dar unha rolda de prensa e di unha cousa na rolda de prensa e outra cousa distinta aquí? Bueno, ten razón, vostede ten razón. *(Aplausos.)*

E vostedes chámanlles propaganda ás seis medidas concretas que poñemos aí, pero nós só poñemos as seis medidas, e que dixemos como as íamos financiar, e para vostedes é propaganda. ¡Oia!, ¿de cales desas medidas están vostedes en contra? ¿Están vostedes en contra das seis medias esas? ¿están vostedes en contra dun plan de emprego?, ¿están vostedes en contra de facelos beneficiarios preferentes das axudas? ¿están vostedes en contra dun plan de impulso da comercialización?, ¿están vostedes en contra diso? Xa está, pois non temos nada que falar, señor presidente.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

*(Interrupcións.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Perdón, entendo que non acepta a emenda.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa noite.

*Suspéndese a sesión ás nove e once minutos da noite.*



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25